


DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 120

Sesión plenaria
11 de abril de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Comparecencia

1.1 52393 (11/CPP-000123)

Do conselleiro do Medio Rural, por petición propia, para informar das actuacións postas en marcha en prol da recuperación da terra agraria de Galicia, entre as que se atopan os instrumentos instaurados ao abeiro da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia e as concentracións parcelarias, entre outros

Publicación da iniciativa, BOPG nº 478, do 05.04.2023

Punto 2. Mocións

2.1 51842 (11/MOC-000149)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María

Sobre a aprobación do Consello de Informativos e o Estatuto profesional na Corporación Radio e Televisión de Galicia. (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 50359, publicada no BOPG núm. 461, do 1 de marzo de 2023, e debatida na sesión plenaria do 21 de marzo de 2023)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 474, do 29.03.2023

2.2 51925 (11/MOC-000150)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre a política do Goberno galego en relación coa planta xudicial en Galicia. (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 6169, publicada no BOPG núm. 59, do 9 de decembro de 2020, e debatida na sesión plenaria do 21 de marzo de 2023)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 474, do 29.03.2023

2.3 51926 (11/MOC-000151)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre o mercado de traballo. (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 50750, publicada no BOPG núm. 465, do 8 de marzo de 2023, e debatida na sesión plenaria do 21 de marzo de 2023)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 474, do 29.03.2023

Punto 3. Propositions non de lei

3.1 50898 (11/PPN-004205)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia con respecto á elaboración dun plan de retención de talento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 467, do 15.03.2023



3.2 51333 (11/PNP-004237)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Puy Fraga, Pedro e catorce deputados/as máis**

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que transfira fondos europeos para a súa xestión directa

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 467, do 15.03.2023

3.3 51463 (11/PNP-004253)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis**

Sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España para tratar as necesidades específicas do Corredor Atlántico Noroeste co comisario do Corredor Atlántico e as comunidades de Galicia, Asturias e Castela e León

Publicación da iniciativa, BOPG nº 470, do 21.03.2023

3.4 51522 (11/PNP-004259)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis**

Sobre a demanda que debe facer o Goberno galego ao Goberno español para que retire os plans de ordenación do espazo marítimo aprobados polo Consello de Ministros o 28 de febreiro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 470, do 21.03.2023

3.5 51833 (11/PNP-004297)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo para instar os grupos políticos con representación no Congreso a que apoiem o texto da Proposición de lei de transferencia da AP-9

Publicación da iniciativa, BOPG nº 474, do 29.03.2023

3.6 51844 (11/PNP-004298)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e tres deputados/as máis**

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo para iniciar as negociacións entre os grupos con representación parlamentaria para a renovación da Dirección Xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 474, do 29.03.2023

Punto 4. Interpelacións**4.1 50867 (11/INT-002436)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre os fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 465, do 08.03.2023



4.2 51614 (11/INT-002473)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis**

Sobre a contratación pública do Servizo Galego de Saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 470, do 21.03.2023

4.3 51738 (11/INT-002480)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre o transporte público por estrada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 474, do 29.03.2023

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**5.1 52389 (11/POPX-000101)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre as medidas de apoio que está a adoptar o Goberno galego en relación á defensa dos maiores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 478, do 05.04.2023

5.2 52392 (11/POPX-000102)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre as medidas previstas para evitar o espolio eléctrico de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 478, do 05.04.2023

Punto 6. Preguntas ao Goberno**6.1 51887 (11/POP-008024)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis**

Sobre o aproveitamento lúdico das augas termais en Ourense, nomeadamente das Burgas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 474, do 29.03.2023

6.2 52376 (11/PUP-000324)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación co funcionamento da Comisión Galega da Competencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 478, do 05.04.2023

6.3 47488 (11/POP-007292)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e dous deputados/as máis**

Sobre a denegación por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da solicitude de subvención do Concello de Melide na actuación de posta en valor e difusión dos valores ambientais do río Furelos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 442, do 26.01.2023



6.4 51304 (11/POP-007939)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para garantir o cumprimento da normativa medioambiental vixente e os dereitos da veciñanza da zona da fábrica Tableros Hispanos S.L.U., en Nadela, Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 471, do 22.03.2023

6.5 45495 (11/POP-006708)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodeiro Tato, Ovidio e seis deputados/as máis**

Sobre a posición da Xunta de Galicia diante da nova proba da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade, dos criterios de avaliación, do calendario de implantación e da proba de madurez

Publicación da iniciativa, BOPG nº 431, do 04.01.2023

6.6 51425 (11/POP-007953)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e tres deputados/as máis**

Sobre a postura do Goberno galego en relación coas declaracións da conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade a un medio radiofónico respecto do Goberno do Estado

Publicación da iniciativa, BOPG nº 471, do 22.03.2023

6.7 52363 (11/PUP-000322)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis**

Sobre os acordos acadados na Mesa Sectorial de Sanidade entre as organización sindicais e a Consellería de Sanidade sobre o ámbito da Atención Primaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 478, do 05.04.2023

6.8 52373 (11/PUP-000323)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para a cobertura das prazas de pediatría no centro de saúde do concello de Bueu

Publicación da iniciativa, BOPG nº 478, do 05.04.2023



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e un minuto da mañá.

Comparecencia do Sr. conselleiro do Medio Rural, por petición propia, para informar das actuacións postas en marcha en prol da recuperación da terra agraria de Galicia, entre as que se atopan os instrumentos instaurados ao abeiro da Lei de recuperación de terra agraria de Galicia e as concentracións parcelarias, entre outros. (Punto primeiro da orde do día)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 11.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Seco García (S)* (Páx. 21.), *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 24.) e *Sr. Armada Pérez (P).* (Páx. 27.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 30.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 37.) *Nesta rolda interveñen o señor Seco García (S)* (Páx. 37.), *o señor Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 38.), *o señor Armada Pérez (P)* (Páx. 40.) e *o señor conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 42.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María González Albert, sobre a aprobación do Consello de Informativos e o Estatuto profesional na Corporación Radio e Televisión de Galicia. (Punto segundo da orde do día)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. González Albert (BNG).* (Páx. 44)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Díaz Varela (S)* (Páx. 48.) e *Sra. Pomar Tojo (P).* (Páx. 52.)

Nova intervención da señora González Albert (BNG). (Páx. 55.)



Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre a política do Goberno galego en relación coa planta xudicial en Galicia. (Punto segundo da ore do día)

A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 57.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG). (Páx. 58.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Castro Rey (S). (Páx. 61.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Prado del Río (P). (Páx. 64.)

O señor Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 67.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre o mercado de traballo. (Punto segundo da orde do día)

A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 69.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 70.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Pérez López (BNG). (Páx. 73.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Pérez López (P). (Páx. 76.)

A señora Rodríguez Dacosta (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 80.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María González Albert, sobre a aprobación do Consello de Informativos e o Estatuto profesional na Corporación Radio e Televisión de Galicia: *rexeitada por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 82.)

O señor presidente, por petición dun señor deputado, le a transacción á que se chegou na propo- sición non de lei que se vai votar a seguir. (Páx. 82.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre a política do Goberno galego en relación coa planta xudicial en Galicia: *rexeitado por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha absten- ción.* (Páx. 82.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Car- men Rodríguez Dacosta, sobre o mercado de traballo: *rexeitada por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 83.)

Suspéndese a sesión ás dúas e un minuto da tarde e retómase ás catro.



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Leticia Gallego Sanromán e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia con respecto á elaboración dun plan de retención de talento. (Punto terceiro da orde do día)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Gallego Sanromán (S).* (Páx. 83.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 86.) e *Sra. Díaz Mouteira (P).* (Páx. 89.)

Nova intervención da señora Gallego Sanromán (S). (Páx. 92.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e catorce deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que transfira fondos europeos para a súa xestión directa. (Punto terceiro da orde do día)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 94.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 94.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 98.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 101.)

O señor Puy Fraga (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 104.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España para tratar as necesidades específicas do Corredor Atlántico Noroeste co comisario do Corredor Atlántico e as comunidades de Galicia, Asturias e Castela e León. (Punto terceiro da orde do día)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 107.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 107.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Otero Rodríguez (S)* (Páx. 110.) e *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 113.)

O señor Balseiro Orol (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 116.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer o Goberno galego ao Goberno español para que retire os plans de ordenación do espazo marítimo aprobados polo Consello de Ministros o 28 de febreiro. (Punto terceiro da orde do día)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 118.)



Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 119.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Otero Rodríguez (S)* (Páx. 123.) e *Sra. Nóvoa Iglesias (P)*. (Páx. 126.)

A señora Pérez Fernández (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 129.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que se deben levar a cabo para instar os grupos políticos con representación no Congreso a que apoien o texto da Proposición de lei de transferencia da AP-9. (Punto terceiro da orde do día)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 132.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 132.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 134.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 138.)

O señor Sr. Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 142.)

O señor Balseiro Orol (P) pide a palabra, que lle é concedida polo señor presidente. (Páx. 144.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que se deben levar a cabo para iniciar as negociacións entre os grupos con representación parlamentaria para a renovación da Dirección Xeral da Corporación da Radio e Televisión de Galicia. (Punto terceiro da orde do día)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Otero Lago (S)*. (Páx. 145.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 148.) e *Sra. Pomar Tojo (P)*. (Páx. 151.)

Nova intervención da señora Otero Lago (S). (Páx. 154.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Leticia Gallego Sanromán e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia con respecto á elaboración dun plan de retención de talento: *rexeitada por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 156.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e catorce deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que transfira fondos europeos para a súa xestión directa: *aprobada por 56 votos a favor, 14 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 156.)



Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España para tratar as necesidades específicas do Corredor Atlántico Noroeste co comisario do Corredor Atlántico e as comunidades de Galicia, Asturias e Castela e León: *aprobada por 70 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 157.)

A señora Pérez Fernández (BNG) solicita que se voten por separado os puntos 1.1 e 3 da proposición non de lei que se vai votar a continuación. (Páx. 158.)

Votación do punto 1.1 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer o Goberno galego ao Goberno español para que retire os plans de ordenación do espazo marítimo aprobados polo Consello de Ministros o 28 de febreiro: *rexeitado por 18 votos a favor, 52 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 158.)

Votación do punto 3 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer o Goberno galego ao Goberno español para que retire os plans de ordenación do espazo marítimo aprobados polo Consello de Ministros o 28 de febreiro: *rexeitado por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 158.)

Votación do resto dos puntos da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer o Goberno galego ao Goberno español para que retire os plans de ordenación do espazo marítimo aprobados polo Consello de Ministros o 28 de febreiro: *rexeitados por 18 votos a favor, 52 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 158.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que se deben levar a cabo para instar os grupos políticos con representación no Congreso a que apoien o texto da Proposición de lei de transferencia da AP-9: *aprobada por 70 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 159.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que se deben levar a cabo para iniciar as negociacións entre os grupos con representación parlamentaria para a renovación da Dirección Xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia: *rexeitada por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 159.)

Suspéndese a sesión ás oito e vinte minutos do serán.



Ábrese a sesión ás dez e un minuto da mañá.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Bo día.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 478, do 5 de abril de 2023, polo que non procedo á súa lectura. Non hai xustificación de inasistencias ou delegacións de emisión de voto.

Entramos, pois, señorías, na orde do día.

Empezamos co punto primeiro.

Comparecencia do Sr. conselleiro do Medio Rural, por petición propia, para informar das actuacións postas en marcha en prol da recuperación da terra agraria de Galicia, entre as que se atopan os instrumentos instaurados ao abeiro da Lei de recuperación de terra agraria de Galicia e as concentracións parcelarias, entre outros

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para iso, sen límite de tempo, ten a palabra o señor conselleiro do Medio Rural, don José González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Presidenta.

Señorías, bo día a todos e todas.

Todo fala no mundo cando hai ouvidos para ouvir, falan os homes e falan as cousas. Entre todas as cousas que no mundo falan, ningunha como a Terra onde nacemos e que nos deu o leite para vivir e o sangue para sentir. Tal e como deixou escrito Antonio Losada Diéguez, a Nosa Terra é pasado e presente e, sobre todo, é futuro, e fala moi alto. Fala tan alto que do seu berro xurdiu a nosa pretensión por traballar no presente para deixar aos nosos fillos e fillas unha Terra de futuro, unha oportunidade de milleiros de oportunidades.

Aquel 14 de maio do pasado 2021 a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia foi toda unha declaración de intencións. Hoxe, *de facto*, esta norma xa está mobilizando arredor de 10.000 hectáreas de superficie na nosa Comunidade. Ao longo da comparecencia falaremos disto, por suposto, pero tamén de toda a mobilización de terras con todos os instrumentos que estamos a desenvolver en xeral, e que tamén nos axudan a loitar contra a lacra dos incendios forestais.

Cando puxemos en marcha a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, estabamos convencidos da súa complementariedade con outros instrumentos e de que era unha caixa de ferramentas necesaria para atallar os problemas propios da idiosincrasia galega, fundamentalmente, señorías —coñecémolo ben—, o minifundismo, o descoñecemento da propiedade, as dificultades de acceso á propiedade que temos no rural galego.



Xa tiñamos aberto o camiño coa Lei de mellora de estrutura territorial agraria, a Metaga, que tiña por obxecto modernizar e simplificar a tramitación do instrumento tan coñecido das concentracións parcelarias. Ao abeiro desta lei, que foi aprobada no ano 2015, e no curso desta lexislatura, dende o ano 2021 —e penso que é un dato importante—, temos decretado 28 novos procesos de concentración parcelaria, que supoñen mobilizar ao redor de 23.000 hectáreas de terra en Galicia, de terra agraria, e que supón concentrar, reestruturar máis de 109.000 fincas.

Pero déixenme que lles diga que estes procesos de concentración parcelaria foron decretados cumprindo o compromiso que se asumiu pola Consellería do Medio Rural de que se decretarían concentracións conforme se foran rematando as anteriores, porque é importante ir rematando estes procesos de concentración parcelaria.

E así, dende o ano 2020 e ata o que vai deste 2023, téñolles que dicir que levamos rematadas 26 concentracións parcelarias, entregando 29.000 títulos de propiedade, e, polo tanto, rematando os procesos nunha superficie de máis de 18.500 hectáreas.

Pero a magnitude do traballo das concentracións parcelarias —é un traballo de diferentes gobernos, de diferentes gobernos e de diferentes lexislaturas— vai máis aló. En total, Galicia —este tamén é un dato penso que relevante— conta con máis de 900 zonas de concentración parcelaria, cunha superficie total concentrada de máis de 450.000 hectáreas, feito que constitúe unha oportunidade maior, porque, se temos en conta a complementariedade da Lei de recuperación, precisamente nos permite incidir nesas zonas que xa están concentradas nas que hai abandono. Logo falarei tamén desta priorización de zonas de concentración parcelaria abandonadas para uso, por exemplo, dos polígonos agrogandeiros.

As dúas normas, Metaga e Lei de recuperación, perseguen un mesmo obxecto: recuperar terra loitando contra o abandono, mellorar a estrutura territorial da nosa Comunidade e favorecer a rendibilidade das explotacións agrogandeiras agrarias galegas, demandantes —como sabemos todos— de maior, e mellor tamén, base territorial.

Era necesario este corpo legal tanto para os que xa están no sector primario como para aqueles novos que poidan vir desenvolver a súa actividade; un sector primario do que as cifras amosan a súa relevancia: supón máis de 76.000 explotacións, xera un emprego de máis de 72.000 UTA e ten unha produción dun valor de preto de 2.500 millóns de euros na parte agrogandeira.

Pero falamos tamén dunha riqueza forestal moi importante. Galicia é a metade das curtas forestais de toda España, e ademais había unha demanda tamén neste eido de mobilización de terra que esixía unha resposta, resposta e solución que permitise reverter —como saben, señorías— un dos grandes problemas do rural galego, que é precisamente o abandono de parte dese territorio rural, minimizar ao mesmo tempo tamén a complexidade e estrutura da propiedade de terra da nosa Comunidade, que é o que está lastrando a dimensión e a viabilidade das nosas explotacións.

Neste senso fixemos, en primeiro lugar, un estudo, en colaboración coa Universidade de Vigo, que acreditou que en Galicia había arredor de 500.000 hectáreas de terra apta para a



produción agrogandeira, e a posta en valor desa terra supoñería un incremento da produción agraria relevante de 1.053 millóns de euros, un valor engadido bruto de 483 millóns de euros e a creación, señorías, de ao redor de 15.000 postos de traballo.

Polo tanto, era necesario —como digo— complementar, xunto coas concentracións parce-larias, outros instrumentos que favoreceran a mobilización da terra. E a min gustaríame destacar que en todo o proceso da lei, dende que se presentou como unha proposición de lei do Partido Popular ata o mesmo día da súa aprobación, houbo un enriquecemento desta lei, da Lei de recuperación, a través do traballo do Parlamento, que hai que recoñecer a todos os grupos parlamentarios.

Este enriquecemento é evidente se atendemos a que a Lei de recuperación acolleu 43 das re-comendacións do ditame da comisión de estudo que foi organizada neste parlamento logo da vaga de lumes do ano 2017. Un documento, señorías —por lembrar-lles—, no que esta-bamos de acordo, na súa meirande parte, a práctica totalidade dos grupos parlamentarios que existían naquel momento neste parlamento, na pasada lexislatura, catro grupos parla-mentarios, pero que en todo caso foi votado a favor —ese ditame— polo Partido Socialista e polo Grupo Parlamentario Popular, é dicir, dúas terceiras partes do Parlamento de Galicia naquel momento.

Polo tanto, os resultados colleitados ata a data representan un éxito eu diría case conxunto deste parlamento e, por suposto tamén, un éxito de Galicia. Tráenos tamén a aprendizaxe da importancia de poñerse de acordo en materias cruciais como a que nos ocupa, deixando de lado as cores políticas e sobrepoñendo o parlamentarismo.

Pero tamén houbo un traballo coas xentes sobre o terreo, coas organizacións agrarias, coas asociacións do sector primario, con diferentes colexios profesionais, cos GDR. Isto permi-tiunos mellorar a calidade da normativa, ata o punto, ademais, de que organizacións tan re-levantes no noso sector primario como Unións Agrarias ou como a Asociación de GDR son entidades colaboradoras da lei, están colaborando coa Consellería do Medio Rural, na posta en marcha dos diferentes instrumentos.

Lembro tamén, nesta liña de colaboración parlamentaria, unha demanda que se trasladou moi enerxicamente neste caso por parte do Bloque, do señor Rivas, de que houbera meca-nismos que nos obrigaran a render contas do funcionamento da lei. Aí temos, na lei, o Con-sello de Xestión da Terra Agraria Forestal, a recente publicación do Plan anual de actuacións para a recuperación da terra agraria no ano 2023 e tamén estamos traballando na confor-mación da Comisión de avaliación e seguimento sobre as actuacións realizadas en materia de recuperación de terras.

Pero tamén en todo este tempo, a través de comparecencias ou respostas a preguntas par-lamentarias, temos informado, de xeito límpido e diáfano, sobre a execución da Lei de re-cuperación, como digo, dentro da Cámara e tamén fóra desta cámara.

Mais hoxe, dende logo, quero dedicar a miña comparecencia para trasladar todo o feito a través da posta en marcha desta norma, investir todo o tempo que pasemos aquí rendendo



contas, señorías, da capacidade desta lei e sendo capaces de debater de cara á súa mellora; non só desta lei, senón de todas as actuacións da Consellería do Medio Rural que loitan contra o abandono de terras.

Tiñamos que dar un primeiro paso, que evidentemente era saber se había demanda de terras —intuíamos todos que era así— e ao mesmo tamén localizar onde se poden ofertar estas terras. E así, en abril do ano 2021, lanzamos a convocatoria de manifestación de interese de proxectos autonómicos ligados ao sector primario, fundamentalmente destinados á utilización de terra agraria. Buscamos saber onde, para que e quen demanda terra.

Pois ben, a esta manifestación de interese presentáronse un total de 1.244 manifestacións e 255 propostas de proxectos completos. A partir de aquí comezamos a traballar e fomos capaces de xeolocalizar, xeorreferenciar 21.300 hectáreas en toda a comunidade de demanda de terra agraria por diferentes proxectos de agricultores e gandeiros que demandaban —como digo— esa base territorial. Unha vez que tiñamos a demanda, localizamos a oferta, e aquí buscamos zonas preferentes para o desenvolvemento dos polígonos agroforestais, e sinalamos, señorías —e isto tamén é relevante—, 707 masas de concentración parcelaria cunha superficie superior ás 10 hectáreas nas que había máis dun 50 por cento de mato; é dicir, localizamos as concentracións parcelarias abandonadas, para poder priorizar aí a colocación desa demanda de terra agraria por parte dos nosos agricultores e gandeiros. Fomos capaces de conciliar oferta e demanda nun total de 71 concellos de Galicia; en 48 deles a oferta de terra agraria que hai nas concentracións parcelarias cubriría a total da demanda.

Polo tanto, todo isto que está na manifestación de interese unírase ás 10.000 hectáreas que xa temos agora mobilizadas.

Permítanme que nesta comparecencia estruture a miña intervención, ou esta primeira quenda, en tres bloques, ligados, en primeiro lugar, no que se refire ao primeiro bloque, aos instrumentos de recuperación da terra agraria de Galicia, que como saben —e, se non, trasladolle eu—, son tres, fundamentalmente: as aldeas modelo, os polígonos agrogandeiros forestais e as agrupacións de xestión conxunta. Dixéramos que me vou referir a cada unha delas pola súa orde de prioridade no que se refire á posta en marcha de cada unha delas.

No que se refire ás aldeas modelo, Galicia conta hoxe xa con 21 aldeas modelo declaradas, que suman un total de 574 hectáreas, repartidas en 9.346 parcelas, de 2.359 persoas propietarias.

Señorías, aquí, ao redor das aldeas de Galicia, é onde temos o minifundismo. Miren, estamos a falar para cada aldea de 27 hectáreas, 445 parcelas e 112 propietarios, aos que somos capaces de poñer de acordo para que arrenden a un agricultor ou gandeiro para que desenvolva a súa actividade ao redor da aldea. A media da superficie de cada unha das fincas nas aldeas modelo de Galicia non supera, ou supera cun pouquiño, os 600 metros cadrados.

Por darlles datos e porque saibamos todos onde están estas aldeas e como está a tramitación de cada unha delas, das 21 aldeas declaradas, 8 delas contan neste momento con actividade gandeira en extensivo, actividade gandeira ligada a razas autóctonas e varias delas en eco-



lórico. Chegaremos, con datos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, ata as 15 antes de que remate o ano 2023. Das que non están aínda con actividade agrogandeira en funcionamento, de 2 estanse tramitando os proxectos de obra, é dicir, están moi próximas á súa posta en funcionamento: Bustelo, no municipio de Quiroga, e Pedrosa, en Riós. En 5 vaise publicar a concorrência en breve, porque saben vostedes tamén que nas aldeas modelo licítamos, evidentemente, a concorrência. Ata o de agora na maioría dos casos o que estamos tendo son agricultores e gandeiros localizados no propio concello que queren ampliar a súa base territorial.

En canto ás que se vai publicar a concorrência: Francos de Proendos, en Sober; Carzoá, en Cualedro; Covelo, en Taboadela; O Seixo, na Gudiña; e Mouteira-Parada, en Cerdedo-Cotobade. Hai tres aldeas máis nas que se está a elaborar o proxecto de ordenación produtiva, porque tamén lles digo que nas aldeas modelo non se pode desenvolver calquera actividade agrogandeira, senón que ten que ser aquela que estea de acordo co proxecto de ordenación produtiva. Son as aldeas de Ferreirós, en Ames; Cortegazas, en Avión; e Soutogrande, en Vilarinho de Conso. E, ademais, Infesta, que se adicará a viñedos, xa está pendente, practicamente, a piques de saír a concorrência; Trelle, en Toén, tamén está a piques de adxudicarse; e Muimenta, en Carballeda de Avia, que será o primeiro espazo agrario de experimentación que teñamos ao abeiro da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.

Isto, na liña do que falaba antes de enriquecemento da lei, foi unha proposta do Partido Socialista de Galicia, que se acolleu na lei, e gustaríame determe un momento nesta aldea de Muimenta, que —como digo— acollerá o primeiro espazo agrario de experimentación ao abeiro da lei; un espazo centrado en facilitar que as persoas mozas ou emprendedoras poidan probar o seu negocio nunha contorna favorable, tendo á súa disposición as terras e instalacións necesarias para o desenvolvemento da correspondente actividade agraria. É dicir a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural fará as instalacións necesarias para que se poida testar o modelo de negocio; neste caso, en Muimenta, será agricultura ecolóxica adicada a cultivos de horta.

Deste xeito, cos instrumentos de recuperación da terra agraria en Galicia non só pretendemos mobilizar terra senón que tamén motivamos actividade económica rendible, o relevo xeracional —porque priorizamos aquí as novas incorporacións— e a fixación de poboación no medio rural, combatendo así o abandono en todas as súas formas e por todas as vías posibles.

Ben, isto no que se refire a solo rústico, á parte rústica da aldea modelo; é dicir, ao contorno, ao perímetro da aldea modelo, que —como digo— aí desenvolvemos a actividade agrogandeira pola vía de arrendamentos dos propietarios, aquel que fai ese desenvolvemento da actividade agrogandeira.

Pero tamén imos actuar —estamos actuando de feito xa— no núcleo rural das aldeas modelo, e para isto utilizamos outro instrumento da Lei de recuperación, que son os plans de dinamización. A través destes plans de dinamización coordinamos actuacións públicas e privadas destinadas á dinamización e á rexeneración integral do núcleo urbano das aldeas. Nestes momentos temos 4 proxectos piloto de plans de dinamización, que nos teñen que servir



de referencia sólida para logo poder actuar conforme o modelo xeral. De xeito efectivo xa estamos traballando, en colaboración coa Fundación RIA, nos plans de dinamización de Mui-menta, en Carballada de Avia, e de Trascastro, no concello do Incio. E os outros 2 pilotos de plan de dinamización son as aldeas de Osmo, en Cenlle, e de Penedo, en Boborás. Nestes momentos temos firmado o convenio cos correspondentes concellos e estamos na tramitación de adxudicación dos plans aos correspondentes equipos técnicos.

Tamén teño que dicirlles que, en paralelo, xa no ano 2022 puxemos en marcha unha orde de axudas para a mellora das infraestruturas das aldeas modelo, que logo se terá que plasmar neses plans de dinamización.

O obxectivo, señorías, non é outro que devolver ás aldeas galegas o papel protagonista que sempre tiveron na ordenación do territorio no rural galego.

As aldeas modelo son un punto de partida de algo que debería de irse xeneralizando, e buscamos aquí que cumpran catro requisitos, que se dan na práctica nas 21 aldeas declaradas.

En primeiro lugar —importantísimo e fundamental—, a posta en marcha de actividade económica agrogandeira orientada á produción de calidade. Isto tense que facer no perímetro da aldea, para outro dos obxectivos —do que logo falarei—, que é protexela fronte aos incendios forestais. Pero tamén fomentar outras actividades económicas na aldea, como, por exemplo, as iniciativas turísticas; e quédome referir aquí á próxima inauguración de apartamentos turísticos na aldea de Trascastro, no Incio, cunha axuda tamén da Consellería do Medio Rural, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

En segundo lugar, procuramos tamén unha rehabilitación integral das aldeas —isto ten que ver cos plans de dinamización— que sexa totalmente respectuosa cos criterios de arquitectura tradicional, utilizando, sempre que sexa posible, materiais de orixe galega, como pode ser por exemplo a madeira.

En terceiro lugar —e para nós moi importante—, a recuperación do territorio no perímetro das aldeas ten que formar parte da planificación preventiva fronte aos incendios forestais. As aldeas modelo permiten frear a afectación dos incendios forestais a través desa actividade agrogandeira, gandería en extensivo, e cultivos ao redor da aldea, para protexer —como digo— o núcleo de poboación. Así o puidemos comprobar no pasado o ano 2022 en dúas das aldeas modelo, en Parada dos Montes e tamén en Osmo; e non porque o diga o conselleiro do Medio Rural, senón os informes técnicos do persoal do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios de Galicia, que acreditan que un perímetro limpo de maleza e de mato, con actividade agrogandeira, dende logo, é unha moi boa devasa e moi boa defensa fronte aos incendios forestais.

Por último, a través das nosas aldeas modelo tamén se avoga por aldeas intelixentes, coa garantía de conectividade dixital, autosuficiencia enerxética e as últimas tecnoloxías das explotacións agrogandeiras que as integran. Buscamos aquí ter unha verdadeira rede de aldeas intelixentes, e para iso puxemos en marcha un proceso de consulta preliminar ao mercado para a compra pública de innovación. Neste proxecto, denominado precisamente Aldeas in-



telixentes, solucións de futuro para as aldeas sostibles, houbo 167 propostas de iniciativa pública e/ou privada presentadas con obxecto de buscar potenciais solucións aos retos das aldeas galegas do futuro, e, de feito, actualmente estamos a tramitar os primeiros contratos no marco dese proxecto.

Falamos, en definitiva, de aldeas con actividade económica rendible e sostible, aldeas rehabilitadas integralmente, aldeas seguras fronte aos incendios forestais e, por descontado, aldeas intelixentes.

Señorías, esta é a nosa aposta. Repito que é un punto de partida, pero é o que nós pretendemos desenvolver cara ao futuro das aldeas de Galicia.

Falaba das aldeas modelo como un instrumento no que recuperamos terra agraria, pero fundamentalmente buscamos defender esas aldeas fronte aos incendios forestais.

Permítanme agora que me refira ao segundo instrumento que ten moita máis potencialidade da Lei de recuperación de cara á mobilización de superficie, como son os polígonos agroforestais. De feito, en 21 polígonos agroforestais de iniciativa pública temos mobilizadas máis de 8.700 hectáreas; destes polígonos, 13 contan con acordo de inicio —porque recentemente se publicaron os de Larouco e Bóveda— e os restantes 8 atópanse en fase de actuacións previas. Fíxense: 8.700 hectáreas, con 26.400 parcelas mobilizadas e case 7.250 persoas propietarias directamente beneficiadas. Eu xa sei que estes números non son para recordar ou para que lles queden na cabeza pero si para trasladarlles pois o minifundismo e a dificultade que temos sobre todo na investigación da propiedade para poder mobilizar toda esta terra; nada que non souberamos, pero que avala precisamente a extraordinaria dificultade do traballo que estamos a desenvolver.

E 8 dos polígonos que teñen xa o acordo de inicio contan cun estudo de viabilidade favorable e coa declaración de utilidade pública e interese social, polo que teñen comezado os traballos de redacción do proxecto básico.

E voume referir a cada un deles, dicindo tamén cal é a súa orientación produtiva: o polígono de Cualedro, que estará adicado a gandería en extensivo; Oímbra, a horta e viñado; Barzamedelle, en Leiro, para viñado e froiteiras; Vences, no concello de Monterrei, para viñado; Solveira, en Paderne de Allariz, para gandería en extensivo; Pousada, en Riós, para castiñeiros; Vilalén-Tomonde, en Cerdedo-Cotobade, para a produción de mazá para sidra; e Mandalos, en Crecente, para viñado. É dicir, acollemos parte das manifestacións de interese que houbo no seu momento para dar resposta a esa demanda de terra agraria.

Recollo as cifras. Sumando os polígonos e as aldeas modelo, falamos —como digo— de arredor de 10.000 hectáreas mobilizadas en todo o territorio galego, sumado —como xa trasladéi— ás 23.000 hectáreas que mobilizamos a través das 28 procesos de concentración parcelaria que temos decretado nesta lexislatura. Falamos, señorías, dunha cifra récord de mobilidade de terras rústicas por compravendas dende hai quince anos con datos do Observatorio Galego de Mobilidade de Terras.



E quedánnos por desenvolver as agrupacións de xestión conxunta —que é o terceiro instrumento fundamental da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia—. Anúnciolles neste sentido que estamos a piques de publicar os modelos de estatutos das agrupacións de xestión conxunta.

Para entender a complementariedade das ferramentas da lei cos procesos de concentración parcelaria, téñolles que dicir que os polígonos agrogandeiros teñen como zonas preferentes de implantación aquelas concentracións parcelarias que presenten un abandono superior ao 50 por cento. É dicir, aproveitar o traballo que xa está feito; se hai abandono aí, recuperar, reverter ese abandono pola vía de utilización das ferramentas da Lei de recuperación da terra agraria.

Pero déixenme que lles traslade tamén, adicionalmente, outras actuacións que estamos a facer na mobilización da terra agraria, especialmente naquelas actividades nas que temos un especial interese por parte da consellería, por parte da Xunta de Galicia. Refírome á gandería de vacún e doutros tipos de gandería en extensivo e ao sector da castaña.

No que se refire á gandería en extensivo, eu querría resaltar a potencialidade do Plan de pastos de Galicia, que está a levar a cabo implantacións de pasteiros en montes veciñais en man común, así como tamén todas as obras de infraestruturas que son necesarias para os gandeiros que asumen a xestión deses pasteiros. Este plan permitiu a execución de arredor de 1.200 hectáreas, cun investimento de 5 millóns de euros. E nestes momentos levamos dúas primeiras fases, pero estamos xa na terceira fase, que ten previsto tamén facer pasteiros ao redor de 300 hectáreas, con 2 millóns máis do orzamento. Falamos dun número moi importante de pasteiros repartidos por todo o territorio e colocados tamén, na medida do posible, con criterios de prevención de incendios.

E —como dicía— outro dos sectores importantes para a Xunta de Galicia é o da castaña. Aquí traballamos tanto na recuperación de soutos tradicionais como tamén na nova plantación de castiñeiros, enmarcado no Plan forestal de Galicia, estreitamente ligado á posta en valor —como digo— dos soutos na nosa comunidade. E aquí imos traballar de xeito moi importante coas agrupacións de xestión conxunta, procurando tratar sobre todo os soutos tradicionais como un elemento único, de forma que se poida recuperar a totalidade do seu perímetro.

Traballamos cunha liña de axudas que permanecerá, por certo —e aproveito para recordárllelo—, activa ata este 11 de abril —vamos, ata hai dous días—, cun orzamento de preto de 4 millóns de euros para a recuperación de soutos tradicionais e novas plantacións de castiñeiros.

Pero déixenme que lles diga que estamos abordando, imos abordar de xeito directo a recuperación de soutos abandonados: en Vilar, en Folgoso do Courel; en Trascastro, o soto de Trascastro, tamén no Incio; e ademais en tres concellos da provincia de Ourense: na Veiga, no Bolo e en Parada de Sil. Aquí estamos contactando cos propietarios, xa temos de feito feito o contacto para que a través de asociacións de propietarios poidamos proceder á recuperación íntegra destes soutos de castiñeiros.



Penso, señorías, que é evidente que se ten avanzado na Lei de recuperación, nos procesos de concentración e que se están mobilizando moitas hectáreas. E a pretensión é a de continuar avanzando e recuperando canta máis superficie de terra mellor.

Neste sentido axudámonos tamén —e este é o segundo bloque ao que me vou referir na comparecencia— de mecanismos ou procedementos que favorecen a súa mobilización: o Banco de Terras e o Banco de Explotacións.

En canto ao Banco de Terras, que —como saben— é un instrumento que se creou no ano 2007, traballamos na súa mellora, na mellora da súa xestión, para facilitar a mobilización de terras. Utilizamos o Banco de Terras como intermediación en todo caso. É dicir, nas aldeas modelo ou nos polígonos agrogandeiros traballamos sempre a través do Banco de Terras, sobre todo no que se refire aos arrendamentos, ás fincas que incorpora o Banco de Terras e posteriormente se arrendan a aqueles que son destinatarios.

O que fixemos no ano 2022 foi introducir unha serie de modificacións na Lei de recuperación para mellorar aínda máis o procedemento e rendemento do Banco de Terras, facilitando o alleamento a título oneroso ou a cesión temporal gratuíta, e buscando tamén desenvolver novas e mellores funcionalidades. Se a lei se ten que retocar para melloralala, así o seguiremos a facer, porque o obxectivo non é outro —como digo— que acertar no que se refire á mobilización de terra abandonada.

E outro dos instrumentos importantes que ten que ver tamén cunha eiva no noso rural, que é o peche de explotacións sobre todo cando son explotacións viables, é o Banco de Explotacións. E tamén neste ano 2023 poñeremos en práctica a aplicación informática para a xestión das explotacións incorporadas, procurando poñer en contacto titulares de explotacións que voluntaria ou forzosamente abandonen a actividade con persoas interesadas, sobre todo aqueles que se incorporan, novos mozos ou mozas que se incorporan.

Hai outro procedemento para a mobilización da terra —que son os cambios de toda a vida no rural galego— que na lei teñen como nome as permutas de especial interese agrario, que, de feito, xa estamos testando en varios lugares das parroquias de Nodar e da Rocha, no concello de Friol, en Lugo, que permitiron facer procesos de permutas por unha superficie aproximada de 400 hectáreas, e que entendemos, pola súa facilidade para poderse facer, pola súa rapidez, que van ser unha ferramenta clave tamén na reestruturación da propiedade, baseada, iso si, nun intercambio consensuado bilateral e recíproco. Nós o que facemos é a intermediación entre os propietarios para que, pola vía de cambios, pola vía de permutas, pois consigan ter fincas de maior tamaño.

Pero tamén imos apoiar neste ano 2023 as permutas, a través dunha convocatoria dunha liña de axudas para financiar gastos notariais e de inscrición no Rexistro da Propiedade desas permutas, asesoramento e mediación por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, así como incluso, se fora necesario, os traballos de limpeza.

E remato, no terceiro bloque, coa planificación dos usos agroforestais. Coloquemos no territorio rural cada cousa no seu sitio ou cada uso no seu sitio. E, nese sentido, na Lei de re-



cuperación —e isto tamén era motivo de acordo cando se falou no ditame da comisión de estudo do ano 2017 entre todos os que formabamos o Parlamento naquel momento— era necesario —como digo— definir un catálogo de usos agrogandeiros e forestais en Galicia. Así o recolle a lei, e o mapa de usos agroforestais de Galicia é o primeiro paso para poder desembocar nese catálogo.

Estamos traballando —como digo— no mapa de usos agroforestais de Galicia; agardamos rematalo neste 2023. Pero si me gustaría trasladar que temos completados os traballos dese mapa en 23 concellos galegos e que outros 165 se atopan en fase de dixitalización, revisión ou control da calidade. Simplemente darlles o dato, de novo, pola dificultade do traballo ao que nos enfrontamos, que estamos a falar de máis de 11 millóns de parcelas catastrais e de preto de 16 millóns de recintos no Sixpac, no Sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas. O obxectivo é ter a foto actualizada do uso agroforestal do noso territorio e, a partir de aí, traballar co catálogo de usos agrogandeiros e forestais para determinar o uso preferente do solo rústico de Galicia, tendo en conta, señorías, que —como non pode ser doutro xeito e así tamén se incidiu polos grupos parlamentarios no proceso de tramitación da lei— aquí o que se pretende é recuperar a maior cantidade posible de superficie agraria útil.

Finalizo así esta primeira quenda sinalándolles todo o que temos feito a través da aplicación da Lei de recuperación da terra agraria, como tamén está latente todo o que queremos seguir facendo por medio da implementación das ferramentas que recolle esta lexislación: Lei de recuperación, Metaga, concentracións parcelarias, todos os instrumentos que sexan necesarios para poñer en valor a Nosa Terra, para poder desenvolver a actividade agrogandeira e forestal sostible. Tamén temos medidas de fomento, das que falarei na seguinte quenda.

Déixenme que remate lembrándolles o que dixen no meu discurso na aprobación da Lei de recuperación. Dixen que non tiñamos claramente outra pretensión que acertar, non tiñamos outra pretensión que atinar coa configuración dunha lexislación que fose elemento fundamental da loita contra o abandono no noso territorio, contra o despoboamento do rural, contra o reto demográfico. Unha lexislación que permitise facer do noso territorio un territorio sostible, económica, social e medioambientalmente, e tamén para facer un territorio máis resistente fronte aos incendios forestais.

E hoxe, vindo aquí render contas tras mobilizar dende o pasado 2020, entre os diferentes instrumentos, máis de 35.000 hectáreas en toda a comunidade galega, podo dicir que acertamos, e por iso seguimos dotando esta pretensión con feitos e orzamento. Para continuar, señorías, facendo Galicia rural, facendo terra de futuro.

Máis nada polo de agora e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Intervén, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, don Martín Seco.



O señor SECO GARCÍA: Moitas grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos.

Bo día, señor conselleiro. Hoxe vén vostede comparecer para dar conta das actuacións postas en marcha para a recuperación de terras agrarias dous anos despois da aprobación desta Lei de recuperación e cos instrumentos que pon á disposición da Administración galega para facelo posible, tamén das concentracións parcelarias.

E antes de entrar en materia sobre as actuacións postas en marcha ou aquelas que aínda non teñen en marcha, cómpre facer unha reflexión xeral da situación do noso rural, porque dificilmente se pode falar de actividade agraria ou gandeira se antes non falamos da calamitosa situación na que se atopa o noso rural e a necesidade imperiosa de que o Goberno galego actúe transversalmente dende todos os seus departamentos, e non só dende a súa consellería, para parar un proceso de envellecemento e despoboamento que está a acabar coa vida das vilas e aldeas do interior da Nosa Terra.

Conselleiro, xa sei que non lle gusta que saque este debate, pero a situación do rural hai tempo que pasou de ser preocupante para ser urxente, e dígame vostede como imos poder recuperar a actividade agraria sen xente que a poida exercer. Se non reducimos a diferenza abismal que existe entre os servizos que reciben os cidadáns do rural en comparación cos que reciben os do medio urbano, a desaparición de moitas vilas e aldeas do noso país será pronto unha realidade, por moitas aldeas modelo que fagamos.

Galicia segue a ter as segundas pensións máis baixas do Estado, temos os salarios máis baixos e as peores cifras demográficas de toda España, e somos a primeira das comunidades en datos relativos de mozos e mozas que abandonan a Nosa Terra. E se a esta situación lle sumamos o continuo desmantelamento dos servizos públicos que practican dende o seu Goberno, dígame vostede como imos recuperar xente para o noso rural e tamén actividade.

Resulta imposible fixar poboación e fomentar a nosa actividade agraria se os máis xoves, que teñen que decidir se apostan polo campo ou marchan cara ás cidades ou fóra de Galicia, observan como a nosa atención primaria é cada vez de peor calidade, se queren ter familia non teñen nin garantido un pediatra, cando todos os anos comeza o curso académico teñen menos mestres e máis colexios públicos rurais pechados, non teñen servizos para poder conciliar a vida familiar nin darlles atención aos seus maiores, cando vemos como, día tras día, os concellos do rural denuncian que están afogados economicamente por asumir competencias que debера garantir a Xunta de Galicia.

Señor González Vázquez, se realmente o toman en serio, a primeira actuación imprescindible para recuperar terra agraria é apostar porque haxa vida no noso rural e facer efectivo aquel anuncio de Feijóo no ano 2016 cando prometía unha lexislatura do rural.

Agora non estamos en tempos de tanto Plan estratéxico, anuncio publicitario, obras faraónicas, escaparates do rural, falar dese neorruralismo, das aldeas intelixentes, de redactar sobre o redactado. É tempo de actuar dende o Goberno galego, dando ao rural esa



discriminación positiva que necesitan os servizos públicos e fomentando que a poboación teña garantidos os servizos privados básicos, como banda ancha, os servizos bancarios, as comunicacións, etc., etc., e, xa no ámbito agrario, impulsando as nosas capacidades de formación e investigación públicas, cunha boa rede de oficinas agrarias e distritos forestais, fomentando a mobilidade de terra, con mecanismos que garantan a sostibilidade das nosas explotacións e a aparición doutras novas, aumentar as capacidades de transformación do sector primario, facer que os produtores cobren un prezo xusto polo seu traballo, para que o valor engadido dos nosos extraordinarios produtos poida quedar no noso territorio e nos nosos produtores, e non como estamos a observar nestas datas, señor conselleiro, coa renovación dos contratos dos produtores de leite, que ven como lles queren reducir o prezo do seu litro de leite ante a incapacidade da súa consellería para garantir un prezo xusto, cando os custos de produción non baixaron e os prezos que hai na distribución, tampouco.

Señor González Vázquez, segundo o profesor Corbelle, da Universidade de Santiago, das 900.000 hectáreas de terra abandonada que ten Galicia, unhas 400.000 teñen rendemento, 50.000 son de alto valor agrario, pero en Galicia, no ano 2020, perdéronse case 9.000 hectáreas de superficie agraria, o que supón unha área equivalente ao tamaño da cidade de Ourense ou o 80 por cento do concello de Vigo. Pero este é un proceso que vén de trinta anos atrás, nos que o noso país perdeu un terzo da súa superficie agraria útil.

Mentres isto sucede, temos que importar produtos vexetais todos os anos por valor de 358 millóns de euros, e os sucesivos gobernos do seu partido, ata a chegada do ano 2021, estiveron caracterizados polos múltiples atrasos na normativa de ordenación territorial, que afectaron tamén a falla de protección das terras agrarias con respecto aos usos urbanísticos desordenados, pola ausencia de iniciativas ou a mellora das estruturas de terras agrarias e por ter rexeitado as numerosas proposicións que se presentaban dende o noso grupo, dende a primeira lexislatura xa do Goberno de Fraga, sobre o Banco de Terras, sobre ordenación e concentración de terras agrarias e sobre o Banco de Explotacións.

Tamén polos atrasos e a falta de prioridades nos traballos de concentración parcelaria, tendo só 450.000 hectáreas de concentración parcelaria, un terzo das que deberían estar feitas a estas alturas e cun ritmo dos traballos por debaixo das 6.000 hectáreas ao ano, que están por debaixo do que se acadaba a principios destes traballos, e polo bloqueo sistemático que exerceron ao desenvolvemento das leis que no seu momento fixera o Goberno tanto de Laxe como de Touriño co Banco de Terras.

Vai facer dous anos que este pleno aprobaba a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, e sabe vostede —e aquí o dixo o señor González Vázquez— que o Partido Socialista fixo un traballo en positivo para facer da lei unha boa caixa de ferramentas para poder utilizar en cada unha das actuacións que necesita o noso país.

A lei ofrece eses instrumentos, pero unha caixa de ferramentas soas non arranxa un motor estropeado. Fai falla xestión, fai falla programación, fai falla persoal e fai falla orzamento para que as ferramentas arranxen ese motor. A proposición de lei que presentaron viña sen acompañar dun mínimo de estudo de impacto, sen unha avaliación previa da situación de



estrutura territorial en Galicia, sen unha liña de análise custo-eficiencia das solucións propostas. Todo se confiaba, unha vez máis, como fai o Partido Popular, a eses efectos cuase-máxicos que ten o marco lexislativo, que logo poden quedar en nada sen acompañamento orzamentario, nin os medios materiais e de persoal necesarios, sen un cronograma de actuacións para que a lei consiga os seus obxectivos.

Hai un ano xustamente presentabamos unha proposición non de lei para pedirlle ao seu Goberno que cumprisen a lei que vostedes mesmos aprobaron e para que o Agader elaborara o plan de acción anual das actuacións en materia de recuperación agraria; ademais, que a propia axencia deba remitir, cunha periodicidade bianual, un informe de avaliación ao Consello de Xestión da Terra Agroforestal e á comisión de seguimento e ao Parlamento de Galicia sobre as actuacións realizadas en materia de recuperación de terra agraria.

Tamén acordamos que no prazo dun ano dende a entrada en vigor desta lei, é dicir, en maio de 2020, hai un ano, e mediante decreto do Consello da Xunta, debería nomearse a comisión de avaliación e seguimento da Lei de recuperación da terra agraria, unha comisión que tería unha composición plural, para analizar as actuacións realizadas polo Agader en materia de recuperación de terra agraria.

Pero vostedes comezaron hai un ano por non publicar o plan para 2022, non existiu, e por fin vimos como aparecía hai poucas datas o plan para o ano 2023, e dende o noso grupo estivémolo lendo atentamente. Neste plan non vimos moita novidade co Banco de Terras, que segue a estar infrautilizado, sen ter un funcionamento axeitado e sen persoal á súa disposición, cun Banco de Explotacións que segue a ser un proxecto que está escrito na lei. Seguimos sen contar cun mapa de usos agroforestais e sen o catálogo de solos agropecuarios e forestais sen finalizar, e vostede sabe que estes documentos son esenciais para o desenvolvemento da lei.

Nesta semana semella que se acordaron das permutas de alto interese agrario e van poñer un plan piloto para o seu funcionamento en Friol; veremos como funciona. E todo o seu bombo e platillo está no desenvolvemento dos polígonos agroforestais e, sobre todo, nas súas aldeas modelo.

Pero a día de hoxe, señor conselleiro, todos son propostas, porque non hai nin un só metro cadrado de superficie mobilizada con estes polígonos —vostede sábeo—, con moitos proxectos básicos e acordos de inicio, pero nada en funcionamento.

E as aldeas modelo —que sabe que non temos nada en contra delas— sabe que con elas non se vai solucionar o problema da falla de superficie agraria útil, con pequenas actuacións de recuperación de núcleos abandonados, e, nalgún caso, como lle explicabamos, como o caso de Osmo, cunha actividade agraria ficticia e mal xestionada.

Con relación ás concentracións parcelarias, aínda seguimos con moitas daquel cento de concentracións que Feijóo prometera finalizar na lexislatura de 2016, e algunha leva máis de corenta anos esperando para iso, pero si vemos que algunhas por fin se van rematando e se van decretando outras novas, tal como se acordara.



Conselleiro, agora estamos a esperar polo informe bianual que nos deberan enviar, e non só nós, tamén o Consello de Xestión da Terra Agroforestal e a comisión de seguimento da lei, pero vai ser difícil que llo envíen a esta comisión de seguimento, porque dous anos despois da aprobación da lei seguen sen formala, e pese a que hai un ano que aprobabamos unha proposición non de lei do noso grupo que lle pedía que a puxese en marcha co fin de analizar como se estaba a desenvolver ese traballo de recuperación de terra agraria.

Vostedes demostran que non queren que o seu traballo teña unha avaliación independente. Algo non funcionará tan ben como vostede di, señor conselleiro, para que non desexen ser avaliados por un órgano independente.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Seco.

Quenda para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra don Xosé Luís Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Estás omnipresente.

Bo día. Grazas, señora presidenta.

Bo día, señores deputados.

Señor conselleiro, benvido ao mundo da poesía, pola súa introdución, pero non houbo poesía na Lei de recuperación da terra agraria.

Señor conselleiro, con atraso e daquela maneira, como se lles dese vergoña —e vergoña debería terlles dado—, apareceron en 2021 coa Lei de recuperación da terra agraria, e deron en chamarnos a atención por non ter feito nada desde a oposición para remediar o abandono mentres vostedes ocupaban o Goberno e recuperaban o caos. E nós preguntándonos a que viña aquel mudar de disfrace e vostedes con esa pose de quen acaba de descubrir a pólvora. ¿A estas alturas son xa conscientes do que tronzaron en 2009, aquela Lei do Banco de Terras bolxevique e expropiadora, que tiña comezado un máis que urxente proceso de mobilización de terra agraria e a posta en marcha de 35 unidades de xestión conxunta do monte en só dous anos?

Para facilitar o entendemento, vostedes en trece anos soamente mobilizaron non máis dun cento de hectáreas, que preguiceiramente remataron en máis de doce sofor, que, ademais, non funcionan. E agora, logo de mangar a macheta durante dous anos máis, aparecen con 10.000 hectáreas seica mobilizadas. Arrenegado sexa o demo, e ¿onde están?, porque non as vemos.

E falan de permutas en Friol, que consiste —¡atención!— nun intercambio bilateral consensuado e recíproco, e nós sen sabelo, e polo país adiante tampouco. Porque isto xurdiu por xeración espontánea en Friol; vai un alcalde, ponlle intención ao asunto e eclosiona o



sistema. E agora vai ser adoptado como plan piloto, dotado con 50.000 euros e exportado a varios puntos máis, e déronlle aire nos medios e ata o trouxeron ao Parlamento, que lle demos o noso visto bo o Mércores Santo, que eu estaba alí e tamén votei.

E nesas 10.000 hectáreas tamén entran os polígonos agroforestais, que xa teñen non sei cantos, uns para viño, como o de Crecente, e outros multivariados, como o de Santaia-Foxado, de 3.400 hectáreas —(Murmurios.) si, o de Teixeira; chámase así: Santaia-Foxado—, que é moito polígono do Noso Señor, 3.400 hectáreas, e que resulta cando menos curioso que no punto 4 do acordo de inicio se esgrime como argumento —escoiten ben— o feito de ter identificado novas repoboacións de eucaliptos e terras catalogadas no PXOM como solo de protección agropecuaria de alta aptitude agrícola. ¿Que é? ¿Que non sabían que se trata dunha práctica estendida por todo o país e alentada por vostedes, alentada por vostedes? ¿Que o abandono das explotacións trae consigo a plantación masiva de terra agrogandeira? E descubrírono ao comezar a darlle voltas ao polígono de Teixeira. ¡Vaiteis, vaiteis!

E, segundo parece, así, deste xeito, van darlle forma á ilegalidade de certas plantacións e a vista gorda do distrito da consellería. Lémbrolle que está mal visto nalgunhas xefaturas territoriais, por non dicir todas, que os axentes denunciaren. De feito, quedan case todas no fondo do caixón, ¡que curioso!

¿Queren saber, señorías, como se fai a legalización ilegal, como se legaliza o ilegal? Pois miren, no artigo 25 da Lei de recuperación da terra agraria establécese que o catálogo de usos clasificará a terra en función da súa actitude produtiva actual e potencial, a partir da análise de factores físicos, ambientais, estruturais e socioeconómicos. E ¿de que xeito se están a facer os catálogos de usos na parcelaria de Fisteus, que queda dun 70-30 a un 50-50, dando cobertura a que intereses? ¿Atende ás necesidades de aumento, de consolidación da superficie agraria útil? ¿Onde está a imprescindible blindaxe da superficie con aptitude agrogandeira?

E, feito o mapa de usos, ¿que facemos co territorio? ¿Quen o pon a producir? ¿Quen vai defender a superficie agrogandeira das agresións das plantacións ilegais? Vostedes non, teñen demostrado que non, que a lei non serve para ser cumprida. Vostedes son os primeiros que non a cumpren.

Fálanos intensa e extensamente dun número de aldeas modelo e con elas xa solucionan o problema do abandono. ¿Con elas van defender o territorio do lume? ¿Con elas van recuperar a tan necesaria produción? Mire, cando en 2017 os lumes, aquela vaga tremenda, que foi repetida o ano pasado, recordaron o das faixas e volveron aumentalas, volveron ao que se dicía no Bipartito, e vostede soñou coas aldeas modelo; pois éche un soño, con iso non soluciona o problema.

Tamén nos falan seguido das concentracións parcelarias. Este deputado leva oído promesas vas durante os seis anos de lexislatura do rural e ¡leva visto cada cousa! Confésolle, conselleiro, que nunca pensei que o proceso fose tan deprimente, longo, eterno no tempo de memoria, de demora. Sasdónigas, ano 1967, Santos Inocentes 2022. Ese é un período de consolidación dunha concentración parcelaria. Finalización en precario, moitas delas fal-



tando á legalidade; temos o caso da zona norte de Mondoñedo, onde quedan leiras con carreteras, con pistas asfaltadas no medio, tronzando a leira nova e que teñen circulación aínda, entregados os títulos. ¡Hai que fastidiarse! Iso é ilegal. ¿Ou non? Parece ser que non.

Procesos enquistados como o de Catoira, que debido á cabezonería do servizo e á corruptela dun alto cargo, tivo que resolver o Tribunal Superior de Xustiza nunha sentenza que é un clarísimo tirón de orellas á consellería.

E vostede continúa a sacar peito con 89 procesos abertos e 28 novos desde 2021. ¿Non dicían en 2016 que aqueles cento e pico rematarían nun plis plas? Esqueceulle dicir os milleiros de hectáreas concentradas en abandonos. ¿Que se vai facer con elas?

A estas alturas vostedes xa sabe que temos un problema. Nós no BNG xa llelo sabiamos moito antes de 2005, e foi así que, tomada posesión da consellería, comezamos a traballar marcando o camiño. Porque as políticas agrarias levadas a cabo polo seu Partido Popular desde a reforma da PAC de 1992 levaron este país ao abandono da actividade agraria e a unha dependencia alimentaria produtiva suicida. E a vostede, que ben sei que non lle agrada que lle falen do pasado, temos que dicirlle que hoxe, 11 de abril de 2023, Galicia xa non produce nin o cereal para facer o noso pan de cada día e que temos as comarcas cerealistas a toxo e matogueira.

En todo este proceso de deterioración —provocada, si, afirmamos que provocada— houbo unha paréntese, breve pero aleccionadora, de tres anos e medio no que un goberno sensato planteou a mobilidade de terras como prioridade urxente e comezou o labor cunha lei que poñía os puntos sobre dos is e que activaba as terras infrautilizadas e as unidades conxuntas de xestión do monte e que espallou todos os activos humanos e económicos ás aldeas para promocionar e darlle vida a un rural que vostedes viñan esganando.

Ideoloxía. Pois vai ser que si, oposta á ideoloxía do PP, claro. Reparen na perigosa ideoloxía: xestión do territorio por pequenas e medianas explotacións de corte familiar que fixen poboación e que recuperen dinamismo e soberanía alimentaria. Isto é ideoloxía. ¿Cal é a retorta ideoloxía que sustenta a promoción do abandono e despoboamento, provocando a concentración en explotacións intensivas con escasa base territorial e condenando o resto do territorio ao monocultivo forestal do lume? Trece anos de meditación transcendental, agrandando a desagrarización e o caos, e logo veñen despois do desastre de outubro de 2017 cun texto legal que presentan pola porta de atrás para promocionar basicamente as aldeas modelo; unha propaganda moi cara en investimentos e con escasos resultados, conselleiro, moi cara e nada efectiva, fume.

Consumado o abandono e sen intención formal de revertelo, polo que se ve, ¿cara a onde camiñamos? Informes parciais feitos por estudosos e expertos na materia vaticinan que en Galicia a porcentaxe media de terra agrícola que se perderá nos próximos dez anos será do 35 por cento. Os informes globais, os de verdade, os que facemos todos os que todos os días habitamos no rural, din que cada ano pechan centos de explotacións sobre uns poucos milleiros; din que a recuperación non existe, que as súas políticas son maquillaxe barata que non leva a ningures.



Ese texto que vostede tanto louva e gaba ten un problema de horizonte. ¿A quen se lle vai facilitar a terra agraria? ¿A pequenos e medianos proxectos ou a grupos empresariais e agrogandería industrial? Claro, tres consorcios internacionais de capital estadounidense controlan o 28 por cento do rico territorio ucraino, 17 millóns de hectáreas en mans de Cargill, DuPont e Monsanto. ¿É ese o camiño que marca a ideoloxía do PP?

Aqueles países que teñen na actualidade un medio rural vivo, próspero, poboado e produtivo son os que fixeron unha reestruturación da propiedade seria e fonda, marcaron dinámicas de desenvolvemento e mellora agraria, planificaron, consideraron a propiedade agraria como un ben social. Repare: Bretaña, 60 por cento de superficie agraria útil; Irlanda, 65 por cento; Galicia, 23 por cento.

Conselleiro, o problema do rural galego ten un nome: abandono. Abandono da actividade agrogandeira, abandono poboacional, caos forestal con exceso de biomasa, falta de relevo xeracional para as explotacións que van quedando. E o remedio a este abandono pasa por políticas dirixidas a inverter o proceso. Sobran leis, conselleiro, sobran leis. A nós tamén nos vai servir esta para canalizar os esforzos feitos. Políticas sen proxecto. Digamos pois que esta lei en mans do BNG pode servir —e servirá— cando vaia acompañado doutros —digamos— detalles sen importancia: oficinas agrarias comarcais dotadas de persoal formado e capacitado para este labor derivado do proceso...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: ...—remato xa, presidenta—, recursos financeiros acordes co plan integral necesario e imprescindible a levar a cabo. Horizonte claro: soberanía alimentaria, recuperar poboación e activar e facilitar neorrurais. ¿Sabe o que son neorrurais? Porque rurais xa non nos quedan case, vostedes botáronos fóra. Deixarse guiar polo territorio, que, como antano, marque as pautas.

Este élle o noso proxecto; o de vostedes: vostedes teñen o país en venda, ao mellor postor.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Rivas.

Antes de dar paso ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, saudamos os alumnos e alumnas de 6º de primaria do CEIP Antonio Insua Bermúdez, de Vilalba. Benvidos ao Parlamento a todos vós e ao equipo docente que vos acompaña.

Ten agora a palabra o señor Armada, tamén por tempo de dez minutos.

O señor ARMADA PÉREZ: Moitas grazas, señora presidenta.

En primeiro lugar, darlles a benvida tamén aos alumnos de Vilalba e, por suposto, darlle a benvida tamén ao señor conselleiro na súa comparecencia.



Moitas grazas por dar luz a moitos datos a que dá lugar esta Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, que é o que nos move hoxe. E dende logo que escoitar cifras finais como, por exemplo, a mobilización de máis de 35.000 hectáreas a través destes mecanismos como é a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia e as estruturacións parcelarias xa son datos o suficientemente contundentes.

E dende logo que eu non usarei tanto a poesía, pero si direi que non hai peor cego que o que non quere ver nin peor xordo que o que non quere escoitar. Basicamente, dígoo porque á luz dos datos, como ben dicía, do que vostede estaba a dicir, está claro que aquí nada quedou.

Cando alá polo mes de maio do ano 2021 aprobabamos a Lei de recuperación da terra agraria culminábase un proceso de futuro para o noso rural, un proceso ao que me referirei e do que fun testemuña na última parte do mesmo e que cualificaría como a máis doada pero á vez tamén a máis complexa polas negociacións, os acordos e as transaccións que todo este documento propiciou.

Non sei se estarán de acordo os dous voceiros, pero o clima de traballo foi de respecto, de responsabilidade e, sobre todo, de vontade; unha vontade para que este documento final reflectise o que a nosa xente no rural nos pedía; e previo a chegar a este último momento, un camiño longo, un camiño longo a través do cal nos acompañaron os verdadeiros protagonistas do noso rural: agricultores, gandeiros, sindicatos agrarios, asociacións, universidades, colexios profesionais entre outros e, en definitiva, todo aquel que quixo aportar o mellor de si para construír.

Pero, claro, chegamos a este clima de concordia e isto non podía ter unanimidade. Un documento impulsado polo Partido Popular, ¡vaites!, non se viu outra. Entón, sacamos o catecismo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e aquí houbo que votar en contra. E aí empezou o desmarque, con escusas que aínda hoxe, a día de hoxe, lle custa moito explicar pero —o máis importante incluso— tamén crer. Espero que sexan capaces de explicarme na segunda quenda quen está equivocado: se o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ou incluso ás veces o Partido Socialista ou ben os seus alcaldes, porque resulta que son eles os que cada vez demandan máis os mecanismos que nos dá esta Lei de recuperación da terra agraria de Galicia e que curiosamente se implantan. Entón, teremos que preguntarlle, por exemplo, no caso do Partido Socialista, ao alcalde de Carballada de Avia, ou ben, no caso do Bloque Nacionalista Galego, por pór un exemplo, que lle pareceu a aldea modelo por exemplo de Parada do Monte ao alcalde da Pobra do Brollón. Preguntarémosllelo.

A min dende logo que hoxe me gustaría dicir tamén que cumprimos con outro obxectivo que nos marcamos con esta lei, que é a máxima transparencia e información, que é o que estamos a dar neste momento, algo que resultou de aplicación nesta normativa, e do que estamos a dar conta, como ben digo.

¿Que é ao que deu lugar? Pois, evidentemente, a estas aldeas modelo, que tan pouco lles gustan. E ¿cal é o seu modelo? ¿Cal é o seu modelo para estes pequenos núcleos que temos no noso rural? Escoitémolo, porque ata o día de hoxe levamos dous anos criticando as aldeas modelo pero non escoito cal é o seu modelo. Non o entendo. Nós xa llelo propuxemos, e cre-



mos nel. Creamos en plans de agrarización. Tamén creamos que hai que deterse tamén neses espazos de experimentación agraria, unha aportación do Partido Socialista que recollemos e que agora mesmo estamos a reflectir. Tamén creamos nesas aldeas modelo, que seguen a ser protagonistas no noso rural a través desa actividade económica, dunha rehabilitación integral, dunha planificación preventiva para os lumes, como foi efectivo e se viu na aldea de Osmo, na Pobra do Brollón, e, por suposto —non menos ambicioso—, que sexan unhas aldeas autosuficientes enerxeticamente e que contén coas últimas tecnoloxías para aplicar na súa actividade e conectividade dixital; en definitiva, unhas aldeas que nos indiquen cal é o camiño de cara ao futuro.

Pero, por suposto, tamén esoutra figura dos polígonos agroforestais, e que tampouco lles gusta tanto, ese complemento ás aldeas modelo. ¿Teñen vostedes tamén unha mellor proposta? Porque, honestamente, nós entendemos que hai que mobilizar a terra, que a terra ten que ser produtiva.

Daban vostedes eses datos. Evidentemente, nós recollémolos, pero tamén queremos escoitar cales son as súas propostas. Nós sabemos cal é o fin, cal é o obxectivo —está moi ben—, pero ¿os medios e como chegan aí? Nós, dende logo, non seguimos escoitando absolutamente nada.

Incluso dese rural e esa xente que vive, como din vostedes moitas veces, «coa vaquiña pola corda», ¿saben que lles digo? Pois miren, esa xente necesita terra, e necesita terra para que ese gando paste, para producir millo, para producir centeo, trigo, para alimentarnos. Deámoslle a través desta ferramenta esa posibilidade, ademais doutras, e rematemos pouco a pouco con ese abandono.

Pero, ademais diso, tamén lles imos dar outras ferramentas máis, como é o Plan de pastos; 1.200 hectáreas e 5 millóns de euros son realidades palpables.

Cando queiran vostedes, podemos ir aos lugares onde se atopan implantadas esas medidas e pregunténlles vostedes a eses gandeiros que é o que opinan, tamén aos propietarios desas comunidades de montes.

E, por suposto, a recuperación de soutos tradicionais. É ambicioso recuperar 8.000 hectáreas deica 2040, pero tamén o é plantar 16.000 hectáreas para a produción de castaña.

E todo isto con procedementos para a mobilización de terras a través dese mecanismo que tanto nos din vostedes, dende o Bloque Nacionalista Galego, que é o Banco de Terras. ¡Vaia!, un Banco de Terras mellorado, un Banco de Terras con mellores instrumentos e organismos e, sobre todo, con máis e mellores funcionalidades. Pero non é que o digamos nós; pódennlle preguntar vostedes, se queren, aos propios funcionarios que están a traballar nese Banco de Terras.

E, por suposto, tamén o Banco de Explotacións, porque necesitamos tamén as aplicacións informáticas para garantir o relevo e evitar o abandono daquelas explotacións que poidan ir cada vez diminuindo máis.



E, por suposto, tamén esas permutas de especial interese agrario. ¿Que ocorre? ¿Que lles parece mal esa idea de facer un intercambio con sentido bilateral e recíproco? ¿Parécelles mal que nós apoiemos experiencias piloto e que esas experiencias teñan éxito e despois as poiadamos implantar ao longo de Galicia?

A min gustábame moito escoitalo —e xa conseguimos algo— cando vostedes votaron en contra desta Lei de recuperación da terra agraria, e escoitábao na comisión do mércores pasado dicindo que era un bo instrumento pero que estaba nas mans non axeitadas. ¡Vaia!, ¿estaría ben nas súas mans?, ¡vaia!, ¡vaia, vaia! Pois eu, honestamente, non entendo moi ben como vostedes din que é un instrumento axeitado e, non obstante, votan en contra del. A verdade, entra dentro do seu dogma: contrariedade.

A min, dende logo, si que tamén me gustaría referirme —como todo, ten que ir unha planificación, por suposto— á elaboración deses mapas de usos agroforestais de Galicia e aos mapas de usos agropecuarios e forestais, porque está claro que esa planificación ten que ser sempre a base por onde nós nos guiamos dentro do noso rural.

E falando tamén das concentracións parcelarias, esas 28 concentracións decretadas pola Xunta dende o ano 2021, supoñen reestruturar máis de 22.800 hectáreas, distribuídas en case 110.000 parcelas, de algo máis de 16.000 titulares. Un bo traballo, pero que, non obstante, non pode desfalecer, e para iso hai asignados 17 millóns de euros no próximo orzamento, no do ano 2023. Dende o ano 2020 ao 2023 rematáronse 25 concentracións parcelarias en Galicia, e vostede, que tanto falaba das concentracións parcelarias e ao que tanto lle gusta falar do pasado, vostedes, cando gobernaron ¿cantas decretaron?, ¿cantas fixeron? ¡Cónteno! Na segunda quenda estarei atento para escoitalo. E, por suposto, pódolle asegurar tamén que deste xeito estamos seguros de que a Xunta, seguindo decretando estas concentracións parcelarias, vai seguir dándolle valor ao noso país.

Miren, nós témolo moi claro, temos claro que esta Lei de recuperación da terra agraria é o instrumento, é a chave para que este país, especialmente no rural, colla valor.

O conselleiro empezaba falando e dicindo que isto era un instrumento de futuro. Pero mire, imos seguilo apoiando, e imos seguilo apoiando con estas medidas e lexislando en prol do rural. E ímolo facer dende o punto de vista daqueles que estiveron e nos deixaron o seu legado e coidado, tamén para os que están e persisten cada día nun rural que é posible, con máis medios, e tamén para os que virán, para ter a seguridade de que poden apostar decididamente por estar neste noso rural.

Polo momento, nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Armada.

Para réplica, ten novamente a palabra o señor conselleiro, don José González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Ben, déixeme, señor Rivas, que lle diga que, ¡home!, a poesía podémola utilizar e mesmo ler calquera; aínda que non



pareza que a utilizamos a miúdo, seguro que a podemos traer aquí tamén, ademais de autores tan importantes como o que citei eu.

Eu referireime ás súas intervencións advertíndolle tamén ao Grupo Parlamentario Popular pois que sempre é máis do mesmo. Eu non escoito nunca neste parlamento cando veño aquí propostas para mellorar o que estamos a facer. Hai algunha novidade importante, como isto que dixo o voceiro do Partido Popular, pero que tamén parece ser que se trasladou na comisión; que, ¡home!, o Bloque di que é unha boa lei en malas mans. Pero isto xa nos mete, señor Rivas, no mundo das contradicións, porque o Bloque Nacionalista Galego, cando vén falar do medio rural, está sempre no mundo das contradicións e das teimas. E é unha boa contradición dicir que é unha boa ferramenta e que naquel momento, no ano 2021, aínda non tiñamos eleccións á vista e que se podía ter perfectamente apoiado, ou, como mínimo, absterse, como fixo o Partido Socialista Galego. E agora, á volta de dous anos, recoñecen que é unha boa ferramenta e votaron en contra. Por certo, señorías, votaron en contra dunha lei que lle atribúe á Xunta de Galicia a facultade da investigación da terra sen dono localizable en Galicia, mentres que antes a tiña o Goberno central, e penso que é bastante relevante ao respecto.

Falaba de contradicións e de teimas. Mire, púxonos como exemplo unha lei que creou un Banco de Terras totalmente inútil, porque non tiña forma de traballar, estaba tan burocratizado e tan administrativizado que non podía funcionar. *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)* —Si, si, esta é unha teima acreditada, señor Rivas—. E fálanos de que logo da aprobación desa lei en dous anos fixéronse 35 uxfor. ¿Onde están esas uxfor? *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)* Claro, crítícanme a min porque logo de menos de dous anos da lei temos posto en marcha 21 polígonos e dime que onde están eses polígonos. Pois eu dígolle que, antes de que remate o 2023, fronte ás 35 uxfor que fixeron vostedes e non se sabe onde están, teremos xa polígonos licitados e postos en marcha. E doulle nomes, para que os saibamos: Cualedro e Oímbra —que son os que están máis avanzados— e os outros 6 que teñen xa o proxecto en marcha; moitos deles, evidentemente, para aquelas demandas de terra agraria que teñan os nosos agricultores e gandeiros.

Contradicións e teimas. E falamos doutra teima. Fíxense no que di o señor Rivas —isto non se lles pode perder no discurso do Bloque Nacionalista Galego—: «a terra está en venda para as grandes multinacionais». Pero ¿cales son esas multinacionais que están entrando nas aldeas modelo e nos polígonos agrogandeiros? ¿Acaso é unha multinacional Adrián, o gandeiro de rubia galega, —perdón— de cachena, en Trascastro? ¿Ou o gandeiro de rubia en Meixide? ¿Ou os viticultores que van entrar nos polígonos para viñado? ¿Acaso iso son multinacionais? Señor Rivas, a ver, eu o que lle pido é un pouquiño de concisión, un pouquiño de seriedade na argumentación. É dicir, pode vostede ter unha idea, se tiveramos aquí agora mesmo catro multinacionais entrando nos polígonos —por certo, na lei estableceuse precisamente una medida para que non houbera acaparamento de terras— pois poderíamos entender esa crítica. Pero ¿onde están esas multinacionais que van entrar a quedar con toda a terra de Galicia? Polo tanto, eu diríalle que nesas contradicións trate ou de renovalas ou cando menos de mellorar a súa argumentación.

Mire, fala tamén dun tema complicado, como son as concentracións parcelarias, en calquera goberno, no que evidentemente falamos de procesos administrativos moi complexos, con



moitos propietarios. Por iso nós dicimos que os polígonos agrogandeiros, señorías, se non leron a lei —eu non digo nada, jeh!, que non todas as leis se poden ler— son pequenas concentracións que, ademais, procuran cubrir outra das dificultades das concentracións, que é que só se reconcentre ou só se concentre terra que logo se vai poñer en produción pola vía da licitación —repito, para tranquilidade de todos—, non para licitar a grandes multinacionais, senón para licitar a agricultores e gandeiros, aos que lles damos prioridade na súa implantación. Pero son —como digo— procesos longos, evidentemente. Aquí podemos facer todos autocrítica.

E todos fixemos anuncios, señor Rivas, porque nesas concentracións de Mondoñedo ¿sabe quen foi alí no ano 2005 antes das eleccións e dixo: «se gobernamos nós, remataremos as concentracións»? ¿Quen foi alí? Anxo Quintana. ¿E saben, señorías, quen entregou eses títulos en decembro de 2021 e de 2022? A Consellería do Medio Rural do Partido Popular. É dicir, dezasete anos despois, señor Rivas, anunciando vostedes que o ían facer no curso da súa lexislatura. Polo tanto, aceptemos todos que os procesos de concentración parcelaria son procesos longos, complicados e que teñen a súa tramitación.

Pero, miren, ningunha concentración parcelaria se pode poñer a andar —e, polo tanto, non se pode mobilizar base territorial— se non se decreta. Xa lle preguntou —e supoño que terá vostede a información— cantas decretaron vostedes. Pero aquí nesta lexislatura, señor Rivas, decretamos 28 concentracións parcelarias, que supoñen o inicio da mobilización de 23.000 hectáreas, que é practicamente o 1 por cento do territorio galego. Feitos, eses son feitos e, ademais, aposta pola mobilización.

Se estamos todos de acordo en que é importante mobilizar terra agraria e reverter o abandono, ¿por que non podemos dicir que iso está funcionando ben? Porque, ademais, señorías, asumimos o compromiso de que entregabamos ou que decretabamos novas concentracións se finalizabamos concentracións previamente postas en marcha. E aquí tamén podemos vir cos deberes ben feitos, porque levamos entregadas nesta lexislatura 26 concentracións parcelarias. Pregúntese vostede cantas entregaron no seu Goberno.

Polo tanto, eu quero dicir, respecto da concentración parcelaria: primeiro, é un instrumento importantísimo; segundo, imos seguir por suposto traballando nela. Pero estabamos todos animados —e penso que cando se discutiu a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia estabamos nesa liña— a ter outras ferramentas.

Falan de que con aldeas modelo non imos solucionar o rural; eu estou completamente seguro. Temos 30.000 aldeas, con 21 comprenderán que non imos solucionar a totalidade do problema das aldeas. Pero temos que iniciar un proceso, temos que facer pilotos, temos que empezar a desenvolver unha forma diferente de traballar na que, dende logo, garantamos, máis aló dos desbroces anuais, que hai actividade agrogandeira ao redor das aldeas.

Porque imos ver, por favor, se son capaces de contradicirme nisto, gustaríame que na súa quenda así mo trasladaran. ¿Non é bo que, en lugar de mato e de abandono, ao redor das aldeas haxa explotacións agrogandeiras sostibles, con requirimentos de sustentabilidade medioambiental? *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, señor Rivas, pero



é que ata que chegou o proxecto de aldeas modelo non se fixo ningunha actuación destas características, e menos nesa Arcadia feliz dos tres anos do Bloque Nacionalista Galego.

Polo tanto, nós estamos traballando nunha liña que sabemos que está iniciándose, que non é sinxela, polos datos que lles din antes do minifundismo, pero que vai encamiñada a xeneralizarse e a ter un número importante de franxas que protexan as nosas aldeas con esa actividade agrogandeira, como lle dicía.

Señor Seco, eu sei que dedicou a súa primeira parte da intervención, pois practicamente a metade de intervención, a falar do discurso, dun discurso diría que catastrofista, que precisamente lle quita as ganas á xente moza de incorporarse ao sector primario. Debemos de buscar tamén as fortalezas. Eu non llas vou enunciar aquí, porque non son fortalezas do Goberno galego, senón que son fortalezas do sector primario galego.

Falamos —como lle dixen— de 76.000 explotacións e de 72.000 UTA de traballo e de emprego. Polo tanto, aí estamos nunha liña na que todos deberíamos coincidir en que é importante.

A pregunta é: o rural e o sector primario ¿é importante para Galicia? Eu respóndolle: dende logo, para a Xunta de Galicia, si. Polo tanto, temos que poñer os instrumentos para poder desenvolver ese sector primario. E a clave —e non temos aquí ningunha dúbida e todos deberíamos coincidir— é a mobilización de terra agraria. Irán máis rápidos ou menos rápidos os instrumentos, pero isto é o que se procura. E lémbrolles o estudo da Universidade Vigo —ao que vostede, señor Seco, tamén aludía—, que supón que a recuperación desa terra agraria de Galicia —que é un proceso custoso, sen dúbida— pode chegar a crear ou a xerar 15.000 postos de traballo.

Déixeme que lle engada a esa política transversal, da que fala vostede, ao rural, unha petición máis que vai dirixida ao Goberno central e que ten que ver co rural non só galego senón tamén nacional, e que está contemplado na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia —aí seguro que cando a traíamos a este parlamento poderíamos apoiala os tres grupos parlamentarios—, que non é outra, señorías, que que haxa unha discriminación fiscal positiva a favor do sector primario; é dicir, que pola vía da fiscalidade se favoreza a implantación da actividade do sector primario. E eu pediríalle aquí —como fixemos en Galicia co programa, por exemplo, de impostos cero no rural— que fale cos seus en Madrid para que acollan as nosas peticións que teñen que ver fundamentalmente cos impostos estatais.

Falou vostede tamén da renovación dos contratos do leite. ¡Home!, tamén lle pediría que se remita ou que se refira ou que fale co ministro de Agricultura do Goberno central, en primeiro lugar, para que non estea presionando por mor da inflación a que non suban, ou máis ben baixen, os prezos do produto do sector primario, pero sen garantir ao mesmo tempo que iso non vai repercutir nos produtores primarios. Porque o seu discurso está detrás precisamente de moitas das cousas que están pasando na baixada de prezos.

E de paso tamén lle pediría —e aproveito para pedirullo aquí— que rebaixe o IVE no sector da carne e no do pescado, que son especialmente importantes e transcendentales para o rural galego.



Fala de que temos infrautilizado o Banco de Terras ou de que está sen persoal. Eu pediríalle nese sentido que faga un pouco o seguimento do persoal que ten o Banco de Terras, que se incrementou de xeito moi importante no curso desta lexislatura. Pero tamén dicirle, como reflexión xeral, que o Banco de Terras non funciona finca a finca. É dificultoso pretender que poidamos arrendar fincas, como digo, co tamaño medio que teñen en Galicia. O Banco de Terras ten unha función fundamental, que é intermediar nos instrumentos da lei. É o que dicía antes: dende logo, o Banco de Terras está complementado cos instrumentos da Lei de recuperación. E, fundamentalmente, o que se pretende co Banco de Terras é traballar tamén na investigación da propiedade para poder mobilizar esa terra abandonada, que non ten dono localizable e que é un dos grandes problemas do rural galego. E se non coñecemos este problema e se non somos capaces de atallalo, entón é que non somos capaces de solucionar a mobilización da terra agraria de Galicia, sobre todo nas zonas nas que hai maior abandono.

E a lexislación que permite facer iso pola Xunta de Galicia é a Lei de recuperación. E é a primeira vez nunha comunidade autónoma que se atribúe esa facultade de investigación á comunidade autónoma, á Administración autonómica, en todo o solo rústico do seu territorio.

Fala tamén vostede das concentracións. Eu lembro, cando era parlamentario e non conseleiro do Medio Rural, que cada mes ou cada dous meses os tres grupos parlamentarios da oposición dicían que non se estaban a entregar títulos. E agora que levamos entregadas 26 concentracións parcelarias, con esas practicamente 18.500 hectáreas, ¡home!, polo menos eu xa sei que é complicado, pero polo menos aquí dicir que aí se fixo un bo traballo pois non estaría dende logo de máis.

O señor Rivas falaba antes de contradición e de teimas... Déixeme, non me podía olvidar, señorías: a eucaliptización de Galicia é outra das teimas e ademais é outro dos obxectivos da Lei de recuperación. Vostede alude a parte da Lei de recuperación e non alude á outra parte da Lei de recuperación que, precisamente, trata de protexer a superficie agraria útil. Entre outras razóns, señor Rivas, porque, a pesar de votar en contra esta lei, nós acollemos moitas das súas peticións. Estabamos todos de acordo na necesidade de incrementar a superficie agraria útil, a base territorial das nosas explotacións, e, polo tanto, aí estamos na liña de traballo conxunto que estou seguro que todos apoiámos neste parlamento.

Pero déixeme que lle diga unha cousa: todas as aldeas modelo e todos os polígonos agrogandeiros que se levan desenvolto ata agora están destinados á actividade agrícola e gandeira. E dito isto, tamén teño que dicir que eu apoio totalmente o aproveitamento produtivo do monte galego, do que viven e do que perciben ingresos 80.000 galegos e galegas todos os anos. E, polo tanto, estamos a falar dunha actividade moi importante.

Sobre que temos que traballar na ordenación de usos do solo, que hai sitio para todo e que temos que apoiar e desenvolver o catálogo de usos, non hai ningunha dúbida. Agora, déixeme que lle traslade, señor Seco, que estamos falando de instrumentos que supoñen poñer en orde 11 millóns de parcelas, 16 millóns de recintos do Sixpac. Estamos falando dunha complexidade moi importante.

Polo tanto, máis alá do ruído, máis alá das cuestións que non veñen ao caso desta comparecencia, que ten que ver coa mobilización da terra agraria de Galicia, eu digo, sen ningunha



dúbida, que un elemento fundamental e un obxectivo fundamental da Xunta de Galicia é mobilizar terra agraria e poñela á disposición das nosas explotacións agrogandeiras. E o que fixemos durante esta lexislatura foi arrancar os procesos, algúns deles complexos e que levan o seu tempo, para mobilizar esa terra, ata un total de preto de 35.000 hectáreas, das cales —e penso que é importante tamén trasladalo— 10.000 corresponden a unha ferramenta nova como é a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.

Déixenme que lles traslade as medidas de fomento, dentro desta faceta de información de vir aquí render contas, que estamos utilizando para sacar adiante os instrumentos da Lei de recuperación.

En primeiro lugar, xunto co programa que ten que ver coas aldeas modelo e os polígonos, a próxima posta en marcha tamén das agrupacións de xestión conxunta, que xa verá vostede, señor Rivas, como van bastante máis rápido que as uxfor que vostede trasladaba. Espere, espere, porque ademais aquí ten outra vantaxe ao que está falando, que, como o Partido Popular sempre conta co apoio maioritario da poboación galega e nas próximas eleccións así volverá pasar, imos ver como se vai desenvolvendo este traballo sen ningunha dúbida nos vindeiros anos.

Pero dentro das medidas de fomento anuncio xa unha nova convocatoria das axudas para proxectos de creación, mellora e ampliación dos servizos básicos locais en aldeas modelo.

Explíqueilles antes, señorías, que nas aldeas modelo cos plans de dinamización procuramos a recuperación integral das aldeas, pero ao mesmo tempo xa estamos apoiando esa mellora e a ampliación de servizos básicos nesas aldeas, co obxecto de levar a cabo unha recuperación integral das mesmas.

Estas achegas están dotadas este ano 2023 con 2 millóns de euros, pero o ano pasado 14 das aldeas modelo xa puideron acudir á convocatoria, ao mesmo tempo tamén —como digo— que imos desenvolvendo os pilotos dos plans de dinamización.

Ao mesmo tempo tamén, como lles dixen, nas aldeas, non só as modelo, senón no conxunto de Galicia, pretendemos, por unha banda, a actividade agrogandeira, pero tamén pretendemos que haxa actividade non agraria. E para iso temos outra orde de 3,4 millóns de euros para desenvolver esas actividades empresariais de carácter non agrícola. Falaba antes de aproveitamentos turísticos en diferentes partes do territorio, que ademais fan un efecto chamada, porque, conforme se van desenvolvendo esas actividades, vai habendo outras complementarias.

Fíxense: na convocatoria do pasado ano 2022 estas actividades empresariais non agrarias foron 63 beneficiados, cunha axuda total de 2,5 millóns, mobilizando 5,5 millóns de euros, e —o que é máis importante— coa creación de 70 novos empregos en zonas rurais e o mantemento doutros 600 empregos. E na convocatoria da presente anualidade temos máis de 200 solicitudes —acaba de pecharse o prazo— e ten un investimento asociado de 15 millóns de euros.

É dicir, estamos traballando, sabendo que é unha tarefa complicada, na que todos podemos coincidir dende logo, porque falamos dunha parte moi importante do noso territorio, pero



iniciando moitas actuacións que teñen que reverter na dinamización do conxunto do noso territorio rural.

A min gustaríame dicir tamén que penso que é unha ferramenta moi importante da Lei de recuperación... Por certo, señor Rivas, as permutas de Friol non se poderían facer sen ter definido as permutas de especial interese agrario na Lei de recuperación. Se le vostede o texto, entenderao perfectamente. Se non, non tiñan forma de facerse coa lexislación anterior. Polo tanto, efectivamente, a Lei de recuperación permite ese sistema de cambios e ademais permite tamén que se poida axudar os propietarios para facer os cambios; por suposto, coa colaboración de alcaldes como o de Friol, que tivo unha participación moi activa e dinámica, no mesmo caso que os alcaldes das aldeas modelo, que, por certo, son de todas as cores políticas e sempre hai colaboración.

Pero quería trasladar —e xa para finalizar esta quenda tamén— que creo firmemente que van funcionar moi ben as agrupacións de xestión conxunta. Estivemos traballando durante este tempo na simplificación dos estatutos. Sería o que vostede falaba das unidades de xestión forestal, pero aquí non buscamos só a xestión forestal, senón que buscamos xestión tamén agrogandeira na que sexan os propios propietarios os que desenvolvan esa xestión de xeito conxunto.

Pero tamén estamos facendo un esforzo, dende o punto de vista do fomento, de apoiar os mozos nas axudas de incorporación que vaian ligadas a proxectos de recuperación de terra propios da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.

Efectivamente, dicía o señor Seco que non se presentou o do ano 2022, pero si temos presentado o plan de actuacións para a recuperación de terra agraria de Galicia no ano 2023, cun orzamento conxunto de 18 millóns de euros. E, ademais, para dar máis información, puxemos en marcha o Sistema de información de terras de Galicia. É dicir, aí temos de xeito totalmente integrado as actuacións relativas á execución de aldeas modelo, polígonos agroforestais ou, cando estean en marcha, as agrupacións de xestión conxunta.

Eu penso que, xunto con esta comparecencia de hoxe, toda a información que estamos trasladando tanto dentro desta cámara como a través, como dixen antes, das comparecencias ou das propias preguntas parlamentarias ou das proposicións non de lei, estamos dando unha información transparente dun instrumento, dunha ferramenta que ten por obxecto algo no que —estou seguro— todos coincidimos, que é mobilizar terra para as nosas explotacións agrarias.

Polo tanto, señorías, agardo a súa quenda, e gustaríame que nela, se é posible, nos fixeran aportacións dentro deste debate que penso que nos enriquece, para poder seguir mellorando estes instrumentos que nos permitan, como digo, mobilizar a maior cantidade de terra para poñela á disposición das nosas explotacións.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.



Abrimos a rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno.

Por cinco minutos, ten novamente a palabra don Martín Seco.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, ver o rural de maneira transversal é a única forma de intentar loitar contra o abandono e precisamente para que haxa xente que poida darlle ese dinamismo á terra agraria. Sen xente, non vai haber capacidade para mobilizar esa terra agraria.

E fíxese vostede: estaban aquí os rapaces do Insua Bermúdez, do meu pobo, de Vilalba, e quero recordarlle eu, que nacín nese pobo, da miña pandilla, que podíamos ser trinta ou corenta rapaces, a día de hoxe viven cero en Vilalba, cero desa pandilla. Precisamente porque durante moitos anos abandonouse unha terra que é eminentemente agraria e gandeira, non se soubo aproveitar as súas potencialidades por parte do Goberno do Partido Popular, tanto na Xunta de Galicia como dentro do Concello de Vilalba —cun goberno case perenne que foi roto na última lexislatura polo Partido Socialista—, non se aproveitaron esas posibilidades, e hoxe en día podemos ver como a ese dinamismo que tiña ese pobo hoxe en día lle custa recuperar esa actividade. Por iso lle dicía que isto hai que velo de forma transversal.

Eu nada vou dicir en contra da lei. Sabe vostede que traballamos nela e que estou de acordo nas ferramentas que se puxeron encima da mesa. Vostede fálame incluso dos espazos de experimentación agraria, que foi unha propia proposta que fixemos dende o Partido Socialista, e que ten o seu primeiro espazo en Carballada de Avia, que me parece correcto. E tampouco lle vou falar mal das aldeas modelo.

O que lle quero dicir é que nun territorio onde existen 2.000 núcleos abandonados e 10.000 aldeas con menos de dez veciños intentar facer intervencións aldea a aldea ou núcleo a núcleo abandonado, evidentemente, eu creo que iso non debe de ser o groso da mobilización de terra agraria. E vostede dá a sensación moitas veces de que o único que pon encima da mesa e pon en valor é o tema das aldeas modelo. E logo vemos o que sucede en situacións como a que xa lle dixemos no concello de Cenlle, en Osmo; unha actividade agraria que desapareceu, que non está nas propias terras nas cales se investiu, tiráronse cartos ao lixo, logo sacouse un plan de turismo, porque todo ao final acaba en plans famosos de turismo por parte do Goberno galego. Incluso se falou dunha especie de miniespello do rural alí tamén en Osmo. (*Murmurios.*) Si, si, había un orzamento para facer un museo; agora xa falaban dun plan de dinamización e xa van directamente ao tema das aldeas intelixentes.

Mire, eu, de verdade, que poñan o seu interese sobre todo no que lle dicía agora, que falaba vostede das permutas, que no seu día xa explicaba o propio alcalde de Friol. Era o propio alcalde de Friol o que llo dicía a vostede, nun artigo moi famoso, no cal se dicía que se deixara de experimentos e de tirar os cartos en cuestións que non estabamos no momento de experimentar e que fomentara a forma de transferir terras. Precisamente, seguramente é o que lle propuxeron a vostedes e, dentro dese instrumento válido que ten a propia lei, buscar a forma de permutar terreo agrario.



Pero fíxese: o mapa de usos está en proceso, o catálogo de solos está en proceso, as agrupacións de xestión conxunta a punto de firmar convenios, o Banco de Explotacións para 2023 —din—, as permutas cun proxecto piloto, o Banco de Terras sen ningún tipo de novidade, os polígonos agroforestais din vostedes 21 (2 con acordos de inicio, 11 con actuacións previas e 8 con proxectos básicos). Iso é o que temos encima da mesa, que logo será o que sexa. Pero, a día de hoxe, cero metros mobilizados baixo ese sistema e 21 aldeas modelo.

Volvo repetir que poden ser actuacións nas cales nalgúns lugares poden estar moi ben argumentadas e moi ben proxectadas para darlles actividade a núcleos que necesitan desa recuperación, pero eu négome rotundamente a afirmar que a solución da mobilidade de terra agraria en Galicia e a implicación para recuperar o noso rural sexa actuar en aldeas moi determinadas, en zonas moi determinadas, ademais con cuestións que simplemente, ademais, incluso poñer como que a solución dos incendios forestais van ser as aldeas modelo, e que vostede di que as aldeas modelo están parando os incendios, ademais das franxas secundarias que están limpando. Iso podíase facer sen unha aldea modelo. O de limpar as franxas e os contornos nos núcleos poderíase facer sen aldeas modelo. Eu xa lle ensinei nunha comisión como estaba actualmente a aldea modelo de Osmo e como estaba o terreo que se utilizou para iso. Se aquilo é un cortalumes, que veña Deus e o vexa, señor conselleiro.

Por iso lle digo que mobilicen terra, utilicen os instrumentos que teñen á súa disposición, poñan a funcionar rapidamente e logo formen esa comisión de seguimento. Porque se vostedes mesmos aprobaron unha lei na cal se dicía que no ano primeiro se poñería a funcionar unha comisión de seguimento, e dous anos despois seguimos sen tela formada, algo pasará cando é o único mecanismo para que profesionais e xente independente poida valorar o que están a facer dende a súa consellería. Por algo non a constituíron, señor conselleiro. Póña a funcionar xa inmediatamente e cos datos desta xente poderemos realmente ver se están facendo o correcto en canto a mobilización de terras galegas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Seco.

Quenda para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra don Xosé Luís Rivas

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, en Trascastro teñen catro cachenas, catro cachenas pasando fame, catro cachenas pasando fame; quen di catro, di seis ou di dúas. ¿Vostede entende o que quero dicir, verdade?

Boimorto, en quince anos pasou de 2.465 habitantes a 1.890; en quince anos incrementou o número de vacas.

Señor conselleiro, as súas políticas seguen a ser as mesmas. Voulles poñer un exemplo que fala por si. Unha vez máis usan o escurantismo e a caciquería, pois, como teñen un serio



problema co medio ambiente e co ecolóxico, estimulan o enfrontamento e percorren o país nese labor. Modelo de charla da PAC: un: introduce o tema un seguidor especialista en axudas, oportunidades, no sector primario, que coincide coa figura dun coñecido director xeral da súa consellería. Dous: deixa ben claro que da Europa do norte veñen ventos contrarios, que os estados do norte non queren soltar os cartos, porque din que nós facemos trampas na PAC. E non. Sorrisos no público entre os gandeiros. E como vostedes presionaron, pois os cartos libráronos, pero puxeron condicións. ¿Cales? Pois protexer os bichiños e os regatos e moito pacto verde. É que ademais non nos queren deixar segar a herba seca no verán e nos queren volver a todos ecoloxistas.

¿Que lle parece, conselleiro, se lle damos un algo de seriedade á nosa política agraria, en tanto non goberna o BNG? E, de paso, explicámoslle ao voceiro do PP como darlle a volta ao abandono e á dependencia dos insumos. Por certo, o portavoz do PP multiplicou as súas cifras de hectáreas recuperadas, ¡eh!, esperemos que non as volvera aumentar agora.

Mire, señor conselleiro, ¿que lle parece se facemos polígonos agroforestais para poñer en valor a terra con actitude agrogandeira, aumentamos a base territorial das explotacións existentes, aumentamos produción e asentamos poboación, facilitando lotes que dean xeito a medianas explotacións ben dimensionadas? ¿Que lle parece se ampliamos a superficie agraria útil para diluír os problemas de exceso —disque— de fertilizantes? ¿Que lle parece se deseñamos un plan para acadar o 25 por cento da superficie agraria útil en ecolóxico —que boa falta nos fai— e, ademais, cumprimos con esa PAC da Europa das súas entretelas? ¿E se lles damos forma ao monte e ao seu caos promocionando uxfor e propiciando repoboación con sentidiño, repoboación con sentidiño? ¿E se deseñamos discontinuidades forestais con cortalumes verdes pacidos por gando amplos que se manteñan limpos, que permitan agardar polo lume e combatelo? ¿E se desde a consellería damos protección aos produtores, facemos cumprir a cadea alimentaria e velamos porque se pague aos produtores, eses, un xusto prezo polos seus produtos? ¿E se sancionamos esa distribución e industria que vulnera os contratos do leite? ¿E se lles damos un xeito ás demandas do sector da carne?

Vostede, señor conselleiro, ¿xa caeu na conta de que o territorio arde alí onde está infrautilizado ou abandonado? ¿Sabe? A miseria chama polo lume, non se lle esqueza, a miseria chama polo lume.

Mire, mire que lles custa entendelo, señor Armada. Nós desconfiamos dos instrumentos en mans sospeitosas, evidentemente; o raposo nunca foi un bo coidador das galiñas. Vostedes tiraron abaixo a Lei do Bantegal, tirárona con argumentos dispares e disparatados, e despois, despois de trece anos de ensoñación e de durmir a sesta, aparécennos coa Lei de recuperación da terra agraria, que é un calco, actualizado, da Lei do Bantegal. ¡Home, por favor! Eu calaría, de verdade. Eu estaría caladiño, porque é que cada vez que abren a boca con este tema é que se retratan, autorretrátanse, e non saen favorecidos.

Mire, nós falabamos de mobilizar terra agraria, «mobilizar»; vostedes falan de «recuperar». ¿Para quen? ¿Para novos amos que nos retrotraian a aquel xugo?, si, si, aquela dependencia, dunha maneira distinta, aquel servilismo, aquel pasado, a concentrar terra en poucas mans. Esas son as multinacionais; das multinacionais que lle falo vostede saberá, eu non, pero eu si sei que vostedes pretenden iso.



Mire, acaparamento de terras. Puxemos aquel 10 por cento no artigo 98. Por certo, ¿canto é o 10 por cento de 3.400 hectáreas? Veñen sendo 340 e vostede sabe que no desenvolvemento dese artigo pódese participar en 3, co cal estamos nun montón de hectáreas, ¿verdade que si, señor conselleiro?, ¿verdade que se non se lles escapa nada?

Os procesos de concentración son longos e tediosos. Claro. E ¿por que non se reforman? Nós tiñamos unha reforma en serio. (*Murmurios.*) Si, si, si. Igual que tiñamos outro montón de cousas que quedaron no caixón. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Claro que si, por que vostedes non deron tempo.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: ¿Cantos anos leva vostede de conselleiro? ¿Cantos anos supera xa o período do Bipartito e non se lle ve nin sequera asomo do que nós fixemos?

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Quenda para o Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra novamente o señor Armada.

O señor ARMADA PÉREZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Mire que xa nos chamaran moitas cousas, pero o de «raposas» xa debe ser novo. Pero ben..., imos ao choio, (*Murmurios.*) exactamente.

Mire, imos ver, nós entendemos que vostedes queren e cren e estou seguro de que vostedes tamén cando gobernaban resulta que cando aprobaban unha lei implantábana de forma automática e matemática; ou sexa, unha implantación total e absoluta, cunha resolución total. Pero imos ver, ¿vostedes en que realidade ensoñada viven?, ¿en cal? Pero imos ver, vostedes durante o Bipartito, ¡madre mía!, o que perdeu Galicia. Mire, voulle explicar unha cousa. Durante o Bipartito duraron catro anos. ¿Por que non renovaron catro anos máis? ¿Sabe cal é o seu problema? Que vostedes non falan a linguaxe que se fala no rural e por iso non teñen os resultados que teñen no rural, desgraciadamente. E ségueno vostedes a preguntar e seguen preguntándose por que no ano 2009 perderon a Xunta de Galicia. Ben, pois empecen a pensar un pouco en que ao mellor resulta que é un problema de linguaxe, sobre todo de entender a xente. E dáme a impresión de que vostedes iso non o deben levar moi ben, especialmente no rural.

E fíxese vostede en que estamos de acordo en que hai que facer unha boa diagnose, e aquí todos temos a diagnose, por suposto, e sabemos cal é o fin, por suposto que sabemos cal é o fin. Pero ¿cal é o problema? Que resulta que, ademais, eles estannos dicindo que nós estamos pondo agora unha serie de ferramentas, que está a detallar perfectamente esta Lei de recuperación, por certo, na que vostedes fixeron as súas aportacións e que nós recolleemos, pero curiosamente agora eu estívenlle preguntando, non soamente nesta intervención, lé-



vollo preguntado en varias intervencións: díganme vostedes cales son os seus mecanismos. Esta é a resposta. Eu non escoitei nada, nada, absolutamente nada; por parte do BNG non se escoitou nunca absolutamente nada.

E despois fálame vostede tamén do Bantegal. Pero imos ver, estívenlle preguntando e díxenlle: mire, ¿o Bantegal vostedes dotárono orzamentariamente con persoal? ¿Canto é o persoal que tiña o Bantegal? ¿Canto é o que ten agora? Pódolle asegurar que cuadruplicou, case quintuplicou. Pode dicilo concretamente o señor conselleiro. Por suposto que estamos mellorando o Bantegal. Claro que o estamos mellorando e o seguiremos mellorando, pero como un instrumento máis ao servizo de Galicia, sobre todo ao servizo do rural.

Estaba vostede falando e púñanos exemplos de catro cachenas que estaban a pasar fame. ¡*Madre mía!*, ¡vaia retrato do rural que teñen vostedes! Pois mire, eu voulle falar, xa que estamos a falar de explotacións, da miña terra e voulle falar de Manolo de Corbelle e voulle falar tamén de Francisco da Nogueira, que son dous gandeiros que ademais —fíxese— se acolleron a este mecanismo que nos dá a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia. E ¿que fixemos? Pois utilizamos o Plan de pastos. E ¿sabe tamén o que conseguimos? Que, ademais, a comunidade de montes, que estaba tendo serias dificultades para a xestión de moito do seu espazo, lles cedera ese espazo a eses gandeiros. E ¿sabe o que demandan estes dous gandeiros, como a inmensa maioría dos gandeiros que hai en Galicia? Que necesitan masa territorial, que a necesitan, ¡claro! E ¿sabe para a que necesitan? Non soamente para pastos, tamén a necesitan para sementar.

Pero ¡vaia descubrimento! Pero fíxese: imos facer nós o descubrimento, pero vostedes, como xa o sabían, resulta que non o aplicaron durante estes catro anos, nin eu escoitei ningunha proposta aquí. Non sei, é que ao mellor levo pouco tempo aquí, pero non escoitei ningunha proposta, absolutamente ningunha. (*Aplausos.*)

Entón, mire, imos falar do rural, especialmente en clave do Bloque Nacionalista Galego. Mire, voulle explicar: eu xa sei que o modelo —valla a redundancia— de aldeas modelo é un modelo difícil de roer e vostedes pensan que nós imos implantar aldeas modelo en todas as aldeas que hai en Galicia. Non, mire, este é un sistema que estamos implantando conxuntamente cos polígonos agroforestais, e resulta que esas aldeas modelo, curiosamente o ano pasado, fíxese vostede —¡que casualidade! —, onde tivemos uns desgraciados incendios forestais, pois deron un resultado marabilloso. E non o dicimos nós, estano dicindo os técnicos. E eses mesmos técnicos están a dicir que ese é o modelo que hai que seguir no noso rural, non soamente de aldeas modelo, senón tamén o de polígonos agroforestais.

E volvo repetir o mesmo: ¿teñen vostedes algún modelo diferente ou algún modelo —xa non lles digo diferente— que nós poidamos implantar no rural ou que propoñen vostedes? ¿Cal é? Sempre a resposta cando se lles fai esta pregunta pola súa parte, esta: silencio absoluto. Eu síntoo moito.

Mire, señor conselleiro, brincadeiras á parte, ten vostede o noso apoio. O Grupo Parlamentario Popular vaino seguir apoiando para que se siga implantando esa Lei de recuperación da terra agraria de Galicia. Os datos reflícteno, os orzamentos tamén reflicten que é unha



realidade. E, por suposto, como dicía ao final da miña primeira intervención, isto é simplemente manter o legado da xente que xa non está no rural, de seguir defendendo, darlle mecanismos á xente que está no rural e, sobre todo, crear un rural de futuro efectivo e sobre todo cos mellores medios tecnolóxicos, que á fin e ao cabo...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Armada.

O señor ARMADA PÉREZ: ...poidan ter o mesmo nunha cidade que o mesmo nunha aldea.

Polo momento, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Pecha, no turno de dúplica, novamente, o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señora presidenta.

Vou rematar a miña intervención facendo algunhas precisións, pero gustaríame reiterar o que dixo o señor Armada. Señor Rivas, se pensa vostede que falar de catro cachenas pasando fame por algún comentario que debeu de escoitar de arriba da súa bancada non é ir contra o produtor que está facendo alí unha carne extraordinaria, ¡pois home!, eu ¿que quere que lle diga? Se esa é a súa forma de apoiar o rural, siga por esa vía, que llelo van agradecer ben os gandeiros, entre outros Adrián, alí de Trascastro, que por certo ten máis de trinta vacas, ¡eh!

Tamén recorden, señorías, o que lles dicía antes de teimas e contradicións. Faltáballe a teima de que tiramos abaixo o Bantegal. O Bantegal, señor Rivas, seguiu a súa vixencia logo de que vostedes se foran do Goberno, porque era unha boa idea mal executada. E nós o que fixemos foi melloralala.

E isto sérveme tamén, para recollendo o que lle pregunta sempre o señor Armada, outra contradición. Di: ¿cales son os seus mecanismos? Fíxense: dixo o señor Rivas que recuperamos eses mecanismos na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia e que se eles gobernan, que non vai pasar, son os que van utilizar. Logo, os seus mecanismos son os nosos mecanismos. Poderán estar de acordo con eles e animarnos aquí a que sigamos utilizándoos —digo eu—.

Nesa Arcadia feliz que foron eses tres anos do Bloque Nacionalista Galego no rural, que tanto se recorda —a min non me gusta falar do pasado, pero sempre quen o trae aquí é vostede—, ¿que fixeron?, porque a min faloume de cinco anos dende que son conselleiro, ¿que fixeron? Poderíamos pensar que decretaron concentracións parcelarias a patadas; 6. E nesta lexislatura, en tres anos, non digo nesta lexislatura, en menos de dous anos, ¿cantas decretou a Consellería do Medio Rural? 28, 23.000 hectáreas postas en marcha. Por certo, vostedes decretaron 6 concentracións parcelarias, e con esa marabillosa axilidade que tiñan vostedes, ¿remataron nalgunha das 6? Quen as está rematando —e nalgunhas delas con bastante traballo polo mal que se comezaron— é precisamente o Partido Popular.



Dicía tamén que por que non melloramos para que sexan máis rápidas as concentracións parcelarias. Mire, vostede sabe ben que houbo xente —gobernando vostedes— que sabía moi ben como funcionaban as concentracións. ¿Por que non fixeron algo parecido á Metaga de 2015? ¿Por que non o fixeron? Estaba no caixón. A min gustárame saber de verdade onde está ese caixón tan grande que tiñan de novidades. ¡Home!, podería dicirlles a aqueles que gobernaron que nos digan onde está, porque todos temos o obxectivo de mellorar o rural galego. Igual alí podíamos atopar algo. Pero, dende logo, en todo ese caixón non foron capaces de modificar nada dun instrumento que necesitaba modernizarse e, dende logo, acurtar os seus prazos, e así se fixo na Metaga. Eu dígolle con claridade —je aquí o digo!, totalmente convencido— que a Metaga vai permitir axilizar moito —de feito xa o está permitindo— os procedementos de concentración parcelaria.

Señor Seco, voulle dicir unha cousa —e ademais é clarísimo—, estou totalmente de acordo con que a solución do rural non pasa polas aldeas modelo, ¡totalmente de acordo, eh! O obxectivo fundamental do rural galego ten que ser mobilizar terra agraria para que haxa actividade agrogandeira e forestal sostible; e, na medida do posible, colocar esa actividade agrogandeira e forestal con criterios de prevención de incendios, que é unha eiva, unha dificultade importante, do noso rural. Dígolle simplemente que nós —é certo que hai moitas aldeas abandonadas e con menos de dez veciños— iniciamos un camiño, que non estamos dicindo que vaia ser a solución máxica. As aldeas modelo foron o primeiro instrumento que se puxo a andar dentro da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia. Agora, se a min mo preguntan —e, se non mo preguntan, dígollelo igual—, os instrumentos que realmente poden mobilizar terra son os polígonos agrogandeiros e as agrupacións de xestión conxunta, que están poñéndose en marcha e dos que agardamos ter resultados canto antes. En todo caso, dentro desta lexislatura veremos licitados xa polígonos agrogandeiros.

Simplemente lle traslado que en canto a Osmo ten a información equivocada. Os peches van estar ocupados por un novo rapaz —xunto co que está, que mantén parte da aldea—. E o que nos ten que animar a todos é que as aldeas funcionan, porque se os peches están preparados —neste caso para porco celta en extensivo— e se o produtor inicial decide acurtar o tamaño da súa explotación, pois hai máis xente interesada. Eu pediríalles, por favor, aos voceiros dos grupos da oposición que falen, por exemplo, coa Asociación de Porco Celta de Galicia —con Asoporcel— e vexan o interese que está amosando por este instrumento das aldeas modelo. Porque, efectivamente, este tipo de pequenas explotacións de gandaría en extensivo son moi apropiadas para o desenvolvemento do porco celta no conxunto de Galicia.

Pero repito que a min o que me interesa é mobilizar terra agraria. E, por orde de prioridade, de importancia, sen ningunha dúbida que o instrumento máis importante para a mobilización da terra agraria de Galicia —polo menos, polo de agora— son as concentracións parcelarias. E eu quero poñer en valor, como digo —dentro deste balance que me criticou o señor Rivas—, que en pouco máis de tres anos decretamos 28 concentracións parcelarias e pechamos —porque ese era o noso compromiso— 26. E xunto cos instrumentos da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia sumamos a esas 23.000 hectáreas o Plan de pastos e a recuperación de soutos, preto de 35.000 hectáreas. ¡Pero é que vostedes eran o partido —cando gobernaron nesa Arcadía feliz— das 100.000 hectáreas de mobilización! ¿Onde están, señor Rivas? Iso si que hai que preguntalo.



Eu, nun exercicio de transparencia, citei todas e cada unha das 21 aldeas modelo, os concellos nos que están e todos e cada un dos 21 polígonos agrogandeiros e forestais —neste caso agrogandeiros—. Polo tanto, nós imos continuar nesta liña, apostando, sen dúbida, polas concentracións parcelarias, como estamos facendo. Anúnciolle que imos decretar máis concentracións parcelarias, que imos axilizar o seu desenvolvemento; entendendo, ademais, que a idiosincrasia galega demanda en determinadas partes do territorio outros instrumentos. E, polo tanto, seguiremos. Hai un golpe tamén importante —xa llo digo— de peticións no que se refire ás aldeas modelo como, sobre todo —que é a figura que imos tratar de impulsar de xeito moi importante—, aos polígonos agrogandeiros.

E seguiremos facendo outro traballo tamén fundamental, señor Rivas, que é procurar localizar os polígonos agrogandeiros en concentracións parcelarias abandonadas, que ademais arden recorrentemente e que están definidas na lei como zonas prioritarias na implantación de polígonos agrogandeiros. O obxectivo, non hai outro —e olvídense de todas esas teimas que ten vostede—, é recuperar terra, mellorar a estrutura territorial da nosa comunidade, reverter o abandono e favorecer a rendibilidade das explotacións galegas —das que xa están— demandantes de máis e mellor base territorial. Eu ánimoo, cando licitemos os primeiros polígonos —ímolo ver no curso do verán—, a que veñamos aquí a un debate —se non, na Comisión 7ª— sobre os criterios que imos utilizar para puntuar aqueles que van ser destinatarios dos polígonos —que fundamentalmente se van priorizar os agricultores e gandeiros que ademais teñan a súa residencia no correspondente concello—.

As cifras, señorías, son o que son. Fronte a arcadias felices e cuestións que non teñen referencia no mundo real, hoxe estamos falando aquí da posta en marcha dun proceso de mobilización de case 35.000 hectáreas na comunidade galega. Só podemos determinar, ou tomar a determinación, señorías —e dígollelo con claridade—, de seguir avanzando nesta liña, de continuar tomando decisións que nos permitan acertar e facer rural de futuro, facer —se iso é rural de futuro— Galicia rural. Sempre poden, señorías, avanzar co Goberno galego e co rural de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Avanzamos ao apartado de mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María González Albert, sobre a aprobación do Consello de Informativos e o Estatuto profesional na Corporación Radio e Televisión de Galicia

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta moción non se presentaron emendas.

Para formulala, ten a palabra dona María González Albert por tempo de dez minutos.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Obrigada, señora presidenta.

Bo día a todas e todos.



No último pleno interpelamos o Goberno da Xunta de Galiza sobre esta situación crítica na que están hoxe os nosos medios públicos, na que se atopan hoxe os medios que fan parte da Corporación Radio e Televisión de Galiza. A resposta do conselleiro, teño que dicilo, non por esperada é menos deprimente. Máis aló de sinalar que non había problema ningún, recordounos que toda a culpa do que acontece nos medios públicos galegos é do BNG, por unha banda, e dos xulgados que ditan sentenzas condenatorias, dos malos profesionais que fan parte da Corporación Radio e Televisión de Galiza, dos malos sindicatos que defenden os dereitos laborais dos traballadores da Corporación Radio e Televisión de Galiza, do Colexio de Xornalistas, das 40 entidades que se manifestaron neste país pola situación crítica na que está a Televisión de Galiza, etc.; é dicir, de todo o mundo salvo do propio Goberno da Xunta.

Eu imprimín a transcripción da interpelación que tivemos o outro día. E nunha cousa teño que dicir que si avanzamos. Houbo un momento no que o conselleiro dixo literalmente isto: «Vostedes» —polo BNG— «son os que van, cando hai un incendio, botar gasolina. Sempre, sempre o fixeron. Non é novo, e neste caso tamén é certo». E eu teño que dicir que esta frase é interesante por unha cuestión: porque, cando menos, reconece nesta frase que si que existe un incendio hoxe nos medios públicos deste país e que, polo tanto, hai un problema —que é o interesante— que por parte dun goberno habería que intentar resolver. Avanzamos ese pouquiño. Reconeceu o lume, que é unha cousa que o director xeral insiste en negar, en negar e negar. E sobre isto volveremos dentro dun momento.

Nós presentábamolles hai agora tres semanas unha batería de preguntas. Non contestou ningunha, evidentemente. Preguntabamos polo incumprimento continuado da lei, pola indefensión na que se atopan os profesionais da Corporación Radio e Televisión de Galiza, por cales eran os criterios de eficiencia empresarial e de calidade informativa segundo os cales se están a producir estes traslados, por como explicaba as denuncias dos profesionais, e preguntabamos se ían asumir algunhas responsabilidades, se ían cumprir, en definitiva, coa lexislación que o propio Partido Popular aprobou. E o vicepresidente amosouse en todo caso incapaz de contestar, desde logo, a ningunha destas preguntas e tamén —o que é moito máis grave— de asumir as rendas dunha problemática que está a afectar a calidade democrática do noso país. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Perdón, perdón, é que me está custando... *(Murmurios.)*

A Compañía Radio e Televisión de Galiza, nas súas orixes, creouse en 1984. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non sei que pasa. Gustaríame facer uso da palabra. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non sei. Non sei que pasa.

Repito, creouse en 1984, vai para corenta anos, vai para catro décadas. Eu vou ler o artigo 1, apartado 1, da Lei de creación da Compañía de Radio-Televisión de Galiza, alí por 1984, polo mes de xullo, que dicía: «Atribúeselle á Compañía de Radio-Televisión de Galicia a misión de servizo público consistente na promoción, difusión e impulso da lingua galega, así como a atención á máis ampla audiencia, ofrecendo calidade e a máxima continuidade e cobertura xeográfica, social e cultural, propiciando o acceso aos distintos xéneros de programacións e aos eventos institucionais, sociais, culturais e deportivos, dirixíndose a todos os segmentos de público, idades e grupos sociais, e favorecendo activamente a difusión cultural, intelectual



e artística e dos coñecementos cívicos, económicos, sociais, científicos e técnicos mediante toda clase de emisións en lingua galega». Isto é o que dicía o artigo número 1 da Lei de creación da Compañía de Radio-Televisión de Galiza. E a miña pregunta é, hoxe, corenta anos despois, se vostedes, desde estas bancadas da miña dereita, consideran que se está a cumprir este artigo 1 de creación da Compañía de Radio-Televisión de Galiza, se estes puntos que eu veño de ler na súa literalidade se están a cumprir —algún deles, xa non digo un, senón algún deles—. Eu garántolles que non, e este é un problema de calidade democrática do noso país.

Neste ano 2023 os orzamentos xerais da Xunta de Galiza destinaban á Corporación Radio e Televisión de Galiza 124 millóns de euros —123.940.000, aproximadamente— para facer esta función de servizo público que vostedes, desde esa bancada e do Goberno da Xunta que sosteñen, están evitando con todas as súas forzas —e ademais con esforzos importantes— que cumpra. E son 124 millóns de euros que non son seus, nin son do Goberno destas bancadas azuis —que hoxe non hai ninguén aquí sentado no pleno deste Parlamento—. Son 124 millóns de euros da cidadanía deste país, ¡da cidadanía deste país!, que delega na Xunta de Galiza para a súa xestión e que pretende que sexan xestionados, cando menos, cun mínimo de eficiencia e cumprindo o obxectivo que se supón que teñen que cumprir.

Cando falamos de medios públicos —eu creo que xa o dixen un par de veces agora na miña intervención— estamos a falar de calidade democrática, de saúde democrática. E unha boa parte da saúde democrática dun país defínese pola calidade, independencia e o rigor dos seus medios públicos.

O Partido Popular, a través dunha dirección xeral que leva aí instalada trece anos agora mesmo, está levando a cabo un desmantelamento planificado dos medios públicos deste país. Desmantelaron as desconexións territoriais, levaron a calidade informativa e a pluralidade informativa —o que di non só a lei de creación da compañía senón a posterior Lei da Corporación Radio e Televisión de Galiza e tamén o Mandato marco— a uns niveis tan ínfimos, ¡tan ínfimos!, que até dá reparo falar deles, dá reparo. Falar hoxe de pluralidade, de calidade e de obxectividade na información que ofertan os telexornais da Radio e Televisión de Galiza e os informativos da Radio Galega dá reparo, ¡dá reparo!

Desmantelaron ata a información cultural, e tivemos hai nada un exemplo paradigmático. O outro día as miñas compañeiras na comisión correspondente falaban do caso da non retransmisión por quinto ano consecutivo —¡quinto ano!— dos premios María Casares, que son os premios máis importantes do noso teatro. E a resposta do director xeral é que a última vez que se emitiran tiveran un 2 % da audiencia. É dicir, é o que se fai aquí habitualmente —eu supoño que na réplica por aí vira outra vez o tema—, a audiencia é único argumento para non cumprir coa función que lles encomenda a lei. Porque a lei non lles di que teñen que ter audiencia. A lei o que lles di é que teñen que cumprir coa súa función de servizo público e atender, entre outras cousas, ás expresións culturais do noso país. Aquí isto dános igual.

Desde logo, desmantelaron calquera atisbo de perspectiva de xénero na programación da Corporación Radio e Televisión de Galiza. Nos últimos meses, nos últimos anos, tivemos exemplos abondo desta problemática. E máis aló da calidade democrática, estamos nun mo-



mento crítico no que ten que ver coas relacións laborais, efectivamente, coas relacións laborais na Corporación Radio e Televisión de Galiza. E eu, no meu nome e de todo o grupo que está aquí na bancada da esquerda, quero amosar máis unha vez todo o apoio do BNG, desta persoa que fala, e todo o ánimo, ás traballadoras e traballadores que están aí fóra defendendo non só os seus dereitos laborais —que tamén—, senón o dereito da cidadanía galega a ter unha información de calidade que vostedes lles están a negar. (*Aplausos.*) E non só llela negan de facto, é que llela negan con represalias, con represalias e con castigos a calquera profesional que ouse intentar manter a súa independencia informativa. E isto non o di o BNG, dino sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que falan literalmente de represalias, de represalias por manifestarse dentro dunha corrente crítica á actual dirección xeral.

Eu o outro día tomei tres ou catro frases que dixo o director xeral na comisión e que me resultaron realmente interesantes. Dixo, falando destes traslados forzosos, destas represalias, destes castigos tremendos que están a levar profesionais con décadas de traxectoria no sector público: «Non é degradar, é reforzar e avanzar; non é represaliar, é premiar; non é ofender, é camiñar cara a integración de sistemas». E eu non sei por que parten da premisa de que non se pode remudar o director xeral. Xa o fixeron en tres ocasións, fágano unha cuarta, por favor.

Estas son catro frases que dixo o director xeral o outro día en comisión. E máis aló do insulto á intelixencia que supón nin sequera insinuar que non se está a facer unha política de castigos e de represalias a todas as persoas que intentan facer un traballo digno, máis aló dese insulto á intelixencia, el fala sempre de planificación, deste plan oculto —que, de verdade, un día nolo ensinarán—. Un día ensinarannos o plan oculto que teñen, non só a nós senón aos profesionais aos que están a degradar; aos profesionais, ao Colexio de Xornalistas —que tamén pregunta por esta degradación—.

Despois, unha terceira cuestión é que, ademais, desacreditan os profesionais, ou tentan desacreditalos, acusándoos —é o pecado, o pecado— de ter ideas políticas, de participar en candidaturas democráticas, etc.

Unha terceira cuestión é a calidade informativa e o descrédito ao que levaron os nosos medios públicos. Falar de manipulación hoxe non é adxectivo, é case o nome co que podemos falar dos informativos da Corporación Radio e Televisión de Galicia. A censura moitas veces ata cae no ridículo. Eu traía unha peza que, aínda que non vou ter tempo, é moi curiosa, que é desta mesma fin de semana —creo que foi o venres—, da festa do requexo do concello das Neves.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora González.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Si, remato xa, señora presidenta.

É a festa do requexo do concello das Neves, do que, desde logo, nos avisa o goberno municipal de que vai asistir a Televisión de Galiza. Pero si que nos fan un desglose do candidato do Partido Popular, que quere recuperar a alcaldía fronte a un BNG que representa o peor. E



estaba Paula Prado, estaba Paula Prado falando. E entón chega un momento que xa é ata risible, porque para a xente xa é o esperable, jé o esperable! Entón a xente mira as escaletas do telexornal a ver con que nos sorprenden hoxe.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Si, remato xa, señora presidenta.

Nós hoxe pedimos dúas cousas —remato xa—, que é que rematen con isto, que rematen con isto e que fagan o que lles di a súa lei que teñen que facer, que é iniciar o proceso para a escolla dun novo director xeral na Corporación Radio e Televisión de Galiza tal e como marca a lei; que reproben, que esta Cámara reprobe, a actitude da actual dirección xeral, que está personalizada no señor Sánchez Izquierdo como máximo responsábel hoxe dos nosos medios públicos, e que rematen con esta infamia...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Moitas grazas, señora Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: ...á que levaron aos nosos medios.

Polo de agora, nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Antes de dar paso á intervención do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, damos agora a benvida aos alumnos —aos nenos e ás nenas— de 1º da ESO, así como ao equipo docente, do Colexio Hijas de Cristo Rey, de Oleiros. Benvidos á casa de todos os galegos.

Ten agora a palabra dona Noa Susana Díaz Varela por tempo de dez minutos.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos.

Bo día e benvidos e benvidas tamén as alumnas e os alumnos deste colexio de Oleiros. Está ben que hoxe estean aquí asistindo a este debate.

Avanzamos xa de entrada, como non podía ser doutro xeito, o noso voto favorable a esta moción. Tamén o Grupo Socialista, como saben, ten presentada unha proposición non de lei que debateremos esta mesma tarde e que, diante da actualidade, que é verdadeiramente moi teimuda, vai exactamente no mesmo sentido.

E vai no mesmo sentido porque a situación da CRTVG xa non é un asunto que concirne unicamente ao ámbito estritamente político. A situación transcendeu xa ao social e tamén moito máis aló das nosas fronteiras. Xa non é só Defende A Galega, a representación sindical do persoal traballador ou o Colexio Profesional de Xornalistas —a quen, por certo, a dirección



xeral non reconece como interlocutor válido, nun delirio máis no que está instalada—. É tamén a Federación Internacional de Xornalistas, que aglutina máis de 600.000 profesionais da comunicación de todo o mundo, ¡600.000 profesionais da comunicación! A súa presidenta lanzaba hai unhas semanas unha mensaxe polas redes sociais de apoio ao persoal traballador da radio e da televisión pública galegas, e lembraba que os medios públicos son garantía de boa saúde democrática, nin máis nin menos.

Así que, por favor, fagamos hoxe un exercicio de seriedade política e asumamos que o tempo desta dirección xeral, efectivamente, está máis que esgotado. Sen tan sequera debater acerca da lexitimidade dun director xeral que leva xa catorce anos no seu posto, cando a lei marca que a reelección debe ser cada cinco, a pesar das argucias do goberno do señor Feijóo para perpetualo no cargo, a cuestión é que hai razóns dabondo para demostrar que, se hai sentido de país, ¡se hai sentido de país!, toca unha remuda na dirección, toca unha nova dirección —como digo— cun proxecto de país —non cun proxecto do Partido Popular, non; senón cun proxecto de país para os nosos medios— e que, sobre todo, comece tamén por respectar o persoal traballador.

Dicimos que sobran as razóns. E son tantas que só exporemos algunhas das cuestións máis actuais. De cuestións máis concretas falaremos esta tarde. Agora toca facer un repaso do que son hoxe os nosos medios públicos.

Hoxe temos uns medios públicos sen un plan de igualdade, e incúmprese por suposto tamén, claro, a normativa á que están obrigados. E así se entenden episodios nestes últimos tempos como o branqueamento da violencia machista case obrigando a unha rapaza a reunirse coa súa exparella cando non quería; comentarios sexistas e banalizadores da violencia machista por parte de certos colaboradores en espazos da Televisión de Galicia; entrevistas a avogados de futbolistas condenados por violar unha muller; ou —xa a última perla— espazos destinados a branquear os ventres de alugueiro —que recordo, pese a que á bancada da dereita non lle gusta, que é unha práctica ilegal en todo o noso Estado—.

Temos tamén hoxe uns medios públicos sen estatuto profesional, ao que obriga a lei, como instrumento destinado a fortalecer a calidade, profesionalidade e independencia dos contidos informativos; un estatuto que, como saben —ou deberían saber—, contemple a creación dun consello de informativos, que tampouco existe, un consello no que teñen que participar todos os profesionais da información da CRTVG co fin de velar —claro— pola independencia, veracidade e obxectividade das informacións. É evidente, claro, por que non temos consello de informativos.

Temos tamén uns medios públicos que hoxe non respectan os dereitos do seu persoal traballador, como así, ademais, está acreditado por centos de sentenzas, ¡centos de sentenzas! Hai vulneración de dereitos —nalgúns casos fundamentais— como a sentenza que coñecemos e que deu a razón a Carlos Jiménez; ou tamén, por exemplo, moitas sentenzas por non respectar o dereito á conciliación da vida laboral e familiar.

Temos hoxe uns medios públicos que non respectan o dereito á folga, ben cuns servizos mínimos de máximos ou ben ridiculizando o seu seguimento. Lembremos que esta última folga,



recente, de hai un par de semanas, tivo un seguimento de máis do 60 % —preto do 70 %—, por moito que lle doa á dirección xeral da corporación, que, lonxe de atreverse a dar ese dato, o que fixo foi unha peza coas audiencias dese día.

As audiencias, xa o dixo tamén a señora Albert, é o único argumento esgrimido pola dirección xeral e tamén polo Partido Popular —unhas audiencias que falsean, ¡que falsean!, como xa poñeremos tamén de manifesto—. E, en todo caso, xa se dixo aquí outro día tamén que as Mama Chicho de Telecinco, aquelas famosas Mama Chicho, tamén eran líderes de audiencia. Non sei se vostedes pensan que ese é o modelo que hai que seguir nos nosos medios públicos.

Máis: temos uns medios públicos que non fomentan a nosa cultura —non a fomentan, senón todo o contrario, o que fan é eliminar programas de éxito con profesionais de recoñecido prestixio—; unha cultura, a nosa, desaparecida por completo da nosa grella. As emisións de filmes galegos son poucas, moi poucas e en horarios de madrugada. Relégase ao ostracismo, por exemplo —tamén se dixo aquí—, o noso teatro. Levan xa cinco anos sen emitir a gala dos María Casares, os premios do teatro galego. E aquí, novamente, é certo, volvemos ás audiencias. Dicía o director xeral que non se emitían porque non terían audiencia. É inaudito ese criterio cando falamos da nosa cultura. Pero, aínda así, nós preguntámonos que audiencia ten o Foro La Toja —que xa ata doe dicilo así—. ¿Que audiencia ten ese evento privado que se emite en directo todos os días que dura —eses dous ou tres días de evento—? ¿A quen pretenden enganar?

Temos tamén uns medios públicos —por seguir— que non respectan a nosa lingua, que lles fan entrevistas en castelán a persoeiros galegos. Xa isto é o colmo, o colmo dos colmos. Pero é que tampouco respectan a nosa lingua irmá. Hai unha lei —vostedes sábeno ben—, que é a Lei Paz Andrade, que non se cumpre tampouco nin na CRTVG, na que os cinco artigos desa lei se dedican precisamente a iso. ¡Nin proxectos nin emisións compartidas con Portugal!

Temos tamén uns medios públicos que non fomentan o noso audiovisual, que xa practicamente non hai produción propia, e a allea moitas das veces está en mans de produtoras de fóra do noso país, o que supón unha moitísima maior precariedade para o noso sector e tamén, por suposto, para os seus profesionais.

Tamén temos uns medios públicos cunha segunda canle. ¿Cal é o obxectivo da segunda canle da Televisión de Galicia? Nós non acertamos a entender cal é o obxectivo, de non ser a reposición continua de capítulos de *Bonanza*. Quizais sexa ese o obxectivo desa segunda canle.

Temos tamén uns medios públicos sen información de proximidade —tamén se dixo—. A información de proximidade é esencial nun país coma o noso. A dirección xeral suprimiu hai anos as delegacións locais, algo que loxicamente leva aparelhada unha maior manipulación informativa, porque así os contidos pasan a ser seleccionados dende a central de San Marcos. A non ser que alguén crea que catro desconexións locais diarias —unha por provincia e nas que se dá cabida a tres ou catro informacións— é información de proximidade. Aquí cabe a pregunta: ¿descoñecemento ou mala fe?

Temos tamén uns medios públicos sen un contrato-programa. Non sei se saben vostedes o que é. O contrato-programa establece os contidos de servizo público que deben emitirse, as



porcentaxes de xéneros de programación e, o que é moi importante, o control da súa execución e tamén dos resultados derivados da súa aplicación. Tampouco temos contrato-programa. Pero é que tamén temos os medios públicos galegos sen contidos educativos, nin infantís nin xuvenís, a pesar de que existe un mandato parlamentario para que isto se cumpra. Tampouco o temos.

E, por certo, o que acabamos de expoñer aquí son só pinceladas da situación actual de incumprimento flagrante da nosa lei, cóllase por onde se colla esa lei. Eu lamento moitísimo hoxe non ter máis tempo para expoñer aquí a realidade pormenorizada dos nosos medios públicos, porque a cuestión é que é agónica, é unha realidade agónica, mírese por onde se mire.

Eu rógolles que, antes de votar esta moción ao final desta mañá, dean lectura, por favor, ao artigo 4. Pódeno atopar moi facilmente na *web*. E pensen en cal dos principios inspiradores dos medios públicos —xa non da lei de 1984, senón da última— se cumpre. Xa lles digo eu cantos: ningún, nin o primeiro. Preguntámonos entón para cando unha radio e unha televisión públicas que obedezan aos obxectivos para as que foron pensadas, para cando unha dirección que dea cumprimento á lei.

Ben, nós, temendo lamentablemente o voto do Grupo Popular a esta moción, só podemos pensar que ou estamos diante dun problema de comprensión lectora ou dun problema de descoñecemento da lei ou, o que é máis preocupante, ante a realidade dunha actitude incomprensible por parte do Partido Popular que responde á crenza de que a CRTVG non é a corporación de medios públicos de todos os galegos e galegas senón só duns poucos, os de sempre.

E remato dende aquí. Tampouco quería acabar a miña intervención sen enviar dende o PSdeG, dende o grupo parlamentario pero tamén dende o propio PSdeG, toda a nosa forza cargada de ánimo, de folgos e de resistencia para todas aquelas e aqueles profesionais —moitos deles hoxe aquí na rúa acompañándonos nesta sesión plenaria— que están sendo represaliados nos últimos tempos nun exercicio de persecución política inadmisíbel; profesionais represaliados simplemente por sentirse libres para opinar na súa vida privada ou por reivindicar a súa independencia e o rigor xornalístico no exercicio da súa profesión. Deixen traballar os profesionais e as profesionais, ¡basta xa de manipulación!

E agora si que remato. Señorías do Partido Popular, eu rógolles, nun exercicio de valentía e sentido de país, que voten favorablemente esta moción e tamén a proposición non de lei que vai esta tarde. Abramos un proceso serio de renovación...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora DÍAZ VARELA: ...—si, remato xa— un proceso serio de negociación para construír ou reconstruír unha televisión e radio públicas á altura do que Galicia merece.

O máis importante, que son profesionais e tecido audiovisual potente, xa o temos. O único que queda é respectalo.

Nada máis. *(Aplausos.)*



A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Díaz.

Quenda para o Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra dona Carmen Pomar.

A señora POMAR TOJO: Moitas grazas, presidenta.

Moi bo día, señorías.

Bo día, señora González Albert.

Ben, isto era o esperado, ¿non? Asistimos hoxe a un novo acto da campaña partidista de ataque e presión cara á CRTVG, que nestas semanas —como se esperaba— tamén é máis intensa. Ocorre sempre que hai eleccións. E, ademais, tamén en maio se celebran eleccións sindicais.

Cabe pensar que a isto é ao que responde este recrudescemento da súa ofensiva contra os medios públicos galegos. O seu acoso á CRTVG é a estratexia propia dos populismos en relación coa prensa, ao máis puro estilo Trump. Eu sei que o outro día lles molestou moito esta comparación que fixo nesta Cámara o vicepresidente segundo do Goberno galego. Pero, igual que o trumpismo, converten no seu principal inimigo os medios de comunicación, que ao final sofren as consecuencias deste clima hostil sendo o chibo expiatorio ao que demonizar e humillar de forma crecente. Trátase de desacreditalos, que perdan a confianza da cidadanía para que poida ser máis facilmente manipulable, que esta se deixe de informar polos medios de comunicación e que esta acepte de xeito acrítico e inerte as mensaxes lanzadas desde os órganos de propaganda do partido.

Mire, recoñeza que a súa moción de hoxe é só propagandística, porque din que é para substanciar unha interpelación sobre a aprobación do consello de informativos e do estatuto profesional pero no texto non hai ningunha proposta sobre eles. Non desenvolve ningún mecanismo para a súa creación senón que se limita a pedir o cambio de dirección xeral.

Perdoe que llo diga pero semella un corta e pega; un corta e pega á petición do relevo do director xeral, á que lle engaden parágrafos dos seus argumentarios de sempre que lles serven para todo, a modo de comodín. Un día serven para solicitar un concurso público para o nomeamento do director ou o seguinte para a súa elección polo mecanismo que establece a Lei dos medios públicos de comunicación de Galicia; outro día, nun arranque de sinceridade, serven para pór sobre a mesa que en realidade buscan máis tempo para a súa voceira e lideresa, a señora Pontón —que igual que o secretario xeral do Partido Socialista de Galicia e que a secretaria xeral do Partido Popular está tamén nas escaletas da CRTVG—.

Queren relevar o director xeral porque é independente, non está ao servizo de ninguén, non lle poden dar ordes, non lle poden facer as escaletas dos telexornais, non lle poden impoñer a que actos van ou non van as cámaras. E todo isto non llelo digo por unha sorte de fantasía convertida en argumentario, dígollo porque todo isto era o que facían co director xeral da



CRTVG no Bipartito. Eu xa sei que non lles gusta que falemos desa etapa pero é que é absolutamente inesquecible ¿Saben por que? Porque conseguiron que os medios públicos galegos caesen no maior descrédito con continuos escándalos que avergoñaban a cidadanía galega. ¿Lembran os titulares da prensa? Chegaron a falar de «*Watergate* galego» na CRTVG, porque a parte socialista gravaba ilegalmente as ameazas e insultos aos traballadores desde o departamento de Anxo Quintana. E, despois de gravalos, filtrábaos á prensa para forzar cesamentos de cargos na vicepresidencia, nesa cruenta pelexa entre o PSdeG e o BNG polo mando a distancia da CRTVG. Mentres, o director xeral lamentábase —nunha carta tamén filtrada á prensa— dos malos modos e das ameazas do equipo de Quintana e poñíase ás ordes do vicepresidente para que este decidise cando e onde quería as cámaras da TVG.

Atrévense a dicir que se está a atravesar unha difícil situación sen precedentes, de clima asfixiante, de tratar mal os traballadores, cando o director xeral da radiotelevisión bipartita denunciaba así —e leo textualmente— o que facía o departamento da vicepresidencia do BNG: «Esta anómala situación está xerada por actitudes coas que constantemente, con malas formas salpicadas de insultos e atribuíndose funcións que non lle competen, pretende decidir contidos informativos dos telexornais, establecer cales son os temas que deben ser tratados e incluso en que orde de prioridade, presionando diferentes profesionais desta casa».

Isto é o que facía o BNG co director xeral da CRTVG bipartita. Está acreditado, non o dicimos nós. É o que pretenden con Sánchez Izquierdo. E como é independente e non se deixa presionar, exixen a súa reprobación. É inaudito. Cuestionan a independencia do director xeral, que nunca foi en ningunha lista electoral, mentres que algunhas das persoas que encabezan as protestas, as protestas que ademais vostedes avalan por esa suposta falta de independencia da CRTVG, si van nas listas electorais do BNG. (*Murmurios.*)

Falan de manipulación, pero, miren, os únicos que manipulan son vostedes. Facíano no Bipartito e continúan agora do mesmo xeito, construíndo un relato sobre a CRTVG baseado en argumentos que non responden á realidade; un relato *fake* que o BNG magnifica a través das súas plataformas e organizacións afíns. Arróganse a representatividade dos traballadores da CRTVG, cando ten unha plantilla de preto de 900 persoas e o grupo que participa nas mobilizacións é minoritario ¿Saben por que? Porque a verdade é que o seu obxectivo non é defender os traballadores da CRTVG senón intentar deteriorar a imaxe dos medios públicos de comunicación, cuestionar a súa credibilidade. E ¿saben por que? Porque cren que así van danar o Partido Popular. (*Aplausos.*)

Para o BNG hai traballadores de primeira e traballadores de segunda. Apoian algúns traballadores e algunhas traballadoras pero non consideran que outros o merezan. Miren, se realmente defendesen os traballadores da CRTVG, o que terían que facer é preocuparse polo feito de que estea paralizado o proceso de consolidación de emprego, unha paralización que se produce polos recursos presentados polos sindicatos e que afecta a 270 persoas. (*Murmurios.*) Non sei se esas 270 persoas están incluídas nas reivindicacións das súas pancartas.

Falemos disto. Polo menos, nós si queremos falar desas 270 persoas que están a sufrir a incerteza de non saber cando van poder conseguir unha praza fixa. Non lles escoitamos nin



unha palabra sobre eles e sobre elas. Non poñen nunca unha camiseta para apoialos. ¿Por que se solidarizan con uns e con unhas e non con outros e outras —ademais, neste caso do que falo, que son moitas e moitos máis—? Resposta —dous puntos—: porque non lles preocupan en absoluto; como tampouco lles preocupou aos membros do Consello de Administración por proposta do PSdeG e BNG impedir cos seus votos dar estabilidade a unha trintena de traballadores no anterior proceso de consolidación de emprego. Eses membros do consello, do PSdeG e do BNG, propostos por estes dous grupos políticos, realmente non prestaron demasiada atención a ese proceso de consolidación.

Hoxe piden reprobar o director xeral da CRTVG, como sempre, sen motivos que o xustifiquen. Máis ben, todo o contrario, deberían ter polo menos o talante democrático para felicitalo nalgũa ocasión. Pero nunca, nunca hai unha palabra de recoñecemento en ningunha das súas áreas de xestión cando o seu balance é positivo en todos os aspectos. Fronte á etapa 2005–2009, de caos, enfrontamentos internos, despilfarro, na que se chegaron a presentar contas que tiveron que ser revogadas despois das advertencias dos auditores, fronte a un burato de 51 millóns, ¡51 millóns!, que deixaron vostedes da acumulación histórica de remanentes negativos de tesouraría non orzados, melloráronse as ratios de liquidez, as solvencias e o fondo de manobra. E, desde o 2013, a débeda bancaria é cero, pese aos problemas derivados dos criterios cambiantes da Axencia Tributaria en relación coa tributación do IVE.

O señor Sánchez Izquierdo tamén vén desenvolvendo unha política de recursos humanos baseada en garantir, baixo criterios de seguridade xurídica, un marco de relacións laborais estables, de calidade e axeitadamente retribuído. Nin sequera formularon unha soa proposta en todos estes anos —nin cando gobernaban nin agora— que axude a acabar coa temporalidade. Unha temporalidade á que o actual equipo si foi quen de buscarlle solucións. No 2008 case o 50 % era persoal temporal. Había 200 contratos de obra e 100 interinidades de curta duración. Seguimos coa cronoloxía. A finais de 2022 publicáronse as bases para un proceso de consolidación de emprego por 270 prazas que dará fixeza á práctica totalidade do persoal. A dirección pretendía acometer esta estabilización pero, como dicía, dous sindicatos presentaron recursos para a súa paralización.

E, miren, como as cifras de audiencia son moi boas, tenden a minusvaloralas e argumentan que non son importantes, que o que conta é o servizo público. Pero a CRTVG é obvio que non cumpriría como servizo público se non tivese audiencia. A cidadanía galega confía nos seus medios públicos e segue de xeito maioritario os seus informativos. Segundo a última onda do estudo xeral de medios, a CRTVG é a canle autonómica máis vista, cun 22,4 % de cota de pantalla. E tamén é a canle máis vista en Galicia. E non falseamos os datos. A Radio Galega superou os 160.000 oíntes diarios de luns a domingo.

Vostedes esfórzanse —falaba a señora González Albert desa lei xa derogada, de creación, falaba do seu artigo 1—, pero, miren, unha vez máis o que importa é a opinión maioritaria dos galegos, que non coincide coa do BNG. Segundo unha enquisa da empresa de estudos de comunicación Barlovento, o 90 % dos galegos e galegas recoñécense na TVG, na súa lingua, na súa identidade, na súa cultura. Case oito de cada dez considéranla útil socialmente. O 64 % consideran os informativos da TVG serios e rigorosos.



As enquisas apuntan todo o contrario que enquisas encargadas pola CRTVG na etapa do Goberno Bipartito sobre a imaxe que tiñan os galegos da súa televisión. E tamén teño que dicirlles unha cousa: en mal lugar deixan os traballadores desa segunda canle cando ridiculizan que o único que fan e repoñer series como a de *Bonanza* —que, por outra parte, aos que nacemos nos setenta foron series que nos gustaban moito—. Pero —insisto— ridiculizan os empregados desa segunda canle. Todo o contrario dicían as enquisas que encargaba a CRTVG no Bipartito. A maioría opinaba que os informativos da TVG eran os menos obxectivos e os menos independentes.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora POMAR TOJO: Remato xa, presidenta.

En fin, fronte á opinión e xuízos de valor, que é o que achegan vostedes, están os datos —obxectivos, medibles e cuantificables—. E os datos avalan a xestión da Dirección Xeral da CRTVG e avalan, por suposto, como esa corporación ten un labor positivo. E así o din os galegos e as galegas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para rematar, ten a palabra novamente a autora da moción, dona María González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Hai un dato, efectivamente, señora Pomar. O dato é que van votar á contra e, polo tanto, van de novo incumplir a súa propia lei, ¡van incumplir a súa propia lei! Ese é o dato que podemos sacar hoxe de aquí. A lei di que hai un período para remudar o director xeral e vostedes van votar aquí en contra de cumprir a súa lei. Eu díxenlle ao vicepresidente o outro día: Muden a lei e deixámonos de chorradas. ¡Muden a lei! Fixérona vostedes, fixérona vostedes. É que non respectan nada, é que incumpren a lei en todos e cada un dos seus artigos. Nós sempre falamos do contrato-programa, do estatuto profesional, do consello de informativos, da remuda da dirección xeral. Pero é que podemos ir artigo por artigo. Falei antes, efectivamente, do artigo 1 —que era o principio inspirador da creación da compañía na súa orixe, da Compañía de Radio-Televisión de Galicia—. Efectivamente, viñan no artigo 1 a función de servizo público e como se materializaba aquel servizo público. Na lei actual están no artigo 4, efectivamente —os principios inspiradores—. Non o cumpren. Poden ir mirando. Díxoos a portavoz do Partido Socialista. Vaian principio por principio e díganme o que se está cumprindo de todos estes principios que veñen aquí. Díganme o que se está cumprindo. É a súa lei —artigo 4—.

Artigo 5, *Obxecto de servizo público* —incúmpreno—; artigo 6, *Uso da lingua galega* —incúmpreno—; artigo 22 e seguintes, sobre a dirección xeral —incúmprenos—; artigo 36, *Estatuto profesional* —incúmpreno—; artigo 37, *Procesos electorais* —incúmpreno—. Sobre pluralismo, o 38 —incúmpreno—. E podemos seguir. Tamén o 33, o contrato-programa, que se me pasou. E podemos seguir. ¡É a súa lei! ¿E vén aquí falar do Bipartito e do trunfismo?



De verdade, muden de argumentario, porque vostedes converteron a Corporación Radio e Televisión de Galicia e os seus servizos informativos nun meme, ¡nun meme! E dá igual o que vostede vén aquí dicirnos a nós e o que nós lle digamos. É que pode preguntar na rúa. E as mesmas enquisas estas que fan das audiencias —*¡que tiene tela, tiene tela!*— son as mesmas que nos traen aquí para falar da valoración que fai a xente da Corporación Radio e Televisión de Galiza. Ou sexa, ¡convertérona nun meme! E eu de vostede, de verdade, esperaba un pouco máis, porque vostede dá moito máis de si que vir aquí falar á contra dos dereitos civís dos traballadores e traballadoras da Corporación Radio e Televisión de Galicia, falar á contra do seu exercicio dos seus dereitos civís, de elixir e ser elixidos en listas electorais democráticas. (*Aplausos.*)

Entón, ¡se veñen aquí a falar á contra de dereitos civís...! ¿Estamos aí? A min dáme igual, ¡a min dáme igual! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Dereitos civís, ¡sí, señora secretaria xeral do Partido Popular!, dereitos civís, dereitos civís básicos en calquera sistema democrático. E eu non miro en que candidaturas... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Quere vir aquí debater? Estaba debatendo con... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Porque a estou escoitando!

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¡A ver! ¡A ver! Imos centrar o debate, que despois non nos chega o tempo. ¡Veña!

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Moi ben, está descontando. Non, non nos chega o tempo, claro.

Fala da ofensiva contra os medios públicos. É que vostedes iniciaron unha ofensiva contra os medios públicos vai trece anos, e daqueles pós estes lodos ou estas lamas nas que nos atopamos no día de hoxe e con eses traballadores e esas traballadoras que están aí na porta.

Falou dos sindicatos. É que fala dos sindicatos, e eu entendo que co sindicato vertical igual vivían mellor, (*Aplausos.*) pero é que a xente ten unha representación dos seus dereitos laborais nos sindicatos (*Aplausos.*) e nun Comité Intercentros que é elixido democraticamente e que ostenta —as forzas sindicais do Comité Intercentros— a representación sindical de todo o conxunto de traballadores e de traballadoras da Corporación de Radio e Televisión de Galiza, independentemente de a quen lles voten e en que candidatura vaian, ou se son —non sei— apolíticos. Dá igual, só lles importa a vostedes, que están buscando en que candidaturas vai a xente. ¿A quen lle importa iso?

Respecten os seus dereitos laborais, civís, profesionais. É moi gracioso; de verdade, parece-ralles graciosísimo. E non o di o BNG, é que de verdade... (*A señora González Albert mostra un documento ao resto da Cámara.*) Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021. É a sentenza de Carlos Jiménez —coñécena sobradamente—. Vouna volvérllela ler porque hai veces que se lles esquece: «*De los hechos se desprende que la sanción disciplinaria en puridad es una represalia por las continuas acciones judiciales entabladas por el demandante frente a la demandada, así como por su activa participación en el movimiento Viernes Negros que tenía por objeto la denuncia y el despliegue de políticas de manipulación, etcétera*». Dío o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (*Murmurios.*) ¿Hai algo que dicir disto?



¿Quen é responsable disto e de que isto chegase ao TSJ? Porque disto houbo unha primeira instancia e recorreron, (*Unha señora deputada: Si.*) e recorreron ao mando dunha dirección xeral. E nós vimos hoxe aquí pedirllas, por favor, que cumpran a lei, que cumpran a lei porque non a queren cumprir. Como xa non se respecta nada, ¡claro!, falan en contra do Colexio de Xornalistas... Aquí dá igual todo, porque vostedes levan trece anos gobernando, pero a culpa é do Bipartito. ¿Van vir aquí falar do Bipartito en 2023? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Ese é o argumento que teñen? ¿O Bipartito en 2023? Eu, de verdade...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Remato, si. Remato xa, señora presidenta porque, por desgraza, aquí non hai forma de manter un debate.

Se tanto lles preocupa o problema cos sindicatos da Corporación de Radio e Televisión de Galiza, é curioso que non traian este tema á Comisión, por exemplo, porque levan tres meses sen preguntar nada na Comisión da Radio e Televisión de Galiza. Iso é que lles preocupa a vostedes moitísimo a situación na que está. Hoxe pola tarde haberá outro debate deste mesmo tema e volverán votar en contra.

Eu pregunto...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: ...e deixo esta pregunta no aire —remato xa, señora presidenta, de verdade—: ¿para que fan leis? ¿Para sacalas na prensa? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Para sacalas na prensa? Cumpran a lei e escollan un novo director xeral. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Continuamos coas mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre a política do Goberno galego en relación coa planta xudicial en Galicia

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta moción presentouse a seguinte emenda, que é a número 52594, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Paloma Castro.

(*O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Paloma Castro Rey e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.*)

Emenda de modificación.

Proponse un novo texto para o número 1, letra a da parte resolutiva, que ten o seguinte contido:



«1. Insta a Xunta de Galiza a:

a) A seguir traballando co Goberno de España nunha modificación normativa que permita que as propostas de ampliación da planta xudicial remitidas polas CC.AA teñan un maior grao de vinculación na decisión final do Ministerio de Xustiza.»)

A señora PRESIDENTA (Candia López): E para formular a moción, polo tempo de dez minutos, ten a palabra don Iago Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: A verdade, sinceramente, teño a impresión de que esta moción está de máis. Trata de xustiza. ¿E cal é a concepción do Partido Popular de xustiza? Que o problema da Compañía de Radio e Televisión de Galiza é que un sindicato exerce o seu dereito da tutela xudicial efectiva de acudir aos tribunais. Por tanto, a súa concepción da xustiza é simplemente un problema; que un sindicato acuda á xustiza é o problema da Radio e Televisión de Galiza. (*O señor Tabarés Pérez-Piñeiro tira o seu teléfono móbil do peto e consúltao.*) E vai para á xustiza para pelexar polos seus procesos de consolidación de persoal e, a verdade, os seus procesos de consolidación de persoal son ben curiosos. Agora miro o *Boletín Oficial da Provincia de Ourense* —debo de ser dos poucos que o fai— e hai unha resolución da Mancomunidade de Municipios de Terra de Celanova; resolución dun concurso de consolidación: hai dous aprobados; o fillo do alcalde de Quintela de Leirado e outra persoa. Mais tamén hai outra resolución dese concurso de Terra de Celanova, que loxicamente impugnarian ou impugnarán os sindicatos: praza de técnico de Dietética; hai unha aprobada, a compañeira do anterior. Por tanto, é normal que os sindicatos tamén accedan á xustiza, defendendo os dereitos laborais das persoas e defendendo a lei.

Mais indo ao contido da moción, quero expresarlles a miña decepción, a nosa decepción —e non sorpresa—, pola resposta da Xunta de Galiza á interpelación de que esta moción trae causa. Decepción polo seu desprezo ao poder xudicial; un poder xudicial que é esencial para o funcionamento dun Estado democrático e de dereito. Decepción pola renuncia do Partido Popular, pola renuncia do Goberno galego, ao incremento de competencias e de facultades que permitan a Galiza tomar as medidas necesarias para mellorar a Administración de Xustiza, ou mesmo, pola renuncia a exercer as escasas atribucións existentes. Decepción por subordinar, unha vez máis, os intereses dos galegos e das galegas á súa estratexia partidista, dirixida dende a rúa Génova de Madrid.

Dende o BNG manifestámoslles, e hoxe reiteramos, a nosa disposición a colaborar na mellora da Administración de Xustiza de Galiza, pois os poucos meses que lles queda de Goberno da Xunta de Galiza van ser moi importantes para a Administración de Xustiza de Galiza e para o futuro desta.

A verdade é que a resposta do conselleiro nos deixou un pouco máis preocupadas porque non sabemos se é consciente do moito que se está a xogar Galiza, a Administración de Xustiza galega, na tramitación das normas do Congreso, ou si, si é consciente da importancia que ten —sería máis grave aínda—, mais dálle absolutamente igual.

A primeira das cuestións que plantexabamos e que plantexamos no día de hoxe é saber se as súas señorías do Partido Popular consideran abondas as facultades de Galiza en materia de



planta e demarcación xudicial; se consideran que Galiza, que a Xunta de Galiza, na creación de xulgados unicamente teña mera audiencia, ou, que o único que poida facer é opinar, sen máis. É dicir, que non teña capacidade ningunha para decidir a creación dun xulgado. É máis, se, por exemplo, o Goberno do Estado decide a creación de oito unidades xudiciais, e decide que tipo de unidades hai que crear, incluso contra o criterio da Xunta de Galiza; ou, por exemplo, se a Xunta de Galiza considera necesario un xulgado do social para Lugo, e que o Estado español poida dicir que para Lugo non, que unha praza de maxistrado ou de maxistrada irá para o Superior de Xustiza. ¿Parécelle iso normal?, ¿que Galiza non poida decidir nin cantos xulgados se creen, nin de que tipo, e que nin sequera se respecte as propostas que poida facer? Pois se non está de acordo, este é o momento de manifestar o desacordo con este tipo de medidas ou con esta escaseza de competencias. Igualmente, é o momento para que este Parlamento manifeste, ou mesmo reitere, o seu compromiso cunha xustiza de proximidade, preto da cidadanía e que a cidadanía poida acceder a ela.

Hai menos de dez anos o Partido Popular presentou no Congreso dos Deputados unha proposta que denominaba «Provincialización da Administración de Xustiza», que, ao cambio, era a supresión de todos os partidos xudiciais de Galiza, agás catro. Habería un por provincia: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. Esa proposta suscitou afortunadamente un rexeitamento unánime. Entón, o Partido Popular admitiu a posibilidade de crear tres máis, non só nas catro capitais de provincia, senón tamén en Ferrol, Vigo ou Santiago. Todos os demais partidos xudiciais desaparecerían nesa proposta do ministro Gallardón.

Este intento afortunadamente fracasou; este intento de centralización da organización xudicial, cunha debilitación do dereito á tutela xudicial efectiva e de privar de servizos toda a poboación rural fracasou, mais volve estar presente na proposta, que se está a tramitar no Congreso dos Deputados, da Lei de eficiencia organizativa do servizo público de xustiza, que, certamente, mantén formalmente os partidos xudiciais, mais permite que un partido xudicial poida ser atendido dende outro. Ao cambio, van existir, ou seguir existindo, Bande, Trives, Sarria, Becerreá, Noia ou Celanova como partidos xudiciais, mais pode que non sexan atendidos nin dende Noia, nin dende Bande, nin dende Trives, nin dende Sarria, nin dende Becerreá, senón dende Lugo, dende Ourense, dende A Coruña ou dende Vigo-Pontevedra. É dicir, a demarcación xudicial si, mais sen ningún contido; é dicir, nisto estase a equiparar a reforma que se tramita no Congreso coa reforma proposta en 2012 polo ministro Gallardón. E por iso agora interésanos un pronunciamento deste Parlamento de Galiza: un pronunciamento en defensa da xustiza; un pronunciamento en defensa do Estado de dereito; un pronunciamento en defensa do dereito á tutela xudicial efectiva da cidadanía —de toda a cidadanía—, tamén da que vive no rural; un pronunciamento a favor do equilibrio territorial.

Asemade, nesta moción solicitamos a creación de, cando menos, quince xulgados —e non quince unidades xudiciais, senón quince xulgados—; número do que somos conscientes que é moi elevado, mais que é consecuencia da desatención das necesidades da planta xudicial galega durante case unha década. Nos anos 2012 e 2013, o Consello Xeral do Poder Xudicial —e non o Bloque Nacionalista Galego— consideraba necesaria a creación na Galiza de tres xulgados; tres xulgados e oito unidades xudiciais, mais tres xulgados. ¿Cantos se crearon? Ningún. No ano 2014 eran catro os xulgados que o Consello Xeral do Poder Xudicial estimaba necesarios para Galiza. ¿Cantos se crearon? Ningún. No ano 2014, o Consello Xeral do Poder



Xudicial no seu informe entendía que as necesidades galegas precisaban da creación de seis xulgados. No ano 2017 consideraba que eran doce xulgados. ¿Cantos se crearon? Ningún. No ano 2018, o Consello Xeral do Poder Xudicial reclamaba o incremento da planta xudicial galega —o Consello Xeral do Poder Xudicial estatal; non era o Bloque Nacionalista Galego nin era unha institución radicada en Galiza— a oito xulgados. ¿Cantos se crearon? Ningún. Nos anos 2019 e 2005 cifráronse en doce e trece as unidades xudiciais que o Consello Xeral do Poder Xudicial consideraba necesarias. ¿Cantas se crearon? Tres.

A consecuencia de toda esta desatención é a planta xudicial; a consecuencia de que en Galiza non se creen os xulgados que son necesarios provoca que actualmente, no ano 2022, existan máis asuntos pendentes de resolución dos que existían en 2009, e, curiosamente, entrando cento cincuenta mil asuntos menos; é dicir, hai máis asuntos pendentes e entraron nos xulgados de Galiza cento cincuenta mil asuntos menos este ano e tamén no exercicio pasado. Estas necesidades e este colapso por acaso atinxen especialmente, ou non por acaso atinxen, partidos como Viveiro, Carballo, Vilagarcía, Ribeira ou Sarria; é dicir, son partidos que o Partido Popular quería cargarse hai dez anos, e que non quería que existisen. ¿Que é o que fai? Pois non crea unidades xudiciais, non as dota do persoal necesario; é dicir, a cidadanía do rural está padecendo estas políticas centralistas e antixudiciais e antidereitos fundamentais do Partido Popular. Non se creou ningún, todos estes xulgados están ao borde do colapso.

Igualmente e sen que en ningún momento sacralicemos nin consideremos como un absoluto ese módulo establecido polo Consello Xeral do Poder Xudicial hai cinco anos —«módulo», quere dicir, que establece o número máximo de asuntos que eses técnicos consideran que pode aguantar un xulgado para funcionar ben—, os xulgados de familia, tanto o de Santiago como o de Ourense, levan máis de cinco anos superando ese módulo nun cento cincuenta por cento. Hai máis de cinco anos que levan con medidas de reforzo, con xuíces de reforzo; e máis, o xulgado de Ourense é atendido por tres xuíces para atender a carga de traballo. Por tanto, estamos nunha necesidade estrutural; unha necesidade estrutural enténdese que existe cando durante máis de tres anos se fan necesarias esas medidas de interinidade...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...que precarizan a Administración de Xustiza.

Este módulo entendemos que non é un absoluto —e remato, señora presidenta—, entendemos que non é aplicable aos xulgados de violencia sobre a muller. Deben ser outros os criterios que xustifiquen a creación de xulgados excluínates, exclusivos e especializados. Por tanto, admitimos a posibilidade da comarcalización ou do incremento dos supostos, cuxo coñecemento se pode atribuír a estas unidades, mais, por favor —e xa para rematar—, con certo criterio. Non ten ningún sentido que propoñan a creación dun xulgado específico en Santiago e que decidan xuntar tamén Ribeira, Muros e Negreira. Mais, ¿cal é a razón de ser?, ¿cal é o criterio?, ¿que beneficios van ter as vítimas de violencia de xénero?, ¿que beneficio vai ter a prestación...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.



O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...dese servizo esencial, xuntando o Partido Xudicial de Ribeira?

Nada máis de momento. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Tabarés.

Antes de dar paso ao Grupo Parlamentario dos Socialistas, saudamos o segundo grupo de alumnos de primeiro da ESO do Colexio Hijas de Cristo Rey, de Oleiros. Benvidos ao Parlamento de Galicia.

Ten agora a palabra dona Paloma Castro Rey, por tempo de dez minutos.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Benvidos rapaces e rapazas de Oleiros aquí, ao Parlamento. Hoxe aquí imos debater unha moción do Bloque Nacionalista Galego, pero a ver se podo condensar a postura do Grupo Socialista en dez minutos porque, ao final, é un popurrí en materia de xustiza que toca moitas áreas.

En relación co primeiro apartado, isto é, co incremento das competencias, petitionado polo Bloque Nacionalista Galego, que pretende que Galicia asuma máis competencias en materia de creación de unidades xudiciais e de prazas de xuíces e de maxistrados, a verdade é que nós non entendemos moi ben o que realmente quere o BNG, porque aquí está a pedir unha modificación da Constitución, do artigo 149.5, e sabe perfectamente que isto é unha competencia exclusiva do Estado e que, segundo a actual configuración das cámaras e das maiorías que temos nas cámaras, é un imposible. Pero tamén entendemos que é un imposible a nivel formal porque iría en contra do principio de harmonía e de uniformidade que rexe o noso sistema xudicial, e faríao inviable na práctica. Polo tanto, se isto é o que quere pedir, pois non estamos de acordo. Se, polo contrario, o que se pretende aquí é que Galicia teña un maior peso na decisión final do Ministerio de Xustiza sobre a creación de novas unidades xudiciais, entón si que lle compramos este discurso, e nós, por iso, plantexamos a nosa emenda.

Creo que, nestes cinco anos, o Goberno de España está a dar sobradas mostras do seu compromiso coa axilización e coa modernización da actividade xudicial, así como dun compromiso coa adecuación desa planta xudicial ás necesidades existentes —ao contrario do que fixo Mariano Rajoy durante os seus anos de goberno—. Por iso, na actualidade estase a negociar que o informe elevado pola Xunta de Galicia, logo da solicitude da Comisión Mixta do Tribunal Superior de Xustiza, teña un maior grao de vinculación e sexa máis vinculante cara a esa determinación da creación de futuras unidades xudiciais e prazas de xuíces e de maxistrados.

Nese sentido, nós plantexamos —como dicía antes— a nosa emenda: «...instar a Xunta de Galicia a seguir traballando co Goberno de España nesa modificación normativa que permita que ese informe remitido polas comunidades autónomas teña un maior grao de vinculación cara á decisión final do Ministerio de Xustiza.»



En relación coa segunda parte deste parágrafo, fala vostede de redución de competencias dos partidos xudiciais, sobre todo dos partidos xudiciais máis pequenos. Insistimos, e xa o falamos en comisión, en que isto non atende á realidade, xa que ningunha das reformas lexislativas que se está a tramitar no Estado elimina dos territorios os órganos xurisdiccionais con competencias substancialmente análogas ás que teñen neste momento os xulgados de primeira instancia e instrución. A Lei de eficiencia administrativa non prevén ese cambio. Non é certo; é mentira que esa lei vaia deixar algún partido xudicial sen un órgano análogo ou xulgado de primeira instancia. O cambio principal que vai facer será que, onde existía un xulgado número 1, 2 e 3, cada un co seu letrado da Administración de Xustiza e cada un coa súa oficina xudicial, agora o que haberá vai ser un tribunal de instancia con tantos xuíces como xulgados existían antes e tamén haberá unha única oficina xudicial, de xeito que os funcionarios non actuarán en compartimentos estancos.

Este plan —estas reformas lexislativas— o que pretende é mellorar a eficacia da organización do sistema xudicial actual, porque creo que todos coincidimos en que o sistema xudicial actual está obsoleto e impide, con carácter xeral, que estes xulgados sexan capaces de asumir toda esa gran litixiosidade existente. É unha modificación lexislativa que —insisto— o que pretende é adaptar a xustiza aos tempos e ás necesidades da cidadanía e busca un plan máis eficiente que teña o epicentro na cidadanía. E por iso —repítolle— esa Lei de eficiencia organizativa non vai supoñer unha perda de dereitos aos cidadáns en ningún territorio. A lei non prevén ese cambio.

Canto aos seguintes puntos da moción, en relación coa creación deses novos xulgados en Galicia, estamos completamente de acordo. Vimos reclamando a necesidade da creación de novas unidades xudiciais naqueles territorios onde existe un maior colapso, pero tamén creo que é necesario complementar isto con ese Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015 que non se cumpriu. Fixéronse grandes investimentos nalgunhas das principais cidades, pero esquecéronse das vilas medianas, onde os incumprimentos se suceden ao longo do noso territorio. Ao final a ampliación da planta xudicial galega é necesaria para desconxestionar o colapso que leva a dilacións e que resta eficacia ao noso sistema xudicial, pero tamén é necesario adecuar isto e complementalo cunha mellora das sedes xudiciais, para que poidan albergar estes novos xulgados e converter eses edificios en lugares máis amables e axeitados, tanto para os traballadores como para os usuarios e as usuarias da Administración de Xustiza. E por iso nós reivindicamos, ademais deste incremento da planta xudicial, a necesaria avaliación dese grao de cumprimento dun Plan de infraestruturas xudiciais e a elaboración dun novo plan que responda ás necesidades; un plan que leva máis dunha década de atraso.

Por outra banda, pedía esta moción incrementar tamén o persoal do Imelga. Dende o Grupo Socialista levamos dous anos insistindo neste tema. É urxente, é necesario incrementar de maneira progresiva o persoal das subdireccións do Imelga. É unha necesidade. O volume de traballo é inasumible. Ademais, estamos falando de serios atrasos en procedementos moi sensibles, en procedementos penais por delitos de abusos sexuais, por violencia de xénero, por malos tratos, por desprotección en violencias en menores, en procesos civís, como procesos de familia, de incapacidades... Este grave atraso está causando que a substanciación dos procedementos estea paralizada durante case dous anos nalgúns partidos xudiciais, vulnerando con isto seriamente os dereitos dos xusticiables. E por iso nós entendemos que é



necesario un estudo estrito do tempo de atraso dos informes en cada un dos partidos xudiciais e, con base niso, plantexar un incremento progresivo destes equipamentos nas diferentes subdireccións territoriais, comezando por aquelas onde exista un maior colapso. A carga de traballo é elevadísima e a importancia e a responsabilidade destes informes psicosociais máis porque estamos a falar de cuestións que afectan a vida das persoas, e calquera especialista, calquera profesional non pode actuar coa dilixencia necesaria, xa que é incompatible con esta elevada carga de traballo. Falamos de vinte e tres xulgados dos partidos xudiciais da Coruña, Betanzos, Carballo, Corcubión ou Pontevedra, por exemplo. Son seis partidos xudiciais, vinte e oito concellos, 349.384 habitantes e unicamente dous psicólogos ou dúas traballadoras sociais ou oito médicos forenses. E por non falar, xa, da acumulación no concello de Vigo, con esa ampla densidade de poboación existente.

Este non é un problema puntual; é un problema estrutural e permanente no tempo e, ademais, vai incrementarse porque as leis cada vez son máis proteccionistas e, polo tanto, requiren, en maior medida, de informes periciais. Polo tanto, solicitamos que se faga este informe e, posteriormente, insistimos na necesidade deste incremento das subdireccións xerais.

Por outro lado, falando da solución extraxudicial ao conflito da mediación, da que falaba a moción do BNG, nós compartimos que é unha tarefa pendente deste Goberno, que ten que poñer en marcha solucións alternativas porque, ademais, os beneficios a nivel práctico son innumerables e, sobre todo, no momento no que nos atopamos, cun colapso puntual derivado desa folga dos letrados da Administración de Xustiza, ou a crise económica existente, entre outras razóns, xa que a mediación axudaría a reducir este colapso porque evitaría esas dilacións dos procedementos. É un procedemento máis áxil e con menos trámites e, por outra banda, tamén economicamente para os usuarios o custo é moi inferior, ademais dos beneficios a futuro, xa que unha resolución pacífica dun conflito mellora as vías de acordo entre as partes.

E por último, e xa para rematar, falando desa renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial, a verdade é que deste tema xa falamos en moitas ocasións e é impresentable. É impresentable a situación que o Partido Popular está a xerar. Os señores do Partido Popular están a levar a cabo algo inédito en corenta e catro anos de democracia, durante os que todos os gobernos de diferentes cores políticas pasaron por esas designacións. O que está a facer o Partido Popular é esnaquizar as institucións xudiciais con esta actitude; o que está a facer é que o Consello Xeral do Poder Xudicial non responda á realidade cidadá, á realidade das cámaras. ¿Por que? Pois porque non lles interesa; por intereses espurios. Actúa de forma partidista, dándolle as costas á realidade do noso territorio, incumprindo a Constitución e incumprindo a lei.

Non sigan a confundir. O único responsable é o Partido Popular porque é o que ten a maioría suficiente, os tres quintos, para facer esta renovación. Plantexan agora unha reforma, pero realmente esta reforma é outra escusa para manter esta situación de bloqueo, e o que teñen que facer é cumprir a Constitución e, despois, unha vez cos órganos renovados, poderíamos falar dunha reforma: dunha reforma da lei, dunha reforma das maiorías necesarias ou dunha reforma do sistema de elección. Pero iso de «esta lei neste momento non me gusta, non a cumpro e a cambio» non funciona así nunha democracia. Polo tanto —insisto—, sexan res-



ponsables, actúen conforme a Constitución e as leis, e non sigan a bloquear esta reforma tan necesaria.

E, pola miña banda, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Castro.

Quenda para o Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Ten a palabra dona Paula Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, señor Tabarés, normalmente os partidos políticos teñen un sindicato afín. O que pasa no BNG é que hai un sindicato que ten un partido. Esa é a diferenza *(Aplausos.)* e por iso antes cando falabamos da CIG, falabamos da relación tan estreita entre a CIG e o BNG. Máis ben, a CIG ten un partido e non o partido ten un sindicato afín.

E tamén se esqueceu dalgún exemplo, ¿non? Mire, por exemplo, en Lugo: «*La alcaldesa socialista de Trabada está a punto de aprobar una oposición en el Concello de A Coruña*». E fíxese vostede en que, para a proba práctica, todos os opositores levaban maletas con ata vinte textos legislativos para facer o caso práctico. ¡Ah!, pero a alcaldesa de Trabada levaba así *(A señora deputada Prado del Río eleva uns folios.)* un puñadiño de folios, porque xusto ela adiviñou... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —¡ah!, e ¿xa aprobou?— cal era a lei que ía caer no caso práctico. ¡Que casualidade! ¿E aí onde estaba o sindicato, señor Tabarés? ¿Onde estaban os sindicatos —eses que vostede di que andan tanto detrás destas cuestións—? ¡Non!, eu xa sei que aos socialistas non lles gusta que digamos que a alcaldesa socialista de Trabada aprobou unha oposición no Concello socialista de *La Coruña*, señora deputada. Pero é a verdade, é a verdade.

Señor Tabarés, eu non sería capaz de vir aquí reclamar determinadas cuestións, como, máis medios, mellor atención e menos dilacións, ao mesmo tempo que lle están dando o apoio ao Goberno do señor Pedro Sánchez, que permitiu que en España e que en Galicia unha folga paralizase completamente a xustiza; unha folga que, parece ser, señora Castro, que é culpa do Partido Popular. Non, mire, o Partido Socialista, o Goberno de España, asinara un acordo cos letrados da Administración de Xustiza, que pasou absolutamente á neveira, ao caixón, e non o cumpriron. E por iso os letrados da Administración de Xustiza se puxeron en folga porque vostedes, dende o Goberno de España, non cumpriron os acordos que firmaran previamente para paralizar outra folga, e agora tiveron que facerlle caso daquela maneira. Pero bueno —insisto—, por culpa desa folga paralizáronse dez mil xuízos en Galicia, con miles de persoas afectadas, e mentres tanto o presidente do Goberno e a ministra de Xustiza estaban cruzados de brazos. E unha vez resoltas as reclamacións dos letrados de Xustiza, o peor será que, como sempre, o Goberno de Sánchez lavará as mans ante as medidas que sexan necesarias para axilizar agora todos eses procedementos paralizados, ¿verdade, señora Castro? Estou esperando a ver cando vostedes presentan unha iniciativa aquí, pedíndolle á Xunta que poña cartos para pagarlles horas extras aos funcionarios da



Administración de Xustiza, para axilizar todo o que se paralizou coa folga que vostedes provocaron, señora Castro.

Pero mire, señor Tabarés, o que aínda é peor —e vostedes non están lexitimados para falar de xustiza— é cando centenas de vítimas de agresións sexuais, nenos, nenas, vítimas de violacións viron saír á rúa os seus agresores antes de tempo, e agora contan cunha pena de cárcere inferior á imposta inicialmente. Isto é posible en España e en Galicia grazas ao voto favorable do Bloque Nacionalista Galego no Congreso dos Deputados a unha lei, a Lei do só si é si. (*Aplausos.*) E mentres, aquí, no Parlamento de Galicia, coa boca pequena din que se hai erros deben arranxarse. ¿Cal é a proposta do Bloque Nacionalista Galego para arranxar eses erros da Lei do só si é si? ¿Teñen algunha proposta, señor Tabarés? Non. En Madrid o que fan é votar en contra da tramitación da modificación da lei. ¿Cal é a súa alternativa? Boicotear a modificación, a tramitación. ¿Sabe cal é a súa alternativa? Pois dígolla eu: A Lei do só si é si. E non me veña aquí agora dicir que é porque a lei favorece que o consentimento se teña en conta, cando vostedes saben que precisamente a modificación do consentimento levou a que centenas e centenas de agresores sexuais de menores —o cento por cento dos agresores sexuais de nenos e nenas—, precisamente por como se regula o consentimento na nova lei, estean con condenas rebaixadas e algúns incluso na rúa, señor Tabarés. Ese é o resultado da lei do só si é si.

E tamén vostedes din que sen esta lei se volve ao Código penal da manada. ¡Falso! Non se volve ao Código penal da «manada» porque xa lle dixen o outro día que hai unha manada, a «Manada de Badajoz», que se viu beneficiada pola aplicación da lei do só si é si. Por tanto, non se pode ser máis hipócritas e máis electoralistas. Díganlles a verdade aos galegos e ás galegas; díganlles que están coa ministra Irene Montero; díganlles cal é o prezo que temos que pagar para construír ese relato; díganlles que vostedes son os herdeiros das mareas de Podemos, e por iso están coa lei de Podemos, coa lei de Irene Montero. Díganllelo alto e claro aos galegos e ás galegas.

Por unha vez tiñan a oportunidade de que o seu apoio ao Goberno de Sánchez fose beneficioso, pero, ¡vaia!, xustamente na admisión a trámite da modificación da lei danlle as costas. E recalco que falo da admisión a trámite; non falaba da modificación xa concreta da lei, porque nese momento no se votaba nin sequera cuestións nas que vostedes estivesen de acordo ou non. ¡Non, non!, votábase a admisión a trámite da modificación da lei. ¿E vostedes que votaron? Non. A vostedes gústalles a lei do só si é si, señor Tabarés. Esa é a realidade. Vostedes non queren e non lles importa en absoluto que sigamos asistindo a casos como o da semana pasada, do violador do estilete de Lugo, que viu reducida a súa condena. É un agresor que reincidiu cando saíu á rúa e que agora sairá de novo antes, como consecuencia da aplicación da lei do só si é si. Vostede, señor Tabarés, vostedes, señores do Bloque Nacionalista Galego, non están coas vítimas. Vostede dedicou aquí tres segundos da súa intervención, no tempo de desconto, a falar de vítimas de violencia de xénero. E recórdolles que as vítimas de agresións sexuais son vítimas de violencia de xénero, señor Tabarés, señores do Bloque Nacionalista Galego.

Miren, vostedes traen aquí un acordo extemporáneo. Resulta que incluíron na orde do día do pleno pasado unha interpelación rexistrada no ano 2020 que se debateu xusto un día despois de que se celebrase a Comisión Mixta, na que se discuten as propostas que se remiten



ao Goberno de España. E agora, coa moción que se substancia, vostedes inclúen un punto no que inclúen a creación de doce xulgados, cando saben que a Comisión Mixta xa elaborou a súa proposta, adiantada xa polo vicepresidente segundo —non sei se é que vostede non llo escoitou o outro día—, acerca dun xulgado de violencia de xénero sobre a muller, de carácter comarcal, en Santiago de Compostela. Mire, eu estou aquí dende o ano 2009 e teño debatido sobre estas cuestións con compañeiras súas —con Tareixa Paz— e chegamos a acordos —mire vostede na hemeroteca e mire vostede na mediateca— para a creación de xulgados comarcais de violencia de xénero. ¿Que pasa, que o Bloque Nacionalista Galego mudou de criterio? Pois se mudou de criterio dígaos ou non, porque acaba de dicir vostede aquí que non entende por que os de Ribeira teñen que vir ao xulgado de Santiago. ¡Comarcal, comarcal, concepto de comarca! ¡Home!, igual non é o concepto de comarca que ten o BNG. ¡Claro!, é un concepto distinto; probablemente sexa distinto. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero, mire, é que agora as distancias non se miden en quilómetros, mídense en tempos. Iso tamén é interesante que o vaian tendo en conta, señorías.

Despois, tamén queren levar este modelo de xulgado ás cidades de Ourense, Lugo, Pontevedra e Ferrol. Hai un maxistrado da Audiencia Provincial da Coruña que xa se propuxo ao Goberno o ano pasado e que non se aceptou porque as demandas de Galicia son unhas e despois o Goberno fai o que lle parece, señora Castro. ¿Vostede que opina de que o ano pasado a Comisión Mixta propuxese dez xulgados —o de Instancia de Lugo, unha praza de maxistrado para a Sección Segunda da Audiencia Provincial da Coruña, outra para a Audiencia Provincial de Pontevedra, un xulgado de primeira instancia na Coruña, un xulgado de primeira instancia en Vigo, un xuíz de adscrición territorial na provincia de Ourense, un xulgado do social en Ferrol, un xulgado mixto en Ribeira, un xulgado mixto en Vilagarcía, un xulgado mixto en Viveiro— e que o Goberno de España só dese tres a Galicia? Foron o de Instancia de Lugo, o de Instancia da Coruña ou o de Instancia de Vigo. Dígame vostede, ¿por que non apoiaron esta petición, señora Castro? ¿Que pasa, (*A señora Castro Rey pronuncia palabras que non se perciben.*) que o Partido Socialista de Galicia non está con Galicia? Si, iso xa o sabemos, pero esta é a materialización de que vostedes nunca están do lado dos galegos e das galegas. Vostedes, se teñen que elixir entre Sánchez e Galicia, elixen sempre a Sánchez, sempre a Sánchez.

Mire, con respecto aos xulgados de violencia de xénero que inclúen na súa moción, señor Tabarés, é curioso que se incorporen nesta iniciativa, ¿non? Primeiro, porque xa foi anunciada e confirmada a petición da súa creación por parte do Goberno e trasladada na Comisión Mixta. Segundo, porque pon en evidencia que esa suposta influencia que ían ter en Madrid non a teñen porque só conseguiron que Pedro Sánchez aceptase, cando menos o ano pasado, só tres das dez propostas —e ningunha das que vostedes dicían—; por tanto, a súa influencia é cero. Eu pídolle, señor Tabarés, que a próxima vez que traia unha iniciativa de impulso a este Parlamento, a esta Cámara, que sexa realmente de impulso e non de constatación do que o Goberno da Xunta de Galicia está facendo porque o que vostede hoxe trae aquí é unha iniciativa que propón cousas que xa lle dixo o vicepresidente segundo na súa interpelación que se estaban a facer.

E vostede insiste co Plan de infraestruturas xudiciais. Mire, señora Castro, eses 127 millóns de euros que se investiron foron para obras en eficiencia enerxética e para obras menores, pero tamén para edificios xudiciais...



A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: ...moi importantes que hai espallados por toda a comunidade galega. Por certo, moitos deles existen grazas a que houbo alcaldes serios, aínda que non eran todos do PP, pero eran alcaldes serios que miraron precisamente... *(Murmurios.)* *(Risos.)* ¡Non, claro! ¡Non, home!, quero dicir que tamén hai alcaldes que miran polos intereses dos veciños e non miran polo interese de Sánchez coma vostedes. E ceden parcelas. E ceden parecelas. *(Risos.)* ¡Si!, por exemplo, o señor Abel Caballero...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: ...non a cedeu, e houbo que facer a Cidade da Xustiza onde a houbo que facer. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ai!, a de Vigo, ¡claro! Os de Vigo defendendo, coma sempre, o seu líder. Non se preocupen porque Vigo xa ten unha magnífica Cidade da Xustiza, a pesar do señor Abel Caballero...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRADO DEL RÍO: ...e tamén ten o mellor hospital de Galicia e de España, a pesar do señor Abel Caballero.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para o peche ten novamente a palabra o señor Tabarés.

(Murmurios.) *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Ben, señora Prado, eu propóñolle unha transacción, un pacto. A próxima iniciativa de impulso que traia será verdadeiramente de impulso e, a cambio, cando traia esa iniciativa, vostede vai preparala, vai traballala, *(Aplausos.)* chegamos a un acordo e así poderemos falar sobre a iniciativa e non sobre cousas que non teñen nada a ver; e, sobre todo, sobre cousas que —permítame, como se diría noutro ámbito— ¡carai!, ten máis valor que coñecementos. A postura do BNG... *(Interrupcións.)* *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Deixen intervenir o señor Tabarés, por favor.

¡Silencio!

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Canto á postura do BNG sobre a lei do só si é si, mire no Rexistro do Congreso onde está presentada a emenda. Por tanto, se a le —e seguramente o fará ben e con moito rigor— xa coñecerá a postura do Bloque Nacionalista Galego. En todo caso, excede o contido desta iniciativa.



Despois, hai cousas nas que si podemos tamén estar de acordo. A folga de letrados e de letradas durante estes dous meses pode ser debida a unha moi mala xestión por parte do Goberno do Estado. Ben, mais teña un pouco de memoria. Vostedes tiveron unha folga no ano 2018 durante catro meses. Polo tanto, se iso é mala xestión, o que fixeron vostedes é mala xestión multiplicada por dous. Por iso dicía o de «máis valor que outra cousa». (*Aplausos.*)

Despois, tamén podemos seguir estando de acordo cando vostede dicía que o Goberno do Estado menosprezaba Galiza por crear tres unidades xudiciais cada ano, mais é que durante una década vostedes non creron ningunha, ningún xulgado. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Polo tanto, se iso é un desprezo —que pode ser un desprezo para Galiza—, o que estivo facendo o seu Goberno amigo sobre a programación de 2012, 2013, 2014, 2015, 2016 e 2018 é un desprezo moitísimo maior porque non crearon ningunha.

E por último, remato coa súa intervención, que pouco tiña a ver coa miña iniciativa —seguramente unha iniciativa que os galegos e as galegas tampouco a merecíamos—, seguramente non estaba atenta ou eu me expresei mal —é posíbel—. Mais non estaba coa comarcalización dos xulgados de violencia sobre a muller. Eu en ningún momento dixen iso, senón ao contrario; dixen que non estaría de máis a comarcalización ou que tampouco se desbotaría que asumisen outros asuntos que, ata o día de hoxe, non levan. O problema é que teñen que ser comarcas naturais porque, se non, o que estamos facendo non é mellorar a atención ás vítimas, senón empeoralala. E dentro diso, paréceme inxustificábel —e creo que non son o único— que o que estean a facer sexa comarcalizar e xuntar Ribeira. Ao mellor a comarcalización si pode ser en Muros, si pode ser en Negreira, si pode ser conforme un estudo, mais a comarcalización non pode ser na comarca do Barbanza; ao mellor non ten nada a ver, como comarcalizar non implica xuntar o Partido Xudicial de Ourense co Partido Xudicial de Valdeorras. Por moito que esteamos a prol da comarcalización, iso non é unha comarcalización, senón unha fraude en prexuízo das vítimas de violencia de xénero.

E despois, en relación coa postura do Grupo Parlamentario Socialista, eu entendo que na emenda hai un pequeno erro que non impediría un acordo en canto a seguir facendo. Non temos constancia de que a Xunta estea facendo algo sobre iso. Por tanto, malamente poderíamos votar a favor de seguir facéndoo.

En todo caso, si que consideramos que —non pretendemos invadir competencias de ningún— o Parlamento de Galiza manifeste a súa oposición a esa reforma, por dous puntos que non son inocentes. Un artigo da reforma —non inocentemente e ben o sabe a señora Castro— introduce: «...existirán tribunais de instancia que estenderán a súa xurisdición a cada partido xudicial con carácter xeral. Ese «con carácter xeral», que permite a exclusión e que permite que non exista un tribunal de instancia en cada partido xudicial, introduciuse na fase final, xa que no anteproxecto non estaba; polo tanto, non é inocente. Aí se pretende buscar unha posibilidade. ¿Cal é a posibilidade? Que existan partidos xudiciais sen tribunais de instancia. Probabelmente non lle afecte a Vigo e probabelmente non lle afecte á Coruña, a Santiago ou nin sequera a Ourense, mais a Bande, Noia, Trives, Muros, Negreira, A Fonsagrada ou Becerreá e a Sarria si que lles afectará. E despois, para complementar esa previsión, hai outros artigos que preveñen que as seccións que integren os tribunais de instancia poidan estender a súa xurisdición a un ou a varios partidos xudiciais —branco e en



botella—, é dicir, Bande, Celanova etcétera; acontecería en todas as provincias, aínda que creo que en Pontevedra poderían tardar un pouco máis, mais aí desmontamos a xustiza de proximidade.

Esta iniciativa, por outro lado, pretendía que cesasen na situación de bloqueo do Consello Xeral do Poder Xudicial. E non só o di o Bloque Nacionalista Galego; dío a Comisión Europea. A Comisión Europea manifesta a súa preocupación polo Estado de dereito no Estado español.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Tabáres.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Manifesta a súa preocupación pola non renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial, pola duración dos procedementos, pola investigación e polo axuizamento debido ao moito que duran nos casos de corrupción de alto nivel; é dicir, queremos que se desbloquee o Consello Xeral do Poder Xudicial e a súa renovación porque teñen consecuencias para Galiza e queremos ter facultades decisorias —non necesariamente competencias, mais facultades—, polo menos, para atender as necesidades en materia de xustiza dos galegos e das galegas.

Nada máis e moitas grazas (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¿Entendo que a emenda a van intentar transaccionar?

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Podemos chegar a un acordo, mais bueno.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coa orde do día.

Moción do G. P dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre o mercado de traballo

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta moción presentouse unha emenda do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Daniel Pérez López.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Daniel Pérez López e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

«17. Demande do Estado a transferencia de todas aquelas competencias non asumidas até o de agora polo goberno galego en materia de emprego para, nomeadamente, ampliar, potenciar e optimizar as funcións do Consello Autonómico de Emprego, os Consellos Provinciais de Emprego e dos propios Comités Territoriais de Emprego.»)



A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a moción ten a palabra dona María del Carmen Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas.

Bos días a todos e a todas.

O pasado pleno interpelabamos a conselleira de Emprego sobre a situación do mercado laboral en Galicia e sobre os órganos de participación institucional: o Consello Autonómico, os provinciais e os comités territoriais.

Con relación ao mercado laboral, é preciso reiterar —aínda que á conselleira lle pareceu que dar datos da EPA, datos contrastados, é emitir unha visión catastrofista— que o mercado de traballo en Galicia presenta unha serie de eivas que condicionan as posibilidades do seu desenvolvemento. Pór o foco nelas é preciso para a busca de solucións; tapar os ollos non axuda. Por iso, expuxemos datos comparativos da EPA do período 2008, último ano completo do Bipartito, e do ano 2022, último ano completo do que temos datos. Pola contra, a conselleira utilizaba de forma interesada datos do paro rexistrado.

Xa denunciámos desde este grupo parlamentario neste Parlamento a manipulación que realizaba o Goberno do Partido Popular cos datos do paro cando utilizaron a clave de suspensión por formación a máis persoas das que realizaban cursos ou, recentemente, cando o Goberno galego puxo en risco as persoas paradas tendo que ir presencialmente ás oficinas renovar a demanda, cando había una norma estatal pola que se establecía a renovación automática. ¿Recordan?

Con estes antecedentes —reitero— utilizamos datos EPA; datos homologados pola Unión Europea. E é preciso reiteralos: segundo as medias anuais da EPA, en 2022 as persoas paradas de longa duración supoñen nada máis e nada menos que o 42,3 por cento de todas as paradas. Esta cifra pon de manifesto que existe un desaxuste entre a formación impartida e a demanda, situación que é preciso mudar. A conselleira non mencionou ningunha medida concreta para paliar esta situación.

En segundo lugar, menos de unha de cada tres persoas paradas está protexida, só o 30,9 por cento. En relación con esta grave problemática, o Goberno galego non puxo en marcha plans ou medidas que minoren esta situación.

En Galicia trabállase aínda en 2022 un 10,1 por cento menos que en 2008, último ano do Goberno do presidente Touriño. No conxunto do Estado, sen embargo, a diminución é dun 2,8 por cento. De estar na media estatal estarían a traballar o equivalente a 89.000 persoas a tempo completo máis.

A taxa de paro feminino é case dous puntos superior á dos homes e as mulleres perciben 5.000 euros menos ao ano que estes. Este grupo parlamentario presentou distintas iniciativas neste Parlamento e o grupo que sustenta o Goberno galego rexeitábaas, tanto as da brecha salarial como as da dobre precariedade que sofren as mulleres galegas.



En relación aos mozos e mozas, reitero que a mocidade nestes catorce anos de gobernos do Partido Popular perdeu máis persoas activas e máis persoas ocupadas que a media do Estado. Dous datos: a taxa de dobre precariedade —precarios a tempo parcial en Galicia— aumentou entre 2008 e 2022 en 7,3 puntos; pasou dun 8,7 a un 16 por cento. A mocidade galega diminuíu entre 2008 e 2022 nun 28,3 por cento; hai 126.823 mozos e mozas menos. No conxunto do Estado a perda foi moito menor: un 15 por cento.

Preguntabámoslle á conselleira que valoración facía o Goberno de que o Consello Autonómico e os provinciais e territoriais de emprego non se reunisen no que vai de lexislatura; cando se constituirían os comités territoriais —porque aínda non están constituídos—; que medidas pensaba adoptar o Goberno galego ante a brecha salarial que sofren as mulleres galegas e para activar os parados de longa duración; e, ante a alta taxa de desemprego xuvenil que padece a nosa comunidade autónoma, se pensan deseñar medidas para o efecto.

E constatamos a raíz da interpelación como, a pesar da obriga do Goberno galego de convocar semestralmente o Consello Autonómico de Emprego e trimestralmente os provinciais, os consellos non se reuniron nin unha soa vez nesta lexislatura. De feito, os consellos territoriais —como dicía— nin sequera se constituíron. E si —reitéroo outra vez nesta tribuna—, o Goberno galego vulnera o dereito de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais e mais das entidades locais e diseña as políticas de emprego de costas á realidade galega.

A conselleira non foi quen de convocar estes órganos no que vai de lexislatura, porque a última reunión foi baixo a dirección da anterior conselleira, Beatriz Mato. ¡Xa choveu! Amparábase a conselleira Lorenzana nas reunións celebradas no diálogo social. Isto é facer trampas ao solitario. As celebracións de reunións de diálogo social non son excluíntes cos órganos legalmente establecidos, nunha obrigación que nace do propio decreto de transferencia, e están regulados cunhas funcións das que din conta no pasado pleno.

Teñen que ler —imaxino que o farían— o Real decreto de transferencias 1375/1997, do 29 de agosto. Alí márcase precisamente que a Comunidade Autónoma de Galicia exercerá, no ámbito desta comunidade, as funcións atribuídas ata o momento ao INEM nas comisións de seguimento da contratación laboral reguladas no Real decreto 355/1991. Hai que cumprir as leis. Xa vimos antes, na moción sobre a Radio e Televisión de Galicia, que a norma é non cumprir leis. Hoxe falamos tamén do non cumprimento de leis e do non cumprimento de decretos e reais decretos.

O diálogo social non ten un establecemento formal; convócase para acordos concretos e reunións que consideramos necesarias, pero non suple a celebración dos consellos de emprego que están establecidos para o estudo das necesidades do mercado laboral a distintos niveis: autonómico, provincial e local. Trátase dunha obriga constitucional e tamén establecida polo Estatuto de autonomía.

A conselleira de Emprego na pasada intervención afirmaba textualmente: «Por suposto que no Decreto de estrutura orgánica se inclúen. Claro, porque non están derogados e aquí derogámoslos formalmente». Aí foi, creo, unha confusión. Pero non é certo; non están derogados e vostedes teñen, entón, a obriga de convocar estes órganos de participación institucional.



Por iso, esta iniciativa insta a que se constitúan. E si, pomos datas, cunha marxe suficiente para ser cumpridas. Primeiro, cunha reunión previa de posta en marcha porque, claro, despois de case catro anos sen reunirse obviamente ten que haber unha reunión previa de posta en marcha e, despois xa, unhas reunións ordinarias. Tamén instamos a que se estableza e se publique un novo mapa dos comités territoriais de emprego, tendo en conta os lugares onde viven e onde traballan os cidadáns. Temos que actualizar o mapa, porque tamén mudou o mercado laboral.

Pedimos que se realicen as análises de fortalezas e debilidades, oportunidades e ameazas no ámbito do emprego de cada comité territorial —que, reitero, teñen aínda que constituílos—. Pedimos que elaboren tamén un plan de emprego do territorio en que se asenta que comprenda a análise da situación, a concreción no seu territorio dos obxectivos establecidos en materia de emprego, a incardinación do Plan de emprego noutros programas de desenvolvemento socioeconómico e a proposta de avaliación e seguimento do plan de emprego. Pedimos tamén que establezan a análise e a avaliación da evolución dos diferentes indicadores do emprego do territorio. Pedimos que no ámbito do emprego de cada comité territorial elaboren o informe con carácter previo á resolución da Consellería sobre as programacións a que concorran as distintas entidades no ámbito xeográfico de cada comité territorial. Igual isto é moito pedir, porque isto é moita transparencia.

Tamén pedimos que elaboren un plan de traballo no que consten: a avaliación das políticas de emprego realizadas ata o de agora na zona —é imprescindible realizar esa avaliación que ata o de agora nunca se realizou—; a detección das necesidades de traballadores e traballadoras; a determinación dos perfís profesionais; a detección de posibilidades e acompañamento dos emprendedores e empresas de economía social; a análise das competencias dos colectivos incluídos, que facilite a mobilidade dun sector produtivo a outro; a elaboración do mapa de emprego do Pacto territorial de emprego e posibilidades de futuro a curto, medio e longo prazo neses comités territoriais; a determinación e análise das necesidades relacionadas coa recuperación ambiental e cos servizos da vida diaria e da mellora das condicións de vida, culturais e de ocio; a busca de empresas que se instalen nas diferentes áreas ofrecéndolles, ademais das axudas e bonificacións previstas e que se poidan prever, os procesos de formación e selección que necesitan; a elaboración das necesidades das empresas ou de infraestruturas —solo industrial, man de obra e servizos de I+D+i—; a promoción de itinerarios de inserción con todos os participantes vinculados aos sectores maduros ou que estean en reconversión comparados...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Si, xa remato.

En definitiva, o que pedimos é que cumpran a lei, que as políticas de emprego se poñan en marcha tras un estudo rigoroso de necesidades, deseñando plans de emprego para os territorios de abaixo a arriba con control sobre o orzamento que se destina e que resultados obteñen.

Nada máis. Grazas, presidenta. (*Aplausos.*)



A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra don Daniel Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Presidenta.

Bos días a todos e a todas.

Abro comiñas: «A Xunta constitúe o Consello Autonómico de Emprego, un órgano froito do diálogo social para reforzar as políticas laborais. A conselleira de Traballo e Benestar presidiu hoxe a creación e posta en marcha desta ferramenta, que integrará as achegas da Xunta, axentes sociais e empresariais. Lembra a conselleira que os consellos provinciais de emprego xa están constituídos e, en breve, estarán os comités territoriais para garantir a máxima adaptación das políticas de emprego a cada territorio. O Consello Autonómico de Emprego é un órgano que se crea froito dun acordo adoptado no seo do diálogo social entre patronal, sindicatos e a Xunta para reforzar as políticas en materia laboral. A conselleira incidiu en que esta ferramenta servirá para integrar as achegas de todos os axentes que participan no mercado laboral. Dotaremos, polo tanto, as nosas decisións e medidas dunha maior amplitude de miras e transversalidade. Entre as súas funcións cabe destacar que colaborará no deseño dos criterios de actuación do Servizo Público de Emprego de Galicia e informará sobre a planificación das políticas activas de emprego». Cerro comiñas.

Estabamos en febreiro do ano 2012 e a conselleira e que facía este anuncio era Beatriz Mato, naquel momento á fronte do departamento autonómico de Emprego e Benestar, despois responsable das políticas medioambientais da Xunta e hoxe sentada comodamente no mullido sillón do consello de administración de Greenalia. Este foi o anuncio.

E, coma sempre, despois do anuncio vén o titular de prensa, tamén ese mesmo día de febreiro do ano 2012: «*El Consello Autonómico de Emprego analizará dentro de un mes propuestas de los agentes sociales contra el paro*». E desde febreiro do ano 2012 ata abril de 2023, fume; once anos de anuncios, titulares de prensa e fume, moito, moito fume.

Levamos dende o comezo desta lexislatura escoitando falar a conselleira sobre a necesidade de adecuación da oferta formativa actual e de contar cunha estratexia para mellorar o mercado laboral galego. Levamos dende o comezo da lexislatura escoitando falar de programas para a xente moza e mulleres, de polos de emprendemento, de formación... Pero ano tras ano a situación de precariedade do noso mercado de traballo mantense e afecta, sobre todo —e isto é unha realidade incontestábel—, a mulleres e a persoas mozas.

En canto ás mulleres, a pesar de que houbo avances —e só faltaría que non os houbese en catorce anos—, catorce anos despois de que o PP chegase á Xunta, a situación da muller no mercado de traballo galego está marcada por unha taxa de actividade e por unha taxa de ocupación por debaixo da masculina e unha taxa de paro e rexistrado superior á dos homes, pola precariedade en forma de temporalidade e parcialidade, pola fenda salarial e tamén polo chamado «teito de cristal».



As persoas mozas deste país tampouco viviron cambios substanciais nestes anos de goberno do Partido Popular. Nestes anos diminuíu a poboación ocupada na franxa de idade que vai entre os 16 e os 34 anos en 135.000 persoas. Ocupan os mozos e as mozas deste país traballos precarizados, nos que prima a temporalidade e a parcialidade. Ademais, concéntrase no sector servizos, co que isto supón tamén moitas veces para os dereitos laborais.

É a triste realidade do noso país: Galiza forma traballadores cualificados que despois emigran a outros países nos que xeran valor engadido e riqueza. ¿Cantos mozos e mozas alemás, americanas ou francesas coñecen vostedes, señorías do Partido Popular, que veñan a Galiza en busca de boas condicións laborais? ¿Cantos mozos e mozas galegas coñecen vostedes, señorías do Partido Popular, que despois de formarse emigren buscando mellores condicións laborais? Moitos, ¿verdade?

O propio CES, o Consello Económico e Social, indicou no seu último informe sobre a mocidade galega no período 2009–2021 que os datos amosados anteriormente mostran o pouco éxito de calquera iniciativa de política activa destinada á empregabilidade dos mozos e das mozas. Dío o Consello Económico e Social, ¡eh! Non o di o BNG.

Estamos, polo tanto, ante o fracaso das políticas de emprego da Xunta dos últimos anos. Un fracaso que o Goberno galego intenta tapar con anuncios que xeren á súa vez titulares de prensa. Pero xa non enganan a ninguén, porque eses mesmos anuncios son os que facía a conselleira de Traballo, Beatriz Mato, cando dicía hai once anos que «o Consello Autonómico de Emprego será unha fórmula transparente, austera e eficiente para colaborar na posta en marcha das políticas activas de emprego». Tamén cando dicía que «os consellos provinciais de emprego e os comités territoriais garantirán a máxima adaptación das políticas activas de emprego a cada territorio».

Despois de once anos de goberno do Partido Popular estamos no mesmo punto de partida. Persisten os problemas estruturais do mercado de traballo, que afectan sobre todo as mulleres e a xente moza, e as políticas activas de emprego seguen sen dar resposta ás necesidades do mercado laboral galego.

Por iso, non podemos facer outra cousa que dar o noso apoio, o noso voto favorábel, a esta iniciativa do Grupo Parlamentario do Partido Socialista, esperando, así mesmo, que acepten a nosa emenda de engádega.

Esta iniciativa realmente o que está perseguindo é a activación, despois de moitos anos, dese consello autonómico de emprego, así como dos consellos provinciais e territoriais, pensados para —en palabras da propia Xunta hai doce anos—, «reforzar as políticas laborais». Unha ferramenta que, en palabras da Xunta tamén de hai doce anos, «integraría as achegas de Xunta, axentes sociais e empresariais». Pero a palabra do Goberno galego e do Partido Popular non vale nada, e este é un exemplo claro.

Por suposto que dende o BNG estamos a favor de que se activen e funcionen aqueles órganos institucionais galegos que fan realidade o tan necesario marco galego de relacións laborais. Estabamos a favor hai doce anos e estamos a favor hoxe. Sobre todo cando xa o chamado



«diálogo social» ten absolutamente estrangulados, cando non absolutamente inutilizados, os órganos institucionais lexítimos, legais e democráticos de representación tripartita; é dicir, aqueles nos que están en igualdade de dereitos as diferentes administracións, a patronal e os sindicatos con maior representación e peso neste país.

Pero o feito de que o Goberno galego non active ou de que escape deses órganos lexítimos legais e democráticos non é gratuito nin casual. Explicita a vontade clara do Partido Popular de xerar espazos ou foros que lle permitan mangonear ao seu antollo no ámbito laboral, coa conivencia —e isto hai que dicilo— de determinados axentes sindicais, nomeadamente UXT e Comisións Obreiras.

Está claro que o Partido Popular está moito máis cómodo no marco do mal chamado diálogo social. E é lóxico, porque se trata dunha estrutura paralela sen base legal ningunha que inutiliza ou baleira de contido os órganos legais, representativos e de funcionamento democrático, como pode ser o Consello Autonómico de Emprego, estes consellos provinciais e os comités territoriais.

Por iso, non deixa de ser curioso que o Partido Socialista agora pida que se activen órganos institucionais galegos lexítimos e legais e no seu día vise con bos ollos e defendese o marco do mal chamado «diálogo social», que non deixa de ser un marco non regulado, paralelo aos órganos institucionais creados no seo do auténtico diálogo social, e que non fai senón branquear as fallidas políticas de emprego, formación e colocación do Partido Popular.

É difícil de atopar a coherencia no feito de presentar esta iniciativa que pide activar organismos legalmente constituídos que fan certo o marco galego de relacións laborais e, ao mesmo tempo, apoiar esa estrutura paralela e alegal, mal chamada «diálogo social», que lexitima as fallidas medidas implementadas polo Goberno galego no ámbito laboral.

Creo que son conscientes, señorías do Partido Socialista, de que entrarlle ao xogo ao Goberno galego nese marco paralelo constituíu un erro, porque supón branquear un PP que amosa unha actitude que busca descaradamente evitar o funcionamento institucional de órganos constituídos e legais.

¿E por que o fai así o PP? Porque o regulamento destes órganos o que fai é fiscalizar a actuación do Goberno, e exige que dea conta da súa actuación. Proporcionan, ademais, mecanismos reais de achegas dos sindicatos e outras administracións distintas do Goberno galego. Pero o PP —claro— só quere un galo no galiñeiro; non quere escoitar opinións que difiran da liña que teñen xa marcada.

Dende o BNG defendemos e defenderemos sempre calquera proposta que vaia dirixida a dotar de actividade aqueles órganos institucionais galegos verdadeiramente representativos e de funcionamento democrático, que fan realidade o marco galego de relacións laborais. Por iso, apoiaremos esta iniciativa.

Pero tamén non hai que obviar que o Consello Autonómico de Emprego e estes consellos provinciais e territoriais teñen as súas competencias limitadas, porque non están transfe-



ridas todas as competencias do SEPE. Isto supón que o organismo que hoxe piden activar carece de plenitude de competencias necesarias e ideais para cumprir co obxectivo para o que naceu.

A realidade é que a concorrencia de dúas administracións, a autonómica e a estatal, en materia de emprego xera neste país desaxustes importantes. Por iso, presentamos unha emenda de engádegas na que demandamos a transferencia de todas esas competencias en materia de emprego, para precisamente ampliar, potenciar e optimizar as funcións do Consello Autonómico de Emprego, dos consellos provinciais e dos comités territoriais. Concentrando no Goberno galego todas as competencias en emprego —isto é, políticas de formación, fomento do emprego e prestacións— poderíanse potenciar os servizos públicos de emprego para a busca activa de traballo, adaptándoos ás particularidades socioeconómicas do noso país, optimizando así os resultados e facilitando a tramitación para as persoas traballadoras paradas en busca de emprego.

En suma, avanzar no autogoberno e na soberanía política. Esta soberanía política non é un fin en si mesma, senón unha caixa de ferramentas que nos permitiría mellorar a situación, neste caso, das traballadoras e traballadores galegos deste país, garantindo dereitos laborais e xustiza social. Poder político e soberanía plena serán e son a clave de bóveda tamén no relativo ao emprego para avanzar e facer realidade o marco galego de relacións laborais.

Por todo isto, presentamos unha emenda de engádegas que o que fai é —como digo— reforzar e potenciar os organismos que vostedes, señores do Partido Socialista e señoras, piden hoxe activar. Esperemos que a acepten, porque dende logo as que saírian beneficiadas serían as persoas traballadoras deste país.

Nada máis pola miña parte. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia. Ten a palabra dona Noelia Pérez López.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Bo día.

Grazas, presidenta.

Señorías, segundo unha das últimas enquisas do CIS —das poucas que non cociñan— (*Murmuros.*), os problemas que máis preocupan no noso país —estou a falar do conxunto de España— son os de índole económica en primeiro lugar, seguidos do paro. Por iso, cando un fala de emprego, cando un fala do mercado de traballo, das súas condicións e de como mellorar a súa empregabilidade, hai que facelo con seriedade, señorías. Hai que facelo con seriedade, porque os cidadáns así o están a percibir; como un problema serio.

Falou, señora Dacosta, de manipulación. A min gustaríame que me dixese como define entón que o Partido Socialista de Galicia veña aquí hoxe —e tamén na súa exposición de motivos do outro día— intentar facer unha comparativa dos traballadores a tempo completo en Ga-



licia do ano 2008 cos contratos actuais a tempo completo, parcial e fixos descontínuos mesurados, para introducir no debate e aplaudir o descenso —por certo, escaso— dos contratos temporais e o incremento dos indefinidos grazas á «contrarreforma» —entrecomíñollo coma vostedes— feita polo Goberno de Pedro Sánchez.

Se o caso é aplaudir nós non temos ningún problema en aplaudirilles, pero esa argumentación só ten dúas lecturas: ou nos queren facer parvos ao resto de deputados desta Cámara e a todas as galegas e os galegos ou se decatan de pouco ou non lles convén decatarse do que está a acontecer no mercado laboral. Porque miren, do total dos novos contratos indefinidos deste mes de marzo, máis da metade son a tempo parcial ou fixos descontínuos. Polo tanto, tras a contrarreforma do señor Sánchez e do seu Goberno —coas vicepresidentas incluídas— da que tanto presume o Partido Socialista de Galicia, ¿é certo que se asinan máis contratos indefinidos? É certo, pero os contratos que menos medran son os indefinidos a xornada completa.

E mentres nos piden transparencia a nós baixo o disfrace dos fixos descontínuos, o señor Sánchez e a señora Díaz o que fan é aumentar a temporalidade e a parcialidade; persoas que traballan por semanas soltas ou mesmo por días soltos. Temporalidade e parcialidade que acredita o último informe do Servizo Público de Emprego Estatal. Aquí ten as cifras (*A señora Pérez López amósalles un gráfico aos membros da Cámara.*) —e á parte díto literalmente—: «*Los contratos indefinidos del mes de marzo se dividen a tiempo completo, a tiempo parcial y fijos discontinuos*». ¿Respecto a marzo do ano 2022? «*Los primeros a tiempo completo suben un nueve por ciento, los segundos a tiempo parcial se han incrementado un tres por ciento y los fijos discontinuos*» —os que traballan por semanas soltas ou por meses soltos— soben coa súa contrarreforma un setenta por cento, señorías. E o Partido Socialista, pese a que calquera cidadán pode entrar nestas estatísticas, acceder a elas e ver estes datos, pretende que lle compremos unha visión triunfalista e alonxada por completo da realidade.

En termos do mercado de traballo, señorías, se lle facemos caso ao señor Escrivá —que, por certo, os atribúe á solidez da economía española—, se lle facemos caso ao señor Ábalos, á señora Montero e a todo o partido Socialista xogamos na *Champions League*. Xogamos na *Champions League* na que, por exemplo, España está a encabezar o paro xuvenil de toda a Unión Europea. Segundo Eurostat, que utiliza os datos da EPA, catro de cada dez menores de vinte e cinco anos que se uniron á cola do paro en Europa eran españois. Unha *Champions League* na que España, á marxe xa do desemprego xuvenil e aínda que os datos melloraron algo nos últimos meses, lidera unha vez máis, señorías, a taxa de desemprego do conxunto da Unión.

Polo tanto, eu o que lles pediría cando suban a esta tribuna é, cando menos, prudencia; a mesma prudencia que está a seguir tanto o Goberno galego como este grupo, que mira cara ao mercado laboral de Galicia con cautela, estudando os datos e analizándoos como corresponde a un grupo serio e rigoroso e sen facer demagogia con eles. Porque se quixésemos facer demagogia con eles nós tamén sabemos ler en transversal, como saben ler outros grupos desta Cámara. Pero non sería xusto cos galegos e galegas que nos votaron e que nos colocaron como grupo maioritario e fronte aos que temos que responder día tras día.

Polo tanto, non imos secundar o seu populismo con esta iniciativa, que se resume nunha frase moi sinxela: «en España cando os datos melloran vains moi ben grazas ao Goberno



e ao señor Sánchez, pero en Galicia cando os datos do paro melloran non é grazas ao Goberno porque, neste caso, o Goberno é do Partido Popular».

Miren, pois pese a esa dobre vara de medir que teñen, en Galicia contamos con indicadores máis favorables que a media estatal. A taxa de desemprego segue a ser dous puntos inferior á media do Estado. Poden vostedes utilizar os datos que queiran. Ou —para os que queren unha Galicia industrial sen industrias, para a súa desgraza e para o ben dos galegos— tamén o índice de confianza empresarial é maior na nosa comunidade que na media estatal.

Aínda así, as interpretacións do Goberno da Xunta de Galicia fanse con cautela e lonxe de triunfalismos. Porque —como lle dicía a conselleira de Emprego no pasado pleno— a incerteza marca o actual contexto socioeconómico e Galicia, ao igual que o resto das rexións, non escapa desta situación.

Miren, temos 131.400 parados, moitos menos dos que nos deixaron, por certo, vostedes no ano 2009 despois de gobernar durante catro anos este país. Pero ao mesmo tempo que existe ese número de parados, existen postos de traballo sen cubrir en sectores estratéxicos da nosa economía. ¿E que está a facer o Goberno galego? En vez de propaganda, como están a facer outros, ocupa o seu tempo en traballar, señorías. Non en anuncios; en poñer en marcha novos instrumentos e novas accións en materia de emprego e de formación para dar resposta aos novos retos do tecido empresarial, que son moitos, e para favorecer a participación no mercado laboral das galegas e dos galegos.

Dicía vostede, señora Dacosta, que non tiñamos medidas. Eu non vou afondar nelas, pero mire, temos un plan Emprega que está a dar uns estupendos resultados, sobre todo con eses colectivos que teñen maior dificultade para acceder a acadar un emprego: coas mulleres, cos mozos, coas persoas con discapacidade ou en risco de exclusión.

Temos un programa de apoio á contratación e formación en empresas que incide especialmente nos parados de longa duración, aos que vostede fixo mención: maiores de cincuenta e cinco anos e persoas retornadas emigrantes. É a Axenda galega de capacidades —que, por certo, vostedes non confían nada nela— a que está a permitir microformacións e accións formativas fixadas como prioritarias polas mesas sectoriais e demandadas polo tecido produtivo.

E todas as accións, señorías, implantadas da man dos principais axentes económicos e sociais de Galicia; da man do diálogo social de Galicia. Porque, aínda que sei que non está na súa folla de ruta —de feito o sindicato que ten un partido sentado nesta Cámara non forma parte do diálogo social de Galicia—, os traballadores, os empresarios e a sociedade galega si queren un diálogo aberto, un diálogo permanente, un diálogo participativo coas administracións públicas para identificar e resolver todas esas cuestións que afectan o emprego en Galicia. Cando hai esa participación e esa colaboración as cousas saen ben, igual que saíron ben eses plans de rescate que en plena pandemia axudaron a milleiros de pemes e de autónomos, froito desa colaboración e dese consenso.

Polo tanto, traballar xuntos e acadar acordos comúns é exactamente o que está a propiciar o Goberno galego, e vaino seguir facendo. Eu entendo que quen só ven no diálogo social



unha ferramenta para a propaganda, confunden a busca de consensos e acordos coa imposición de posturas e quen distinguen entre axentes bos e axentes malos perdan a esencia do diálogo real e útil para a sociedade galega e non sexan capaces de ver que nestes momentos é a fórmula máis acertada e a que mellor se adapta, por todos os cambios que están a producirse dentro do mercado laboral. Temos un mercado laboral cambiante, moitísimo máis despois da pandemia, no que xorden novas profesións, no que varían as relacións laborais e que require de adaptacións continuas. Co que vostedes nos piden non seríamos quen de dar resposta nin ás necesidades das empresas, nin aos traballadores, nin á sociedade galega.

Por último, quería dicirlles que, no medio de todas as inconcrecións que verteron aquí esta mañá, se algunha verdade dixo nos últimos tempos o Partido Socialista é que o mercado de traballo en Galicia presenta unha serie de eivas que condicionan as súas posibilidades de desenvolvemento. Niso estamos de acordo con vostedes. Eu voulle expoñer as principais eivas do mercado laboral en Galicia.

Primeiro, o incremento do custo da enerxía. Seguimos a esperar, señorías, por un prezo competitivo para as empresas electrointensivas galegas, que xeran moitos postos de traballo e que no día de hoxe seguen sen poder competir co resto dos países europeos pola ineficiencia e a ineficacia do señor Sánchez e do seu Goberno.

Outra eiva: os fondos Next Generation, que seguen sen chegar ao tecido empresarial galego. ¡Anuncios si! Na nosa comunidade desembarcan conselleiros —perdón, ministros— todos os días, pero o único que nos traen son contos, porque dos 41.000 millóns anunciados polo Goberno están convocados o 31 por cento, adxudicados 15,6 e ata 41.000 millóns quedan 34.300 millóns en mans do Partido Socialista e dos seus socios que non están chegando á industria galega.

Outra eiva máis: seguimos sen que o Partido Socialista concrete o financiamento para os proxectos estratéxicos para a reactivación da industria na nosa comunidade. En Galicia esa inconcreción está a afectar os proxectos de Altri ou os proxectos de Stellantis, por poñerlles algún exemplo. E concordarán comigo en que se á industria dunha comunidade lle vai ben ao emprego e á economía desa comunidade tamén lles vai ir ben.

Entón, señora Dacosta, nesta segunda quenda de réplica —xa que non o fixo na súa primeira intervención— supoño que terá algo que dicirnos respecto destas cuestións imprescindibles para as empresas galegas e imprescindibles para mellorar a empregabilidade das galegas e dos galegos. E terá que aclararnos se o Partido Socialista de Galicia segue do lado do señor Sánchez ou está ao carón das galegas e dos galegos.

En conclusión, as políticas activas de emprego que está a levar a cabo e que seguirá levando a cabo o Goberno galego da man do diálogo social están a funcionar. A principal eiva que sofre o mercado de traballo en Galicia ten nome e apelidos: o Partido Socialista dirixido polo señor Sánchez e o seu Goberno e axudado por un Bloque Nacionalista Galego abnegado e abducido polo Partido Socialista. Polo tanto, os dous grupos teñen responsabilidade no que está a acontecer no mercado de traballo en Galicia así que, polo ben das galegas e dos gale-



gos, eu pediríalles que deixen a demagogia a un lado, volvan á realidade e, sobre todo, volvan á actualidade do mercado laboral.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez.

Grupo autor da moción, señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: O que ten que facer un para escusarse de cumprir a lei e dicir que vai votar en contra de constituír os comités territoriais e os consellos provinciais... (*Aplausos.*) Ten que dicir que non somos serios, ten que dicir que manipulamos... ¡Home! ¡Manipular, manipula o seu xefe, Feijóo! Cando falo de fixos descontinuos... Porque de repente chega Feijóo e di: «é que agora os fixos descontinuos non computan para o desemprego». E, claro, toda España mirando e dicindo: «¿que pasa aquí?» Pero non, é que realmente non mudara a lei; nunca computaron os fixos descontinuos para o desemprego. Mentía Feijóo. Ese si que mente; este grupo parlamentario o que dá son datos, datos contrastados. (*Aplausos.*)

O que lles doe é que a reforma laboral estea funcionando; que sexa a primeira vez que dende o ano 2008 baixásemos de tres millóns de parados. ¡Iso é o que lle doe ao Partido Popular! Si, señora Pérez.

Mire, non fala de paro xuvenil ¿verdade? Porque, claro, cando din que temos menos paro xuvenil, ¿por que é? É que hai menos xóvenes en Galicia. Entón, temos menos xóvenes en Galicia, vanse a outras comunidades e resulta que temos menos paro. Dende logo poden estar contentos.

Mire, non lle vou falar do que vostede di. Non falo agora de enerxía; falo de industria, que é competencia desta Comunidade autónoma e perdéronse tres de cada catro horas de traballo nestes últimos anos. ¡E esa é unha competencia desta comunidade! (*Aplausos.*) E falo do sector agrario, que tamén perdeu moitísimos empregos. E iso é competencia deste grupo que está aquí sentado. (*A señora Rodríguez Dacosta sinala a bancada do Grupo Parlamentario Popular.*)

Non falou do mapa territorial. Non vou entrar no mapa territorial de oficinas, que está desfasado, porque tiña que falar do diálogo social. Porque este grupo parlamentario si que está a favor do diálogo social, pola contra do que dicía o portavoz do BNG. Estamos a favor de que se realice diálogo social para acordos concretos e puntuais, como está facendo o Goberno do Estado en Madrid, con acordos puntuais como foron os dos ERTE —que foron un gran colchón para os nosos traballadores e traballadoras—, como foron os acordos do salario mínimo interprofesional ou como pode ser o acordo das pensións. Non son excluíntes; unha cousa non quita a outra. A CIG —neste caso o sindicato ao que vostede aludía— non quere sentarse na mesa do diálogo social. Eu non o entendo, pero é a súa posición.

Defendo o diálogo social, pero defendo tamén que os órganos de participación institucional se teñen que reunir si ou si, porque o marca unha lei e o marca un decreto. Isto ten funcións distintas das que ten o diálogo social do que está a falar.



Vostedes o que non queren cambiar son as políticas clientelares que están a facer en todas as áreas —tamén en materia de emprego—. Porque, claro, ¿que información dan dos cursos? ¿A que entidades se lles dan estes cursos? ¿Que resultados obteñen estas academias ou entidades con esa formación? ¿Cantos cursos se reiteran na mesma comarca? Diso é do que non queren falar.

Xa lle indicaba antes —isto en relación ao que dicía o portavoz do BNG— que en Madrid se celebra o diálogo social, igual que en Galicia. Pero, a maiores, reúnen os órganos de participación institucional, como non pode ser doutra maneira. Xa o dicía o outro día: o Goberno de Pedro Sánchez acata a lei e parece que aquí iso non lles vai moi ben.

Nunha reunión do Comité Autonómico de Emprego que se celebrou en Ourense —a última— dicíase, por exemplo: «A formación que se está a impartir na nosa comunidade está ao revés; son os centros os que piden a formación e a Administración autoriza e debería ser xusto ao revés. O que existe é saturación de cursos.» Isto dicía unha acta que poden comprobar. Dicía tamén que hai que mirar a situación das comarcas —referíndose a Ourense— que se están a converter nun auténtico deserto. Isto dicíase nun comité, e iso é o que creo que vostedes non queren escoitar.

E imos falar de emprego, da Xunta de Galicia e de fondos. Dende o ano 2009 ao ano 2021 —xa o dixen o outro día— deixan sen executar 1.775 millóns. Pero agora chéganos a execución orzamentaria deste ano 2022 e vostedes, que o fan todo tan marabillosamente ben, deixan sen executar só en políticas de emprego 215 millóns de euros, señora Pérez. Isto é do que tiña que falar vostede aquí. Esa afirmación provén dos datos que facilita a Consellería de Facenda; a Consellería de Emprego sempre nega estes datos. Pois que se poña de acordo o conselleiro de Facenda coa conselleira de Emprego, porque estes datos son os que son.

E con estes 215 millóns de euros, ¿dime que non puideron desenvolver un plan de choque para a empregabilidade dos mozos e mozas da nosa comunidade? ¿Ou deseñar medidas que diminúan a brecha salarial ou medidas para activar os parados de longa duración, que se non se fai neste momento quedan fóra do mercado laboral? ¿Poden quedar moitos traballadores e traballadoras galegas fóra do mercado laboral!

Este momento, señora Pérez, resulta crucial para reformular estas políticas de emprego, para facer unha avaliación e un estudo e mudar o que haxa que mudar e manter o que haxa que manter; que tamén, obviamente, hai cousas que se están facendo ben.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Si, si.

Con relación á emenda, se ben estamos a favor da transferencia da Inspección de Traballo e Seguridade Social, este tema é moito máis complexo polo tema da Seguridade Social, prestacións etc. e non podemos, neste momento, aceptar esa engádegas.

Moitas grazas. Grazas, presidente. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Procedemos á votación das mocións.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María González Albert.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María González Albert, sobre a aprobación do Consello de Informativos e o Estatuto profesional na Corporación Radio e Televisión de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Iago Tabarés.

Hai unha proposta de transacción. Tena a letrada e coñécena todos os grupos.

(Un señor deputado: Se a le a Presidencia...)

O señor PRESIDENTE: Vale.

A transacción á que chegaron é a seguinte:

Primeiro punto. «Instar a Xunta de Galicia a: traballar co Goberno de España nunha modificación normativa que permita que as propostas de ampliación da planta xudicial remitidas polas comunidades autónomas teñan unha maior vinculación na decisión final do Ministerio de Xustiza, así como as que impiden a posibilidade da eliminación ou redución das actuacións e dilixencias xudiciais que se veñen realizando nos órganos xurisdiccionais dos distintos partidos xudiciais de Galicia.»

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre a política do Goberno galego en relación coa planta xudicial en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.



O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o texto transaccionado desta moción.

O señor PRESIDENTE: Por último, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de D.^a María del Carmen Rodríguez Dacosta.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre o mercado de traballo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Suspendemos a sesión ata as catro da tarde, dezaseis horas.

Suspéndese a sesión ás dúas e un minuto da tarde e retómase ás catro.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión co punto terceiro.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a María Leticia Gallego Sanromán e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia con respecto á elaboración dun plan de retención de talento

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para a defensa da proposición non de lei ten a palabra a señora Gallego.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Grazas polos que estades aquí ás catro da tarde, que sei que non é unha boa hora. Pero bueno, imos falar de talento.

Galicia perde talento. En 2022 un total de 8.257 traballadores e traballadoras galegas con titulación universitaria marchou para traballar a outras comunidades autónomas. Esta fuga de talentos vai en aumento. Os galegos e as galegas con estudos superiores que emigraron



a outras partes de España foron un quince por cento máis que no ano 2021. Nun lustro, o incremento supera xa o vinte e un por cento de persoas que decidiron traballar fóra da nosa terra. Sen embargo, Galicia non atrae, na mesma medida, profesionais con títulos universitarios: só 4.000 no último ano, é dicir, a metade dos que marchan. Estes son datos dos contratos do Instituto Galego das Cualificacións, dependente da Consellería de Promoción de Emprego.

Galicia perdeu o ano pasado unha masa laboral de 7.730 persoas, sen contar os que marcharon ao estranxeiro. É un déficit que, ademais, duplica o saldo negativo de 3.600 persoas que se contabilizaban en 2021. Entre os que abandonan o mercado laboral galego, unha cuarta parte son titulados universitarios. Tamén marcharon para traballar a outras comunidades autónomas 7.689 titulados de bacharelato e 3.759 con estudos de formación profesional e emigraron 8.140 traballadores e traballadoras cualificadas na agricultura e pesca. O ano pasado foise, para traballar a outras partes do noso país, un total de 6.575 técnicos e profesionais, científicos e intelectuais. Por este motivo, xa o ano pasado o noso grupo parlamentario solicitou que o Goberno autonómico consolide unha carreira pública, estable e previsible para o persoal técnico investigador, equivalente á dos países máis avanzados. Ademais de aumentar os recursos, a Xunta de Galicia debe garantir o cambio xeracional e a atracción e a retención de talento.

O gasto interno en I+D por habitante en Galicia situábase en 2021 en 232 euros, fronte aos 328 euros da media española, segundo os datos publicados polo Instituto Nacional de Estadística. As comunidades con maior gasto en actividades internas de I+D por habitante foron o País Vasco, con 674 euros, a Comunidade de Madrid, con 607 euros, e a Comunidade Foral de Navarra, con 540 euros por habitante. Trátase de aumentar máis o investimento público necesario en investigación: en centros de investigación, universidades, centros tecnolóxicos, *clusters* ou noutros axentes do sistema.

Segundo os profesores de Economía Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela, Blanco Álvarez e González López, Galicia é unha das autonomías máis afectadas pola fuga de cerebros no contexto español. Galicia perde ao redor dun cinco por cento do total de contratos realizados a traballadores cualificados que marchan para Madrid, onde se firma o trinta e cinco por cento dos contratos a traballadores de alta cualificación desprazados doutros territorios, seguida de Cataluña, cun quince por cento.

Galicia ten que apostar pola ciencia e pola innovación, como valor estratéxico e piar do benestar e do crecemento. Temos unha falta de compromiso total por parte do Goberno galego coa ciencia e coa investigación de Galicia, en especial, pola falla de financiamento e polas malas condicións laborais do persoal investigador, que non frean a fuga de talento. Unha mostra do pouco que aposta o Goberno galego pola I+D+i é a falta de execución nos orzamentos do ano 2022, xa que a Xunta de Galicia só executou o corenta e sete por cento do Programa 561A, sobre o Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica, volvendo a non executar os orzamentos outro ano máis, quedando o cincuenta e tres por cento do orzamento sen executar. E, a maiores, dos 197 millóns orzados inicialmente, baixaron ese orzamento en 58 millóns, quedando en 139 millóns finalmente. Unha auténtica vergoña.



O Goberno galego ten que tomar medidas para a retención de talento científico en Galicia, como: a redución de cargas administrativas; o afianzamento da carreira profesional de xoves científicos que poderán acceder a unha praza fixa tras rematar o seu itinerario posdoc; verdadeiras axudas para a contratación de persoal investigador no sector privado... Isto é o que tería que facer a Xunta de Galicia.

O gasto en I+D+i en Galicia, en relación co produto interior bruto, é do 1,1 por cento, fronte ao 1,4 por cento de España e o 2,18 por cento da media da Unión Europea. En Galicia temos que construír un novo modelo de crecemento e, para que isto sexa así, a Xunta de Galicia ten que apoiar o campo da I+D+i, incrementando moito máis este programa nos seus orzamentos. Nós, o PSdeG, apostamos por incrementar un 0,4 por cento do produto interior bruto nos programas de I+D+i, de tal forma que Galicia poida acadar a media estatal e aproximarse ao obxectivo do tres por cento do produto interior bruto. Despois de catorce anos de goberno do Partido Popular, este tivo tempo máis que suficiente para decatarse do erro económico e social que supuxo non apostar pola I+D+i. Non volvan cometer ese erro, señoras e señores do Partido Popular.

E detrás de todos estes datos de perda de talento non só existe un problema laboral ou económico, senón que tamén hai un problema demográfico. O setenta e seis por cento das persoas traballadoras que abandonan Galicia para traballar noutras partes de España teñen menos de corenta e cinco anos. O pasado ano marcharon case 12.000 veinteañeros e 13.600 profesionais entre trinta e corenta e catro anos. En total 25.600 galegos e galegas de menos de corenta e cinco anos marcharon. E hoxe pola mañá falábase aquí do paro xuvenil e sacaba peito o Partido Popular das boas cifras. Pero se marchan todos os xoves e non queda ningún, entón, ¡claro!, as cifras son fantásticas. Pois non, porque 25.000 xoves marcharon de Galicia. Esa é a realidade, esa é a verdadeira realidade.

Unha das razóns que apuntan os expertos para explicar a fuga de talento é o desaxuste entre a oferta e a demanda neste tipo de persoas traballadoras. Polo tanto, Galicia está perdendo parte da súa poboación en idade laboral cada ano, o que agrava as xa precarias dinámicas demográficas. A Xunta de Galicia ten que elaborar urxentemente un plan para a retención de todas as persoas que marchan para traballar fóra da nosa terra porque, de seguir así, sen tomar ningún tipo de medidas, o problema demográfico de moitas vilas da nosa comunidade autónoma será irreversible.

Galicia perde cada vez máis capital humano cualificado, mentres que as empresas se queixan de que non atopan man de obra formada. E, a maiores, a fuga de talento supón desperdiciar recursos públicos en formar capital humano que logo marcha fóra. Aquí os formamos e despois marchan fóra, e aproveítanse noutros sitios dese talento que temos aquí.

Hoxe solicitamos á Xunta de Galicia que elabore un plan de retención de talento, dotado dunha partida orzamentaria suficiente para implementalo urxentemente, no cal colabore o tecido empresarial da nosa comunidade autónoma e as tres universidades galegas. Temos un grave problema en Galicia: non retemos o noso talento. O Goberno galego ten que tomar medidas de calado ante este problema, se non, as consecuencias serán nefastas para a nosa terra. Galicia sen a súa ciencia, sen os seus investigadores e sen as súas investigadoras, sen



os seus universitarios, sen a súa xente xove, sen o seu talento, en definitiva, non é un país de futuro.

Espero que todos e todas nesta Cámara esteamos de acordo en elaborar un plan de retención de talento urxentemente.

Moitas grazas e nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Eu vou intentar non reiterar as cifras que deu xa a señora Gallego na súa intervención, pero si vou quedar cos últimos datos que publicou o Instituto Galego de Estatística sobre o saldo migratorio en Galiza.

O que nos di o IGE é que saíron 90.445 persoas e entraron 104.893 persoas, froito das migracións; é un saldo, polo tanto, positivo, ¿non? Tres mil cara ao resto do Estado, máis 11.000 cara a fóra do Estado. Con todo, a emigración non se pode ver como unha foto fixa ou os procesos migratorios non poden ser vistos como unha foto fixa. Con todo —xa digo—, se ves a serie histórica e colles o que che presta o propio Instituto Galego de Estatística, na secuencia que ten dentro da páxina web —sen darlle a moita máis tecla—, entre 1990 e 2021, hoxe marcha máis xente que en 1990 —a min tamén me resultou un dato curioso—. En 2021 marcharon 90.445 persoas e en 1990, 38.919 galegas e galegos. No Bipartito, por certo, emigraba menos xente que agora. Se collen vostedes os anos 2005, 2006 ou 2007 verán que a cifra non é idéntica. E canto ás inmigracións tamén entra hoxe menos xente procedente doutros países e doutras comunidades autónomas do que o facía no ano 2007 no noso país. En 2021 entraron 104.893 persoas e no ano 2007 eran 113.000 as persoas procedentes doutros territorios do Estado ou de fóra do Estado que viñan residir a Galicia.

¿Con isto que queremos dicir? O que sempre dixemos desde o BNG: a emigración é unha constante; é un problema estrutural para Galiza; é un problema estrutural de raíz económica para o nos país e éo ao longo de moitas décadas e de moitos séculos. É, de feito, o elemento determinante: é o grande elemento para entender a transformación demográfica deste país que converteu Galiza nun dos lugares máis envellecidos, non só do Estado, senón de Europa, pola porcentaxe que representa a poboación maior de sesenta e cinco anos no total das habitantes e dos habitantes de Galiza.

Unha parte importante desa poboación que marcha—como dicía a señora Gallego— son persoas novas. Unha parte importante das persoas que marchan —entre máis xente ou non; sempre segue marchando xente— é menor de corenta e cinco anos, entre outra, pero especialmente menor de corenta e cinco anos, con formación superior, aínda que non é nin a



xente máis valiosa nin é máis importante que outra, xa que, ás veces, poñemos moito o acento en que marchan persoas tituladas e veremos que iso ten un elemento, a maiores, engadido, pero non é máis importante que unha persoa que teña unha formación básica e traballe como traballadora ou traballador manual nunha fábrica. Pero, en todo caso, segue marchando moita xente de menos de corenta e cinco anos fóra do noso país e moita dela — unha parte cada vez maior, por sorte— con formación e estudos superiores. Esas persoas son persoas nas que, o conxunto da sociedade galega, a empezar polas súas propias familias —pero o esforzo é colectivo—, fixemos un enorme investimento económico. Iso ten unha dupla consecuencia. Dunha banda, regalamos man de obra, efectivamente, cualificada, cun investimento público moi grande —imos ver agora as cifras—, pero regalamos man de obra cualificada a outras comunidades autónomas, nomeadamente a Madrid e a Barcelona, pero tamén a outros Estados membros da Unión Europea. Hai uns anos, o Foro Económico de Galiza facía unhas estimacións. Publicaba un estudo moi interesante que intentaba aproximar cal é o custo económico que ten para o conxunto da sociedade galega esa xente que marcha e non volve —que ese é o elemento determinante—. O Foro Económico de Galiza dicía aproximadamente que ese custo oscila, para o conxunto da sociedade galega, entre 178 e 311 millóns de euros públicos ao ano. É diñeiro que nós investimos na formación das persoas deste país, das xeracións máis novas e máis formadas deste país, pero que logo van traballar, desenvolver o seu proxecto de vida e xerar riqueza a outros lugares. En segundo lugar, efectivamente, hai un impacto demográfico pola perda de nacementos —di o Foro Económico—, é dicir, polas fillas e fillos que esas persoas poderían ter aquí —se así o queren—, pero que logo teñen noutros territorios fóra de Galiza. O Foro Económico estima que se perden —e, insisto, é unha estimación— por volta de dúas mil crianzas ao ano pola emigración xuvenil, en Galicia.

¿Que facer para paliar esta situación? O primeiro, garantir condicións de vida dignas, xa que para poder desenvolver un proxecto de vida tes que ter traballo, pero outras cousas tamén, non só traballo, senón un salario que che permita vivir precisamente nunhas condicións dignas e garantir con ese salario que podes pagar *qué sé yo, entre outras cosas*, o dereito a unha vivenda, por exemplo; isto é, poder acceder á vivenda, como dereito social fundamental. ¿Hoxe en Galicia está garantido ese dereito á vivenda para a mocidade, para o conxunto da poboación en xeral, pero, moi especialmente, para a mocidade? ¡Pois bastante *no*!

O prezo da vivenda encareceuse en Galiza un 6,6 por cento no ano 2022; é a maior suba rexistrada nos últimos quince anos. Os soldos baixos e o prezo da vivenda están impedindo emanciparse a 83.000 persoas mozas que teñen hoxe un posto de traballo e cobran todos os meses unha nómina, pero o que cobran non lles dá para pagar o alugueiro. Un terzo das galegas e dos galegos entre dezaioito e trinta e catro anos, aínda tendo un traballo e unha nómina, segue vivindo cos pais porque non pode pagar unha vivenda. E o que ten denunciado tantas veces aquí o BNG, a través da nosa compañeira Alexandra Fernández, o número de demandantes de vivenda en alugueiro social público no Rexistro da Xunta de Galiza está moi por riba, triplica o número de inmobles que ofrece a propia Comunidade Autónoma.

A pesar da propaganda, a pesar do fume, a realidade non se dá tapado, e o que demostran as cifras é que a falta de política decidida, ambiciosa e, sobre todo, a falta dun investimento claro ao longo dos anos o que está impedindo é non só que poidas optar a un posto de tra-



ballo, senón que poidas acceder a un dereito fundamental para desenvolver un proxecto vital, como é poder emanciparte e ter unha vivenda. Con ese panorama vas desenvolver pouco proxecto de vida e vas reter pouco talento ou nada.

E, en terceiro lugar, que para nós é o elemento determinante, e é, sobre todo, no que se centra un pouco a iniciativa que trae hoxe o Partido Socialista a debate, que non se centra tanto nas condicións, por exemplo, de acceso á vivenda e nas condicións de vida digna, senón en crear pistas de retorno —por dicilo dunha maneira sinxela— para poder volver.

Se falamos de persoas que se dedican ao ámbito científico, ao ámbito da investigación, por exemplo, marchar non é un problema. De feito, hai unha parte importante das convocatorias, entre elas da Xunta, por exemplo, as posdoutorais, que che exixen estadias no estranxeiro para poder continuar con esa formación e co enriquecemento que che dá vivir e traballar noutros países, con outras realidades culturais e con outras experiencias vitais. Iso é boísimo e enriquece moitísimo as persoas que van a eses programas e que poden volver despois aquí, a Galiza, traendo unha formación e un enriquecemento vital e persoal enormes. O problema é non ter como volver a Galiza; ese é o gran problema que arrastramos no noso país en materia de ciencia e de investigación.

Saben cal é a proposta do BNG; é clara nesta materia e consiste na creación dun programa forte e potente de retención e de captación de talento, que sexa integral e que sexa concibido de maneira estratéxica, que implique o conxunto dos axentes e dos actores que traballan neste ecosistema innovador e, sobre todo, neste ecosistema investigador e científico de Galiza. Nós levamos anos traballando na proposta de creación do Innogal. Hai unha lei xa feita e rexistrada nesta Cámara que traeremos —supoño— nas próximas semanas ou nos próximos meses e que poden, ademais, consultala —está rexistrada— e que xa ten o seu informe de impacto de xénero á disposición para poder traela a debate. Parécenos que é unha proposta que pode aceptarse como unha proposta de país, que é perfectamente asumida e asumible por todas as forzas con representación nesta Cámara, que conta co traballo, co esforzo, coas aportacións e co aval do principal tecido investigador e científico do noso país, e cremos que, ademais, completa outra proposta, que é boa, e que fixo a Xunta de Galiza nos últimos días. Hai un borrador —supoño que vostedes o coñecen mellor ca min, que a min me custou un pouco conseguilo— de Decreto do Estatuto investigador para unha carreira investigadora no ámbito público e dependente da Xunta de Galiza que está en tramitación, en proceso de elaboración. Vou repetilo outra vez: ten cousas moi interesantes, ten cousas moi boas e outras que é necesario mellorar e que hai tempo aínda para corrixir as eivas, como que, por exemplo, o persoal investigador sanitario non está aínda integrado na propia estrutura da Xunta e na ACIS para poder verse implicado por esa carreira profesional; ou como abranguer tamén todo o persoal tecnólogo, que é esencial nos grupos de investigación, ou, por exemplo, garantir o cumprimento da Lei Ángeles Alvariño nos procesos de avaliación. Pero é unha boa partida, e o BNG sempre terá a man tendida neste asunto e nesta materia. Dixémolo moitas veces.

Aí con esa man tendida, con esa vontade de diálogo e de acordo, nós imos votar a favor hoxe desta iniciativa que trae o Partido Socialista, e agardamos que esa man tendida, que esa vontade de chegar a acordo e de converter a política de ciencia e de investigación neste país



nunha política de país, de conxunto, que nos implique a todas e a todos, tamén nos leve a votar favorablemente, no seu momento, a Lei de creación do Innogal ou a ese estatuto mellorado da carreira investigadora do persoal público investigador da Xunta de Galicia.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Díaz Mouteira.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas, presidente.

Señorías, boas tardes.

A verdade é que tiña razón a señora Gallego acerca de que intervir despois do xantar non é nada sinxelo, sobre todo porque parece que botásemos unha cabezadiña que en vez de ser pracenteira fose un pesadelo despois de escoitar as señorías da oposición porque todo é negativo, todo é catastrofismo. E eu pídolles que esperten, porque o que quere este grupo parlamentario é que entre todos —e digo—, entre todos, sigamos facendo de Galicia esa terra de oportunidades para as nosas mozas e mozos e sobre todo para que quen queira traballar aquí poida facelo. E —insisto— non somos a Galicia en negativo, non somos a Galicia en branco e negro que vostedes acaban de describir.

O Goberno galego aposta polo que funciona. O Goberno galego aposta por novas vías; por novas novas vías que permitan que a nosa mocidade quede en Galicia, que a nosa mocidade se inicie no mercado de traballo en Galicia e que a nosa mocidade consiga acceder a un emprego en Galicia. De verdade que, dende este grupo parlamentario, non entendemos porque nunca aprecian o que se está a facer —todo esta mal—, sobre todo, porque este grupo parlamentario que represento sempre apoia o traballo do Goberno galego porque está a facelo dun xeito transversal, está a facelo, está a defender unha Galicia de onde marche quen queira para estudar, para traballar, para completar a súa formación, para ampliar a súa experiencia laboral, para mellorar o coñecemento en idiomas... isto é, para que haxa liberdade para elixir como e onde forxar o seu proxecto profesional e de vida. E, para conseguir que, dun xeito libre, a nosa mocidade quede en Galicia tamén temos que ofrecer ese traballo de calidade para que quede aquí e desenvolva o proxecto de vida.

Mire, señora Gallego, como sempre o Partido Socialista chega tarde porque en Galicia xa hai un plan; xa hai un Plan de retención de talento e está funcionando. Pero é que, ademais, señora Gallego, este plan é moito máis ambicioso que o que trae vostede na súa iniciativa porque o Plan da Xunta de Galicia non só pretende reter talento, pois, se nos propoñemos avanzar e ser mellores, ademais de reter talento tamén haberá que facer un esforzo para atraelo. Miren vostedes ata que punto a retención e a captación de talento están na folla de ruta do Goberno galego que son un obxectivo prioritario e transversal presente en todos e cada un dos departamentos da Xunta de Galicia, cun obxectivo: un mercado laboral forte e atractivo para os nosos mozos. ¿Que hai Plan? Claro que hai Plan. Estamos a falar do plan Emprega Xuventude, que ten unha finalidade que é impulsar un emprego con garantías e



con oportunidades para a mocidade, para que elixa Galicia e para emanciparse, para que teña aquí a primeira oportunidade no mercado laboral, adquirindo experiencia e mellorando as súas capacidades.

E vaia botándolle contas cando falaba vostede de partida orzamentaria porque, de entrada, nesta edición do plan Emprega xa estamos a falar de trinta millóns de euros para buscar ou para facilitar a contratación de dúas mil mozas e mozos. É unha edición que inclúe novos programas, como son: subvención ao primeiro contrato de traballo; talleres de emprego; estratexias de emprego no campo da investigación, tecnoloxía e innovación. A iniciativa Talento 30, tome nota: un investimento de 12,2 millóns de euros, que busca mellorar a empregabilidade dos máis novos.

E dicía que as iniciativas da Xunta son máis completas e ambiciosas —e dicíao— porque a ese plan Emprega Xuventude hai que sumarlle a estratexia Retorna, coa que a Xunta quere chegar ao medio millón de galegos e de galegas que viven polo mundo para que volvan a Galicia e teñan unha empresa disposta a contratalos. Unha proba disto son as 28.000 persoas que chegaron nos últimos anos. Estamos a falar dunha estratexia testada e contrastada.

Segundo o Instituto Nacional de Estatística, con estas políticas de retorno, durante o primeiro semestre do ano 2022, a nosa comunidade acadou un saldo migratorio de 12.786 persoas, cunha media de idade de corenta anos, sendo a sexta comunidade autónoma, señora Gallego, con maior empuxe e atracción de poboación.

¿Insisten vostedes en que non hai iniciativas específicas para a retención de talento? Só me queda deducir algo das súas intervencións: simplemente descoñecemento. Miren, o programa Investigo está encadrado no plan Emprega Xuventude para facilitar a contratación da mocidade galega nos eidos punteiros: en investigación, tecnoloxía e innovación. Xa foron contratados trescentos oitenta mozos e mozas. Hai unha segunda edición en marcha, cun orzamento de nove millóns de euros. Non sei se leva a conta, señora Gallego. Xa levamos uns cantos millóns para facilitar o acceso ao mercado laboral cualificado a catrocentos dez menores de trinta anos. E, todo isto en Galicia, señora Gallego.

E seguimos: a Axenda Galega de Capacidades para o Emprego é un gran pacto social en Galicia que sitúa as capacidades das persoas traballadoras no centro da axenda política, identificando as necesidades formativas da man das empresas para dar resposta aos novos retos. Xempre Contigo, na procura dun mercado laboral máis accesible e próximo para que as persoas atopen un posto de traballo axeitado á súa formación. E todo isto en Galicia, señoría. Tamén a Axencia Galega de Innovación, o GAIN, impulsa convocatorias para a captación e para a retención do talento, ademais da Estratexia autonómica de responsabilidade social empresarial 2023-2025, que quintuplica a súa dotación ata 175 millóns de euros, para favorecer a competitividade das empresas e para atraer talento.

E, en Galicia, ademais, procúrase, ao mesmo tempo, esa igualdade real de oportunidades entre mulleres e homes, e esta liña de compromiso está garantida pola Lei Ángeles Alvariño, aprobada por unanimidade neste Parlamento, e —entendo— é coñecida polas súas señorías. Estamos a falar, polo tanto, de iniciativas que avancen no respecto á diversidade e en reter



talento feminino, como motor de desenvolvemento tecnolóxico, económico, social e sostible de Galicia, como, por exemplo, o III Programa galego de muller e ciencia 2022-2025, que conta co maior orzamento da súa historia: 44,7 millóns de euros, señora Gallego. ¿Para lograr, o que? Un sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación que incorpore, de xeito efectivo, o principio de igualdade. O emprego das mulleres en actividades de I+D no sector público chega ao 51,7 por cento, fronte a 48,3 por cento dos homes. E, como saben, a Xunta de Galicia, e así o recoñeceu a señora Rodil —cousa da que me alegro—, está a traballar nese proxecto tan desexado, que é o Proxecto de decreto da carreira investigadora, unha norma pioneira, señorías, que pronto será realidade en Galicia, xerando un marco laboral atractivo para reter o talento e o talento investigador, e que vai máis alá, señora Gallego, da Lei estatal de ciencia, tecnoloxía e innovación que acaba de ser aprobada, en setembro de 2022.

Insisto, señorías, non somos a Galicia en negativo que describen vostedes. A Xunta de Galicia ten un reto importante que seguir, creando emprego xuvenil, a pesar da actual incerteza que provoca a falta de iniciativas e de apoios do Goberno do señor Sánchez.

E non están para sacar peito, señorías, porque, miren, en Galicia os datos son positivos. A taxa de paro xuvenil está por riba da media nacional: 19,8, fronte á taxa nacional, do 22,2. Si, señora Gallego. Ademais de que se trate de emprego ou de incrementar a calidade do emprego xerado. O derradeiro trimestre do 2022 pechaba co 60,1 por cento do total de persoas traballadoras asalariadas, de entre dezaseis e vinte e nove anos, vinculadas ás empresas cun contrato indefinido. Tamén son positivos os datos de emancipación. No primeiro semestre de 2022, Galicia estaba por riba da media nacional e cinco comunidades autónomas gobernadas polo PSOE tiñan unha porcentaxe inferior á galega e tamén á media española: Asturias, Castela-A Mancha, Aragón, A Rioxa e Valencia. ¿Son datos positivos? Si. ¿Hai que seguir traballando? Evidentemente. ¿Hai que seguir mellorando? Non cabe a menor dúbida.

Tamén a materia educativa inflúe na retención e na atracción do talento. A boa saúde e a calidade do ensino universitario reflíctense nos datos: preto dun oitenta por cento dos estudantes está a traballar nun emprego relacionado coa súa titulación e aproximadamente un setenta por cento o fai en Galicia. ¿E que dicir ten a importancia da FP que, co prestixio e coa confianza que está a acadar, facéndoa útil para a sociedade, chega a unha taxa de inserción laboral dun oitenta e cinco por cento, chegando na FP dual a un noventa e sete por cento? ¿Acaso estes datos son erróneos, señora Gallego? Por outra banda, ¿que dicir ten a importancia do papel das universidades, co maior investimento da súa historia en talento e en I+D+i?

O tempo faise curto, señorías, cando hai traballo que bota por terra os seus argumentos, como é que Galicia sexa referencia en demografía coa primeira Lei de impulso demográfico, de 2001; como os polos de emprendemento que están despegando como iniciativa innovadora; como o benestar e a igualdade laboral: quince millóns de euros destinados á conciliación e á corresponsabilidade. Benestar laboral, señorías, que é básico; claro que é básico porque coa mellora das condicións laborais evitaremos a fuga de talento e limitaremos a mobilidade laboral.



Pero ¿que é o que está por vir? Galicia seguirá facendo camiño no ano 2023. ¿E como? Por exemplo, con novidades lexislativas, como a nova lei autonómica, na que se incluírán conceptos como o que acabo de mencionar do benestar laboral, e como ese decreto tan esperado da carreira investigadora.

Galicia ten plans, señora Gallego. Galicia ten orzamento, señora Gallego. Galicia avanza da man do tecido produtivo, social, económico, das empresas. Todas as consellerías —a Xunta de Galicia no seu conxunto— traballan nesa retención e no fomento do talento porque non só, señora Gallego, é un dereito das galegas e dos galegos atopar en Galicia un lugar no que demostrar o seu talento, no que emprender os seus proxectos vitais e profesionais. Manter, recuperar e atraer o talento da mocidade é unha oportunidade de futuro para todos eles e, como non podía ser doutra maneira, para Galicia tamén.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Mouteira.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Gallego.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Antes de nada, quero agradecer ao Bloque Nacionalista Galego o seu voto a favor.

Señora Díaz Mouteira, é perfecto. É perfecto ese plan. Acaba aquí de dicir agora que aquí en Galicia é todo perfecto. (*Murmurios.*) ¡É perfecto, todo, todo! Eu non sei como é posible que marchen máis de 25.000 xoves para traballar fóra; xoves que estudaron unha carreira. Deben marchar —non sei— porque queren, de vacacións... E despois non volven aquí. Marchan, sendo un drama para eses país que investiron os seus cartos en que fixesen, por exemplo, unha carreira. E marchan porque aquí non teñen oportunidades. Máis de 25.000. Ou eses 8.000 universitarios que marcharon no ano 2022, ou o ano pasado —no ano 2021—, que foron 7.000. Marchan, ¡vamos!, porque aquí sobra o traballo e non pasa nada. Estamos no país idílico. ¡Vamos!, é que é increíble.

Mire, como parece que eu invento, como parece que estou inventando aquí, voulle ler algunhas das declaracións de investigadores e de investigadoras —fundamentalmente investigadoras; dáse a casualidade de que neste artigo son todas investigadoras—. Voulle ler declaracións porque parece que aquí veño eu inventar, (*Murmurios.*) e que é todo mentira, e que estamos nunha terra fantástica na que non hai paro xuvenil, da que a xente non marcha ou marcha porque quere, porque hai liberdade. (*Murmurios.*) Non, marchan porque non lles queda outro remedio; teñen que marchar porque aquí non atopan traballo. (*Aplausos.*) A ver se nos enteramos. Non é porque queiran ou porque haxa liberdade para marchar. ¡Home!, claro que hai liberdade para marchar, pero porque aquí non atopan nada.

Mire: «É unha mágoa que en Galicia non haxa suficientes plans para captar o talento». Outra investigadora, bióloga, di: «*Me plantearía volver si hubiese programas de captación*». Outra di: «*Alí, en California, teño financiación e, ademais, valórase o meu traballo*». (*Murmurios.*)



Podo seguir aquí lendo declaracións de científicas en Cambridge, nas illas Baleares, dun biólogo en Groelandia etc. Son investigadoras e investigadores que están fóra e que non poden volver e queren volver. Queren volver e non poden. ¿Por que? Porque o Goberno galego do señor Rueda non é capaz de reter o noso talento, e isto está sendo un grave problema para Galicia tanto a nivel (*Murmurios.*) —están nerviosos ou ¿que lles pasa? ¡Aínda falta máis dun mes para as eleccións, tranquilos! — non só laboral e económico, senón tamén demográfico. Si, estaría ben que escoitasen porque é bo escoitar tamén de vez en cando.

Nós o que estamos realmente dicindo aquí é dotar ese plan —sobre o que vostede di que é fantástico e marabilloso, e que xa está todo feito e demais— de verdadeiro orzamento e falar co tecido empresarial e coas tres universidades galegas para chegar a un acordo. Non creo que pidamos nada raro.

E, mire, falou vostede da Lei de ciencia. Pois ben, o que lle fai falta a Galicia é unha Lei de ciencia como a que impulsou o Goberno de España, (*Murmurios.*) que mellora claramente o sistema público de ciencia, tecnoloxía e innovación e mellora as condicións laborais de miles de investigadores e de investigadoras para frear a fuga de talento do noso país. Iso é o que pasa. A Xunta vai a rebufa do resto de España e do resto de Europa.

O Goberno galego está agora con esa actualización da Lei de ciencia de Galicia, do ano 2013, e veremos que pasa co Proxecto de decreto polo que se regula o Estatuto do persoal laboral de investigación da Administración xeral e das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia. Veremos que pasa a ver cando o presenten. Eu teño tamén o borrador, que tamén me custou bastante conseguilo. Veremos que pasa. Esperemos que nesa avaliación, que parece que, se non a pasan, poden ser suspendidos ou despedidos, cheguen a un acordo para que non sexa así porque, se non, van ter a comunidade investigadora en contra. Esperemos que se chegue a un acordo. E debaterémolo cando xa estea e se coñeza o definitivo.

Eu, o que quero que quede claro é que o Goberno autonómico debería consolidar unha carreira pública, estable e previsible para o persoal técnico investigador, equivalente á dos países máis avanzados; e debería, ademais, aumentar os recursos da Xunta de Galicia e, ademais, tamén debería garantir o cambio xeracional. Repito, a retención de talento non é un capricho do Partido Socialista; é unha realidade que hai que atallar xa porque, se non, será un problema moi, moi grave.

Esperemos que aposten pola ciencia, que aposten polos nosos investigadores, polas nosas investigadoras, que aposten polos nosos universitarios, que aposten pola mocidade e que aposten, en definitiva, polo noso talento porque é o futuro de Galicia. Galicia ten moito, moitísimo talento; non deixen que marche. A Xunta de Galicia e o seu presidente...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

A señora GALLEGO SANROMÁN: ...teñen que reter ese talento. É o seu deber.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e catorce deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que transfira fondos europeos para a súa xestión directa

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Noa Presas Bergantiños e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débese engadir unha nova sección á parte resolutiva co seguinte texto:

<< Así mesmo, o Parlamento Galego acorda instar a Xunta de Galiza a:

- Remitir ao Parlamento Galego toda a información solicitada por parte dos grupos parlamentarios sobre a Sociedade Impulsa para o desenvolvemento de proxectos estratéxicos de Galiza e a información completa solicitada respecto dos proxectos tractores.

- Iniciar as accións oportunas de cara a substituír a escurantista sociedade de maioría privada que constituíu para desenvolver os proxectos galegos por mecanismos que garantan o control público e a máxima transparencia e na que os criterios de entrada, funcionamento e selección dos demais axentes non sexa transparente e acorde con criterios obxectivos.>>)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes.

Xa non é hora de estar durmindo; agora estamos todos expertos despois do interesante debate que acabamos de ter, aínda que sempre poderemos recuperar o sono falando dos fondos Next Generation. Confío en que iso non ocorra.

Ben, todos podemos estar de acordo en que os fondos Next Generation son unha oportunidade extraordinaria para impulsar a reindustrialización do conxunto do país, de Galicia, favorecendo o investimento, a modernización e a transformación dos sectores estratéxicos para integralos na nova economía dixital e verde cara á que camiñamos. De feito, son un feito histórico en si mesmo porque se financian —como sabemos—, por vez primeira, con débeda pública europea. É a primeira vez que Europa, como tal, subscribe débeda pública precisamente para financiar practicamente a metade destes fondos, e mesmo algúns consideraron isto un momento hamiltoniano, facendo referencia a cando a Federación decidiu



asumir a débeda emitida polos Estados despois de que se formase a Unión e da débeda que tiñan os Estados da guerra da Independencia. É a primeira vez que Europa asume débeda como tal, e, polo tanto, cremos que estamos ante unha ocasión única e histórica. Certamente, eu penso e son dos que estou convencido de que, como país, temos un deber, unha responsabilidade de empregar o mellor posible estes fondos precisamente polo que importan no proceso de construción europea.

Ben, tamén podemos estar de acordo en que pode gustarnos máis ou menos o Estado autonómico —a min gústame moito e ao Grupo Popular tamén—, pero vivimos nun Estado autonómico e isto é o certo. Sen embargo, o 21 de xaneiro de 2021 o Congreso dos Deputados validou —por certo, pola mínima— o Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban as medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Houbo dous incidentes naquel trámite: o primeiro, porque parece que existía un informe moi contrario ao mecanismo proposto polo Consello de Estado, que se lle ocultou ao propio Congreso; e, o segundo, porque foi aprobado pola mínima grazas ao voto a favor de Bildu e á abstención de Vox. Isto foi o que levou ao agradecemento explícito do presidente do Goberno a este partido, a Vox, e a eloxialo ata o punto de definilo como un partido con sentido de Estado; con sentido de Estado porque o axudou a centralizar os fondos europeos.

Certamente, non se barallaron outras alternativas. Podían estar mesmo centralizados, pero coa participación das comunidades autónomas, de expertos independentes, ou, mesmo a través de comisións multipartidistas. Sen embargo, centralizouse todo e, ademais, centralizouse todo na man do Goberno central; isto foi un erro posiblemente do que Vox debe estar arrepentido —se son capaces de arrepentirse de algo— porque, ao final, o que consagrou foi a discrecionalidade do Goberno central para o reparto destes fondos.

É unha realidade innegable que están centralizados. Os propios datos do Goberno de España confírmalo, mediante o III informe de execución do Plan de recuperación, de febreiro do ano 2023 —de hai apenas unhas semanas—, que deixa claro que, dos 23.300 millóns de euros das subvencións convocadas do Plan de recuperación e resiliencia, o oitenta e dous por cento, isto é, 19.200 millóns de euros, foi executado pola Administración do Estado e 4.100 millóns, isto é, o dezaioito por cento, foi executado polas comunidades autónomas. A Galicia, por certo, estalle tocando destes fondos aproximadamente o 5,90 por cento do total, o que implica que estamos recibindo fondos por debaixo do que nos correspondería en función do financiamento autonómico, que foi o que no seu momento se pactou cando se repartiron os fondos sanitarios pola covid.

E o problema deste sistema centralizado é a ausencia de cogobernanza. O que se fai primeiro é unha repartición entre ministerios, despois os ministerios deciden en que se gasta, convocan as conferencias sectoriais e comunícanlles ás comunidades autónomas como fan a repartición de cantidades, que cada vez son menores, e, polo tanto, inciden menos —precisamente por ir dividíndose— na economía real, pero o certo é que así é como funciona o sistema: unha repartición só desde o Goberno central e, segundo, entre ministerios, que despois reparten coas comunidades autónomas, e moitas veces depende da Conferencia Sectorial, sen ter en conta a súa opinión, ¿non?



E neste contexto no propio informe pode verse que entende o Goberno de España por «co-gobernanza». Vén un relatorio no anexo II, páxinas 133 a 139, onde hai tres páxinas das conferencias sectoriais que se celebraron, unha páxina con comisións sectoriais e despois un curioso relatorio de cartas emitidas polo Goberno central sobre esta cuestión ás distintas comunidades autónomas.

Todo isto ao que está levando é a un claro retraso na execución dos fondos e mesmo tamén a algún importante fiasco, como o de novembro do 2022, no que o Programa de control e execución dos fondos, o Coffee, caeu e unha desas cartas foi para pedirllas ás comunidades autónomas que lle mandasen o uso dos fondos nunha folla Excel.

Ben, o caso é que esta centralización está a ter dúas consecuencias. A primeira, como acabo de dicir, é a baixa execución. Hai un informe de Fedea que deixa claro que, como moito, está executado o 27 por cento dos fondos. O Goberno computa unha convocatoria como que xa está executado, cando aínda non chegaron os cartos nin se fixeron os pagos aos beneficiarios destas axudas, e por iso, cando chegou a Comisión do Parlamento Europeo, marchou deixando o titular de «*Nos vamos sin conocer el dato de ejecución real de los fondos*», porque a realidade é que non o coñece o propio Goberno de España e o nivel de execución é moi baixo.

E, en segundo lugar, a segunda consecuencia, é que estamos asistindo a unha repartición discrecional. Moitas veces anúncianse gastos antes de que se convoquen os correspondentes PERTE, e isto abre unha vía a que, de entrada —que agora veremos que algunha hai, xa que hai un sesgo ideolóxico claro—, poidamos sospeitar que esta repartición discrecional e centralizada é unha fonte de discriminacións.

O certo é que o que estamos a ver é que Galicia fixo os deberes, aprobou medidas de simplificación administrativa, de priorización de proxectos estratéxicos e de dotación de solo empresarial, mesmo de formación de funcionarios para a tramitación dos fondos europeos. Temos dezanove iniciativas empresarias prioritarias de carácter industrial e catro proxectos industriais estratéxicos. Suporían 2.900 millóns de euros de investimento e 4.200 empregos; co cal reteríamos talento tamén en Galicia, se isto sae adiante.

Todos estes proxectos son da man de grandes empresas que teñen confiado en Galicia: Altri, Stellantis, Repsol, EDP, Resonac, Airbus, Avincis, Telespazio, Telefónica, GMV, Indra, Boeing, Kern Pharma, etc. E ademais creamos unha sociedade público-privada, Impulsa Galicia, que promoveu importantes proxectos como a factoría de hidróxeno, que ten como socios industriais a Reganosa e EDP, a planta de biofertilizantes de Reganosa, Repsol e Naturgy, ou un avanzado Center para xestionar os datos de practicamente a totalidade das pemes galegas.

Agora o que fai falta é que o Goberno cambie de actitude, non persista nestes erros que levan a unha lenta execución e ademais que suscita dúbidas nas súas reparticións e que non se produzan paradoxos como que Galicia, tendo competencias en industria con carácter exclusivo, o cen por cento dos fondos industriais os convoca o Goberno, e, encima, temos que escoitar que, como temos competencias industriais, temos que tomar decisións en materias industriais, cando o instrumento está centralizado ao cen por cento.



Nós pensamos que non é correcto que estean centralizadas todas as axudas, particularmente as industriais, sobre todo cando estamos a ver que ao mesmo tempo a Cataluña e a Valencia se lles dan 120 millóns de euros para o vehículo eléctrico antes de que se convoque o PERTE do vehículo eléctrico, que se lle dan 450 millóns de euros á empresa ArcelorMittal para executar un proxecto de hidróxeno verde, de hidróxeno circular, en Asturias, tamén comprometidos antes de que se aprobe o PERTE de descarbonización, ou que se firma un convenio coa Xunta de Extremadura para a creación, o equipamento e a posta en marcha dun centro ibérico de investigación en almacenamento enerxético, ao que o Goberno destina 52 millóns de euros con cargo a un mecanismo, pero sen que haxa a correspondente convocatoria.

Dicía que primeiro un pode pensar mal, pero é que resulta que, se facemos unha comparación, vemos que se facemos a distinción entre comunidades gobernadas polo PP e as outras, segundo o plan de recuperación per cápita, nas que goberna o PP teñen un 23 por cento de recursos menos que nas que goberna o Partido Socialista.

Por todo isto nós pensamos que a xestión centralizada dos fondos europeos por parte do Goberno de España non está a ser positiva, que hai algún sesgo partidista que se evidencia coas cifras. Mesmo comunidades autónomas nas que non goberna o PP —algunhas do PSOE como, por exemplo, no seu momento Extremadura e Baleares— protestaron porque non hai transparencia e porque se entenden marxinadas pola repartición dos fondos. E tamén o fixeron o País Vasco e Cataluña. Hai críticas —insisto— non só desde comunidades como a nosa, senón doutras nas que goberna o Partido Socialista ou outros partidos. E, desde logo, eu creo que os que cremos no proxecto europeísta, un proxecto que construíron os socialistas, os populares e os liberais europeos, debemos de mirar por que Galicia non sexa discriminada.

O señor González Formoso na festa socialista de Galicia —na once— dixo literalmente: «Ser socialista é honrar a memoria de Castelao, do galeguismo e protexer contra vento e marea Galicia». Eu coincido con esta declaración, e por iso estamos preocupados fundamentalmente por cuestións que están a pasar e a dicirse desde o Partido Socialista.

Particularmente eu quedei moi preocupado pola intervención no pasado pleno sobre a fábrica de fibras téxtiles de Altri do deputado Martín Seco —non está—. Certamente nos deixou moi preocupados sobre a vontade do Goberno de España, tendo en conta que, ademais, o propio deputado é consciente de que aquí non se poden dicir cousas que non pensa a dirección rexional ou autonómica do partido, ¿non? Quedamos fondamente preocupados.

Nós pensamos que é o momento de demostrar que Galicia debe ser ben tratada, polo menos igual que o conxunto de Galicia está a tratar cos fondos europeos o Concello das Pontes. E hoxe o que propoñemos é, precisamente, que superemos a crise de xestión que están a ter os fondos e os retrasos, facéndose unha transferencia directa ás comunidades autónomas para a xestión destes fondos. Pensamos que con isto se garantiría a viabilidade dos proxectos tractores, ao igual que xa está a suceder nunhas comunidades autónomas que se beneficiaron destas adxudicacións directas. E como dicía hai un momento, e por contribuír en algo positivo ao debate previo, cremos que con iso tamén contribuiremos a que se fixe talento en Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde a todos e a todas.

A verdade é que unha vén a este debate un pouco á espreita, á expectativa, a ver con que nos sorprende o Partido Popular, porque eu eu, sinceramente, señor Puy, ao ler a proposta do seu grupo parlamentario, debatíame un pouco en se vostedes tiñan cargo de conciencia por non ser útiles a este país, ou en se simplemente seguían ancorados na súa estratexia de evadir responsabilidades. Vexo que fan un pouco un equilibrio e que ambas as dúas respostas deben ser correctas. Porque o certo é que o debate dos fondos europeos pois pon enriba da mesa outra vez tres grandes problemas causados polo Partido Popular e polo Goberno da Xunta que non podemos obviar e que é necesario traer outra vez aquí a debate.

O primeiro é a irrelevancia política e a absoluta incapacidade de defender os nosos intereses, que roza, como direi despois, o ridículo.

A segunda é que pecan vostedes tamén de falta de transparencia, da que se queixan, e tam-pouco aproveitan esta ocasión para corrixir esa liña de traballo.

E a terceira é que tamén se queixan dunha falta de xestión e dilixencia que, se é obxectiva-mente certa por parte do Goberno central do Estado, tampouco é menor no que atinxe á xes-tión dos fondos europeos cando se fai desde Galiza.

E, mire, eu resumo rapidamente a nosa posición. Nós estabamos onte a favor da xestión directa dos fondos europeos desde o minuto cero deste debate, o debate da reactivación e da recons-trución poscovid, e, evidentemente, seguimos estando. De feito, nesta lexislatura, no tempo que levamos, os primeiros meses foi unha cuestión que ocupou bastantes horas de debate. In- tentamos con escaso éxito impulsar numerosas iniciativas para que Galiza non perdese esta oportunidade, e advertiamos de que era necesario establecer un obxectivo numérico como país, de que houbera unha posición de país de todas as forzas políticas deste arco parlamentario. Lamentablemente, non tivemos acollida por parte do grupo maioritario. Defendemos tamén unha e outra vez que había que facer un tratamento dos fondos e das decisións que acarreaban de forma mancomunada e colectiva para este país, contando con axentes sociais como o Con-sello Económico e Social, coas universidades, etc., pero tampouco quixeron facelo vostedes. Apostamos por un debate democrático e plural, por que este Parlamento tivese un papel activo, pero tampouco quixeron. E advertimos desde o minuto un de que este novo proceso ía supoñer unha nova recentralización, porque cada crise económica supón un novo intento de recentra-lización por parte do Estado e porque xa se vía o que ía acontecer con estes fondos por como eran xa as informacións que ían chegando, tanto desde o Estado como desde Europa.

O Partido Popular intentou basicamente, primeiro, escorrer o vulto por esa eterna contra-dición que teñen vostedes entre eses momentos de galeguismo que lles entra cando goberna o Partido Socialista no Estado e ese «ato en curto» que lle teñen desde Génova. Entón, ba-sicamente apelaban a esa cogobernanza. E eu alégrome de que agora, pasado o tempo, re-



coñezan que era un subterfuxio de recentralización e de ausencia da participación das decisións por parte deste país, porque, efectivamente, así o din —niso coincidimos— os informes de xestión, basicamente o Goberno central chámalle cogobernanza a facer reunións periódicas, pero non a dar conta do recado.

E ben, basicamente a resposta do Partido Popular durante este tempo foi aplicar máis escurantismo e aplicar tamén unilateralidade. Non hai nin houbo transparencia. Ía amosar como mostra un dos artigos 9, pero deíxeino no meu escano; un deses artigos 9 que tres anos despois o Partido Popular está empezando a contestar respecto deses proxectos *quasi* clandestinos que remitiron ao Goberno central. Basicamente son dúas carillas, das que unha carilla é exactamente idéntica en cada un dos artigos 9 en que se responde. Por certo —e abro paréntese—, despois de que incluso este grupo parlamentario tivese que acudir á Valedora do Pobo para pedir amparo —amparo que non daba esta Presidencia—, porque non nos responden aos artigos 9 nin nos dan a información que se pide como deputados e deputadas —e pecho paréntese—. En todo caso, son unha colectánea de xeneralidades. E mentres segue funcionando esa sociedade Impulsa, de maioría privada, na que Abanca —Abanca como nome propio— ten máis capacidade de decisión e de coñecemento dos proxectos deste país que a segunda forza política deste Parlamento, o tempo vai pasando e Galiza vai perdendo o tren. Tampouco quixeron apostar vostedes por un debate democrático neste Parlamento. E a realidade é que o tempo pasa e Galiza vai perdendo oportunidades.

E nós temos unha posición crítica coa actitude do Goberno central. Defendemos tamén desde o ámbito do Congreso das e dos Deputados desde o minuto un que isto non se estaba facendo ben e que habería que apostar pola xestión directa, e seguimos facéndoo, pero, desde logo, non podemos vir aquí e non recordarlles tamén o que é parte da súa responsabilidade. Porque, ademais, no fondo, queren vostedes para si, para o Goberno da Xunta, a discrecionalidade que están criticando por outra parte. Entón, ese non é o noso modelo, aínda que —insisto— seguimos defendendo que debemos exixir a xestión directa. De feito, eu quero recordar que en 2020, o 23 de decembro de 2020, o Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego chegamos a un acordo a partir dunha iniciativa que eu mesma defendín nesta tribuna para pedir literalmente: «O Parlamento galego insta a Xunta a rexeitar a centralización dos fondos e a reclamar do Goberno central a xestión directa dos fondos de Galiza respecto das competencias propias afectadas».

¡Dous anos e catro meses! ¡Boa sesta botaron no Goberno de San Caetano! ¡Boa sesta botaron! (*Aplausos.*) ¡Dous anos e catro meses, porque non conseguiron avanzar nin un milímetro!, ¡nin un milímetro evitando a recentralización nin un minuto avanzando na xestión directa!

Falaba vostede, señor Puy, das cartas. Eu alégrome de que se una á crítica dos gobernos que se dedican a facer política epistolar, porque eu sigo francamente sorprendida de que o Goberno galego fundamentalmente o que faga é enviar cartas ao Goberno central, pero é que estou case segura de que incluso nin mandaron unha carta pedindo a xestión directa. E con eses esforzos, pois estes lodos.

En todo caso, quero recoñecerlles un avance. Eu xa non tiña esperanza na vida de ver aquí que o Partido Popular por fin lese o Estatuto de autonomía e recoñecese que temos, incluso no texto da súa proposición non de lei, competencias exclusivas en materia de industria,



porque non será por debates e debates que tivemos aquí de que non se podía actuar na crise industrial deste país porque non sei..., que se era competencia do Estado, porque nos extra-limitabamos, etc., etc. En fin, é que está o nivel ata un punto que o que está acontecendo é tan de sentido común que non fai falta nin ser soberanista nin sequera autonomista para defender que o racional, o operativo e o xusto é que sexa Galiza quen xestione directamente todas as cuestións referidas aos fondos europeos porque atinxen a elementos que teñen que ver co noso futuro e con competencias sobradamente recoñecidas.

O problema é que vostedes estiveron facendo folga de brazos caídos pola súa contradición co propio Partido Popular do Estado e que o tempo avanza con eses proxectos que este Parlamento descoñece, dos que temos uns resumos xenéricos que realmente non parecen unha alternativa moi solvente. O tempo avanza con esa empresa da que non renden contas, porque as preguntas deste grupo parlamentario sobre a sociedade Impulsa non son contestadas vía escrita, nin son contestadas na Comisión 3ª nin na Comisión de Industria, cando comparece, por exemplo, o director xeral do Igape, e así vai pasando o tempo. E mentres vostedes, por riba, están nunha estratexia de levarnos directamente como país ao ridículo, como acontecía hai escasos días cando vimos que a señora Von der Leyen daba un plantón directamente ao presidente da Xunta. Entón, pois, claro, un ridículo sen precedentes. Non os toman en serio nin no ámbito do Estado nin no ámbito europeo. *(Aplausos.)*

E, ao mesmo tempo, tamén hai que dicir que parte de que non nos tomen en serio é que vostedes mesmos incluso nestes dous anos e pico rebaixaron o seu nivel de exixencia, porque acabaron votando connosco que tiñamos que pedir a transferencia directa dos fondos europeos, pero despois, ao pouco, xa, por exemplo, o 22 de outubro ou o vinte e pico de outubro do 2022, hai escasos meses, traían unha iniciativa aquí sobre o PERTE singular e rebaixaban o grao de exixencia. Xa era: que nos deixen un pouco da capacidade de decisión sobre os PERTE; non vaíamos pedir sobre todos os fondos europeos, que se nos vai un pouco de man. En fin... E tamén perden vostedes credibilidade co propio traballo que fixo Galiza a respecto dos fondos europeos en xeral, que tampouco é para presumir.

Acabamos de debater neste Parlamento tamén hai escasas semanas sobre un informe de fiscalización dos fondos europeos respecto do ano 2020. ¿E que nos di? Pois o de sempre, que desde este ámbito, unha vez máis, estes fondos europeos non teñen unha xestión áxil, que apenas chega un dous por cento aos concellos galegos, cando no 2014 estaba case no cinco por cento esa cifra, que a execución vai a un ritmo moi baixo, que as modificacións orzamentarias son constantes e que, desde logo, iso non é unha carta de presentación moi adecuada.

A nós terannos sempre do seu lado cando queiran reclamar o exercicio do autogoberno deste país. En todo caso, presentamos unha emenda, porque somos optimistas e aspiramos a que rectifiquen nesa falta de transparencia e nesa chapuza que é a sociedade Impulsa e, polo tanto, engadimos esas dúas propostas, imaxinamos xa con que éxito. Pero votaremos a favor desta iniciativa.

Alegrámonos de que o Partido Popular caia da burra e defenda cun pouco máis de ahínco que Galiza ten que ter dereito a xestionar directamente estes fondos, pero esperamos que fagan algo máis do que fixeron estes dous anos e catro meses.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señoras e señores deputados.

Señora Presas, vostede di que lle sorprende. Pois a verdade é que a nós non nos sorprende absolutamente nada do discurso do Partido Popular, posto que, neste caso, son bastante previsibles.

O Partido Popular volve traer unha iniciativa na que solicitan ao Goberno de España, tal como dicía o voceiro, transferir fondos europeos para a súa xestión directa co obxectivo de garantir a viabilidade dos principais proxectos tractores galegos. Nós preguntámoslle: ¿non establecen criterios, nin porcentaxes de participación, nin contías? ¿En que se materializa esta solicitude, señor Puy?, ¿en que transfiran fondos? ¿Cantos? ¿Para que? É unha iniciativa bastante similar a outra que trouxeron no mes de outubro do ano pasado na que pedían —e tamén aludía a ela a señora Presas— un PERTE singular para a nosa comunidade. E xa naquel momento lle explicamos como era o procedemento, como segue a ser o procedemento. Supoño que tamén llo explicou a presidenta da Comisión Europea ao señor Feijóo nesta visita magnífica que fixo a Bruxelas; unha visita na que me pararei un pouco máis adiante.

Mire, señor Puy, nestes dez minutos intentarei puntualizar cada unha das afirmacións feitas por vostede, e nesta iniciativa igualmente. Na exposición de motivos manifestan que os fondos que veñen a través do Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia son a oportunidade extraordinaria para impulsar a reindustrialización do conxunto do país; afirmación que vai no mesmo sentido da iniciativa que traía en outubro, que naquel momento denominaban estes fondos «vacina económica».

O primeiro que lle teño que recordar, señor Puy, a todos os deputados e deputadas do Partido Popular, así como a toda a cidadanía, é que se polo Partido Popular —e polo Partido Popular de Galicia— fose estes fondos, esta «vacina económica» e esta oportunidade extraordinaria que supoñen xa 160.000 millóns de euros para toda España nunca terían chegado a España, nin a Galicia terían chegado os 2.835 millóns de euros que xa foron achegados polo Goberno do Estado, encabezado por ese tan malo, malísimo Pedro Sánchez; nin terían financiado xa máis de 190.000 proxectos en todo o territorio.

Porque, ¿vostedes recordan? ¿Recorda, señor Puy, que votaron en contra do Plan nacional? Recordábovos antes, hai un momento, aquí, que votaron en contra dese Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España a través do que se canalizan eses fondos Next Generation, e vostede sábeo perfectamente. *(Aplausos.)*

Vostede falaba aquí da obriga e da responsabilidade. Pois esa mesma obriga e esa mesma responsabilidade deberían tela vostedes cando votaron en contra de que eses fondos chegasen a España e, polo tanto, de que chegasen a Galicia. Votaron en contra. É bastante curioso



que, ao mesmo tempo que recoñecen que son esa oportunidade e esa vacina, votan en contra, porque vostedes votan en contra simplemente porque non estaba gobernando o Partido Popular en España. Podemos recordar aquilo que dicía —¿recorda?— o señor Montoro, ese ministro do Partido Popular: «*Que caiga España, que ya la levantaremos nosotros*». Pois mire, eses feitos, ese voto en contra dos fondos, ten que ser recordado por todos os galegos e por todas as galegas. É unha mostra máis do cinismo político do Partido Popular, que consideran que só vostedes están lexitimados para gobernar nas institucións.

Mire, o segundo dos puntos que vostedes poñen nesta exposición de motivos di: «*Resulta imprescindible exixir una cogobernanza efectiva entre o Goberno e as comunidades autónomas co fin de asegurar que estes fondos chegan ao tecido produtivo mediante unha distribución transparente e equitativa*». Eu supoño que non é descoñecemento, supoño que o saben, e, se non o saben, atendan, que eu lles vou dar datos, voulles facilitar esa información. Mire, señor Puy, o 45 por cento dos beneficiarios das convocatorias resoltas son empresas que recibiron a 31-12-2022 máis de 10.000 millóns de euros; que, xunto cos centros de I+D+i, dos que se falaba antes, representan o 55 por cento dos beneficiarios destas convocatorias; e que algúns dos fitos máis destacados obtidos ata a data son: a creación de máis de 150.000 novas prazas de formación profesional; máis de 16.400 prazas para a escolarización de 0-3 anos; máis de 2.500 investigadores contratados; máis de 55.000 beneficiarios do Programa de renovación de frota de automóviles, o Moves III; máis de 800 equipos de alta tecnoloxía hospitalaria adquiridos mediante o programa Inveat; 113.000 bonos de dixitalización para a modernización das pemes; investimentos de conectividade física e dixital para levar a banda ancha ao cen por cento do territorio; o reforzo da rede ferroviaria do país; a rehabilitación de edificios; o desenvolvemento dos primeiros proxectos a gran escala de produción de hidróxeno renovable; ou as reformas estruturais que non vou debullar porque non me daría tempo.

Vostedes falan de transparencia, e a verdade é que a señora Presas tamén estivo un rato falando desa falla de transparencia do Goberno do Partido Popular, da Xunta de Galicia, pero que si lle pide ao resto das institucións. Eu supoño que vostede sabe perfectamente que España ten un robusto sistema de control da xestión orzamentaria que rexistra debullada e exhaustivamente toda a información de como se executan os fondos e que existe un sistema integral de seguimento e xestión dos fitos e dos obxectivos que ten implantado un novidoso sistema de detección de conflitos de intereses *ex ante* mediante minería de datos, ao que se suman as auditorías por parte da Intervención Xeral do Estado, do Tribunal de Contas Nacional e Europeo, da Comisión Europea e da Oficina de Loita contra a Fraude. E que saiban tamén —atendan— que toda esta información, as convocatorias públicas, as licitacións, as resolucións, as novidades e os beneficiarios é unha información pública que se atopa na Base Nacional de Subvencións, na Plataforma de Contratación do Estado e que está todo centralizado nunha páxina, que é a do Plan de recuperación, onde van atopar tamén os informes de execución do Plan de recuperación que periodicamente publica o Goberno de España. O último, o terceiro, ao que vostede aludía, foi publicado no mes de febreiro, e nel recóllese toda a información.

Polo tanto, señor Puy, a transparencia por parte do Goberno do Estado non é cuestionable e si é constatable. Claro, señor Puy, é que cre o ladrón que todos son da súa condición, e, como ben dicía a señora Presas —e eu ratifico—, preguntolle: ¿onde publica a Xunta de Galicia os



seus informes de execución? ¿Onde están publicados, señor Puy? Supoño que me contestará agora. ¿Onde se poden consultar? ¿Onde está toda esa información que a Xunta de Galicia ten a obriga legal de dar para coñecemento de toda a cidadanía?, igual que moitas outras cousas. Pero, neste caso en concreto, os informes de execución, ¿onde están? Mañá imos interpelar o Goberno e veremos que información nos dá. Supoño que ningunha que nos saque de ningún apuro, porque, en cuestión de transparencia, o Goberno galego do Partido Popular non é exemplo de nada, ¡absolutamente de nada!

Mire, tamén na súa iniciativa falan de que o Goberno do Estado xestiona os PERTE sen procurar unha coordinación estreita e efectiva coas administracións autonómicas nin no seu deseño nin tampouco na súa xestión. Eu supoño que esquecen —ou que é mala fe— que se desenvolveron esas 139 conferencias, 34 comisións técnicas, 14 reunións da Mesa de diálogo do Plan de recuperación, 8 comparecencias da vicepresidenta primeira, consellos consultivos, trámites de consulta pública, manifestacións de interese, intercambio de cartas, máis de 35 reunións bilaterais coas comunidades autónomas e 139 conferencias, nas que Galicia participou en todas. E sabemos de boa tinta que representantes do Goberno galego manifestaron alí en varias ocasións a súa satisfacción co desenvolvemento do plan, nas que se acordaron os criterios de distribución dos fondos; por exemplo, máis de 20.600 millóns de euros ás comunidades autónomas en ámbitos da súa competencia: en educación, en vivenda, en sanidade e en políticas sociais.

E, por certo, señor Puy, teremos ocasión de debater a execución destes fondos que recibiron vostedes a través deste Plan de recuperación, e tamén repartiron nesas comisións case 5.000 millóns de euros asignados a concellos. Sabe vostede tamén perfectamente que Galicia é a quinta comunidade autónoma que máis fondos recibiu ata marzo de 2023: 2.868 millóns de euros. E insisto en que, se por vostedes fose, non chegaban a Galicia.

É que, mire, o propio expresidente Feijóo —que a verdade é que cada día nos avergoña máis— acudiu a Bruxelas —ao máis puro estilo Casado— a sembrar dúbidas sobre a execución dos fondos europeos e a cuestionar a reforma das pensións. Vostedes representan un partido, o Partido Popular, que foi o único partido da oposición na Unión Europea que foi a Europa para que estes fondos non chegasen a España e tamén foron os únicos que foron a Europa a criticar a xestión dos fondos europeos en España.

E, xa por último, señor Puy, vostede falaba desa delegación do Parlamento Europeo. É curioso que cando eses parlamentarios estaban aquí, en Galicia, os días 20 e 22 de febreiro, mentres a Comisión Europea daba o visto e praxe ao terceiro desembolso do Plan de recuperación para España, sendo España o país máis avanzado na execución de fondos, avaliando positivamente o cumprimento dos 23 fitos e os 6 obxectivos vencellados ao desenvolvemento deses 6.000 millóns de euros. E o 31 de marzo materializouse ese terceiro pagamento, co que a Comisión achegou a España máis de 37.000 millóns de euros, o 53 por cento do total das subvencións previstas no Plan europeo de recuperación.

E tivo que voltar saír a presidenta da Comisión Europea, a señora Ursula von der Leyen...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...—si, remato xa, señor presidente—, a que estaba á fronte dos populares europeos —é dicir, os do seu mesmo partido en Europa—, aplaudir unha e outra vez a xestión de España dos fondos europeos; e, loxicamente, cancelou *sine die* a reunión prevista co presidente da Xunta de Galicia. Porque, mire, para escoitar falar mal do Goberno de España, que está liderando a xestión e a execución dos fondos e que foi o actor principal na consecución destes fondos, decidiu que tiña outras cousas máis produtivas que facer.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(*Murmurios.*)

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: ¡En fin!...

Grazas, señor presidente.

Grazas ao Bloque polo apoio a esta iniciativa, aínda que agora precisarei algunha cuestión.

De entrada, o que me fai graza é que diga que non somos útiles ao noso país, cando vostedes xa tiñan... Hoxe temos un debate moi simpático —eu lamento non poder estar— no que veñen pedir que apoiemos a transferencia da AP-9, que vostedes xa conseguiran no acordo de goberno co Partido Socialista. E creo que vostedes se confunden de inimigo. Non está nas nosas mans agora transferir a AP-9 nin os fondos da Unión Europea. (*Murmurios.*) ¡Non está nas nosas mans! (*Murmurios.*) Está nas mans do PSOE. Polo tanto, ten graza que diga que nós non somos útiles, cando vostedes dixeron que cun deputado eran máis útiles que todo o Partido Popular. (*Aplausos.*) ¡En fin!... (*Aplausos.*)

Quen está a recentralizar os fondos é o Partido Socialista e Podemos, co apoio de Bildu e a abstención de Vox. Entón, isto é o que é; isto é o que hai.

A señora Rodríguez Rumbo confunde claramente o que é o mecanismo de repartición dos fondos e de xestión dos fondos cos propios fondos, que foron aprobados polo Partido Popular Europeo, que é o principal partido que hai en Europa, co voto de todos os deputados europeos do Partido Popular de España. (*Aplausos.*)

Vostede mente descaradamente —é a primeira vez que lle digo a alguén que mente nesta casa—; mente cando di que o Partido Popular non estivo a favor dos fondos europeos. ¡Mente descaradamente! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Votamos en contra do mecanismo de tramitación... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —a ver, señor presidente, a min gústame que haxa ruído..., pero é que vostede non ten razón e, polo tanto, é mellor que estea calada—. (*Aplausos.*) Porque o PP votou en contra do mecanismo, non dos fondos. (*Aplausos.*) E confundir iso é mala fe; non é ignorancia, é mala fe, porque vostede o sabe. polo tanto, é mala fe, non é ignorancia. (*Aplausos.*) Vale.



O Bloque dános a benvida á cogobernanza. Dixo bastante que caeramos do burro... Ben, dixo varias cousas aquí, como se fose a primeira vez... Señora Presas, isto está no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do 15 de xullo de 2021. ¿Sabe que é isto? (*O señor Puy Fraga mostra un documento.*) Isto é o Plan de reactivación que aprobamos nesta Cámara; e a proposta deste grupo inclúese no punto 55: «Instar o Goberno central a que introduza mecanismos de cogobernanza». Vostedes apoiaron esta medida, o PSOE abstívose; xa vemos onde está o PSOE e xa vemos onde estamos os demais. Pero non diga que agora nós nos xuntamos ao Bloque. Foi ao revés; esta é unha proposta que fixen eu, e vostedes apoiárona, e quen se abstivo foi o Partido Socialista. Pero desde o inicio da lexislatura estamos pedindo a cogobernanza.

Sobre as emendas. Vostede chamou chapuza á sociedade Impulsa, que é unha sociedade público-privada. O que non lles gusta é que sexa público-privada. E imos falar claro, a vostedes o que lles molesta é que nese sitio, nesa empresa, haxa empresas que fomentasen o proxecto de Altri, a factoría de hidróxeno nas Pontes, a planta de biofertilizantes que proxectan Reganosa, Repsol e Naturgy, o Data Center, e mesmo a «utility» para aproveitar os beneficios da eólica mariña, por exemplo. E nós cremos neste modelo, que é un modelo, por certo, que tamén está implícito na propia xestión dos fondos europeos.

Dito isto, eu insisto en que lles agradezo moito que apoién esta medida. E non sei se caeron do burro, do guindo ou da figueira, pero, en todo caso, nós levamos con isto desde o primeiro día e por iso votamos en contra no Congreso, e non en contra dos fondos —como di a señora que mente neste debate, que é a señora portavoz do Partido Socialista—.

Eu ao Partido Socialista dígolle —e, ademais, isto si xa creo que non é mala fe, creo que é directamente ignorancia—: ¿vostede sabe por que se libran os fondos europeos? Non é porque se xestionen ben, é porque se aproben as medidas que están no plan. Por tanto, apróbanse medidas —como, por exemplo, unha lei ou tal— e, entón, líbranse os fondos, pero non ten nada que ver coa xestión. Se vostede di que nos libran cartos porque estamos xestionando ben, é que non sabe como funcionan os fondos. E deduzo que non o sabe e que por iso está calada, porque, se fora tal, pois xa estaría como antes, interrompéndome; deduzo que é que non o sabe. Os fondos líbranse cando se cumpren os obxectivos de reformas lexislativas que van acompañadas precisamente do desembolso dos fondos, e non ten nada que ver coa xestión; a xestión verémola despois, porque Europa vai controlar a xestión. De entrada, a Comisión Europea marchou de aquí dicindo —e non eran do PP, eran de varios grupos— que non sabían a que se destinaran os fondos. (*Murmurios.*) ¿Nisto minto eu? ¿A Comisión do Parlamento non dixo iso? Vale, pois non o dixo, pero eu pásolles como oito, dez ou vinte portadas ao respecto; todas as que queiran. Ben, xa sabemos que non lles gusta a prensa, e que a prensa ten que dicir o que di o Partido Socialista; o resto da prensa libre non ten nada que ver. (*Murmurios.*)

A cuestión é que eu o que lle pregunto ao Partido Socialista é: ¿a vostedes pareceulles boa xestión que o proxecto de Altri, en vez de financiamento directo —como por exemplo Volkswagen—, teña que chamar a dezasete portas de distintos PERTE para poder facer a fábrica de fibras téxtiles en Galicia? ¿Parécelle unha boa xestión isto ao Partido Socialista? ¿Parécelle normal que todos os informes independentes que hai de Fedea, etc., estean dicindo que a xestión é baixa, lenta, burocratizada e que vai mal? ¡Porque é o que están dicindo! Eu úsoos, pero, entón, non é o que diga o PP. ¡Ogallá xa tiveramos os cartos para Altri! ¡Ogallá estivesen



xa os fondos ben xestionados e nas mans dos empresarios e das pequenas e medianas empresas, que tanto os precisan!

¡Vostede é que é máis defensora do Goberno socialista que o propio Goberno socialista! É que a señora Calviño o outro día dixo que había que acelerar a xestión dos fondos porque ela mesma reconece que van retrasados; e, como dixen antes, con grandes fiascos. ¡É que que caera o do Programa Coffee —despois de ano e medio para facer un programa de seguimento dos fondos— e que pediran unha folla de Excel ás comunidades autónomas ten o seu aquel de xestión tamén!

E, ben, ¿dúbdas de pensións? O Banco de España dixo algo. Eu creo que a Airef, onde estaba o ministro, tamén dixo algo. Pero non, isto é o PP, que é antiespañol —segundo vostedes— Vostede, en relación co dos fondos, dixo antes que nós foramos a Europa a dicir que non se estaban xestionando ben, cousa que non é certa; jé que os propios deputados europeos o viron! E imos ver —insisto— cal é o resultado final cando estean gastados.

Eu faría un resumo. Eu diríalle ao Bloque que se confunden ao poñer no mesmo nivel, nesta cuestión dos fondos, ao Partido Popular e ao Partido Socialista. Eu creo que antepoñen a súa posición contraria ao PP, faga o que faga o PP, a calquera outra consideración...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: Saben que temos razón, sábeno e, bueno, agradezo o voto a favor, pero ten que ir acompañado do discurso que ten que ir acompañado. *(Risos.)* E o PSOE, desgraciadamente... *(Risos.)* *(Murmurios.)* Non, non, si, ¡se isto é estupendo!: votan a favor, pero nos poñen a caldo. Bueno, pero votan a favor porque saben que temos razón. E o PSOE... *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Home!, faltaba na festa o señor Bará. Se o señor Bará non fala, pois a festa non é completa, está claro. *(Risos.)*

E o Partido Socialista, certamente, unha vez máis, decide antes defender a capa e espada...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...e con mentiras o señor Sánchez que defender a Galicia, cousa que eu lamento profundamente.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Prolongados aplausos.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España para tratar as necesidades específicas do Corredor Atlántico Noroeste co comisario do Corredor Atlántico e as comunidades de Galicia, Asturias e Castela e León



O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luís Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Engadir o seguinte texto ao final da parte resolutiva:

«Asemade, o Parlamento insta a Xunta a:

- Promover a creación dunha comisión de seguimento, coa participación dos partidos políticos con representación parlamentaria e aberta a todos os axentes sociais, que vele polo impulso do ferrocarril de mercadorías, polo cumprimento da planificación, e pola execución dos proxectos do Corredor Atlántico Noroeste e da conexión con Portugal.

- Demandar a aprobación dun plan extraordinario de investimentos para o Corredor Atlántico Noroeste e para Galiza que equilibre e compense o retraso que sofre o noso país no transporte ferroviario de mercadorías».)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei

Emenda de adición.

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo punto 5, que terá o seguinte contido:

«5. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dar un impulso decidido e a levar adiante as obras pendentes e necesarias nas plataformas loxísticas galegas, nomeadamente no Porto Seco de Monforte, infraestrutura esta fundamental para a conexión co Corredor Atlántico».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, como vostedes saben, a Comisión Europea pretende habilitar unha rede ferroviaria que supere as fronteiras técnicas dos distintos países, que conecte o interior de Europa con travesías polivalentes e cunha rede ferroviaria electrificada e de ancho internacional; rede chamada a unir os principais portos e outros espazos estratéxicos co interior de España, Portugal e sobre todo co resto de Europa. Dentro deste ambicioso proxecto, o denominado Corredor Atlántico é un dos nove itinerarios deseñados no ano 2010 para aumentar o uso do ferrocarril como medio de transporte de mercadorías. Para iso, a Unión Europea pon á disposición dos gobernos dos estados membros unha inxección moi relevante de recursos, aos que agora tamén hai que sumar os procedentes dos fondos europeos de recuperación; re-



cursos para financiar as obras e que estes corredores poidan equiparse e facer fronte ás necesidades operativas.

Hoxe, é certo, queda moito camiño por diante. O transporte de mercadorías por ferrocarril non chega ao 4 por cento, á cuarta parte da media europea, que é do 17 por cento. Levar adiante estes investimentos no noroeste peninsular permitiría triplicar o transporte de mercadorías por ferrocarril a partir do ano 2040, pasando a mover máis de vinte millóns de toneladas, fronte aos sete millóns actuais. Con este obxectivo común as comunidades autónomas do noroeste peninsular —Galicia, Asturias, Castela-León, Cantabria e País Vasco— unen forzas para reivindicar conxuntamente esta infraestrutura prioritaria e estratéxica.

Fagamos un pouco de historia. Hai que salientar que a alianza formada en 2018 por estas comunidades fixo posible lograr e incluír os treitos do noroeste no trazado do Corredor Atlántico. Cómpre lembrar que nun primeiro momento o Corredor Atlántico europeo excluía a Galicia e que grazas á alianza co Principado de Asturias e con Castela-León se logrou unha rectificación e unha corrección deste erro histórico. Con todo, a falta de impulso e de avances no desenvolvemento do Corredor Atlántico é hoxe unha evidencia incuestionable que motiva unha gran preocupación por parte da Xunta de Galicia e das comunidades do noroeste; preocupación compartida tamén polas organizacións empresariais.

Practicamente nada se tiña movido no Corredor Atlántico Noroeste desde que a comezos do ano 2019 o Ministerio de Transportes presentou o seu plan. Para rachar esta parálise, o pasado 27 de xaneiro tivo lugar en Santiago de Compostela un cumio no que esta alianza do noroeste insistiu na súa petición de impulsar o corredor. Unha vez máis, esa alianza deu os seus froitos, e o primeiro resultado práctico foi lograr que durante o transcurso do encontro A Moncloa por fin nomease un comisionado para o Corredor Atlántico como interlocutor entre as administracións e entre as entidades. Nese cumio, as tres comunidades presentaron, ademais, a estratexia conxunta para que o Goberno de España elabore o futuro plan director; plan que debe recoller de forma detallada e cun calendario preciso os investimentos e as actuacións necesarias cifradas en preto de oito mil millóns de euros. Con todo, para a presentación oficial do novo Comisionado, José Antonio Sebastián, houbo que agardar ata o pasado 6 de marzo. É dicir, o Comisionado activouse case cinco anos despois de que se nomease o do Corredor Mediterráneo, o gran competidor, e mes e medio despois de que se anunciase o seu nomeamento.

Ese paso serviu tamén para constatar que o Goberno de España non iniciou aínda a elaboración do Plan director do Corredor Atlántico, que as comunidades do noroeste veñen anos reclamando, e que non se espera que estea elaborado aínda ata o futuro mes de outubro. Ademais, o documento trasladado polo Comisionado ás comunidades inclúe erros, inclúe imprecisións e inclúe ausencias notorias. Así, non inclúe tramos de vía nova que son irrenunciabiles para Galicia, como a saída sur de Vigo ou como as variantes dos Peares-Canabal-Monforte, ademais contabiliza como investimentos actuais xa executados, incluída a liña de alta velocidade Madrid-Ourense, e tamén resulta pouco crible —seremos bos no adxectivo— o prazo dado polo Comisionado para o Corredor Atlántico, que asegurou que no ano 2032 estaría operativo.



A estratexia coordinada e conxunta elaborada polas tres comunidades autónomas, identificando obxectivos concretos e as actuacións prioritarias para o Corredor Atlántico, establece como horizonte temporal o ano 2040. A inacción do Goberno central hai que contrapoñela co traballo desenvolvido polas comunidades do noroeste durante estes anos, que fixeron os deberes e definiron unha estratexia de actuación para desenvolver o Corredor Atlántico nos correspondentes territorios.

De feito, están identificadas as necesidades máis prioritarias nesa infraestrutura, que precisa —insisto— 8.000 mil millóns de euros que cómpre empezar a executar canto antes, aproveitando a oportunidade única dos fondos europeos e do Mecanismo de financiamento Conectar Europa.

Desde a reunión de Xixón do pasado mes de marzo, desde a Xunta véñse demandando a celebración dun encontro directo entre as comunidades do noroeste e o Comisionado; unha reunión que sirva para poñer en marcha o impulso coordinado das infraestruturas necesarias. Todas estas demandas son as que hoxe formulamos na nosa iniciativa, incorporando, ademais, un apartado expreso para que nesa rede ferroviaria europea se inclúa o coñecido como o trazado norte: a liña Ferrol-A Coruña-Betanzos-Lugo-Monforte, dotación orzamentaria que permitiría a súa electrificación. Porque —e niso supoño que estamos de acordo todas as forzas—, como comprenderán, a provincia de Lugo non pode quedar, unha vez máis, illada.

Señorías, o Cumio dos presidentes de Galicia, Asturias e Castela e León non foi só a escenificación política dunha fronte territorial. Demostrouse que existe sensibilidade na sociedade civil e no ámbito empresarial para non quedar descolgados dos grandes itinerarios europeos de mercadorías e tamén de viaxeiros. Nin podemos nin merecemos ser unha illa de Europa. A unidade de acción puxo sobre a mesa a necesidade de que o Goberno de España impulse con decisión o Corredor Atlántico; unha actuación clave para que Galicia non queda illada no mapa das infraestruturas continentais. A unidade de acción exige antepoñer os intereses dos cidadáns ás cores partidistas, e seguirá a ser básica para que quen governe en España mova ficha.

Sexamos capaces de acadar hoxe aquí un acordo unánime desta Cámara que dea forza a esta reivindicación. Sexamos capaces de estar sempre do lado dos intereses de Galicia cando se trata de defender o que é xusto para a nosa terra. Galicia para o Grupo Popular é o primeiro, e votando a favor desta iniciativa estaremos á altura. Hai que facer o imposible por non perder o tren dos grandes percorridos europeos.

Esperemos que vostedes, como grupos da oposición nesta Cámara, teñan tamén a mesma altura do Partido Popular e voten esta iniciativa favorablemente.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Otero.



A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Señor Balseiro, estea vostede tranquilo de que nós, os socialistas, estamos á altura cando estamos a gobernar en Madrid e tamén cando estamos na oposición. Vostedes non farían o mesmo con esta iniciativa se estivese a gobernar o Partido Popular en Madrid, (*Aplausos.*) e téñeno máis que demostrado. Porque quero recordarlle, señor Balseiro, que cando os socialistas chegamos ao Goberno en Madrid o que nos deixou o señor Íñigo de la Serna era que esta decisión de poder ser incluída Galicia no Corredor Atlántico e tamén a posibilidade de optar a determinadas axudas europeas tería que adiarse ata o ano 2027. Como vostede dicía, señor Balseiro, é preciso facer historia, e nós tamén imos facer historia con esta infraestrutura e imos poñer os puntos sobre os is.

Porque, claro, quen está apostando decididamente por este corredor, polo Corredor Atlántico, é este goberno, presidido por Pedro Sánchez. E vostedes volven hoxe aquí, como fixo hai uns meses o señor Tellado no Senado —que o único que busca é enfrontamento entre os territorios—, a mentir e a enganar a cidadanía.

Mire, señor Balseiro, Galicia entrou de pleno dereito neste Corredor Atlántico no ano 2021. E no 2021, ¿quen estaba a gobernar no Estado? O señor Pedro Sánchez; non estaba o señor Mariano Rajoy. Polo tanto, os puntos sobre os is, porque foi a partir deste momento cando se aprobou o Regulamento da Unión Europea 2021/1153, do Mecanismo Conectar Europa para o período 2021–2027 e cando se conseguiu ampliar o Corredor Atlántico da Rede Básica Transeuropea. Foi a partir desta data —2021, señor Balseiro; non ano 2017, nin no 2016, nin no 2015, nin no 2014—, 2021, gobernando os socialistas en Madrid, cando se puido empezar a falar de priorizar este Corredor Atlántico, que é o que está a facer o Goberno central.

A execución deste corredor segue a ser unha prioridade para o Goberno e prevese que as actuacións en infraestruturas que sexan necesarias para o seu desenvolvemento estean realizadas no ano 2030. A modo de exemplo, nos presupostos xerais do Estado para o ano 2023 recóllense 1.648 millóns de euros en investimentos para avanzar en completar e en ampliar o Corredor Atlántico; unha cifra, señor Balseiro, moi similar á que se contempla para o Corredor Mediterráneo —por certo, por primeira vez na historia, que anteriormente isto si que non acontecía—. ¡E vostede vén falar aquí hoxe da discriminación do Corredor Atlántico fronte ao Corredor Mediterráneo! ¡Por primeira vez na historia é unha cifra similar, practicamente igual para os dous corredores!

No marco do Corredor Atlántico, en Galicia estanse a desenrolar as seguintes actuacións —e non é por ese cumio que veu celebrar o señor Rueda recentemente aquí, en Galicia—: primeiro, conexión entre León–Monforte–Ourense–Vigo, 800 millóns de euros; un dos dous enlaces ferroviarios de Galicia co centro peninsular e tamén un dos principais eixes de mercadorías da zona noroeste. Este eixe conecta Ponferrada, Astorga e León. Neste tramo están en marcha as actuacións de renovación da infraestrutura e da superestructura, a modernización de instalacións de seguridade e comunicacións, as ampliacións de viais de apartado



e a adecuación de gálibos, entre outras. As destacables, señor Balseiro —anote, como di vostede—: a renovación do tramo Ourense–Monforte, máis de 140 millóns de euros; e o tramo Vigo–A Coruña, 2.512 millóns de euros, principal eixe de transporte ferroviario, tanto de pasaxeiros como de mercadorías en Galicia, que está formado polo Eixe Atlántico e tamén en tramos de explotación do trazado antigo. Neste eixe estanse a realizar actuacións de mellora das instalacións de Protección Civil, mentres que nos tramos do antigo trazado se levarán a cabo obras de renovación e electrificación, actualmente en fase de redacción dos proxectos.

Anote, señor Balseiro, outra cifra: 123,5 millóns de euros tras o convenio asinado entre Adif, Mitma e Portos do Estado, que se iniciaron as obras do novo acceso ao porto exterior de Coruña en Punta Langosteira; por certo, único porto da rede básica que non contaba con acceso ferroviario. Non sei, señor Balseiro, como non o deixaron vostedes previsto.

Falaba incluso vostede da saída ferroviaria sur de Vigo, que precisamente vostedes deixaron metida nun caixón; esta saída que conecta con Portugal. Xa está iniciada a redacción do estudo de alternativas por parte do Mitma, pero por este Goberno presidido por Pedro Sánchez, non polo Goberno presidido polo señor Rajoy.

Máis obras deste Corredor Atlántico na nosa comunidade autónoma: electrificación do tramo Guillarei–Tui–fronteira portuguesa, con Redondela e Arcade... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —perdón, si correcto—, e A Coruña e os servizos transfronteirizos entre España e Portugal e continuar coas actuacións en infraestruturas previstas para materializar o Corredor Atlántico de acordo coa definición do corredor incluída no regulamento de investimentos recollida nos presupostos xerais do Estado para o ano 2023, dende logo, señor Balseiro, mantendo os contactos e as interlocucións necesarias coas comunidades autónomas de Galicia, Asturias e Castela e León.

Polo tanto, os puntos sobre os is. Se fose polos gobernos do Partido Popular, nada disto estaría a darse na actualidade. Teríamos que esperar, como dicía o anterior ministro de Fomento do Partido Popular, ata o ano 2027.

Polo tanto, para este corredor atlántico nestes orzamentos xerais do Estado para o ano 2023, 1.600 millóns de euros, máis 2.500 millóns dos fondos europeos.

A previsión de investimento para os próximos anos é de 16.000 millóns de euros: 4.000 millóns para a renovación de infraestruturas e 12.000 millóns para infraestruturas novas.

Polo tanto, para nós é unha prioridade; é unha rede de infraestruturas consideradas —como vostede dicía— primordiais para a Unión Europea, que comunica toda a fachada oeste de Europa. Pero cómpre recordar —como dicía tamén vostede— que Galicia quedou inicialmente excluída deste deseño e que non foi ata o ano 2021 —volvo lanzar a pregunta: ¿quen gobernaba en Madrid no ano 2021?—, cando a nosa comunidade autónoma se adheriu a este mapa de pleno dereito. Polo tanto, foi este goberno, señor Balseiro, o que empezou a dar forma a este corredor.



Ademais, ese plan director, que se presentará no mes de outubro, completará e ampliará a rede e mellorará os servizos ferroviarios, como dicía, cun investimento previsto para os vindeiros anos de 16.000 millóns de euros.

É o momento tamén de aproveitar eses fondos Next Generation para ampliar e complementar este corredor —algo que recordaba a miña compañeira—, que, se chega a ser polo Partido Popular, que intentaron torpedealos en Europa, non chegarían á nosa comunidade autónoma. Está nomeado ese Comisionado para o desenvolvemento do Corredor Atlántico. Polo tanto, aí o Ministerio creou unha delegación permanente para o impulso e seguimento deste Corredor Atlántico, tanto do estado das infraestruturas como das políticas deste goberno en alianza con Europa, destacando as conexións con Portugal e Francia. O obxectivo é axilizar a despregadura desta infraestrutura e dos seus servizos para potenciar o transporte de mercadorías por tren en España e as conexións en Europa. Nós tamén instamos este comisionado xa nomeado para que axilice e coordine o impulso desta infraestrutura e, singularmente, para a presentación de proxectos susceptibles de financiamento europeo.

Pero aí tamén teñen moito que facer as propias comunidades autónomas e, nomeadamente, a Comunidade Autónoma galega, porque as empresas e tamén as comunidades autónomas deben trasladar as súas necesidades a través deste Comisionado para o Corredor Atlántico, para poñer en común as necesidades e as prioridades desta infraestrutura ferroviaria e impulsala, porque tamén teñen a obriga de impulsala, posto que é un proxecto vivo e en desenvolvemento que aspira a seguir complementándose e ampliándose.

Polo tanto, o que piden nesta iniciativa é algo no que está a traballar o Goberno central, e nós dende logo que imos apoiala, pero cremos que tamén ten deberes pendentes a propia Xunta de Galicia para poder mellorar as infraestruturas que son de competencia do Goberno galego; estou a falar das plataformas loxísticas galegas, nomeadamente do Porto Seco de Monforte, que é unha infraestrutura fundamental para a conexión con este Corredor Atlántico. Vostede sabe que o porto seco de Monforte está chamado a ser ese nó central ferroviario fundamental para Galicia, e a Xunta de Galicia vemos como dende o ano 2014, cando foi inaugurado, non fixo absolutamente nada. Cada ano, nos orzamentos da propia Comunidade Autónoma, deixaban unha partida que non executaban e que ían trasladando de ano en ano. Este ano incluso chegaron a rebaixala de 750.000 euros —que había no ano 2022— a 500.000 euros para o ano 2023. Dende o PSdeG levamos anos demandando da Xunta de Galicia que finalice o porto seco de Monforte, a súa conexión coa N-120. Déixense de escusas e de buscar máis confrontacións co Goberno central; é competencia da Xunta de Galicia, así como habilitar un muelle intermodal. Precísase un peirao de carga e descarga, un dispositivo fundamental para que o parque industrial se poida considerar verdadeiramente un porto intermodal, unha verdadeira plataforma loxística.

Polo tanto, nós coincidimos coas peticións que fai o Grupo Parlamentario Popular ao Goberno de España; pedímoslle a mesma altura de miras que vostedes nos pedían a nós para que apoiásemos a súa iniciativa, para que tamén acepten a nosa emenda e lle pidan á Xunta de Galicia dunha vez por todas que rematen as obras pendentes e necesarias no porto seco de Monforte.



Señor Balseiro, vostede sabe coma min que foi inaugurado no ano 2014, e estamos no ano 2033, perdón, no 2023... Voume adiantando moito no tempo, pero temo que, como siga a gobernar o Partido Popular na Xunta de Galicia, chegará o ano 2030 e o porto seco de Monforte seguirá aínda sen ter ese acceso á N-120.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Vostede, señor Balseiro, que ten peso dentro do Partido Popular, pídalle á Xunta de Galicia que traballe a prol da nosa provincia e que remate o acceso ao porto seco de Monforte.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o Señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Acaban de escoitar as noticias, agora contarémoslles a verdade, poderíamos dicir, porque asistimos aquí a unha especie de mix de parte da TVG, co locutor Xosé Manuel Balseiro, e de parte da conexión da Televisión Española en Galicia coa locutora Patricia Otero, *(Risos.)* contando... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Risos.)* *(Risos do orador.)* —«Nós, televisión», si— *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, agora contarémoslles a verdade. Porque, claro, vostedes teñen algúns lapsus de memoria á hora de contar o que pasou.

Antes de empezar con iso, gustaríame dicir que, señor Balseiro, que ben lles senta a vostedes estar na oposición en Madrid, con estes arrebatos, impulsos galeguistas. Dixo vostede: «Para o Partido Popular, Galicia é o primeiro». Ata que pasamos o Padornelo. Entón, alí esquécelles o amor a Galiza. Foi o que lle pasou ao señor Feixóo, que tivo unha conversión —non sei se escoitaron outro día— e dixo: «*La mejor sanidad de España es la de la Comunidad de Madrid*». Xa se avergoña da sanidade galega o señor Feixóo. *(Aplausos.)* Nada, pasa un ano en Madrid e xa se esquece de que a sanidade galega era o mellor do mundo.

Miren, explicouno moi clariño o que foi comisario europeo de Transporte, o señor Kallas —estoniano—, que dixo: «Quen non estea na Rede transeuropea de transporte que se prepare para ser un cero á esquerda», ¡para ser un cero á esquerda! E, claro, dixo vostede, señor Balseiro, que no ano 2013 se cometera un erro histórico, que aparece claramente reflectido neste mapa, *(O señor Bará Torres mostra un mapa.)* o mapa do Corredor Atlántico, onde non están os portos atlánticos galegos. Si que está o porto de Madrid, no Manzanares, pero o porto da Coruña e o porto de Vigo non están no Corredor Atlántico. ¿E sabe por que foi isto? Porque o Partido Popular e o Partido Socialista votaron a favor da exclusión de Galiza no ano 2013 no Parlamento Europeo. *(Aplausos.)* Son vostedes corresponsábeis desta exclusión, deste abandono, deste erro histórico. Vostede díxoo perfectamente, dixo que foi un erro histórico provocado polo Partido Popular e polo Partido Socialista. O BNG votou en contra. Esa é a diferenza, que a nós non se nos pasa o amor a Galiza e a defensa de Galiza cando cruzamos o Padornelo, vaíamos a Madrid ou vaíamos a Bruxelas. ¡Claro!



E di vostede que se corrixiu esta situación. Corrixiuse, efectivamente, no ano 2021, pero xa era un pouco tarde. Xa é un pouco tarde porque nestes anos xa tiveron prioridade unha serie de investimentos e de proxectos que estaban no Corredor Atlántico, pero no Corredor Atlántico que vai desde o porto de Sines a Madrid e á fronteira francesa, desde Alxeciras a Madrid e á fronteira francesa. E Galiza quedou de novo atrás, quedou no furgón de cola, á marxe do avance que se produciu en todos estes anos.

E quero recordarlle —porque vostede tampouco o dixo; vostede empezou a contar a historia no ano 2018, como se non houbese pasado antes do 2018— que vostedes estiveron gobernando entre o 2012 e 2018. Polo tanto, teñen moita responsabilidade en todo o que pasou neses anos, na exclusión e na situación na que está Galiza hoxe e en que se fixesen grandes investimentos naquel momento, gobernando vostedes, na estación de Atocha, por exemplo, en Madrid, á conta do Corredor Atlántico de Mercadorías, cando Galiza nin sequera estaba nese mapa.

E xa non lle vou recordar outro erro histórico que se cometeu tamén no ano 2013, neste caso na rede convencional, na rede galega. Vostedes daquela aprobaron unha cousa que lle chamaron o Plan de racionalización do transporte ferroviario, «Plan de racionalización do transporte ferroviario». ¿Saben en que consistiu ese Plan de racionalización do Partido Popular no ano 2013 —outro erro histórico—? Pois en eliminar 106 trens á semana, en pechar 20 estacións e en anular 1.776 paradas en toda Galiza. Esta foi a contribución do Goberno do Partido Popular no ano 2013 ao maior ataque ao tren convencional galego de toda a historia. (*Aplausos.*) Esa foi, ese é o seu haber e estas son as noticias que hai que contar desta historia que nos levou a onde estamos agora.

A razón de fondo disto é o deseño centralista das infraestruturas, o deseño radial, que fai que todo teña que pasar por Madrid, e non todo ten que pasar por Madrid. E, ademais deste deseño radial e centralista, a realidade é que se primou e se priorizou o investimento no Corredor Mediterráneo. Esa foi unha aposta dos gobernos do Partido Popular e do Partido Socialista, e por iso o noroeste —que agora vostedes presumen de que se uniu; tarde pero que se uniu— quedou fóra do mapa, primándose o eixo mediterráneo e o eixo atlántico, desde Alxeciras a Madrid e á fronteira portuguesa. E a realidade é que a maior parte dos investimentos que se fixeron nestes anos do Corredor chamado Atlántico —non o Noroeste Atlántico— fixéronse en Euskadi, en Madrid e en Andalucía. E isto é, xa digo, responsabilidade dos dous gobernos de turno.

Efectivamente, o Corredor Mediterráneo ten un comisariado dende o ano 2018 —case cinco anos antes— e o Corredor Mediterráneo conta cunha estratexia definida xa desde aquela, pouco despois, desde o ano 2019, e cun plan director, cousa que non existe aínda no caso do Corredor Atlántico, e menos no Corredor Atlántico Noroeste, que é o noso, o que debería ser prioritario para nós. E a realidade é que temos no ano 2021 infraestruturas ferroviarias do século XIX. E voulles dar un dato que é absolutamente demoledor. ¿Sabe vostede, señor Balseiro, ou señora Otero, canto tarda un tren de mercadorías en chegar desde o porto da Coruña ata Barcelona? ¿Saben canto tarda? ¡Vinte e tres horas! Con eses tempos de desprazamento de mercadorías non podemos ser competitivos; somos, ou queren que sexamos, un cero á esquerda.



E, aínda por riba —isto vai para o telexornal da señora Otero—, Galiza foi excluída, ou pretende ser excluída —polo menos, no borrador está así—, da rede de autoestradas ferroviarias que se presentou no mes de outono. Si, si; é que é así. É un borrador, pero Galiza non está nese borrador, ¡non está! E ese é un instrumento fundamental para poder trasladar os camións en trens ata o último quilómetro —que se chama o último quilómetro— para despois facer aí... Nesa estratexia, nese borrador que se presentou no outono, Galiza non estaba. O Goberno central deu a escusa de que non o pedira ningún axente económico. ¡En fin, sen palabras!

A realidade é que o tren é estratéxico, que estamos no momento de apostar polo tren, que o tren é o transporte do futuro e que o tren é máis económico, máis lóxico e máis ecolóxico, desde logo, xa que permite aforrar ata un 82 por cento de emisións de gases de efecto invernadoiro. Ademais, é un auténtico dispendio dispoñer dunha rede ferroviaria, aínda que sexa con moitas limitacións, como a que temos agora, e non aproveitala máis, porque do total de exportacións que nós enviamos a Europa, ¿saben canto vai por tren? Case o oitenta por cento das exportacións galegas van para Europa. Pois desas exportacións só o 1 por cento vai por tren. O 16 por cento vai por mar, por barco, e o resto vai por estrada. Iso é absolutamente ineficiente, antiecolóxico e ilóxico.

E, ademais, o tren é unha peza fundamental para a conectividade e para a intermodalidade —xa se lle dixo aquí—; para o que se chama a interoperabilidade, é dicir, a conectividade cos portos, coas plataformas loxísticas e tamén cos grandes polígonos industriais. E iso en Galiza tampouco existe, porque xa se dixo aquí que a principal plataforma loxística do noso país —a que estaba chamada a ser, cando se inaugurou, no ano 2014, a bombo e prato polo Goberno da Xunta— resulta que aínda non ten conexión ferroviaria e menos conexión decente por estrada, e aí tamén hai responsabilidades compartidas.

En fin, que rematamos dicindo que o BNG comparte gran parte das propostas desta iniciativa. Imos apoiala porque coincide con moitas outras que nós tamén trasladamos a este Parlamento e tamén ao Congreso dos Deputados. En todo caso, tamén incluimos, engadimos unha serie de emendas que nos parece que son interesantes e importantes para mellorar o acordo. A primeira é a proposta da creación dunha comisión de seguimento; unha comisión de seguimento que ten que ser unha comisión de vixilancia tamén e de impulso, na que estean presentes grupos parlamentarios e teñan tamén voz os axentes sociais, para facer ese seguimento deses proxectos, deses plans e deses investimentos. Por certo, que tamén a liña entre Vigo e Porto —hai que dicilo, señor Balseiro, que vostede non o dixo— non está na rede básica europea e ten que ser unha demanda que estea, como non está a liña que conecta Monforte con Lugo e coa Coruña. Tamén compartimos que hai que acabar con ese illamento ferroviario de Lugo.

En segundo lugar, pedimos un plan extraordinario de investimentos para o corredor galego, para o ferrocarril de mercadorías galego, estea na rede básica ou non, para compensar ese desequilibrio, ese retraso con respecto a outras zonas do país.

Para rematar, señorías do PP, benvidas e benvidos ao tren. Séntalles ben estar na oposición; agora só falta pasar das palabras aos feitos.

Moitas grazas. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, quero agradecer o voto favorable tanto do Partido Socialista como do Bloque Nacionalista Galego.

E parafraseando o portavoz do Bloque: aquí, o locutor Balseiro; no PSOE, a locutora Otero e no Bloque, o señor Bará, o reporteiro. (*Murmurios.*) Dígoo para que vaíamos todos tendo cargo. Pero, de todas formas, é curioso escoitar o Bloque Nacionalista Galego reclamando unha infraestrutura que racha coas fronteiras, ¡é curioso! ¡Algo avanzamos!, ¡algo avanzamos! (*Risos.*) Nesta Cámara facemos estas exixencias —créame— desde a lealdade constitucional, e responden a un modelo de país e a unha visión global de España. Porque dá gusto escoitar que, por fin, o Bloque Nacionalista Galego rectifique. Iso de que as autovías e o ferrocarril son unha navallada para o territorio parece que agora xa non é así. (*Risos.*) Dá gusto, dá gusto, ¡dá gusto!; cando menos, algo avanzamos.

E, señora Otero, eu dicía que vostedes estivesen á altura. E estar á altura non lle é votar aquí unha cousa e votar outra distinta en Madrid, como fixeron vostedes, por exemplo, coas peaxes da AP-9 —e podería poñer moitos máis exemplos—. Esperemos que coa promesa de presentar o Plan director no mes de outubro non pase como cos prazos dos trens AVRIL, que unha e outra vez vostedes incumpriron.

Mire, teña vostede coidado, señora Otero —sabe, ademais, que a aprecio—, con quen lle pasa aos datos. Vostede di que non se avanzou nada co Partido Popular. Mire, con Rajoy logrouse que en Europa se incluíse a Galicia na rede, e foi un traballo que culminou no ano 2019. Vostede di que se presentou no ano 2021... (*A señora Otero Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, ten vostede mal o dato. Mire, con Sánchez practicamente todo permanece igual. Foi a comezos do ano 2019 cando o defenestrado ministro de Transportes, Ábalos, presentou o plan con 16.000 millóns de euros —no ano 2019, non no ano 2021—; un investimento e unha cantidade que non queren variar vostedes catro anos despois.

E hai unha cousa, por suposto, que preocupa o Partido Popular e que preocupa a Galicia, e é que o Goberno central só prevé gastar única e exclusivamente 1.100 millóns de euros de fondos propios, unha cantidade claramente insuficiente. Por iso con esta iniciativa vese que se precisa de multiplicar por oito esa cantidade para garantir conexións ferroviarias de mercadorías no noroeste peninsular competitivas, para garantir a electrificación total da rede, para darlle un ancho internacional e para facer apeadoiros máis largos.

Di vostede que na Moncloa están traballando moito. Mire —como di vostede, anote—, non querían nomear o Comisionado, pero tivérono que nomear, xa sabe vostede por que, e retrasaron a outubro o Plan director. En Galicia só se está traballando no treito Ourense-Monforte. Vostedes eliminaron as variantes, polo cal a alta velocidade non chega a Lugo porque houbo un goberno en Madrid do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego que eli-



minou a variante dos Peares e que eliminou a variante de Canabal e Rubián. (*Murmurios.*) Vostedes eliminaron as variantes, só están traballando no treito Ourense-Monforte e no acceso ferroviario ao porto exterior da Coruña. E, digo eu: ¿onde están as variantes eliminadas dos Peares-Canabal? ¿Onde está a conexión co porto de Vigo? ¿E onde está a saída sur ferroviaria da cidade olímpica? (*Murmurios.*) ¿Onde están? (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Miren, o Corredor Atlántico para o Partido Popular é imprescindible para aproveitar o potencial económico do noroeste e para evitar unha desvantaxe competitiva co Corredor Mediterráneo. Galicia ten cinco portos de interese xeral do Estado, unha posición xeográfica privilexiada, como a fachada atlántica, que é porta de entrada de Latinoamérica a Europa, e ademais unha relación moi estreita e intensa con Portugal. Ademais, Galicia conta con sectores produtivos punteiros, cun alto nivel de especialización e, en consecuencia, cunha prioridade e cun desenvolvemento desta actuación para contribuír ao progreso e á cohesión de Europa.

E termino, señor presidente. Vou posicionarme sobre as emendas.

Agradecemos, por suposto, as achegas feitas polos grupos da oposición coas súas emendas de engádega. Pero, para non desvirtuar a demanda, imos manter o texto orixinal da nosa iniciativa, baseándoo en catro puntos: reclamar unha reunión urxente co novo Comisionado; incorporar ao Plan director o investimento adicional de 8.000 millóns de euros para executar as actuacións que as comunidades definiron como prioritarias; incluír o trazado norte, que pasa por Lugo, no itinerario; e garantir un trato en condicións de igualdade co Corredor Mediterráneo.

Sobre a emenda do BNG, o plan de mellora da rede ferroviaria xa está recollido na proposta de 8.000 millóns de investimento. E xa hai un comisionado nomeado, señor Bará, e non se necesitan máis comisións de seguimento, o que se precisa é que se actúe xa.

E sobre a emenda do Partido Socialista —e termino—, mire, do Plan do porto seco de Monforte, recórdolle que a única administración que investiu no porto seco de Monforte —máis de 20 millóns de euros— foi a Xunta de Galicia; non hai ningunha outra administración que investira nin un só euro. E a única administración que está bloqueando o acceso coa 120 e que leva tempo bloqueándoa é o Goberno central. (*Murmurios.*) E bloquea dúas... (*Murmurios.*) Non, non; se escoita, pódollo explicar. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: Bloquea, por un lado, a hidrográfica e, por outro lado, Feve. ¿Por que? Porque vostedes non dan posto o acceso, pero a maiores queren que se faga un paso a nivel (*Murmurios.*) que nada ten que ver con ese acceso e que está a preto dun quilómetro de onde vostedes teñen que dar o enlace. (*Murmurios.*) Vostedes levan tempo bloqueándoo...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BALSEIRO OROL: ...por iso a Xunta de Galicia o consigna e non o pode executar.



O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BALSEIRO OROL: Ao Goberno central así llelo terán en conta en Monforte e na comarca.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(*Aplausos.*)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer o Goberno galego ao Goberno español para que retire os plans de ordenación do espazo marítimo aprobados polo Consello de Ministros o 28 de febreiro

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular e outra do Grupo Parlamentario Socialista.

(*O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Marta Nóvoa Iglesias, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*)

Emenda de substitución.

Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España:

1º.- Desenvolver os Plans de ordenación do espazo marítimo (POEM) desde un enfoque integrador que contemple unha canle de comunicación continua entre os ministerios competentes, as Comunidades Autónomas e os sectores afectados, con especial protección ao sector pesqueiro. Realizar os estudos socioeconómicos que avalíen os impactos en sectores como o pesqueiro, garantindo que o desenvolvemento dos (POEM) ten en conta aos mesmos. En particular, realizar e dar publicidade á medida ER2 recollida nos POEM (ER2: Análise do sector pesqueiro potencialmente afectado polo Desenvolvemento da enerxía eólica mariña nas zonas propostas nos POEM).

2º.- Dar audiencia desde o máximo nivel do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demo-gráfico así como do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, aos representantes da Plataforma en Defensa da Pesca e dos Ecosistemas Mariños, ao Observatorio de Eólica Mariña de Galicia e ao seu homólogo en Asturias, así como aos das federacións e confrarías de pescadores afectados, para que poidan expoñer as súas discrepancias coa eólica mariña e co contido do Real Decreto 150/2023, do 28 de febreiro, publicado no Boletín Oficial do Estado o 4 de marzo de 2022.

3º.- Atender as iniciativas e resolucións adoptadas nas Cortes Xerais e en distintos parlamentos autonómicos en favor dos pescadores e da súa oposición aos plans da eólica mariña tal e como finalmente foron aprobados polo Consello de ministros.



4º.- *Elaborar os estudos científicos e de impacto socioeconómico que permitan determinar e precisar as consecuencias sobre os ecosistemas mariños e sobre a pesca da instalación de parques eólicos mariños».)*

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Demandar do Goberno central que:

a) Desenvolva os plans de ordenación do espazo marítimo (POEM) dende un enfoque integrador que contemple unha canle de comunicación continua entre os ministerios competentes, as comunidades autónomas e os sectores afectados, con especial protección ao sector pesqueiro.

b) Realice os estudos científicos e de impacto socioeconómico que avalíen os impactos en sectores como o pesqueiro, garantindo que o desenvolvemento dos POEM os teña en conta. En particular, realizar e dar publicidade á medida ER2 recollida nos POEM (ER2: análise do sector pesqueiro potencialmente afectado polo desenvolvemento da enerxía eólica mariña nas zonas propostas nos POEM).

c) De audiencia dende o máximo nivel ministerial do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, así como dende o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación aos representantes da Plataforma en Defensa da Pesca e dos Ecosistemas Mariños, ao Observatorio da Eólica Mariña de Galicia, así como aos das federacións e confrarías de pescadores afectados, para que poidan expoñer as súas discrepancias coa eólica mariña e co contido do RD 150/2023, do 28 de febreiro, publicado no Boletín Oficial do Estado do 4 de marzo de 2023.

2. Trasladar, de xeito inmediato, aos grupos parlamentarios da Cámara galega as consideracións que, no seu día, foron presentadas aos POEM.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Boa tarde. E boa tarde a todos e a todas.

Traemos hoxe aquí de novo o debate sobre a implantación da eólica mariña nas costas galegas. E traémolo, entre outras cousas, porque é un debate que existe hoxe na sociedade galega e con moita intensidade en sectores concretos, como o sector pesqueiro; un debate polo que tanto o Partido Popular como o Partido Socialista intentan pasar o máis de pontiñas



posíbel, porque, efectivamente, estamos en pleno período electoral e non vaia notárselles moito de que lado están.

Señorías, temos asistido aquí en numerosas ocasións a posicionamentos unánimes a respecto da política pesqueira da Unión Europea e das consecuencias que vén tendo no sector pesqueiro galego. Observamos moitas veces a coincidencia entre o Partido Popular e o Partido Socialista sobre —di sobre todo o Partido Popular— «as terríbeis e radicais políticas ambientalistas da Unión Europea». E, no entanto, a pesar de coincidiren nisto, pois non son capaces nin os uns nin os outros de posicionarse en contra da implantación de muíños nas nosas costas.

É realmente curioso ver como os que presumen unha e outra vez de defender a ultranza a pesca galega aquí, en Madrid e en Bruxelas, nomeadamente neste tema non sexan quen de apoiar o sector pesqueiro, que rexeita claramente e tamén unanimemente os POEM aprobados polo Goberno do Estado no mes de febreiro, e tamén unha planificación enerxética feita a imaxe e semellanza da gran patronal eólica e das grandes empresas eléctricas. E dá igual os argumentos que deamos, porque vostedes sempre van ter algún outro que desvirtualice eses argumentos e os posicione sempre ao lado, precisamente, desas grandes eléctricas.

Por exemplo, se falamos de algo que todo o mundo coñece e é evidente, como é a complexidade da plataforma continental galega, especialmente curta, pois hai que dicir que o Partido Popular e o Partido Socialista o ignoran, e neste caso ignoran tamén os informes científicos. Danlles igual; a vostedes, que son tan partidarios de acompañar informes científicos a todo, como debe ser. Bueno, neste caso, ignoran eses informes científicos.

Se falamos, por exemplo, de que nesa plataforma se concentra unha elevadísima densidade en canto ao seu aproveitamento produtivo, pesqueiro e marisqueiro, o Partido Popular e o Partido Socialista prefiren seguir utilizando eufemismos e falar de coexistencia, dunha coexistencia que xa se está a demostrar imposíbel entre sectores. E chegan ao punto de que a concentración de máis de cen caladoiros de pesca non é razón suficiente para que os propios POEM, para que o propio Goberno do Estado, considerase a actividade pesqueira como de interese prioritario. E non só non consideran de interese prioritario o sector, a actividade pesqueira, senón que falan incluso de solucionar este problemiña, este pequeno problema, con compensacións ao sector. Isto, como non —*¡será por dinero!*—, pódese arreglar cunhas pequenas compensacións ao sector.

Se falamos, por exemplo, dos efectos deses polígonos eólicos nos ecosistemas mariños, dos que existen numerosísimos datos e informes científicos tamén, o Partido Popular e o Partido Socialista fan a vista gorda e táchannos —ao Bloque Nacionalista Galego— de alarmistas.

Se falamos, por exemplo, de que a afectación ao sector pesqueiro terá consecuencias directas e gravísimas en comarcas enteiras do noso país, o Partido Popular e o Partido Socialista resólveno co anuncio de miles —¡miles!— e ficticios postos de traballo na industria eólica mariña. Cando xa existen miles de postos de traballo que dependen directa e indirectamente do sector pesqueiro, o Partido Popular e o Partido Socialista apostan por unha hipotética



creación de miles de postos de traballo que na realidade —demóstrase en terra, ¿verdade?, dende hai moitos anos— queda moi lonxe do que se anuncia.

Igual que cae polo seu propio peso o falaz argumento da Xunta de Galiza da famosa «liña vermella». A liña vermella para a Xunta de Galicia é a afectación á pesca. Ben, este argumento cae polo seu propio peso cando o propio sector pesqueiro está dicindo por activa e por pasiva que se vai ver afectado, e moi gravemente, tal e como figura nos POEM neste momento. Dío o sector e tivo mesmo que ser recoñecido publicamente desde que se aprobaron os POEM ata aquí pola propia ministra Ribera.

Se falamos, por exemplo, de que para Galiza hai unha previsión de ocupación potencial de 2.200 quilómetros cadrados en fronte ás nosas costas —nada máis e nada menos que case o cincuenta por cento do que se quere colocar en todo o Estado— por parques de eólica mariña, xustamente enriba do maior número de caladoiros de pesca e onde se desenvolve a súa actividade —a maior frota pesqueira do Estado—, o Partido Popular e o Partido Socialista entenden que iso forma parte dunha irremediábel e dunha inmodificábel transición ecolóxica.

E se falamos, por exemplo, de que os POEM só contemplan as competencias atribuídas ao Estado, de que anulan —directamente anulan— as xa pírricas competencias de Galiza sobre a ordenación do sector pesqueiro ou de protección do medio ambiente, o Partido Popular e o Partido Socialista non lle vén ningún problema, porque, no fondo, nesta cuestión coinciden en que: ¿onde van levar mellor as competencias que dende o Estado español? Aclaro isto por un lado, pero logo a Xunta, cando necesita facer campaña electoral e cando necesita da confrontación co Estado, pois desvívese por defender as competencias propias e ata presenta un anteproxecto de lei de ordenación do litoral. É absolutamente incoherente.

En definitiva, falemos do que falemos, deamos os argumentos que deamos, o posicionamento do Partido Popular e do Partido Socialista está claro: é a favor —dá igual o que digamos todos os demais, e non o Bloque Nacionalista Galego, senón o sector pesqueiro, os expertos...— ... En fin, dá igual o que se diga, porque o Partido Popular e o Partido Socialista están a favor dun modelo claramente depredador, que é, ademais, a continuidade do que dende hai anos estamos, por desgraza, a ver en terra aquí, no noso país.

O seu posicionamento —o duns e o doutros— está claro: teñen asumido que a Galiza lle toca ser unha vez máis o que mandan dende Madrid e, por suposto, o que decidan as grandes empresas eléctricas. A mostra máis evidente son as propias alegacións da Xunta ao proxecto do POEM; unhas alegacións, señorías, onde non se cuestiona absolutamente nada. Son unha sucesión de consideracións técnicas, mais que non entran nin na consideración do sector pesqueiro como prioritario —*ya está bien*, o POEM di que non é prioritario, ¿*para qué lo va a decir la Xunta?*—, nin entran tampouco na defensa —esas alegacións da Xunta— dos miles de postos de traballo que dependen, precisamente, da actividade pesqueira no que se chama Cantábrico Noroeste, nin tampouco entra a Xunta de Galiza, nas súas alegacións, na riqueza que crea ese sector pesqueiro no propio país directa e indirectamente. E, claro, se non entran en todo isto as alegacións da Xunta, moitísimo menos entran —non hai nin atisbos— a defender un mínimo de autogoberno galego.



Pois, señorías, a nós aquí non nos van atopar. O Bloque Nacionalista Galego non vai poder compartir en ningún momento este posicionamento, porque dende o Bloque Nacionalista Galego tamén o temos claro, e temos claro que a nosa defensa é a defensa do sector pesqueiro galego, que, como dixen, proporciona miles de postos de traballo e un tecido social, industrial e laboral en moitas comarcas do noso país.

Dende o Bloque Nacionalista Galego defendemos a salvagarda dos nosos ecosistemas mariños, que está máis que demostrado... Pregúntenlles aos mariñeiros e aos pescadores afectados polo parque experimental —de momento só experimental— de Portugal afectados precisamente por ese parque. ¿Que quedou en varios quilómetros á redonda deses muíños? Absolutamente nada. Pois nós estamos na defensa dos ecosistemas mariños.

Nós estamos na defensa de que Galiza ten que ter voz, cando menos voz, claramente á hora de cando se toman as decisións que afectan a ordenación do noso espazo mariño. E o Bloque Nacionalista Galego defende, ademais de todo isto, por suposto, un modelo enerxético que non estea nas mans de catro, para beneficiar a catro e para enriquecer a catro; que a eses catro só lles importa o beneficio que saquen de aquí, caia quen caia, haxa que pasar por riba de quen haxa que pasar.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que ir rematando, señora Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Galiza, señorías... —vou rematando, presidenta—, efectivamente, é afortunada. É afortunada porque ten uns recursos naturais que claro que son unha oportunidade e que poden contribuír, efectivamente, a unha produción importante de enerxía renovábel. O caso é en beneficio de quen se van utilizar eses recursos, a quen van beneficiar eses recursos e a quen van sacrificar a conta de aproveitar eses recursos.

Ben, tal como se demostra nos propios POEM e tamén no alineamento do Partido Popular e da Xunta de Galiza ao recollido neses POEM, a enerxía eólica que concibe o Partido Popular e que concibe o Partido Socialista non é en beneficio de Galiza. Por iso nós, alineándonos tamén, neste caso, co sector pesqueiro galego, propoñémoslle a retirada dos actuais POEM, volver poñernos de acordo, igual que o fixemos aquí no ano 2009, e declarar a Galiza como libre de eólica mariña e, dende logo, solicitar que Galiza teña, cando menos, voz en todas as decisións que afecten...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...o seu espazo mariño.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señora Pérez.

Ten agora a palabra, polo Grupo Parlamentario Socialista, emendante desta iniciativa, a señora Otero Rodríguez.



A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Boas tardes de novo.

A ver, que me aclare eu, señora Pérez: ou pasamos de puntillas dende o meu grupo por este tema ou temos un posicionamento claro. Porque vostede na súa intervención empezou a dicir que o grupo do PSdeG pasaba de puntillas por este tema e despois dixo que tiñamos un posicionamento claro. Claro que temos un posicionamento claro e rotundo, e explicámolo mil veces. Os que non teñen un posicionamento claro e rotundo son vostedes, señorías do Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)* Porque, miren, vostedes practican unha política medioambiental totalmente de sofá e de salón. Estou cansa de escoitar en numerosas ocasións a súa voceira ir e poñer, por exemplo, Pontevedra de exemplo de políticas medioambientais, de que o aire estaba limpo, de que sen CO2..., e despois practican unhas medidas totalmente a prol da dependencia total do carbón, porque vostedes opóñense frontalmente a toda a enerxía renovable. Díganlles a esas empresas e díganlles a eses traballadores como lles van garantir un prezo da enerxía competitiva se despois vostedes se opoñen a calquera tipo de enerxía renovable. Díganlle á xente como iamos ter un aire máis limpo se vostedes a única dependencia que queren seguir mantendo é a do carbón.

Porque mire, señora Pérez, dicía o señor Bará anteriormente que eu fixen de comentarista da xogada e que el falaba da realidade dos feitos. Vostedes están nunha telenovela. A min hoxe vostede recordoume ás telenovelas... *(Aplausos.) (Murmurios.)* Si, porque é verdade que ves unha telenovela e parece que non pasa o tempo, que seguimos no mesmo escenario, cos mesmos personaxes antigos... Porque, claro, vostedes hoxe nos piden aquí que retomemos un acordo do ano 2009. Estamos a falar de enerxías renovables no ano 2023. Por favor, señorías do Bloque Nacionalista Galego, Galicia tamén quere avanzar. ¿Ou quere que volvamos falar do que estabamos a falar no ano 2009 referente ás enerxías renovables? A verdade é que vostedes din unha cousa pola mañá e pola tarde practican outra totalmente distinta.

Mire, señora Pérez, vostedes estanse a quedar sós neste discurso. E vostedes si que están a pasar moitas veces de puntillas neste discurso. Porque, ¿que fixo o voceiro do Bloque Nacionalista Galego hai dúas semanas no Congreso dos Deputados? E agora me dirá a señora Pérez: non, é que non está o Bloque Nacionalista Galego alí representado. Vostedes forman parte do grupo plural. E nin sequera a persoa que participou nesa comisión quixo facer uso do turno de palabra para poder defender o posicionamento do Bloque Nacionalista Galego. Ante unha iniciativa de Foro Asturias que pedía a retirada dos POEM, o grupo no que está integrado o Bloque Nacionalista Galego nin sequera quixo intervir; que, por certo, saíu aprobada por unanimidade esa transacción acadada entre os distintos grupos parlamentarios. E non me veña aquí, señora Pérez, que o señor Néstor non puido intervir nesa comisión, porque vostede sabe coma min que podería intervir en substitución de calquera dos outros deputados do seu grupo que estaban representados nesa comisión.

Polo tanto, señora Pérez, o Bloque Nacionalista Galego estase a quedar só neste tema. Nin sequera respectan co seu voto os outros grupos que compoñen o mesmo grupo no que vostedes están representados no Congreso dos Deputados.



E mire, señora Pérez, é que eu creo que non é certo o que vostede está a dicir aquí de que fala tanto co sector pesqueiro, porque o sector pesqueiro unha das reivindicacións que está a facer é pedir maiores informes científicos, maiores informes técnicos e informes de impacto socioeconómico, e vén vostede e o Bloque Nacionalista Galego e di que xa ten todos eses datos. Vostede aquí falou de numerosísimos informes e datos que corroboran que afectan os ecosistemas mariños e que é imposible esa coexistencia da que falan os grupos do Partido Popular e do PSdeG, porque xa se está a demostrar que é incompatible. Pero, entón, o que está a pedir o sector pesqueiro de maiores informes científicos e técnicos, de informes de impacto socioeconómico, non é o que está a dicir o Bloque Nacionalista Galego aquí, nesta tribuna. Polo tanto, aclárense, señorías do Bloque Nacionalista Galego, porque son vostedes os que non teñen claro neste tema cal é o seu posicionamento.

Vostedes, ademais, seguen a enganar, e nós temos un posicionamento moi claro no tema da enerxía eólica mariña. Porque vostedes seguen a dar a entender que estes POEM que foron aprobados no mes de marzo son plans para a eólica mariña, e non son plans para a eólica mariña, son plans para a ordenación do espazo marítimo. A ver se dunha vez por todas lles entra na cabeza. Son uns plans, uns documentos que precisamente lle dan maior seguridade xurídica ao propio sector pesqueiro, porque, ante a ausencia deste documento que acouta zonas potenciais para poder instalar a eólica mariña, o que podería ver o propio sector é que saíran proxectos de instalacións de eólica mariña en todos os sitios ao longo e ancho do mar; e estes POEM precisamente é o que queren evitar.

Señora Pérez, a aprobación destes POEM non implica —e témolo que volver repetir— unha autorización directa, unha autorización automática dos parques eólicos mariños. Previamente —e temos que volver repetilo, porque parece que non entra na cabeza do Bloque Nacionalista Galego— á autorización de cada instalación en concreto, deberase de realizar unha avaliación do impacto sobre ela, sobre os recursos pesqueiros da zona que puidesen verse afectados. Pero, polo visto, o Bloque Nacionalista Galego xa ten eses datos, que nin sequera ten o sector pesqueiro.

Cada proxecto de parque eólico deberá ser estudado e avaliado de xeito individual, de xeito independente, incluíndo as afeccións a outros sectores económicos, fundamentalmente, o pesqueiro e o acuícola. E aquí o posicionamento do PSdeG é moi claro. Nós claro que entendemos que Galicia ten que liderar a enerxía eólica mariña, porque aquí contamos cos recursos, aquí contamos coas empresas que teñen os coñecementos, aquí contamos coa cadea de valor, pero, dende logo, todo isto marcado por esa liña vermella que é protexer os nosos caladoiros de pesca. Porque —repito— o que se identifica no mapa é superficie potencial. As zonas seleccionadas son zonas potenciais para establecer parques eólicos mariños.

Eu xa dicía —e dígoo moitas veces nas intervencións cando falamos da eólica mariña— que queda un longo percorrido por diante. Hai que desenrolar unha regulación que permita coñecer en que termos se convocarán, por exemplo, esa subastas. Aí é preciso e necesario que se retome ese diálogo entre o sector pesqueiro e o propio Ministerio para buscar eses espazos de diálogo, eses espazos de consenso, e é a intención do Goberno seguir traballando, tamén coas comunidades autónomas e, dende logo, tamén co Observatorio da Eólica Mariña que aquí está constituído. Pero, dende logo, o que cremos e repetimos é que o sector pesqueiro



ten e debe de estar, non pode quedar fóra deses debates sobre a despregadura da enerxía eólica mariña. Hai que buscar eses espazos de debates e de acordos, e é imprescindible — repito — a participación do sector pesqueiro, porque para nós a liña vermella é preservar a pesca, que ten prioridade por riba de calquera outro plan estratéxico.

Nós presentamos como emenda de substitución á iniciativa que hoxe trae a debate o Bloque Nacionalista Galego —que volve pedir novamente a retirada deses POEM— unha emenda no senso do que se ten aprobado por unanimidade de todos os grupos, tamén dese grupo no que está integrado o Bloque Nacionalista Galego, que é basicamente —e é unha petición tamén do propio sector pesqueiro— que se desenvolvan estes POEM dende un enfoque integrador que contemple unha canle de comunicación continua entre os ministerios, as comunidades autónomas e os sectores afectados, con especial protección do sector pesqueiro. Tamén noutro punto que se realicen eses estudos científicos e de impacto socioeconómico que piden dende o propio sector pesqueiro; dar audiencia tamén dende o máximo nivel ministerial, dos ministerios de Transición Ecolóxica e do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, aos representantes, loxicamente, da Plataforma en Defensa da Pesca, dos ecosistemas mariños, ao Observatorio da Eólica Mariña de Galicia, así como ás federacións e tamén ás confrarías de pescadores afectados, para que poidan alí expoñer as súas discrepancias coa eólica mariña; para que poidan eles directamente expoñer as súas discrepancias e que tampouco estean terxiversadas e estean mal informados por parte do Bloque Nacionalista Galego, porque a verdade é que xa está ben de escoitar determinados argumentos que se dan por parte do Bloque Nacionalista Galego.

Nós tamén coincidimos en que é necesario que por parte da Xunta de Galicia se remitan a estes grupos parlamentarios con representación nesta Cámara as consideracións que no seu día foron presentadas por parte da Xunta de Galicia a este documento dos POEM, porque é certo que aquí, dende a Xunta de Galicia, no primeiro momento se dicía que non puideran facer alegacións e despois que si, que fixeran alegacións, pero que non se tiveran en conta. Vostedes, señorías do Partido Popular, saben que se tiveron en conta todas menos unha, que é esa plataforma experimental de Punta Langosteira. Polo tanto, para aclarar o tema o mellor é que envíen esta información a este Parlamento...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que ir rematando, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...pero a verdade é que non sabemos, se realmente presentaron esa información do xeito adecuado ou se o fixeron, como nos teñen moitas veces acostumados por parte do Partido Popular, a través de anónimos ou incluso de sobres que non levan nin sequera o remitente. Esa é a técnica que está a utilizar o Partido Popular. (*Aplausos.*) Xa vemos que lles vale calquera cousa para derrocar politicamente a alguén que non foron capaces de derrocar nas urnas.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señora Otero.

É agora a quenda do Grupo Parlamentario Popular, tamén emendante desta iniciativa.



Ten a palabra a señora Nóvoa Iglesias.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Moitas grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

Señora Otero, ¿a que Goberno se refería que non derrocamos aquí?, ¿a ese no que están vostedes, a terceira forza política? ¡Home, por favor! Que suba vostede aquí e, sendo a terceira forza política, se dirixa ao Partido Popular, con 42 escanos, a verdade é que a estas horas da tarde é un chiste. *(Aplausos.)*

Mire, señora Pérez, a verdade é que si que hai un posicionamento claro. Aquí hai só un posicionamento claro, e é o do Bloque Nacionalista Galego —sabémolo todos—, que é estar en contra de calquera proxecto renovable que se queira instalar en Galicia. Sabémolo todos: están en contra da eólica mariña, están en contra da eólica terrestre... Pero é que antigamente estaban en contra —vostede dicía— do carbón, estaban en contra das centrais térmicas, das centrais hidráulicas... Pero, ¿que enerxía lles vale a vostedes? Dígao vostede cando suba aquí, por favor, agora que teñen recente a presentación dese modelo enerxético.

Miren, claro que hai dous modelos diferentes: hai un modelo que ratifican os cidadáns cando van votar lexislatura tras lexislatura, e hai outro que é o seu, que non ratifican e que os pon aí na oposición lexislatura tras lexislatura. Tiveron catro anos para gobernar e na primeira que puideron os galegos botáronos fóra, e vostedes xestionaron a Consellería de Industria e Enerxía naquel momento. ¡Oia!, pois hai que aterse ás consecuencias, e as consecuencias son que vostedes están na oposición e nós estamos sustentando o Goberno. Esa é a realidade.

Miren, respecto da eólica mariña, é que vostedes non respectan nin o acordo dos pescadores do sector pesqueiro. Aquí, neste Parlamento, as tres que interviñemos e que imos intervenir hoxe logramos unha transacción coa iniciativa do Manifesto de Burela. E, ¿que dicía?, ¿que dicía o sector pesqueiro? Pois dicía o que vou ler: «que a eólica mariña garanta a súa coexistencia coas actividades pesqueiras sempre que sexa posible a dita coexistencia, sen afectar o ecosistema mariño e as actividades pesqueiras». Isto foi o que aprobamos o Partido Socialista, nós e vostede, pero é que vostedes non o respectan, porque vostedes nesta iniciativa o que din é que se declare Galicia libre de eólica mariña. Xa a prohiben vostedes, non o sector pesqueiro; o Bloque Nacionalista Galego quere prohibir a eólica mariña, non o sector pesqueiro. E iso que o escoite todo o mundo, porque non é o que vostedes van dicindo por aí.

E claro que non estamos de acordo coa aprobación dos POEM, claro que non. E claro que non empezamos ben; non, o Goberno do Estado non empezou ben, porque se tiña que reunir no seo do Observatorio da Eólica Mariña que se creou no ano 2021 e onde está representado o sector pesqueiro, o sector da industria e todos os sectores. Era aí onde se tiña que reunir e xestionar os POEM antes de ser aprobados, pero non, aprobáronse sen facer nin unha soa reunión na que estivese ningún representante do Estado neste Observatorio da Eólica Mariña. E iso é empezar mal, claro que si.



Galicia, señorías, sempre defendeu a coexistencia da eólica mariña e do sector pesqueiro e, por suposto, a defensa dos ecosistemas mariños. É que vostedes, o Bloque Nacionalista Galego, se cren os donos do mar, os donos do vento, os donos do galego, os donos de Galicia... ¡Que non, señorías! Os galegos e as galegas son os donos, non vostedes. *(Aplausos.)* ¡Por favor! Pero ¿que é isto?, ¡home! ¡Pero ¿como se pode escoitar aquí que só lle importa o sector pesqueiro ao Bloque Nacionalista Galego?! ¡Pero que broma é esta, señora Pérez!

Miren, a verdade é que a min me resulta un insulto á intelixencia estar falando disto constantemente, porque se vostedes están en contra da eólica mariña, ¿para que queren estudar nin facer nada? ¡É que xa só son vostedes os científicos! O Bloque Nacionalista Galego sabe absolutamente de todo, ¡de todo! Xa non necesita nin estudos nin científicos, ¿para que? ¿Para que, se xa din vostedes que a nosa plataforma non...? Pero é que a eólica mariña evolucionou. *(A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Señora Pérez, non, a eólica mariña evolucionou moito desde o 2009. Claro que si, e estamos en 2023. ¿Saben quen son os que non evolucionaron? Vostedes, que seguen instalados..., non no 2009, no ano 1900, cando se usaba o candil e a vela. *(Aplausos.)* Aí é onde está instalado o Bloque Nacionalista Galego.

Miren, vostedes, coma sempre, veñen aquí defender uns traballadores e criticar outros. Esa é estratexia do Bloque Nacionalista Galego: traballadores de primeira e traballadores de segunda. Pero é que os traballadores... *(Murmurios.)* ¿Como? ¿Non hai traballadores da industria enerxética da eólica mariña?, ¿non hai? Pase por Ferrol e véxaos. ¿Cantos hai? Pero é que vostedes deostan uns traballadores para defender outros. E nós, este grupo e o Goberno da Xunta de Galicia, defendemos a todos os traballadores de Galicia, ¡a todos!, e a cantos máis, mellor, non coma vostedes. Vostedes o que queren é unha Galicia pequeniña, escondidiña, en negro, na que nin sequera se poida ter luz para ver. *(Risos.)* ¡É que non...! Porque vostedes son capaces de dicir que Galicia se abastece con placas solares nos tellados. ¡Iso é o que dicían vostedes onte! ¡Por favor! ¡É surrealista! Son capaces de dicir iso, que Galicia pode vivir... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Miren, por favor, un respecto e algo máis de rigor. Eu creo que, de verdade, debería ser necesario no Bloque Nacionalista Galego un pouco máis de rigor. ¡Si, señora Pérez! E a min encántame que vostede veña aquí coa súa vehemencia defender o sector pesqueiro, porque toda Galicia quere o sector pesqueiro. ¡Claro que si!, e niso estamos de acordo. Pero o que non pode é vir aquí traer unha iniciativa que diga xa de antemán que se prohiba a eólica mariña en Galicia. ¿De que falamos, entón, aquí? ¿Para que estamos a falar? ¿Para que creamos un observatorio? ¿Para que estamos en reunións, se total vostedes, o Bloque Nacionalista Galego, xa o ten claro? É que os únicos que o teñen claro son vostedes, porque son vostedes os que están en contra absolutamente da eólica mariña, e non teñen outra razón que estar en contra do avance e do progreso en Galicia. Esa é a súa única razón.

Nós hoxe emendamos esta iniciativa súa co acordo unánime —que xa o dixo a señora Otero hai uns minutos— na Comisión de Pesca do Congreso, que todos os grupos apoiaron. Iso foi o que trouxemos aquí como emenda, e o que vostedes deberían apoiar, porque vostedes, o seu grupo, como dicía a señora Otero, alí votou que si. Entón, o de sempre, din unha cousa alí e a contraria aquí, porque o señor Rego moito falar, pero é que despois alí, caladiño. Está ben facer roldas de prensa, e iso si, iso dásele estupendamente, pero o outro día íase falar



dun tema importante para Galicia e logo, cando hai que intervir nunha comisión e defender a Galicia, non o escoitamos; abstívose de intervir.

Entón eu, señora Pérez, e este grupo Grupo Parlamentario Popular, traemos unha emenda que di —e que vou ler, porque a señora Otero resumiu, pero eu si que a quero ler—, en primeiro lugar: «Desenvolver os plans de ordenación do espazo marítimo dende un enfoque integrador que contemple unha canle de comunicación continúa entre os ministerios competentes, as comunidades autónomas e os sectores afectados, con especial protección ao sector pesqueiro; realizar os estudos socioeconómicos que avalíen os impactos en sectores como o pesqueiro, garantindo que o desenvolvemento dos POEM ten en conta os mesmos; e, en particular, realizar e dar publicidade á medida ER2, recollida nos POEM —a medida ER2 di: análise do sector pesqueiro potencialmente afectado polo desenvolvemento da enerxía eólica mariña nas zonas propostas polos POEM—».

Segundo punto: «Dar audiencia desde o máximo nivel do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, así como desde o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, aos representantes da Plataforma en Defensa da Pesca e dos Ecosistemas Mariños, ao Observatorio da Eólica Mariña de Galicia e ao seu homólogo en Asturias, así como aos das federacións e confrarías de pescadores afectados para que poidan expoñer as súas discrepancias coa eólica mariña e co contido do Real decreto 150/2023, do 28 de febreiro, publicado no *Boletín Oficial do Estado* o 4 de marzo de 2022».

En terceiro lugar, «Atender as iniciativas e resolucións adoptadas nas Cortes Xerais e en distintos parlamentos autonómicos en favor dos pescadores e da súa oposición aos plans da eólica mariña tal e como finalmente foron aprobados polo Consello de Ministros».

E o cuarto punto: «Elaborar os estudos científicos e de impacto socioeconómico que permitan determinar e precisar as consecuencias sobre os ecosistemas mariños e sobre a pesca da instalación de parques eólicos mariños».

Estes estudos son os que non se fixeron, señores do Partido Socialista, e os que vostedes deberían demandar; e deberían demandar que a señora ministra de Transición Ecolóxica, Teresa Ribera, dunha vez veña reunirse ao Observatorio eólico creado en Galicia, que dea a cara e que non mande a ningún secretario de Estado nin a ninguén; que veña ela e que dea a cara, que se reúna co Observatorio e que fale co sector, co sector pesqueiro e co sector industrial. Iso é un acordo de país que deberíamos ter todos.

A eólica mariña é un vector moi importante de futuro que todos, obviamente, deberíamos ter en conta, señora Pérez. O Bloque Nacionalista Galego está quedando só nisto, e non debemos renunciar a unha posibilidade de desenrolo na nosa comunidade por un sectarismo ideolóxico que vostedes teñen. Iso non o podemos permitir. E se vostedes estivesen no Goberno —que non vai ser así, obviamente—, terían que tramitalos, e non poderían rexeitalos, porque temos que avanzar.

Entón, este grupo presenta esta iniciativa, que é o acordo que —insisto— se aprobou o 22 de marzo na Comisión de Pesca do Congreso, que aprobaron todos os grupos parlamentarios,



incluído o grupo no que está incluído o Bloque Nacionalista Galego. Agardo que así manteñan ese consenso, que sexan por unha vez razoables, que permitan o progreso de Galicia e que non queiran aislar Galicia, como sempre pretenden vostedes.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señora Otero, adiantoulle moi moito vostede pola dereita ao Partido Popular, ¡moi moito! *(Aplausos.)* Non sei se tamén vostede quixo actuar, por exemplo, a imaxe e semellanza do ultraprogresista e izquierdista Felipe González, que acabou no Consello de Administración de Gas Natural, ou do Partido Popular e quixo emular ao señor Aznar, que acabou no Consello de Administración de Endesa, igual que moitos ministros dun lado e doutro. *(Aplausos.)*

Miren, señorías, vano vostedes repetir ata a saciedade, uns e mais os outros, pero máis vale sós que mal acompañados; ¡máis vale sós que mal acompañados! *(Aplausos.)* Pero quérolles deixar claro que se vostedes interpretan que estar sós é estar acompañados ou á par de miles e miles e miles de persoas deste país que se adican directamente a vivir dunha actividade como é o sector pesqueiro; se vostedes interpretan que iso é estar sós, ¿que non será estar o PP e o PSOE, efectivamente, en amor e compañía, pero única e exclusivamente arrodeados —nunca mellor dito— das catro, cinco ou media ducia de grandes eléctricas? *(Aplausos.)* Compáren unha soidade coa outra, señorías, sobre todo no seu caso, señora Otero. ¡Compáren unha soidade coa outra!

E ben, como dúas gotas de auga, efectivamente, Felipe González-Aznar; PSdeG-PPdeG; señora Ortero-señora Nóvoa; e evidentemente, dúas emendas absolutamente iguais, cun pequeno matiz. Señora Otero, revisará a emenda do PP... Ao contrario, perdón, señora Nóvoa, revisará a emenda do PSOE, porque creo que foron un pelín —un pelín nada máis— máis listos ca vostedes. Si, si, un pelín. Revise, revise.

En todo caso, dúas emendas que tamén son calcadas e que nin máis nin menos foron unha proposta de Foro Asturias, efectivamente, na Comisión de Pesca e Agricultura no Congreso dos Deputados. Efectivamente, foi unha emenda de Foro Asturias transaccionada polo PP e polo PSOE por unanimidade. ¡Claro!, ¿que máis iamos esperar? Xa están todos de acordo.

Respecto dos informes, lévaos pedindo o sector, señora Nóvoa —é que vostede, ao mellor, non se acorda—, por iso os pediamos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Pausa.)* Por iso os informes os pedía o sector moitísimo antes de estar aprobados os POEM, e por iso se aprobou aquí unha iniciativa traída daquela pola plataforma Manifesto de Burela, que, efectivamente, pedía informes naquel momento, que era o normal, antes de levarse a cabo a aprobación e o proxecto dos POEM. Neste momento, ¿que pide o sector pesqueiro? ¿Pide informes? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pode ser que pida informes —que nunca están de máis—, pero, exactamente, ¿que pide o sector pesqueiro? A retirada dos POEM.



(Aplausos prolongados.) E o Partido Popular e o Partido Socialista están en contra, ao lado de Felipe González, en Gas Natural; ao lado de Aznar, en Endesa; ao lado dos ministros e conselleiros que pululan polos consellos de administración das grandes eléctricas. *(Aplausos.)* Aí é onde o Partido Popular e o Partido Socialista realmente están sós, verdadeiramente sós. *(Murmurios.)*

E ben, nós non estamos, efectivamente, nin no ano 2009 nin no ano 1900 ou 1999 —como dicía vostede—. Todo o contrario, nós somos partidarios —díxeno na miña intervención—, pero vostedes repiten como un mantra que nós estamos en contra de todo, cando, entre outras cousas, nas votacións se ve claramente quen son os do «non» e quen non son os do «non». *(Aplausos.)* En todo caso, todo o contrario —díxenllo na miña primeira intervención—. Nós somos conscientes de que Galiza é rica en recursos, pero ao mesmo tempo que somos conscientes diso —que vostedes tamén o son e as eléctricas tamén o son—, onde está a gran diferenza é que nós nos poñemos do lado do país, do lado do desenvolvemento do país e do lado, señora Nóvoa, dos postos de traballo —miles de postos de traballo; máis de sesenta mil postos de traballo directos e indirectos—, que xa existen, do sector pesqueiro. Os outros será *lo que le cuadre*, pero, neste momento, xa existen miles de postos de traballo no sector pesqueiro.

Pois ben, a retirada dos POEM é o que pide o sector pesqueiro. ¿Piden informes? Insisto, *no molestan*. A retirada dos POEM é o que pide o Bloque Nacionalista Galego. *(A señora Nóvoa Iglesias pronuncia palabras que non se perciben.)* Oia, señora Nóvoa, ¿sabe ler? Pois lea o primeiro punto, lea o primeiro punto *(Aplausos.)* ¡Retirada dos POEM!, *(Aplausos.)* pero non só, porque estar a favor do país... *(A señora Nóvoa Iglesias pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

(Murmurios.)

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...tamén é defender...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: É que isto é absolutamente insoportable...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...porque non pode unha falar, señora Nóvoa.

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Cale un momentinho e despois xa falaremos. Vostede tivo o seu turno.

Ben, retirada dos POEM, pero non só, porque estar a favor do país tamén significa defender que o país, o Goberno deste país, teña voz e voto onde o ten que ter e nos asuntos que lle



afectan directamente. O Partido Popular e o PSOE tamén están en contra de deixar de ser unha sucursal de Madrid. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Niso tamén están vostedes en contra. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: E evidentemente, señorías, evidentemente falamos de que Galiza (*Murmurios.*) quede libre de eólica mariña...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...pero non por capricho...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Remate, por favor. (*Murmurios.*) (*A señora Pérez Fernández vírase para falar co señor presidente.*)

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Quería rematar, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Non, non, non, pero mire o reloxo, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Remato.

O señor PRESIDENTE: Non, mire o reloxo. Remate xa, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Remato, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Remate xa, por favor. Remate. Silencio

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: E evidentemente pedimos que Galiza quede libre de eólica mariña. E non porque si. Dei todos os motivos na miña primeira intervención...;

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...o que pasa é que, evidentemente, o que se posiciona...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...ao lado das grandes eléctricas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...lle dá igual, efectivamente...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...o que pase na costa galega.



O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Rexeitamos a emenda de FORO Asturias.

Grazas. *(Aplausos prolongados.)*

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que se deben levar a cabo para instar os grupos políticos con representación no Congreso a que apoien o texto da Proposición de lei de transferencia da AP-9

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do seu deputado José Manuel Balseiro Orol e a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia acorda como resolución instar á Xunta de Galicia para que requira aos grupos políticos con representación no Congreso a que apoien a aprobación, nesta XIV lexislatura, da Proposición de Lei Orgánica de transferencia á Comunidade Autónoma de Galicia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9 que foi votada por unanimidade do Pleno da Cámara galega, e que veña acompañada dos recursos necesarios para a súa correcta explotación e dos investimentos precisos para levar a cabo as obras comprometidas que seguen pendentes, rexeitando aquelas emendas que pretenden limitar a transferencia ás competencias sobre administración e explotación da infraestrutura.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular esta proposición non de lei ten a palabra o señor Bará.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Non, agora póñovos a cero.

O señor BARÁ TORRES: Moitas grazas, presidente.

Pasamos do mar á terra, aínda que con bastantes semellanzas no debate.

Eu quero comezar explicando a oportunidade, a necesidade e o interese desta iniciativa porque quedan poucos meses para o remate da lexislatura no Congreso e existe un risco real de que a Proposición de lei de transferencia da AP-9 non chegue a bo porto, non chegue a ser debatida no Pleno do Congreso, e, polo tanto, non sexa aprobada; cousa que sería un fracaso, unha frustración e unha traizón a Galiza. Unha traizón a Galiza con responsábeis que son quen levan anos boicoteando e sabotando esta transferencia. Neste tema hai antecedentes,



e vou lembrar os máis recentes, remontándome a dous anos e dous meses, exactamente, ao 2 de febreiro do ano 2021, cando no Pleno do Congreso se admitiu a trámite a proposición de lei aprobada por unanimidade polo Parlamento galego.

Pois ben, tres días máis tarde, o 5 de febreiro, o BNG solicitou a tramitación polo procedemento de urxencia, cun prazo de oito días hábiles ata o 22 de febreiro para presentar emendas, co compromiso, ademais, de non presentar emendas para respectar a literalidade da proposición aprobada por este Parlamento. Pois ben, ¿saben que pasou como resposta a esa proposta do BNG? Pasou que os outros grupos —PP e PSOE incluídos— solicitaron dezasete prórrogas, e o que puideron ser quince días acabaron sendo catro meses de prórrogas do PP, do PSOE e doutras forzas políticas tamén.

E, o 1 de xullo do ano 2021, as cartas quedaron boca arriba coa publicación das emendas que puxeron de manifesto os atrancos e os paus nas rodas que, tanto un grupo como outro, poñían nun intento claro de sabotaxe á transferencia. En primeiro lugar, o PSOE, coa rebaixa inadmisíbel do contido da proposición, coa supresión, nada máis e nada menos, que da transferencia da titularidade, intentando rebaixar absolutamente o contido da iniciativa nun desprezo, por outro lado, ao que propuxo este Parlamento. E, o Partido Popular tamén, coa introdución de numerosas emendas —algunhas xa desfasadas, outras que non teñen sentido nunha proposición de lei e que, en todo caso, serán obxecto doutra negociación posterior—, pero tamén cunha clara vontade obstrucionista.

Pero, ¡claro!, se todo isto foi grave, o peor aínda estaba por vir porque a partir de aí os pasos aínda foron máis lentos, de tartaruga. Hai que ter en conta que a ponencia para o estudo das emendas se constituíu o 21 de setembro de 2021, coa previsión regulamentaria de dous meses de traballo —setembro de 2021, dous meses de traballo—. ¿E saben canto tempo botaron de trámites nesta ponencia? Pois nada máis e nada menos que ata marzo do ano 2023, é dicir, ano e medio de parálise e de atraso provocado intencionadamente para intentar boicotear a aprobación desta iniciativa.

Agora estamos na recta final da lexislatura; estamos nun momento decisivo. Podemos dicir que estamos, coma quen di, no tempo de desconto; estamos xogando a bóla de partido. E por iso traemos aquí esta proposta porque é o momento de decidir agora se se aproba ou non; se se eliminan esas trabas, eses paus nas rodas; se se retiran esas emendas; se se vota a favor da proposición ou non. E realmente temos moita preocupación porque pode fracasar outra vez esta iniciativa, como xa pasou no pasado. A verdade é que hai moitos sinais de alarma, moitas luces vermellas acendidas que alertan do risco de que non saia adiante por esas emendas presentadas polo PP e polo PSOE, e, sobre todo, polas declaracións públicas das persoas responsábeis do Goberno español e especialmente da ministra de Transportes que dixo literalmente, cando estivo aquí en Galiza, que «o traspaso da AP-9 a Galicia tiña difícil encaixe». Un difícil encaixe, concretamente, «pola aprobación das bonificacións». E a nós isto parécenos que son escusas de mal pagador.

Estamos vendo, ademais, como vostedes intercambian continuamente os papeis. Resulta que, cando gobernaba, o Partido Popular boicoteou ata tres veces a tramitación da proposición de lei —non son de fiar vostedes— e agora faino o PSOE, ou quere facelo o PSOE, emu-



lando o Partido Popular. E por iso traemos aquí esta proposición de acordo, esta proposta de resolución; unha proposta clara e concreta sen voltas e sen reviravoltas. E quero dicir que agradecemos o intento do Partido Popular coa súa emenda, pero non imos aceptala por manter a proposta e non desvirtuala.

Señor Balseiro, queremos un apoio claro e sen fisuras á proposición de lei, tal como foi aprobada por esta Cámara; e foi aprobada de maneira unánime. Non hai ningún motivo para desdicirse do que aprobamos neste Parlamento; non se pode dar o cambiazazo. Hai que facelo por lealdade e por coherencia a este Parlamento e a Galiza e porque, ademais, manter o texto tal como foi aprobado é unha garantía de axilización e de aprobación na presente lexislatura. Despois xa haberá tempo para a negociación de todas as cuestións e condicións concretas, porque iso é o que se fai despois na negociación, na Comisión Mixta de Transferencias, como fixeron, por certo, outras comunidades que tamén negociaron transferencias deste tipo de infraestruturas.

En resumo, a transferencia da AP-9 é unha demanda histórica, de gran simbolismo para o autogoberno galego. É un primeiro paso para outras demandas relacionadas coa autoestrada, como, por exemplo, o remate da concesión, con ese procedemento aberto pola Unión Europea que pode concluír na ilegalidade das prórrogas concedidas tamén polo Goberno do Partido Socialista e do Partido Popular —a última, de vinte e cinco anos, que empezará a contar a partir do próximo mes de agosto—. E tamén é un primeiro paso para a fin das peaxes abusivas, para facer xustiza con outras autoestradas que son da mesma época que a AP-9 e que acaban de ser gratuítas nos últimos anos. E tamén ten que ser un paso adiante para o logro doutras competencias, que tamén foron obxecto de acordos unánimes deste Parlamento, para poñer fin a catorce anos de seca de transferencias, que é unha responsabilidade compartida polo Partido Socialista e polo Partido Popular.

E remato, señoras e señores, expresando una convicción que temos absolutamente clara: máis cedo que tarde imos conseguir a transferencia da AP-9. Queiran ou non, imos conseguila e vai ser logo de vencer numerosas resistencias; vai ser un logro literalmente arrancado ao centralismo, a ese Estado profundo e aos grandes *lobbies* económicos extractivos que se benefician da explotación da AP-9. Agora, hoxe, na votación que teremos dentro de dous minutos, toca escoller entre o centralismo e Galiza; toca votar a favor de Galiza e de facelo aquí e en Madrid. O BNG desde logo ten claro que vota o mesmo aquí e en Madrid. Vostedes non dean o cambiazazo, non traizoen a Galiza.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señor presidente.

Señorías, señor Bará, quero comezar destacando aquilo no que estamos de acordo porque hai aspectos nos que creo que coincidimos todas as forzas políticas deste Parlamento. E por



iso impulsamos por unanimidade nesta Cámara unha proposición de lei que chegou ao Congreso e que ten pleno amparo na Constitución e no noso Estatuto de autonomía, para reivindicar e facer realidade a transferencia a Galicia da AP-9, de tal xeito que academos a titularidade autonómica desta autoestrada que permita ao Goberno galego dispoñer dunha ferramenta para unha xestión directa da mesma, para adaptala con maior eficacia e sensibilidade ás necesidades de Galicia e das galegas e dos galegos, así como para dar prioridade a actuacións que permitan mellorar o servizo que presta á cidadanía.

É certo que o todopoderoso deputado do Bloque Nacionalista Galego que teñen vostedes no Congreso dos Deputados nin se presentou ao debate cando tocou votar a conxelación das peaxes no Congreso. Nin tampouco pasan factura —parece ser— ao Bloque Nacionalista Galego os incumprimentos sistemáticos desa estafa —e repito o de estafa— que deron por chamar o pacto de investidura do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista.

Vostedes traen hoxe aquí unha iniciativa, porque vostedes enganaron a Galicia e enganaron os galegos e as galegas, xa que non cumpriron o que dixeron, e por iso teñen que traer a iniciativa. Mire, aquí está vostede tamén, para que o vexan ben todos os deputados e deputadas. *(O señor Balseiro Orol mostra o recorte dunha nova de prensa ao resto da Cámara.)* Nova do martes 3 de marzo de 2020 en La Voz de Galicia: «Pontón asegura que el traspaso de la AP-9 en el 2020 está garantizado». Decía: «Ana Pontón aseguró ayer que Galicia podrá gestionar la AP-9 este mismo año, tras firmar el acuerdo de investidura con el Partido Socialista, lo que definió como un logro de su formación». *(Murmurios.)* Coidado con isto. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pero se non lles vale isto, miren isto outro: «Pontón aclara que la transferencia de la AP-9 es un logro de todos los gallegos. La portavoz nacional del Bloque Nacionalista Galego recuerda que fue su partido el que sacó el compromiso del Gobierno en el pacto para la investidura de Pedro Sánchez». *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ah!, «Y señaló que este año será el que se transfiera la AP-9 a Galicia y no solo eso, sino el de la rebaja más importante de esta autovía. *(Risos.)* *(Murmurios.)* Xustamente todo o que acabaron de facer vostedes; xustamente a rebaixa máis importante cando acaban de subir as peaxes.

Afirmaba con rotundidade a señora Pontón, xa en 2020, que o traspaso da AP-9 estaba garantido. ¿Non dicían vostedes que era un logro do Bloque Nacionalista Galego, do seu único deputado no Congreso? Dicíano vostedes. E eu digo: ¿de que vale o pacto de investidura entre o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego se o incumpren de xeito sistemático e nada fixeron do que tiñan que facer? ¿Sabe de que vale? *(O señor Balseiro Orol mostra un documento ao resto da Cámara.)* Este é o pacto que firmaron vostedes. ¿Sabe de que vale? *(O señor Balseiro Orol resga o documento que acaba de mostrar ao resto da Cámara.)* Non vale absolutamente de nada, de nada. *(Aplausos.)* Isto só valeu, só valeu... de nada. Voulle dar, voulle dar outro máis porque é que de nada vale, de nada vale. *(O señor Balseiro Orol resga o referido documento.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Sabe para que valeu? Valeu única e exclusivamente —ríanse, débense rir vostedes, débense rir— para mentirlle a Galicia a cambio de poñer un presidente do Goberno co voto, que foi decisivo, do Bloque Nacionalista Galego, no seu momento, e valeu para que vostedes enganasen os galegos e as galegas coa AP-9. *(Aplausos.)* É dicir, o socialismo galego ten no Bloque Nacionalista Galego un socio compra-



cente. Sígao apoiando incondicionalmente, aínda que se trate de ir en contra dos intereses de Galicia, como é o caso que nos ocupa agora.

Señorías, no Partido Popular temos moi clara a posición respecto da transferencia da AP-9 a Galicia. A AP-9 leva supoñendo un enorme lastre para a economía das familias e das empresas, así como da competitividade de Galicia como territorio. Por iso a finalidade da transferencia é conseguir que a autopista do Atlántico preste un mellor servizo a Galicia e preste un mellor servizo ás galegas e aos galegos, para que funcione de forma efectiva como factor de vertebración territorial, de calidade de vida e de competitividade económica. No Partido Popular defendemos e seguiremos defendendo os intereses lexítimos dos galegos, demandando que a titularidade, a titularidade da AP-9, señor Bará, veña acompañada dos recursos necesarios para a súa correcta explotación e veña acompañada dos investimentos precisos para levar a cabo as obras pendentes —que é a nosa emenda—, xa que vostede isto non o pide; nós na nosa emenda si o pedimos.

Por iso o Grupo Popular no Congreso dos Deputados defende a mesma proposición de lei de transferencia de titularidade da AP-9 que recolle a demanda da Xunta de Galicia desde hai máis dunha década, na que se recolle unha solicitude unánime de todos os grupos deste Parlamento. E é obvio e é lexítimo, obvio e lexítimo, aínda que vostedes parece que esqueceron que o trámite parlamentario, tanto aquí coma no Congreso dos Deputados, está para introducir melloras, como foi o caso da do Partido Popular, sobre todo, ante a posición do Partido Socialista, que tratou de rebaixar coas súas emendas a demanda galega ao negarse á transferencia da titularidade da AP-9, de acordo co aprobado no Parlamento de Galicia.

Nós introducimos emendas que tratan de garantir que esa transferencia veña acompañada dos recursos necesarios —insisto, isto é o que pide a nosa emenda— para a súa correcta explotación e veña acompañada dos investimentos precisos para levar a cabo as obras pendentes. Tratamos de evitar que a transferencia se converta, aínda máis, nunha carga económica para Galicia e que teñamos que asumir cuestións como os custos das bonificacións ou financiar as obras necesarias que xa foron programadas e comprometidas para pagar con cargo aos orzamentos do Estado.

E agora preguntolles, señores do Bloque Nacionalista Galego: ¿de verdade que o Bloque Nacionalista Galego está disposto a renunciar a defender os lexítimos intereses dos galegos e das galegas?; ¿vostede está de acordo en que transfiran a titularidade desa autoestrada e está de acordo en que transfiran os recursos suficientes?

Señorías, o que non é de recibo é que durante dezasete meses o Partido Socialista de Pedro Sánchez —non o Partido Popular— que vostedes apoiaron, a cambio de traer esa transferencia no ano 2020, e tamén o grupo político de Yolanda Díaz bloqueasen a ponencia da lei que levaba todo ese tempo sen reunirse, facendo oídos xordos ás reiteradas peticións do Grupo Popular para que se convocase unha reunión.

Xa pasaron dous anos desde ese 2 de febreiro de 2021 no que tivo lugar o debate de toma de consideración no Congreso dos Deputados. E todo fai sospeitar que o Partido Socialista e Yolanda Díaz, coa complicidade do Bloque Nacionalista Galego, pretenden deixar morrer esta



iniciativa coa escusa do final da lexislatura e forzaron, ademais, quince prórrogas do prazo das emendas para evitar que se reunise a ponencia. Iso fixeron os socios do Bloque Nacionalista Galego, os que apoiaron o Partido Socialista, e non o Partido Popular. Lamentamos sinceramente que o Bloque Nacionalista Galego non sexa capaz de velo así e que trate de tapar os escasos logros do seu deputado no Congreso e, incluso, de lavarlle a cara ao Partido Socialista, proponendo iniciativas sobre debates que xa están superados.

Xa temos unha postura común, señor Bará, ante a transferencia da AP-9 e quedou clara na proposición de lei aprobada unanimemente no Parlamento de Galicia. O que vostedes debían facer é preocuparse polas condicións nas que virá esa transferencia a Galicia —que é do que trata a nosa emenda— se o Partido Socialista e Yolanda Díaz non seguen bloqueándoa. Terán que dicir se axudarán a blindar unha lei que se traduza nunha xestión da AP-9 máis xusta para Galicia ou volverán vostedes facer o xogo ao Partido Socialista.

Pero iso si, teño que felicitálos. Aínda que tarde, é certo que vostedes rectificaron a posición do Bloque Nacionalista Galego respecto da AP-9 e tamén teño que dicir que é todo un avance para o Bloque Nacionalista Galego. Vostedes necesitaron anos e anos sentados nas bancadas da oposición para cambiar de parecer, e nunca é tarde cando a dita é boa. E todos lembramos iso do Bloque Nacionalista Galego cando denominaba as autovías, concretamente a AP-9, as novas estradas, como a navallada a Galicia. Por fin parece que vostedes superaron iso; por fin comprenderon vostedes que a AP-9 xoga un papel fundamental, xoga un papel clave como un dos principais eixos de comunicación de Galicia que conecta cinco das sete grandes cidades da nosa comunidade (Ferrol, A Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo) e que, en consecuencia, vertebra o sesenta por cento da poboación galega e discorre integramente polo noso territorio, e que sustenta boa parte da economía...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor BALSEIRO OROL: ...e da mobilidade diaria da nosa comunidade autónoma.

Termino, señor presidente. A verdade da navallada a Galicia é a que fixeron vostedes aos petos dos galegos, cando prometeron que ían rebaixar as peaxes e resulta que nin tan sequera esgotaron a partida orzamentaria para pagar as bonificacións; bonificacións que foron claramente insuficientes e que non chegaron a todos os usuarios nin tampouco a todos os profesionais do transporte.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: Termino, señor presidente. Navallada a Galicia, señorías, é votar aquí pedindo que non suban as peaxes, como fixo o Partido Socialista, e impoñer desde Moncloa que si as suban, convertendo a AP-9 na autoestrada máis cara de España, mentres que eliminaban peaxes e as conxelaban noutras comunidades gobernadas polo Partido Socialista ou en Cataluña, onde os independentistas non votaron a Pedro Sánchez a cambio de nada e vostedes si o votaron...

O señor PRESIDENTE: Grazas.



O señor BALSEIRO OROL: ...e vostedes nada trouxeron

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: —co cal termino, señor presidente—.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BALSEIRO OROL: Vostedes traen única e exclusivamente unha iniciativa, porque vostedes non cumpriron o que prometeron. Enganaron...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BALSEIRO OROL: ...os galegos e as galegas unha vez máis....,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: ...e isto non vale para nada. (*O señor Balseiro Orol volve resgar os pedazos de papel que restan do documento referido máis arriba.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BALSEIRO OROL: E isto non vale para nada.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BALSEIRO OROL: Quere dicir que isto non vale para nada. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Vale, vale. Grazas.

(*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señor Balseiro, polo menos o papel estaría asinado, ¿non? Espero que non fose porque anteriormente cando eu lle daba un consello á señora voceira do Partido Popular, ao Partido Popular, acerca de que á hora de entregar a documentación esta fose asinada, que non fose anónima, que non fose en sobres en branco, vostede parece que non o entendeu, pero ten aquí a experta en anónimos e en sobres en branco, e pode preguntarlle por que faciamos referencia a iso. (*Aplausos.*) E, ademais, pode aproveitar a ocasión para dicirlle que, como mínimo, como mínimo, pida perdón por todo o dano que fixo a unha persoa en concreto e á cidadanía de Lugo, porque ademais hai que ter moita cara, hai que ter moita cara para presentarse agora ante os veciños e as veciñas da cidade de Lugo. Eu voulle dar un consello. Eu



creo que a carta que a candidata do Partido Popular lles pode enviar aos veciños e ás veciñas de Lugo, para pedir a súa confianza de cara ás vindeiras eleccións do 28 de maio, pode ser algo así como «Veciños e veciñas de Lugo: garántolles que utilizarei e empregarei todas as armas que sexan precisas para acceder á alcaldía de Lugo, e adxunto como proba diso o meu currículo político». *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Queixas.)* Non se alporicen señorías do Partido Popular.

O señor PRESIDENTE: Señora, señora. Non. Pero, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Eu quería aclarar...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Silencio.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...a información porque parecía que a voceira do Partido Popular non a coñecía. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señora Otero, ¿vostede é consciente de que acaba de aludir unha persoa que está no hemiciclo? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Eu non puxen ningún nome.

O señor PRESIDENTE: Si, si.

(Balbordo)

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ¡Ah! Entón, entón, eu non puxen ningún nome.

O señor PRESIDENTE: Nome e apelido.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ¿Eu puxen nome? *(A señora Otero Rodríguez vírase cara ao señor presidente.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Non, non!, pero, ¡vamos!, por favor...,

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ¡Ah!, é que na miña provincia sempre se dixo que...

O señor PRESIDENTE: ...non fai falta ser...

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...iso dos anónimos non fora realizado por determinada persoa. ¿Ah?

O señor PRESIDENTE: É vostede consciente disto.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ¡Non, non! Eu non puxen ningún nome nin ningún apelido.

O señor PRESIDENTE: Perfecto. Prégolle que continúe.



A señora OTERO RODRÍGUEZ: Se alguén se dá por aludido ou aludida...,

O señor PRESIDENTE: Pois á cuestión.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...ese é o seu problema....,

O señor PRESIDENTE: Á cuestión.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...ese é o seu problema.

Mire, señor Bará, nós imos apoiar a iniciativa tal e como a presenta o Bloque Nacionalista Galego: sen engadir ningún punto, ningunha coma, ningunha emenda a diferenza de como a presentan outros grupos parlamentarios con representación nesta Cámara, porque despois o Bloque Nacionalista Galego pon na mesma liña o Partido Popular e o PSdeG. Nós, señor Bará, non presentamos ningunha emenda, e imos apoiar a iniciativa tal e como vostedes hoxe traen a debate; un apoio, unha vez máis, claro e sen fisuras, ao que aprobamos neste Parlamento; un apoio a esa proposición de lei que foi aprobada neste Parlamento. Pero, ¡claro!, É que poñer o Partido Popular e o Partido Socialista no mesmo nivel no tema da AP-9, pois, a verdade, é que é faltar bastante á verdade.

Mire, señor Balseiro, vostede dixo que «o debate sobre a transferencia da AP-9 chegou ao Congreso dos Deputados». É que xa chegara anos atrás, pero quero recordarlle que algunha deputada desta comunidade autónoma, que presidía a Mesa do Congreso dos Deputados..., —a ver, ¿pódolle poñer nome e apelidos?— isto é, Ana Pastor, bloqueou ata en dúas ocasións a tramitación do debate da toma en consideración desta lei. Polo tanto, ese acordo acadado por unanimidade nesta Cámara chegou en varias ocasións ata Madrid. Pero, ¿que pasa? Pasa que alí o Partido Popular, e nomeadamente unha deputada galega, bloqueou ata en dúas ocasións a toma en consideración desta transferencia. (*Aplausos.*) E había outro galego tamén en Madrid; nada máis e nada menos que o presidente do Goberno. Polo tanto, Ana Pastor, dende a Mesa do Congreso dos Deputados, bloqueando o debate da toma en consideración da transferencia da AP-9 e o presidente do Goberno, o señor «Eme punto Rajoy» —creo que hoxe non podo poñer moitos nomes e apelidos todos xuntos—, tamén bloqueaba o debate desta transferencia da AP-9. Ademais, aquí, o señor Feijóo estaba caladiño, ¿eh? Non dicía absolutamente nada. Polo tanto, señor Balseiro, sexamos coherentes; digamos a realidade: este debate, este acordo, aprobado por unanimidade nesta Cámara, chegou en varias ocasións ao Congreso dos Deputados, pero vostedes, o Partido Popular, «Eme punto Rajoy» e nomeadamente a señora Ana Pastor bloquearon ata en dúas ocasións o debate da toma en consideración desta lei.

Polo tanto, foi un Goberno presidido por Pedro Sánchez o que abriu o debate á transferencia da titularidade desta autopista. Foi aí cando se permitiu debater ata en dúas ocasións a toma en consideración desta lei de transferencia. E cómpre recordar que unha das veces decaeu ao disolverse as Cortes Xerais coa convocatoria das eleccións xerais.

Pero miren, o Partido Popular ten moita culpa do que está a acontecer agora mesmo coa AP-9. E, señor Balseiro, vostedes, o Partido Popular, tamén presentaron emendas a este pro-



xecto, á tramitación desta lei de transferencia. Nós tamén, o Partido Socialista presentou emendas, pero o Partido Popular tamén presentou emendas en Madrid; non veñan dicir vos-tes que non as presentaron. (*Un señor deputado nega coa cabeza.*) Algún deputado por aí atrás di que «non» coa cabeza. O Grupo Parlamentario Popular presentou seis emendas no Congreso dos Deputados.

Pero mire, señor Balseiro, ás veces é bo facer un pouco de memoria. ¿Por que temos esta concesión ata o ano 2048? ¿Foi decisión dun Goberno socialista? ¡Nooooo! Foi decisión dun Goberno do Partido Popular, que, ademais, primeiro prorrogou esta concesión ata o ano 2048, e, moi axiña, moi rapidiño, ¿que fixo seguidamente? Privatizou Audasa. Polo tanto, a concesión ata o ano 2048 e a privatización de Audasa foron do Partido Popular. Polo tanto, a prórroga desa concesión deixa unha herdanza moi pesada aos galegos e ás galegas nestas peaxes. A verdade é que esa privatización parece algo máis parecido a un pelotazo do Partido Popular.

Agora, o que están a facer... A verdade é que eu me abraio escoitando o actual presidente da Xunta de Galicia, o señor Rueda, e anteriormente o señor Feijóo, que dicían que urxía levar a cabo a transferencia da titularidade da AP-9 para Galicia. Ademais, co legado que nos deixou o señor Feijóo en transferencia de competencias —porque conseguiu unha chea delas— dende que chegou no ano 2009 ata que se foi no ano 2022, (*Aplausos.*) ¿cantas transferencias de competencias conseguiu para Galicia? Bueno, non ten máis turnos de palabra, que é a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, pero dígollo eu —non fai falta perder moito tempo—: cero; cero competencias conseguidas polo señor Núñez Feijóo e temo que o señor Rueda vaia tamén polo mesmo camiño.

Polo tanto, con Pedro Sánchez abriuse o debate para debater a transferencia desta autopista, e nós —como lle dicía—, señor Bará, imos apoiar a iniciativa tal e como vostedes a plantexan hoxe de novo nesta iniciativa, para que se debata e para que se cumpra o acordo parlamentario acadado por unanimidade neste Pleno.

Pero eu o que lle pido tamén ao Bloque Nacionalista Galego é que sexa un pouquiño coherente porque, ás veces —téño dito en máis ocasións—, é verdade que centran bastante ben a xogada, pero, despois, no último momento, cando teñen que rematar e marcar gol, fallan, aínda que diante non haxa porteiro; coa portería baleira fallan. Mire, señor Bará, vostedes hoxe tamén falaban do tema das bonificacións; é que claro, ¿vostede cre realmente que as bonificacións as conseguiu o Bloque Nacionalista Galego, cando paraba, bloqueando alí as peaxes e pagando céntimo a céntimo? ¡No, no! Esas bonificacións e esa gratuidade nas peaxes viñeron vía os orzamentos xerais do Estado. ¿E que fixeron vostedes nos orzamentos xerais do Estado do ano 2021? Votaron en contra, (*Aplausos.*) e votaron igual que votou o Partido Popular. O Bloque Nacionalista Galego e o Partido Popular votando o mesmo en Madrid. ¡Home, señor Bará!, tiñan bastante ben centrada a xogada, porque non me quererá dicir que con esa caravana de vehículos que fixeron nas peaxes é como conseguiron bonificar estas peaxes e a gratuidade de determinados tramos. ¡Non! Vostede sabe que isto veu grazas a que había un Goberno presidido por Pedro Sánchez que decidiu apostar por estas bonificacións, e foi vía os orzamentos xerais do Estado do ano 2021, e, ademais, o compromiso é que estas bonificacións se alonguen ata o ano 2048. Cando estabamos esperando o apoio do Bloque



Nacionalista Galego, unha vez máis fallou, e, ¡claro!, agora veñen tamén intentar poñer a medalliña de que foron eles os que conseguiron estas bonificacións.

Vostedes votaron en contra da gratuidade das viaxes de volta todos os días á semana a todos os vehículos; votaron en contra, señorías do Bloque Nacionalista Galego, á bonificación adicional do cincuenta por cento nas viaxes de ida para o tramo Puxeiros-Tui, á gratuidade de acceso dende Redondela, á rebaixa do vinte por cento do importe aos usuarios recorrentes; votaron tamén en contra, señorías do Bloque Nacionalista Galego, de que os vehículos pesados tivesen bonificacións, para aplicar a todos os tipos de vehículos pesados sen ningún tipo de condicións e todos os días da semana. Polo tanto, a verdade hai que contala moitas veces e non dicir que foron vostedes os que conseguiron esta rebaixa das bonificacións, esta gratuidade en determinados tramos, porque —como lle digo— no último momento da xogada non estiveron á altura do que esperaban os galegos e as galegas, e votaron o mesmo que votou o Partido Popular en Madrid.

Pero, ¿que imos esperar tamén dun Bloque Nacionalista Galego, que —como dicía o señor Balseiro— empezou chamándolle «navallada a Galicia» a esta autopista e agora piden a titularidade para Galicia? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Polo tanto, a verdade é que a coherencia do Bloque Nacionalista Galego é tamén pouquiña con este tema. Vostedes agora recoñecerán que esa autopista é o eixe vertebrador da economía e do desenrolo galego, imprescindible para a mobilidade terrestre fronte aos itinerarios alternativos que incrementan significativamente...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...os tempos de percorrido. Pero alá, polos anos setenta, vostedes estaban a empregar outros termos para referirse a esta autopista. Como dicía, nós imos apoiar a iniciativa unha vez mais, sen poñerlle ningún pero e ningunha coma.

Pola miña parte nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Falou o señor Balseiro de estafa. ¿Sabe cal foi a grande estafa, señor Balseiro? A grande estafa foi a privatización da AP-9, (*Aplausos.*) a prórroga de vinte e cinco anos pola cal vostedes lle regalaron vinte e cinco anos de facer caixa a un gran fondo internacional, a un fondo voitre holandés. Esa foi a grande estafa, que é o gran mérito do Partido Popular, gobernando Madrid o señor Aznar. Iso é o que lles debemos a vostedes: vinte e cinco anos máis, desde 2023 a 2048. E, desde logo, nós non tragamos con iso, non o imos permitir.

E, mire, vén vostede co da navallada, que xa é un clásico; por certo, quen creou este concepto, este termo, foi o Grupo Cies, liderado, entre outras, por dúas persoas, como Daniel Pino e César Portela, que —que eu saiba—, non eran do BNG. Bueno, daquela, no ano 1977, nin existía o BNG, para máis sinais. Pero ben, seguro que este país lles debe moitas cousas a Da-



niel Pino e a César Portela, cos que tamén eu podo ter discrepancias, pero que axudaron a crear conciencia ambiental, conciencia de defensa do territorio, da valorización do territorio (*Aplausos.*) e da oposición a proxectos agresivos para o territorio coa busca de alternativas, porque defendían alternativas naquel momento. Pero xa lle dixen moitas veces: equivocámonos ou equivocábanse eles tamén cando falaban de navallada porque non foi unha navallada; foi un roubo a punta de navalla. (*Aplausos.*) Foi un auténtico roubo, como estamos vendo agora, con eses beneficios multimillonarios desa multinacional con sede en Holanda á que vostedes lle puxeron a alfombra vermella e lle concederon, a quen era daquela, vinte e cinco anos de prórroga.

E a realidade é que o único logro de todos estes anos foi o conseguido polo BNG, efectivamente, no acordo de investidura, señora Otero. E non o dicimos nós; (*O señor Bará Torres mostra un documento ao resto da Cámara.*) fale co seu Goberno, fale co seu Goberno e lea os informes do seu Goberno. ¿Saben o que din estes informes? Din que esa rebaixa histórica da AP-9 —a primeira vez que se aplicaron rebaixas da AP-9— foi para cumprir un acordo co BNG. (*Aplausos.*) Esa é a realidade, foi un logro do BNG, que foi quen puxo iso no acordo, e despois, claro, vostedes tiveron que cumprilo. Pero nós non lles podemos dar un cheque en branco a uns orzamentos que tiñan medidas que eran moi lesivas e moi agresivas para Galicia. Desde logo, ¿non pretenderá iso? Se se puidese votar por separado esa proposta, desde logo que se o BNG —como non— foi o impulsor desa medida, ¿como ía opoñerse?; ¿de que me está falando aquí?

E, señor Balseiro, vostede veu aquí rirse, literalmente, deses miles e miles de galegos que cada día circulan pola AP-9 e teñen a rebaixa e a gratuidade na viaxe de volta; vostede veu aquí darlles unha labazada na cara. É unha falta absoluta de respecto a que vostede acaba de cometer aquí.

E, mire, vostedes son o Goberno deste país. Por moito que vostedes pensen que o noso deputado en Madrid, o señor Rego, é Superman, vostedes son o Goberno deste país. E non é que leven toda a tarde de hoxe sesteando; vostedes levan catorce anos sesteando (*Aplausos.*) na Xunta de Galicia porque foron incapaces de conseguir nin unha soa competencia e nin unha soa transferencia. Son un auténtico desastre, unha calamidade para este país. Pero ¿que balance é ese? ¿Como van vostedes conseguir algo, conseguir algunha transferencia, defender algunha transferencia, ser cribles na defensa dunha transferencia? Están poñendo paus nas rodas. Pero, ademais, non poden ser cribles porque non defenderon esas transferencias e porque, ademais, díxoo claro o señor Rueda nunha entrevista; aquí falou claro, aquí dixo a verdade, no ano 2017, na CRTVG, era en directo, non puideron, claro, despois, facer o cambio, ¿non? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*O señor Bará Torres mostra un documento.*): «O Goberno do PP decidiu que non se podían facer novas transferencias a Galicia». Branco e en botella. Díxoo claro o señor Rueda, que era o vicepresidente da Xunta naquel momento. E díxoo claro tamén o señor Feixóo cando falou no ano 2019 e di: «*España no está para hacer transferencias a las comunidades autónomas*». Pero ¿que me están dicindo? É que vostedes son perfectamente coherentes no que din, nestas afirmacións, no que poñen nos seus programas e no que fan despois en Madrid. Xa poden aquí —e isto vai tamén para o PSOE, queda moi ben, moi bonito— dicir que van apoiar o que o BNG presenta hoxe, literalmente, sen cambiar unha coma, efectivamente, ratificarse e manterse no que aprobamos



xa neste parlamento, pero vostedes despois cruzan esta porta, van para Madrid e din «si, bwana», e fan emendas que modifican, que cambian completamente e que fan irrecoñecible o que aprobamos neste parlamento. ¿Ou non?, ¿ou non? Pois teñan valentía, teñan coraxe e díganlles aos seus xefes de Madrid que así non, que queremos o texto tal como foi aprobado neste parlamento e que non admitimos que cambie nin unha coma. Isto é o que teñen que defender en Madrid.

E remato dicindo que, queiran ou non, imos conseguir esta transferencia, porque é de xustiza, e imos conseguila, se vostedes non a queren apoiar agora, cando se dean dúas condicións: a primeira, que o BNG estea á fronte do Goberno de Galiza, para defender os intereses de verdade deste país e as transferencias que este país precisa; e, en segundo lugar, cando teñamos un grupo parlamentario forte en Madrid, para dobrarlle o brazo ao centralismo e para conseguir os grandes obxectivos que ten Galiza. E que lles quede claro: o BNG defende o mesmo aquí e en Madrid, e vostedes non poden dicir o mesmo.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(O señor Balseiro Orol pronuncia palabras que non se perciben.)

Si, señor Balseiro, ¿para que quere a palabra?

(O señor Balseiro Orol pronuncia palabras que non se perciben.)

Pero vostede estaba no debate. ¿Cal é exactamente a inexactitude? (O señor Balseiro Orol pronuncia palabras que non se perciben.) Non, non, non. Déanlle voz ao escano do señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Señor presidente, as inexactitudes é que en sede parlamentaria non se poden contar mentiras. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Pero iso non é unha inexactitude, iso desgraciadamente sucede a diario.

O señor BALSEIRO OROL: A señora Candia... (O señor Balseiro Orol pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Non, non, perdón, non. (Murmurios.) Iso xa foi reconducido, a cuestión xa a conducín eu. Grazas, grazas. (Murmurios.) Recondúcina eu, efectivamente, porque díxenlle que fose á cuestión e nada máis. Agora, non imos facer aquí tampouco o bobo. Todos sabemos o que dicía, punto. (Murmurios.) Ben, exactamente. Eu non vou entrar niso. Aquí é moi libre cadaquén de falar o que queira e de dar os nomes que lle dea a gana, señora Otero. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non, non, pero vostede pode dalos. A min déronme un consello cando entrei aquí: podes dicir o que queiras, pero despois pódendache responder. Iso é o que sucede. Morreu aí o debate. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)



Continuamos coa seguinte proposición non de lei, de dona Noelia Otero.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que se deben levar a cabo para iniciar as negociacións entre os grupos con representación parlamentaria para a renovación da Dirección Xeral da Corporación da Radio e Televisión de Galicia

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas. Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Otero.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidente.

Moi boa tarde a todas e todos.

Volvemos cun debate que xa se protagonizaba esta mañá. E dicía a voceira do Partido Popular que da situación de conflitividade, que polo menos —como dicía a miña compañeira Noa Díaz— na CRTVG xa ninguén nega, os responsables eran os partidos da oposición e que este debate desta situación de conflitividade —leo textualmente— era un esperado acto de campaña partidista.

Eu vou trasladar varias preguntas e varios argumentos, a ver se son quen de contestar a algunha soa destas situacións, destas críticas. Pero, antes de nada, quero lembrar que as traballadoras e os traballadores da CRTVG levan un lustro, nin máis nin menos, mobilizándose, defendendo cada «venres negro» a non manipulación, a súa liberdade, a pluralidade dos medios públicos galegos. Pero non, isto é un acto de campaña partidista puntual, neste momento.

Ben, vexamos quen castiga, quen represalia, quen especialmente nos últimos dous meses —así está acreditado— levanta o teléfono e decide trasladar, castigar forzosamente profesionais que levan vinte, trinta, trinta e cinco anos desenvolvendo o seu traballo ben na Radio ou ben na Televisión, cambialos de medio, despois de negarse a manipular unha noticia. Porque a inflación a nivel estatal ía ben e aquí en Galicia mal, négase un locutor especializado, despois de máis de vinte anos na Radio, a ler unha noticia manipulada e o que se atopa é un traslado forzoso. Unha traballadora, presentadora cara visible da Televisión de Galicia, filla por certo dunha vítima asasinada polos GRAPO e cara visible —dicíamos— da Televisión, que leva máis de trinta e cinco anos sendo cara visible e profesional da TVG, máis de trinta e cinco anos, verte unha opinión como vítima do terrorismo nunha rede social persoal contra o señor Feijóo, e o primeiro día de traballo en que volve ao seu posto co que se atopa tamén é cun traslado forzoso á Radio, un medio que non coñece, onde se sente unha auténtica impostora.

¿Quen está detrás, nos últimos tempos, desta situación e deste clima absolutamente irrespirable de vulneración dos dereitos fundamentais dos traballadores e das traballadoras dos medios públicos galegos? (Aplausos.) Esa é a pregunta: ¿quen está detrás?

E a ver se tomamos nota, porque nos últimos tempos son moitas, moitas, nada que ver coa política, e diversas as voces que están censurando e lamentando e pedindo unha rectificación



publicamente e oficialmente á dirección da CRTVG na deterioración que están a sufrir os medios públicos galegos.

E quero que me contesten que intereses políticos e partidistas e de campaña poden ter estas voces das que lles vou falar e que vou citar textualmente, porque xa non somos os partidos políticos, efectivamente, da oposición —que tamén—, o PSdeG, quen está a denunciar esta situación; xa non son os distintos sindicatos —que tamén— os que están a denunciar esta situación; xa non son as e os traballadores, que tamén levan —como dicía— non agora, un lustro denunciando esta situación, por certo, coa mobilización sostida no tempo máis longa do Estado.

Señoras e señores do Partido Popular, o propio Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia pide rectificación, pide responsabilidades. ¿Será que teñen tamén —pregunto— intereses políticos e partidistas? A Federación Europea de Xornalistas tense pronunciado tamén polo incumprimento da lei e polas represalias, manipulación e persecución que se está a sufrir na CRTVG. Pregunto: ¿a Federación Internacional de Xornalistas ten intereses, esperado interese partidista e electoral?, Federación Internacional de Xornalistas creada no ano 1926, que representa máis de seiscientos mil xornalistas de todo o mundo, de máis de cento cincuenta países, que se ten posicionado oficialmente en defensa das e dos traballadores da CRTVG, que ten denunciado a situación de persecución e o clima laboral que están a padecer. Seica xornalistas de máis de cento cincuenta países de todo o mundo, que forman parte —insisto— desta organización do sistema das Nacións Unidas, ¿teñen intereses partidistas igual na campaña municipal do mes de maio? Igual si —pregunto—.

¿Tamén a Federación Internacional de Sindicatos de Periodistas, ante a tan grave situación e dentro desta fuxida cara a adiante, pensan que falando dunha carta na época do Bipartito ou de que temos diante unha campaña electoral, agochan o incesante goteo de denuncias, condenas en firme nos tribunais arredor da deriva do uso político da manipulación, da merma da calidade nos contidos e do clima irrespirable que están a padecer —insisto— as e os profesionais de acreditada experiencia na CRTVG?

Xa non se atreveron hoxe a dicir que a CRTVG é a líder indiscutible de audiencia; eu traía, por se acaso, as audiencias de onte mesmo. E a ver se dunha vez por todas distinguimos nesta campaña de maquillaxe, manipulación e mentira sostida no tempo que non é o mesmo unha enquisa a pé de rúa que as audiencias diarias, a medición de audiencias diarias de consumo televisivo. A Televisión de Galicia, onte, en terceiro lugar, como vén sendo habitual. Oxalá que non, pero é que a deriva tamén afecta os últimos anos as audiencias diarias da CRTVG.

E nós dicíamos: non precisamos para a defensa desta proposición máis que reproducir comunicados, ler as cartas agora, comunicados públicos oficiais deste ano, de hai poucas semanas, de órganos colexiados independentes, colectivos profesionais, ler as sentenzas xudiciais firmes que acreditan esta persecución e esta censura. Hai sentenzas que acreditan xa, que falan de intereses políticos, a vulneración da neutralidade obrigada informativa que ten a CRTVG en campaña electoral. Aí si hai sentenzas, aí si hai sentenzas, por vulnerar tamén por razón de sexo a conciliación, aí si hai sentenzas. Estamos falando de vulneración de de-



reitos fundamentais, contra a liberdade de expresión, contra a liberdade de folga. ¿De que nos están a falar sobre que é un invento que trae a oposición a este parlamento? (*Aplausos.*)

E leo textualmente, a ver se me poden contestar, a última misiva, porque foron varias, do Colexio Profesional de Xornalistas: «Expresa a preocupación pola deterioración das relacións laborais que se está a producir na Corporación Radio e Televisión de Galicia, ante a negativa a xustificar a difícil posición na que se están a colocar» —e sigo lendo textualmente parágrafos, di o Colexio de Xornalistas— «os medios públicos galegos. Como entidade de dereito público creada pola Lei 2/1999 do Parlamento de Galicia, que ostenta a representación legal dos e das xornalistas galegas, o Colexio Profesional de Xornalistas dirixiuse ao Consello de Administración da CRTVG, aos grupos parlamentarios galegos,» —teñen vostedes tamén esta comunicación— «aos membros da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia, para solicitarlles que trasladen pola vía correspondente a inqueda e as demandas deste colexio. Desde o Colexio de Xornalistas vese con inquietude o detrimento da calidade da información que causan as mudanzas non negociadas de postos de traballo realizadas de xeito automático entre medios tan distintos como os que integran a CRTVG, con linguaxes técnicas e especificidades propias. É de extrema importancia garantir que hoxe as profesionais dos medios públicos poidan desenvolver o seu traballo con plena independencia, liberdade e sentido da responsabilidade, nun clima de diálogo profesional no que as discrepancias poidan canalizarse de maneira axeitada. Recordamos, unha vez máis, que seguen sen poñerse en marcha na CRTVG aspectos esenciais incluídos na Lei dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, como o estatuto profesional e o Consello de Informativos, que posibilitarían a participación interna dos e das profesionais da información. A defensa da seguridade laboral e da información da cidadanía é precisa en todos os medios, pero máis aínda, se cabe, na CRTVG, un tesouro que pertence a todas as galegas.

O Colexio Profesional de Xornalistas, en cumprimento dos obxectivos marcados polos seus estatutos de defensa da profesión e do dereito á liberdade de información, non cesará no seu compromiso contra a deterioración dos medios públicos galegos. É por iso que reclama que a CRTVG reabra con urxencia as canles de diálogo co cadro de persoal para recuperar un clima laboral saudable que lle permita á corporación prestar axeitadamente o servizo público que ten encomendado». ¿Invento de quen a situación que se está a vivir na CRTVG? —pregunto—.

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia reconece en sentenza firme que hai persecución e que se teñen vulnerado —hai unha condena á dirección xeral— dereitos fundamentais, como o castigo a Carlos Jiménez, os traslados e castigos por negarse a manipular. Di o director xeral en comisión que eran, efectivamente, premios. Que lles pregunten ás e aos traballadores que despois destes castigos e traslados forzosos, despois de décadas —dicían—, están xa na actualidade algúns con baixa laboral por ansiedade e por estrés. Que lle digan á señora Maite Cabezas, con máis de cincuenta anos, que estaba á fronte e presentando un programa con todo un equipo, que tiñan varios programas gravados en montaxe, con entrevistas previstas para varias semanas, que despois de poñer no seu *facebook* unha mensaxe contra a política antiterrorista do señor Feijóo, como persoa con toda a lexitimidade, porque é filla dunha vítima dos GRAPO, e chega ao seu posto de traballo e dinlle que a traballar á Radio,



que xa pode aprender con máis de cincuenta anos que ten, a traballar na Radio, aínda que non tiña nin idea, e ela di que se sente unha impostora.

Pero di o señor director xeral que están premiando as e os traballadores, e como eles e como estes que estamos citando agora, tantos: Alfonso Hermida, Ana Pérez, Tati Moyano, Marga Pazos, Ana Romaní, Alberto Ordóñez, Nuria López, Mónica Rosas, Carlos Jiménez. Todos os invisibles. Luís Quintas, Celia Díaz, Ana Expósito, Fito Ferreiro, porque tamén hai cámaras, montadores, que están a sufrir esta persecución, estas represalias. Pero igual temos unha capacidade de gañar, aquí si, un Óscar ou un Goya por inventar —como di vostede— o esperado relato en campaña electoral.

Conteste vostede que interese —remato— ten o Colexio Oficial e Profesional de Xornalistas de Galicia, a Federación Internacional de Xornalistas, a Federación Internacional de Sindicatos de Xornalistas en falar hoxe da deterioración dos medios públicos galegos.

Contesten, por favor, señoras e señores do Partido Popular, e, se non, voten a favor desta proposición non de lei. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Nós imos desde o BNG votar «si» a esta proposición non de lei que presenta hoxe o Partido Socialista, que pide a reprobación e o cesamento da actual Dirección Xeral da CRTVG e iniciar o proceso de renovación, exactamente o mesmo que pediamos esta mañá na moción que debatemos e votamos desde o Bloque Nacionalista Galego.

E facémolo por unha razón, que é acabar cunha anomalía democrática que existe e que se estende neste país desde hai demasiado tempo; unha anomalía democrática que vemos cunha dirección xeral fóra da lei —está fóra da lei—, que ocupa o cargo desde 2011, á marxe, en contra do que di a propia lexislación neste país. Con iso debера ser abondo, debера ser abondo para que se iniciase ese proceso de remuda. Pero hoxe pola mañá tivemos que ver como votaban en contra e ademais argumentaban iso atacando o Bloque Nacionalista Galego, o Partido Socialista, a todo o mundo, porque agora xa aquí non se respecta nada, dicindo que había unha campaña en contra da CRTVG.

E eu preguntábame alí desde o escano, escoitando as señorías do Partido Popular: ¿quen ataca o persoal? ¿Quen ataca as traballadoras e os traballadores da CRTVG? ¿Quen lanzou desde hai máis dunha década unha campaña contra os medios de comunicación públicos deste país?

Vostedes en 2011, cando redactaron a Lei de medios que hoxe está en vigor, hai máis dunha década, hai doce anos, cando redactaron esa lei e se debateu aquí —está o *Diario de Sesións*



para dar boa testemuña diso—, prometéronlles *el chocolate del loro*, pero prometéronlles moitas cousas a esas traballadoras e a eses traballadores da CRTVG, que hoxe din defender.

Foi o PP quen enganou a todo o persoal dos medios públicos de comunicación de Galiza, aos que se manifestan e aos que non, aos que están nun sindicato e aos que non están afiliados, aos que os votan a vostedes ou aos que van nas listas electorais do BNG, a todos.

Dixéronlles daquela que se crearía un estatuto profesional e un Consello de Informativos. O PP leva doce anos vetando, literalmente, vetando e impedindo que saia aprobado do Consello de Administración da CRTVG, onde vostedes ostentan a maioría, a elaboración e aprobación dese estatuto profesional e a creación do Consello de Informativos, que —insisto— é un dereito dos profesionais, dos que están manifestándose e dos que non van á folga, dos que os votan a vostedes ou os que son mediopensionistas ou, como dicía a miña compañeira María Albert pola mañá, os que son apolíticos e non lle votan a ninguén. Estánlles negando un dereito profesional e fundamental a esas traballadoras e traballadores.

E eu dígolles: suban arriba, a San Caetano, a San Marcos —*es que, claro, es la terminal y una se confunde*—, vaian vostedes de verdade a San Marcos, ao centro de traballo e de operacións da Radio e da Televisión públicas de Galiza, e explíquenlles ás traballadoras e aos traballadores, aos que os votan a vostedes ou aos que non, a todo o conxunto do persoal dos medios públicos deste país, por que o Partido Popular leva vetando a aprobación do estatuto profesional e o Consello de Informativos desde hai doce anos. Suban a esta tribuna e expliquen aquí por que lles negan os seus dereitos de maneira constante, reiterada e consciente.

Prometéronlles unha autoridade audiovisual; aparece recollida na lexislación. Dicían que ían facer unha lei en seis meses desde a entrada en vigor desa Lei de medios, do ano 2012. Prometíanlla tamén ao Colexio Oficial e Profesional de Xornalistas de Galiza. Hai doce anos, doce anos, jeh!, que llo prometían directamente a ese colexio profesional; doce anos, 144 meses e 4.380 días que *si te he visto no me acuerdo*, porque desa autoridade audiovisual non hai absolutamente nada.

E agora sinalan, teñen o atrevemento de sinalar ese Colexio de Xornalistas e todas as persoas que lles sacan as vergoñas e denuncian os seus reiterados incumprimentos, teñen a santa vergoña e a santa cara de declaralos unha especie de contubernio e unha campaña trumpista, porque aquí directamente xa non se respecta nada, nada, ningunha entidade —quero lembrar— de dereito público que representa todas as profesionais da comunicación deste país, incluídas persoas que estamos tamén aquí representadas nesta cámara. (*Aplausos.*)

Eu digo: vaian ao Colexio Profesional de Xornalistas de Galiza e, tamén, explíquenlles que elas e eles, o Colexio Oficial e Profesional de Xornalistas de Galiza, co Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, o Tribunal Supremo, os sindicatos, somos todos un contubernio en contra do Partido Popular.

Ríronse dos traballadores e das traballadoras dos medios públicos daquela, no ano 2011 —vaian de novo ao *Diario de Sesións* para ver cales foron os termos daquel debate—, e seguen ríndose das traballadoras e dos traballadores, de todas e de todos, jeh!, que o Colexio de Xor-



nalistas representaas a todas, que o estatuto profesional é un dereito de todas, que o Consello de Informativos é un dereito de todas, que o contrato programa —que se negan a asinar desde hai máis dunha década— tamén representa a todas as traballadoras e a todos os traballadores.

Única e exclusivamente manteñen, ademais, esa posición para seguir facendo da Corporación da Radio e da Televisión públicas de Galiza o seu *cortijo* e a súa leira. E todo o demais a vostedes é que non lles importa absolutamente nada. Levan doce anos, doce anos —insisto—, ríndose dos traballadores e vulnerando os seus dereitos, despois de mentirlles descaradamente hai máis dunha década nesta cámara. ¿Por que? Porque así vostedes poden seguir facendo o que lles dá exactamente a gana, o que lles dá exactamente a gana. Por iso defendían o director xeral, a actual dirección xeral. Para nós non é unha cuestión persoal contra esa persoa que está aí, porque nin sequera é —eu atreveríame a dicir— a máxima responsable, hai moitísimas persoas decidindo. Pero esa dirección xeral é a que se escolle aquí neste Parlamento de Galiza.

Nós traemos o cesamento, igual que o Partido Socialista o trae, a reprobación e o cesamento da actual Dirección da CRTVG, por unha cuestión de responsabilidade política. Porque se escolle aquí e é o Parlamento de Galiza quen ten que nomear por unha maioría reforzada, non cunha maioría absoluta; por iso non a cambian, porque non lles dan os números. E se tivesen que poñer unha persoa que non representase única e exclusivamente os intereses do Partido Popular, a vostedes acabábaselles o choio de converter a Radio e a Televisión públicas de Galiza na terminal de propaganda do Partido Popular. (*Aplausos.*)

—Decía— Acabar cunha anomalía democrática por unha razón máis, señorías. Porque, ademais de todo iso, que non son opinións, que son feitos —non é unha opinión, son feitos—, vostedes teñen o logro —tamén hai que darlle ao César o que é do César, hai que recoñecerlles o mérito das cousas—, e a Dirección Xeral da CRTVG, que manteñen e sosteñen en solitario, que non conta co apoio da maioría reforzada que exige a lexislación nesta cámara, que vostedes manteñen aí en contra do que di a lei, en solitario, de concentrar tres folgas, tres folgas de traballadores en menos dun mes. E iso non é normal, nin é parte de ningunha campaña electoral. ¿Saben por que? Porque non pasou nunca, nunca, nunha corporación que ten corenta anos case de historia; nunca en case corenta anos desde que se crearon os medios de comunicación públicos deste país se concentraran tres folgas nun único mes.

E a xente non se manifesta nin por deporte nin porque llo diga o Bloque. Que eu hoxe pola mañá pensaba: ¡oe, chica, que poderío, ¿non?! Vas por aí e pechan esta empresa, móntame isto por aí, e agora veña móntame unha folga. ¿Por que? *Porque lo dice el BNG.* Non imos por aí con esa capacidade de mobilización.

E o máis importante: as traballadoras e os traballadores da CRTVG non están ao mandato do que lles diga o Bloque. Porque é como vir aquí... Eu escóitoos a vostedes e digo: están chamándolles idiotas. Pensan por si propias, teñen capacidade de decisión para organizarse, para mobilizarse e para tomar decisións sobre a súa vida, sobre o seu posto de traballo, sen necesidade de que ninguén lles teledirixa nada. A xente non se manifesta por deporte nin por que llo diga o BNG, senón porque só nos últimos catro anos, só nos últimos catro anos,



señorías, vostedes suprimiron as desconexións locais da Radio e da Televisión públicas deste país. Dimitiron dous presentadores porque estaban fartos, fartos do «orden e mando» que lles dicían desde a dirección, entregada absolutamente á estratexia política do Partido Popular e non a informar con criterios de independencia, veracidade e obxectividade. Sancionaron un locutor por algo tan curioso como locutar para a Radio para a que traballaba, ¿non?, nunha cuestión e outra vez —non é unha opinión, é un feito— condenada a CRTVG en sentenza firme por represalias e persecución laboral dunha persoa traballadora, por violarlle os seus dereitos fundamentais, entre eles a liberdade de poder expresarse libremente. Só iso, só iso, unha sentenza de tal calibre, debiera ser razón abonda para presentar a dimisión o director xeral ou para ser cesado de maneira fulminante polo seu responsable político.

Imos votar a favor —e con isto remato— desde o BNG, por calidade democrática —diciáo ao comezo— e por responsabilidade política.

E agora —eu non sei a quen lle tocará falar— que suba aquí e que lle bote a culpa de todo a un goberno que non existe neste país desde hai catorce anos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Pomar.

A señora POMAR TOJO: Grazas, presidente.

Moi boa tarde, señorías.

Pois tócame falar a min, señora Rodil. E vou intentar dalo todo, aínda que esteamos na última hora, para cumprir as expectativas que a señora González Albert ten sobre min, xa que esta mañá non o din todo.

Dicía na miña intervención da mañá que os ataques e a presión política contra a CRTVG por parte da oposición arrecian sempre que hai eleccións; e mantéño. O que están a facer, señora Otero, é seguir os ditados de Ferraz para criticar canto ten que ver con Galicia. Debe ser porque o líder da oposición neste momento é galego. Pero aí están as intervencións do señor Bolaños ou do mesmo presidente Sánchez, que non ten reparo en criticar a CRTVG na súa condición de presidente do Goberno con datos que non son correctos, que non son verdade, sen importarlles desacreditar, nin a un nin a outro, o traballo que día a día fan os profesionais dos medios públicos galegos e poñendo en dúbida a súa credibilidade.

Miren, é moi sorprendente que os artífices directos do que está a pasar na RTVE teñan a desfachatez de facer isto. ¿Non cren? ¡Cousas veredes!

Señora Otero, vostede, que manexa moi ben a información, sabe que nun expediente que versa sobre control político, manipulación e falta de pluralismo ideolóxico nos medios públicos da CRTVG —non é unha opinión, é un feito— a Valedora do Pobo xa desestimou estas acusacións. Nesa resolución abordáronse moitas cuestións de xeito favorable para a CRTVG.



Desmentidos control político, falta de pluralismo, desmantelamento, censura, ameazas e limitación da liberdade de expresión, e probada a lexitimidade da elección do director xeral.

Pola contra, imos facer un exercicio de memoria, porque á señora Rodil non lle interesa que falemos do Bipartito cando non lle interesa. Cando fala, por exemplo, da investigación e do talento, entón fala do Bipartito. Imos facer un exercicio de memoria. O Valedor do Pobo emitiu unha resolución con data 20 de outubro de 2008 na que lle lembraba á daquela Dirección da CRTVG a súa obriga de manter unha liña de obxectividade e pluralismo ao servizo do pobo galego, incompatible con ningún tipo de partidismo. Por algo sería. ¿Por que? Porque durante o Bipartito o PSOE e o BNG converteron a TVG na Televisión con máis manipulación e censura de Europa. Iso si que non pasou nunca, señora Rodil. (*Murmurios.*) Si, si, isto non é unha opinión, é un dato. E, ademais, non hai precedentes en ningunha canle pública dunha ducia de condenas seguidas das xuntas electorais centrais e de Galicia por falta de neutralidade. Non é unha opinión, é un dato.

Seguimos activando neuronas da memoria. Falando de dereitos civís, ¿lembran vostedes aquel caso dunha xornalista da corporación cuxo cese fulminante pediu o PSdeG por ter sido interventora do PP nunha mesa electoral? Eu entendo que se sintan incómodos e incómodas. Así é como funciona o PSOE. Así é o modelo de medios de comunicación públicos que pretende, o do Bipartito ou o da CRTVE, cunhas administradoras nomeadas de xeito ilegal —falamos de legalidade—, que cada vez custa máis e ten menos audiencia. Porque a cidadanía non confía nela.

É totalmente inaudito que estean a falar aquí, señora Otero e señora Rodil, de cumprir a lei despois de saltar a legalidade no nomeamento dos directores xerais da CRTVE. O señor Pedro Sánchez cesou por decreto lei, deses que en Madrid publican como churros, o Consello de Administración da CRTVE, que fora elixido polo Parlamento, para poñer unha administradora única, Rosa María Mateo, reunindo na súa persoa todas as competencias e funcións, cunha total falta de control; un decreto de nomeamento que o Tribunal Constitucional anulou por ser ilegal —repito: ilegal—. Non hai moito nomearon outra administradora, mesmo *modus operandi*, tamén a dedo, Elena Sánchez, atribuíndolle máis competencias cun cambio dos estatutos, outra vez sen ter en conta a lei, nomeamento que foi denunciado ante os tribunais polos traballadores e traballadoras. O director xeral en medio das dúas administradoras, Pérez Tornero, estivo pouco tempo e marchou farto, farto porque non estaba disposto a aceptar as imposicións desde Moncloa.

Os que toman represalias e levan a cabo purgas de traballadores son vostedes. Fixérono na CRTVG bipartita e na CRTVE, onde despediron un cento de profesionais de longa traxectoria cando Pedro Sánchez chegou á Moncloa. Iso si, aos que encabezaron as mobilizacións contra a anterior dirección —os «venres negros» da CRTVG— déronlles un cargo ou un programa.

E para que vexan que non vivimos só do pasado, aínda que cando lles convén, como dicía, apelan ao Bipartito, voulles comentar unha nova de hoxe mesmo: os xuristas avisan: excluír ABC das viaxes oficiais de Sánchez pode constituír delito. Ou: a falta de resolución do caso, a decisión do secretario de Estado de Comunicación —seguro que o coñecen ben— podería incorrer en prevaricación, en impedir o exercicio de dereitos, en denegación por razóns ideo-



lógicas — tres delitos do Código penal —, ou saltar o artigo 20 da Constitución, do dereito á información.

Denuncian falta de pluralidade, pero, en realidade, é que a falta de pluralidade só se produce cando gobernan vostedes. Queren reprobar un director xeral da CRTVG que presenta un balance de xestión positivo en todos os eidos, pero vostedes mantiveron un director xeral no Bipartito que seguindo as directrices do PSOE levou ao descrédito os medios públicos de Galicia. Audiencias, publicidade, referencia informativa, clima social e laboral, credibilidade, todo isto sufriu un notable retroceso neses catro anos.

E xa que vai de informe, señora Otero, tomen nota: o 18 de xaneiro de 2011, cos titulares «o PSdeG receaba do poder do BNG sobre os medios públicos», *La Voz de Galicia* publica o contido dunha investigación interna encargada no 2007 desde a ala socialista do Bipartito sobre a influencia mediática de cada consellería, que dedicaba un apartado a analizar a repartición de poderes entre o PSdeG e o BNG na CRTVG, así como a competencia entre ambas as forzas pola súa proxección. Esta información en *La Voz de Galicia* facíase eco dun informe encargado polo Executivo galego a través da Fundación Galega para a Sociedade do Coñecemento, organismo xa extinto e no que non participaba o BNG —¡oh! —, que concluía que a xestión do ente público era delirante. Un informe que é unha das escasas probas escritas —probas escritas, non opinións— que alude ao control político que se exercía sobre a TVG e a Radio Galega. Decía textualmente: «o artigo asinado por un xornalista do que creo que a oposición non pon en dúbida a súa profesionalidade e tampouco a súa credibilidade». Se non saben de que se trata, convídeos a que llo pregunten ao seu señor secretario xeral en Galicia.

Prométolles que merece a pena reler esta información respecto a un estudo que acredita como se repartía a CRTVG durante o Bipartito e como exercían un control férreo sobre a información, con maior eficacia por parte do BNG; un informe que asegura que o Bloque tiña persoas na CRTVG de lealdade absoluta que facían todo o que se lles encomendaba desde o partido. Insisto: isto non o di o Partido Popular, dío un informe seu, un informe do PSdeG, asinado por alguén ben coñecido pola súa estrutura do partido en Galicia.

A realidade é que cando o clima social e laboral sufriu un notable retroceso foi durante o Bipartito. Agora atacan de xeito implacable o director xeral por trasladar algúns traballadores entre os medios da CRTVG e vostedes no seu momento o que levaron a cabo foi unha purga, ao igual, como dicía antes, que na CRTVE, que tamén está sometida a una purga desde que chegou o Goberno socialista a Madrid.

Unha das primeiras decisións do equipo directivo da CRTVG do Bipartito foi despedir unha morea de profesionais cunha longa traxectoria e prestixio acreditado. Por exemplo, puxeron na rúa unha serie de xornalistas só por ter sido nunha etapa anterior delegados da CRTVG en cada unha das súas sedes. ¿Quen son os represores? ¿Quen son os que toman represalias? No ano 2008, 562 traballadores da CRTVG asinaron un escrito pedindo un proceso de consolidación de emprego similar aos iniciados na Administración autonómica. Entregáronse as firmas aos entón presidente da Xunta, vicepresidente, grupos parlamentarios, Consello de Administración e Dirección da Compañía. Pero sorprende que o PSOE fale de defender a



dignidade do traballo dos profesionais cando se negaron a escoitalos no 2008, pese a ese escrito de preto de seiscentos traballadores.

Suban vostedes a San Marcos, explíquenlles por que non apoian eses 270 empregados e empregadas que están pendentes dunha consolidación; suban e expliquen e déanlles o seu apoio. O clima social na CRTVG no Bipartito foi tal que cando se celebrou un referendo sobre o convenio que negociaran a dirección co comité de empresa a meirande parte dos traballadores e traballadoras o rexeitaron. Creo que hai poucos precedentes dunha desautorización semellante. Isto si que se pode cualificar de histórico.

Os datos que acabo de achegar son o seu aval. Así foi a CRTVG bipartita e así é a CRTVE do PSOE actualmente; non é pasado, é presente. Así será calquera medio público de comunicación con vostedes no Goberno. Son o exemplo do que non hai que facer.

Miren, señorías, o mellor aval da actual CRTVG é o seguimento maioritario por parte da cidadanía, e remítoos ao Informe xeral de medios, non a enquisas a pé de rúa. Os profesionais da CRTVG non merecen ser utilizados por vostedes con fins políticos. Respecten o seu traballo, o de todos, e non só o dalgúns.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pomar.

A señora OTERO LAGO: Ben, a situación é tan grave que algún día explicamos algo...

O señor PRESIDENTE: Espere, espere; escoite.

A señora OTERO LAGO: ...tan básico como...

O señor PRESIDENTE: Aínda non lle dei a palabra, pero voulla dar agora.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Otero.

A señora OTERO LAGO: É que ¡menudo papelón, de verdade! Algún día o explicaremos. Di: non é enquisa, Estudo xeral de medios, non é medición de audiencias o EXM. O informe de consumo diario da CRTVG de onde son os audímetros que están nas casas, son os que miden minuto a minuto e son as que se teñen en conta. No EXM practicamente xa non están as televisións xeralistas.

En fin, onte foi Televisión, en segundo lugar Antena 3, no segundo lugar Telecinco, en terceiro lugar, como vén sendo moitos días por desgraza habitual, TVG. Iso non acontecía hai anos. E da TVG 2 nin falamos, que é unha canle absolutamente residual.

E fala vostede de datos. Para que un dato se dea como fiable, hai que falar de fontes, e contrastalos con diversas fontes. Pero, claro, tendo en conta que son vostedes expertos en manipular —e diso estamos a falar—, ¿que iamos agardar? *(Murmurios.)* Agardar que falasen



de Radio-Televisión Española, nesa fuxida cara a adiante ante a ausencia de argumentos, agardámolo. Que falasen do Bipartito, agardámolo. Pero xa o xiro de guión é que —¡menudo papelón—, ¡ah!, a conflitividade e o que está acontecendo na CRTVG son os ditados de Ferraz; son os ditados de Ferraz, xiro de guión.

De verdade que daría mesmo para chistes e memes se non estiveramos falando de algo tan grave, da manipulación e do uso duns medios públicos, sostidos cos cartos de todas e todos os galegos, en beneficio do Partido Popular, con sentenzas firmes acreditadas nos tribunais por vulneración de dereitos fundamentais de traballadoras e traballadores, señora Pomar. Diso estamos a falar, de algo tan grave: persecución e vulneración dos dereitos fundamentais (*Aplausos.*) das e dos traballadores, acreditado; de baixas por depresión, coñecido por todas e por todos. De verdade, é que é absolutamente tristísimo, pero son —di— os ditados de Ferraz.

O Colexio de Xornalistas de Galicia tamén responde aos ditados de Ferraz, ¿sabían vostedes? A Federación Internacional de Xornalistas, con máis de seiscentos mil xornalistas en cento cincuenta países de todo o mundo, tamén responde aos ditados de Ferraz. Xuíces e xuízas, actores e actrices galegas, actores e actrices de dobraxe, sindicatos, Asociación de Gaiteiros..., son tantos os colectivos diversos —diciamos antes— que non só agora apoian esta folga e as e os traballadores senón que teñen subscrito un manifesto nese movemento Rescatar a CRTVG e saíron á rúa hai meses xa, ¡que menudo complot teñen montado desde Ferraz!

Insisto: se non fora pola gravidade dos feitos dos que estamos a falar, incumprimento sistemático dunha lei durante máis dunha década, ¿a quen beneficia non aprobar ese Consello de Informativos e ese estatuto profesional que garanta a pluralidade dos medios públicos galegos e que está marcado por lei? ¿Quen vota en contra de cumprir a lei na CRTVG?, unha lei aprobada neste parlamento. ¿Quen votou en contra esta mesma mañá? ¿Que van votar vostedes? Señora Pomar, ¿quen vota en contra do cumprimento —insisto— da lei? ¿Por que non ten a CRTVG un plan de igualdade? ¿Por que ninguén asume responsabilidades cando se banaliza o machismo, cando se dá voz a persoas que minimizan ou botan as culpas a unha vítima de abusos sexuais nunha entrevista na Radio, cando se desacreditan vítimas que contan con sentenzas firmes por machismo —insisto—, por abusos sexuais na CRTVG, e ninguén responde? ¿Cando se pregunta como vai o gramo de coca, cando se crea unha plataforma SOS Ficción en Galego, pola desaparición da ficción en galego nestes últimos anos? SOS Ficción en Galego, ¿coñécea?, ¿sábeo vostede? ¿Responde aos ditados de Ferraz? —preguntamos—. Porque é absolutamente tristísimo o que está acontecendo na CRTVG, que pregunta pola tarde a como vai o gramo de coca.

¿Tamén son un complot que responde aos ditados de Ferraz os traballadores e traballadoras que secundaron a última xornada de folga? Porque di vostede que, maioritariamente, os traballadores da CRTVG non apoian e non senten que haxa ningún tipo de problemática. ¿Por que non se emitiu *Luar* por primeira vez na historia? ¿Por que varios programas se viron afectados nas emisións na CRTVG? ¿Por que se secundou maioritariamente esa folga? ¿Son inventos tamén da oposición, señora Pomar? É que, de verdade, teñen vostedes guionistas de *Supervivientes*, de *Lost*. (*Risos.*) Non mo explico.



E insisto —para rematar—, porque estamos a falar de algo moi serio: o que pide esta proposición non de lei é iniciar as conversacións, porque nos temos que poñer de acordo, pero téñeno vostedes nas súas mans, para renovar a dirección xeral; unha dirección xeral da que a súa actuación está sendo censurada por todo tipo de colectivos —insistimos— independentes e profesionais.

Dicía o outro día o director xeral —e xa remato— que el mesmo formaba parte do Colexio Profesional de Xornalistas, que lle está a pedir explicacións, que non llas quere dar, e o Colexio Profesional de Xornalistas pide amparo aos grupos políticos para que traíamos esta preocupación e esta situación a este parlamento.

Pero todo son, señoras e señores, traballadoras e traballadores da CRTVG, os ditados de Ferraz. Nese nivelón estamos rematando o pleno hoxe. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Procedemos á votación das proposicións non de lei.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de D^a María Leticia Gallego Sanromán.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Leticia Gallego Sanromán e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia con respecto á elaboración dun plan de retención de talento.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa de D. Pedro Puy.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que non se acepta.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e catorce deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que transfira fondos europeos para a súa xestión directa.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 56; votos en contra, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa de D. José Manuel Balseiro.

Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España para tratar as necesidades específicas do Corredor Atlántico Noroeste co comisario do Corredor Atlántico e as comunidades de Galicia, Asturias e Castela e León.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego...

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¿Perdón? (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Si. Déanlle voz ao escano da señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Quería pedirlle a votación por separado do punto 1.1. E o resto, todos xuntos.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: ¿Si?

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta vostede? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Número 3. Pódese separar. Efectivamente, pódense separar os puntos, si, se llo acepta, ¿por que non?



Entón, estaba dicindo que era unha proposta do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández.

Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario Socialista nin do Grupo Parlamentario Popular.

E votamos, en primeiro lugar, o punto 1.1.

Votamos.

Votación do punto 1.1 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer o Goberno galego ao Goberno español para que retire os plans de ordenación do espazo marítimo aprobados polo Consello de Ministros o 28 de febreiro.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 52.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto da proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o punto número 3.

Votamos.

Votación do punto 3 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer o Goberno galego ao Goberno español para que retire os plans de ordenación do espazo marítimo aprobados polo Consello de Ministros o 28 de febreiro.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto da proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto dos puntos desta proposición non de lei.

Votamos.

Votación do resto dos puntos da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer o Goberno galego ao Goberno español para que retire os plans de ordenación do espazo marítimo aprobados polo Consello de Ministros o 28 de febreiro.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 52.



O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o resto dos puntos desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de don Xosé Luís Bará.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que se deben levar a cabo para instar os grupos políticos con representación no Congreso a que apoien o texto da Proposición de lei de transferencia da AP-9.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa da señora Otero.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que se deben levar a cabo para iniciar as negociacións entre os grupos con representación parlamentaria para a renovación da Dirección Xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.


En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Suspéndese o pleno ata mañá ás 10 da mañá.

Boa noite.

Suspéndese a sesión ás oito e vinte minutos do serán.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

